PRÓLOGO RAMÓN MÁIZ

TRADUCIÓN RAMÓN MÁIZ E XOSÉ MANUEL GARCÍA

KARL

MARX

O MANIFESTO COMUNISTA E OUTROS ESCRITOS POLÍTICOS

UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

FUNDACIÓN BBVA

O MANIFESTO COMUNISTA E OUTROS ESCRITOS POLÍTICOS

CLÁSICOS DO PENSAMENTO UNIVERSAL

NÚM. 38

PRÓLOGO RAMÓN MÁIZ

TRADUCIÓN RAMÓN MÁIZ E XOSÉ MANUEL GARCÍA

KARL MARX

O MANIFESTO COMUNISTA E OUTROS ESCRITOS POLÍTICOS

UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA
FUNDACIÓN BBVA

Deseño da colección
Barro, Salgado, Santana [Grupo Revisión Deseño]

Maquetación
Imprenta Universitaria

Edición Técnica
Edicións USC
Campus Vida
15782 Santiago de Compostela
usc.gal/publicacions

DOI: https://dx.doi.org/10.15304/pu.2023.1387

ÍNDICE

In memoriam
Juan Luis Pintos de Cea-Naharro (1939-2018).
Magister amicus, sempre na lembranza

Noite Silenzo Frío
E ficamos nós sós
sin o Mar e sin o barco
nós.
Manuel Antonio, «Sós», 1928

PRÓLOGO
A TEORÍA POLÍTICA DE MARX
RAMÓN MÁIZ

1. Os escritos políticos de Karl Marx: introdución bio-bibliográfica

A historia deunos un rotundo desmentido,
a nós e a todos os que, naquela altura,
pensaban dun xeito semellante.
F. Engels, 1895

La canaille proteste et le populace livre bataille au peuple.
Les gueux attaquent le droit commun; l'ochlocratie
s'insurge contre le démos.
Víctor Hugo, *Les Misérables,* II, 541

Os catro textos que se recollen nesta antoloxía dos escritos políticos de Marx —*O manifesto comunista, As loitas de clases en Francia de 1848 a 1850, O 18 de Brumario de Luís Bonaparte* e *A guerra Civil en Francia*— resultan debedores de moi diversas conxunturas históricas, motivacións políticas, xénero de escrita e horizontes de recepción, ao fío dun amplo e ateigado período histórico que vai desde 1848 a 1871. Nestes anos teñen lugar non soamente as revolucións do 48 en toda Europa, a súa derrota seguida do segundo Imperio en Francia, senón outros acontecementos de relevo como, por exemplo, o conflito do nacionalismo irlandés ou a guerra Civil norteamericana, que incidirán de xeito decisivo no pensamento político de Marx. Estes textos constitúen o resultado de circunstancias, eventos e procesos de varia índole que se co-implican naquela altura na axitada traxectoria biográfica de Marx transcorrida en diversas cidades europeas: Bruxelas, Colonia, París e Londres.

En primeiro lugar, a evolución do seu propio pensamento, o progresivo abandono tanto do idealismo dialéctico hegeliano como do antropoloxismo esencialista e materialista de

Feuerbach. Esta autocrítica —unha máis no continuo proceso de reconceptualización que o acompaña desde os seus anos mozos en Berlin (Heinrich 2019)— callará tanto nos textos inéditos de 1845 e 1846, que moitos anos mais tarde serán publicados en forma de «libro» co título *A ideoloxía alemá* (Carver & Blank 2014a e 2014b), como na obra, publicada en París e Bruxelas, *Miseria da filosofía* (1847).

En segundo lugar, os desaxustes, cada vez máis evidentes, entre unha versión materialista da historia —segundo a cal as revolucións se producen cando o desenvolvemento das forzas produtivas resulta incompatible coas relacións de produción e intercambio e co Estado que as acubilla— e a irredutible autonomía do político, que vai superpoñer revolucións políticas e sociais, burguesas e proletarias, democráticas e nacionais nos mesmos países e momentos históricos que, moitas veces de xeito inesperado, non serían os máis «maduros» desde o punto de vista económico (por exemplo: Francia e non Inglaterra).

En terceiro lugar, a afervoada militancia política do autor no movemento obreiro da época, pois resulta decisivo para unha cabal comprensión destes textos lembrarmos que Marx non foi un académico senón un intelectual revolucionario, polo que cómpre interpretar a súa obra ao fío da súa implicación orgánica, das mobilizacións e os debates conxunturais das diversas organizacións nas que estivo implicado: a *Asociación Educativa dos Traballadores Alemáns,* a *Asociación Democrática Internacional,* a *Liga dos Comunistas* e, sobre todo, a *Asociación Internacional de Traballadores.*

Finalmente, as obras que aquí se compilan resultan todas elas reflexo das severas derrotas políticas do movemento obreiro e das revolucións europeas de 1848; do fracaso sen paliativos dos republicanos, demócratas e socialistas en Francia, que daría lugar ao establecemento do segundo Imperio e o éxito do populismo autoritario bonapartista, cun extraordinario soporte popular entre 1852 e 1871, e, por último, do fracaso e represión da

tan fuxidía como novidosa e mítica revolta da Comuna de París na primavera de 1871(Balibar 2010).

Resulta especialmente pertinente para unha lectura acaída destas obras atendermos aquelas *cautele reale* que introduce Marx nos seus escritos políticos respecto á súa teoría xeral (Gramsci 1975 II:871), entre as que se contan: que a política resulta condicionada por tendencias de desenvolvemento da estrutura que moitas veces non se actualizan na práctica; que a política está inzada de erros de cálculo ou estratexia que xeran unha gran continxencia nos acontecementos; en fin, que moitas actuacións políticas resultan motivadas autonomamente por necesidades internas de coherencia organizativa, mobilización e liderado (Gramsci 1975 II: 872).

Comecemos co *Manifesto comunista*. En xuño de 1847 celebrouse en Londres o congreso fundacional da *Liga* ou *Federación dos Comunistas* (*Bund der Kommunisten*) (Draper 2004: 6) baixo o lema *Proletarios de todo o mundo, unídevos*, convocado a partir da previa rede organizativa da Liga dos Xustos. Marx, que contaba daquela 28 anos, non puido asistir por falta de recursos económicos, esgotados na publicación do seu libro *Miseria da filosofía*. En novembro do mesmo ano tivo lugar o segundo congreso da Liga, tamén en Londres, ao que si concorreu Marx e no que se concretaron, baixo o seu liderado, os fins «netamente comunistas» da organización: «revolución social e non meramente política», superación da sociedade de clases e toma do poder polo proletariado (Sperber 2013: 199). Foi naquela precisa ocasión cando Marx recibiu o encargo de redactar un programa a partir de borradores previos de Moses Hess e Friedrich Engels (McLellan 2006: 163). Seguindo os atinados consellos de Engels, abandonou a idea inicial dun catecismo en forma de preguntas e respostas, para concentrase na redacción de vagar dun auténtico «manifesto comunista» (Stedman Jones 2016: 239).

Marx demorou certo tempo, primeiro en Londres, logo en Bruxelas onde residía, en escribir en termos dun manifesto polí-

tico os resultados teóricos que tiña acadado nas súas reflexións previas, nomeadamente naquel texto inédito, coa crítica de Feuerbach como pretexto, que formaría parte con posterioridade d'*A ideoloxía alemá* e inspiraría parcialmente tamén o libro publicado en París en 1847, *Miseria da filosofía. Resposta á* Filosofía da miseria *do señor Proudhon*. Transcorridos os prazos, foi apercibido en xaneiro de 1848 polo Comité da urxencia de entregar o escrito axiña para o lanzamento inaprazable da organización. Finalmente, baixo o coidado de Friedrich Lessner e Karl Schapper —impreso por J. C. Burghard, Liverpool Street, da man da *Sociedade educativa dos traballadores*— apareceu en Londres o folleto en oitavo, en alemán, e co título completo de *Manifesto do Partido Comunista. Publicado en Febreiro de 1848. Proletarios de todo o mundo, unídevos!* Nacía así o que sería, andando o tempo, un dos textos mais famosos, traducidos e influíntes da historia do pensamento político. O manifesto dun partido que, en rigor, aínda non existía, tendo en conta que o partido comunista de referencia non era a Liga, senón, no sentido amplo do termo *partido* en 1848, unha dispersa tendencia de opinión e un movemento, que non unha organización programática estruturada no sentido moderno (Draper 2004: 14). Esta corrente reunía grupos como a *Liga dos Comunistas*, presente en varios países de Europa, e os *Fraternal Democrats* entre outros (Löwy 1972: 225).

A estrutura do *Manifesto* resulta da necesidade de articular, por unha banda, as achegas autocríticas da teoría de Marx en 1848, a saber, a súa *concepción materialista da historia* que, en ruptura coa antropoloxía de Feuerbach, procede ao abandono do concepto de «esencia» humana e a refacer o de «alienación» para centrarse nas relacións sociais —«o capital é un produto colectivo [...] un poder social»[1]—, e, por outra, as posicións estratéxicas e programáticas do *partido* —«organización dos

[1] Páx. 110 desta edición.



Barricadas da rúa Saint-Maur de París antes do ataque do xeneral Lamoricière, 25 de xuño de 1848.
Daguerrotipo de Charles François Thibault.

proletarios en clase e, xa que logo, en partido político»[2]—. Marx amosa como a específica natureza do capitalismo fornece as condicións latentes do seu superamento (Harvey 2008: 16), da man dun estilo absorbente de «lirismo expresionista» que conecta con xenial lucidez as diversas dimensións económicas, políticas, filosóficas e culturais da modernidade (Berman 2011: 8). De aí as catro partes nas que se desenvolve o texto: 1) o relevo das clases sociais na evolución das sociedades e o papel revolucionario, no seu tempo, da burguesía e o capitalismo; 2) o programa político especifico dos comunistas e a constitución do proletariado en clase impulsora dunha revolución social; 3) a crítica de formas alternativas de socialismo, nomeadamente do socialismo utópico; e 4) a estratexia a seguir, edificada a partir da consideración da revolucións burguesas como «preludio inmediato» da revolución proletaria. O estilo do texto, ateigado de entusiasmo revolucionario e acertos expresivos, desenvólvese alleo a calquera espontaneísimo, conspiración sectaria ou militarismo, mediante unha iluminadora mestura de tempos: as tendencias que se albiscan no futuro semellan agromar, imparables, no presente.

A revolución do 1848 comezou a finais de febreiro, o día 22, en París e o 24 do mesmo mes se produciu a abdicación de Luís Filipe e a proclamación da II República (Rapport 2008: 54), para estenderse de seguida a Berlín e Viena (Seligman 1977). Marx sería detido en Bruxelas e expulsado do país o 3 de marzo de 1848 e trasladaríase a París, verdadeiro centro da revolución europea, e posteriormente a Colonia, un dos epicentros da revolta. Nesta última cidade fundou un periódico, a *Nova Gaceta Renana*, do que sería o omnipresente editor xefe. O estalido revolucionario elevou a demanda do *Manifesto* para súa distribución en Alemaña e outros países, imprimíndose catro reimpresións como folleto e unha por entregas no xornal *Deutscher Londoner Zeitung*, ás que seguiron outras en diversos países (Suecia,

[2] Pax. 105 desta edición.

Polonia) (Draper 2004: 22). Posteriormente aparecería en 1850 a tradución inglesa de Hellen Macfarlane e, tras a morte de Marx, a «versión autorizada» Moor-Engels de 1888. A primeira edición co titulo abreviado *Manifesto Comunista*, por razóns de autocensura, sería a *non nata* de Karl Liebknecht en Lepizig 1872, en separata, da que resultaría debedora, precisamente, a edición española de José Mesa, aparecida en seis fascículos no xornal internacionalista de Madrid *La Emancipación*, en novembro e decembro de 1872, co título *Manifiesto Comunista de 1848* e que serviría, por certo, de base á edición portuguesa n'*O Pensamento Social* de Lisboa en 1873.

Así e todo, as posicións maioritarias da *Liga dos Comunistas* de Colonia distaban moito da estratexia de fronte amplo defendida por Marx para Alemaña. Os conflitos en Renania eran de moi varia índole e afectaban as condicións de acceso ao mercado, ao exercicio antidemocrático do poder polo Estado, e mesmo a diferenzas relixiosas. De feito a presenza de obreiros industriais e as súas reclamacións era moi minoritaria (Sperber 1991: 432). Gottschalk, Wetling e os seus seguidores opúñanse abertamente a calquera alianza cos republicanos, demócratas e liberais. Marx, pola contra, mantiña a tese dunha ampla coalición para a realización dunha revolución burguesa radical en Alemaña que enxergara, seguindo o modelo xacobino da revolución Francesa de 1789-1793, unha «república alemá, única e indivisible». De ai que Marx e os seus partidarios se opuxeran radicalmente a unha insurrección militar que dera nacemento a unha quimérica ditadura da clase obreira. A finais de 1848 Marx rompeu definitivamente as súas relación coa *Liga dos Comunistas* e apoiou desde a *Nova Gaceta Renana* as mobilizacións dos clubs e asociacións demócratas en defensa da Asemblea Constituínte de Berlín suspendida por Federico Guillermo de Prusia. Por mor do seu liderado nos acontecementos seria procesado e xulgado en febreiro de 1849, con sobresemento final da causa (Sperber 2013: 232, Liedman 2018: 259).

Agora ben, a claudicación da Constituínte de Frankfurt, recoñecendo o rei de Prusia como emperador de Alemaña, motivou un radical cambio de estratexia e un xiro obreirista e clasista, patentizado nos artigos na *Nova Gaceta Renana* así como nos esforzos organizativos en favor da autónoma causa proletaria. A resultas disto, Marx, que non tiña recuperado aínda a cidadanía prusiana, foi expulsado como «estranxeiro», abandonou o país o 19 de maio de 1849 e, tras peripecias varias, chegou a Londres o 28 de agosto de 1848 en calidade de refuxiado político, cidade na que residiría ata a súa morte. En 1850 conseguiu o pase de lector para a biblioteca do Museo Británico, no que traballaría a diario durante moitas horas os anos sucesivos (McLellan 2006: 224).

O segundo opúsculo desta escolma, *A loita de clases en Francia de 1848 a 1850*, foi escrito no exilio londiniense entre xaneiro e outubro de 1850 para un público lector moi concreto: os refuxiados alemáns en Londres. O texto, inicialmente titulado *De 1848 a 1849*, está integrado por unha serie de tres artigos publicados pola nova revista editada por Marx en Londres coa cabeceira, rememorando a época de Colonia, *Nova Gaceta Renana. Revista de Economía Política*. Nestes escritos, da man dunha dupla e permanente comparación entre Francia e Inglaterra e entre as revolucións francesas de 1793 e a de 1848, perseguíase polo noso autor un múltiple obxectivo. Por unha parte, dar conta da Revolución de 1848 mediante unha análise política explicativa derivada da súa concepción materialista da historia, centrada nos *intereses* contraditorios das diferentes clases sociais en presenza e na conseguinte loita de clases. En segundo lugar, articular as mobilizacións democráticas contra o Antigo Réxime, coas novas reivindicacións que agromaban no capitalismo emerxente da man das clases traballadoras. En terceiro lugar, manter aberto o horizonte de posibilidade dunha revolución en Europa, tras a durísima derrota sufrida en todos os países e o conseguinte triunfo da contrarrevolución. Cómpre



26 de febreiro de 1848. Lamartine nas portas do Concello de París desbota a bandeira vermella a prol da tricolor (óleo de Henri F. Philippoteaux, Musée des Beaux Arts de la Ville de Paris; detalle)

salientar para estes últimos efectos non soamente a esmagadora vitoria de Luís Napoleón Bonaparte nas eleccións do 10 de decembro de 1848 —as primeiras con sufraxio universal masculino en Francia— cun 75% dos votos, senón a derrota militar da revolución en Viena no mes de outubro. Ao que cómpre engadir a devandita crise do Parlamento de Frankfurt co triunfo final do rei de Prusia. Marx, malia todos estes desastres para a súa causa, segue na teima ilusoria de que a derrota será pasaxeira e abrirá paso á «vella toupa» da revolución proletaria. A curto prazo, así e todo, os soños da «república Social», da «república Roxa» semellaban esvaerse do horizonte, por non falarmos da súa prolongación nunha revolución comunista.

Os textos, editados moitos anos despois por Engels como libro (1895), presentan unha estrutura en catro capítulos que reproducen os tres artigos orixinarios máis unha addenda —«A abolición do sufraxio universal en 1850»— aparecida no último numero da *Nova Gaceta Renana. Revista de Economía Política*.

No primeiro artigo analízanse as causas estruturais e os actores da Revolución en xuño de 1848 pero, a diferenza do *Manifesto*, procédese a unha sofisticada análise das varias clases e fraccións das mesmas con presenza no escenario político do momento e os seus intereses específicos. A todo isto engádense os efectos desestabilizadores doutros factores como a guerra, as malas colleitas e a crise económica de 1847. Finalmente introdúcense factores propiamente políticos, como o protagonismo da cidade de París derivada do centralismo histórico do Estado francés, ou a crise permanente da República.

No segundo capítulo abórdase o proceso constituínte da segunda República e os efectos imprevistos do sufraxio universal, que levarían á esmagadora vitoria de Luís Bonaparte cos amplos apoios en toda a sociedade que imos ver de contado.

O terceiro capítulo dá cumprida conta da deriva autoritaria e populista de Luís Bonaparte cara á concentración de poderes

no executivo e a marxinación do Parlamento, ata chegar ao golpe de Estado, a derrogación da Constitución e a proclamación do II Imperio. Ao fío do anterior, Marx procede á crítica do socialismo utópico (Proudhon) propoñendo un socialismo revolucionario da man de conceptos como «revolución permanente» e «ditadura de clase do proletariado». Todo da man dun optimismo —insólito na Europa da época, onde o medo a insurrección popular era o sentimento dominante (Stedman Jones 2017: 312)— patente en expresións como «a república... estufa da revolución», «as revolucións son a locomotoras da historia», etc.

No cuarto capítulo, ao dar conta da consolidación presidencialista e autoritaria do poder de Bonaparte, a abolición do sufraxio universal en 1850 e o vieiro imparable cara ao II Imperio, agroma a convicción de que a revolución só sería posible cunha crise económica que, polo momento, non se albiscaba en Europa perante o crecemento exponencial do capitalismo a partir de 1849.

O terceiro texto da escolma, *O 18 de Brumario de Luís Bonaparte*, sen dúbida o escrito político máis requintado de Marx, foi redactado tamén en Londres entre decembro de 1851 e marzo de 1852 e destinado, como *As loitas de clases en Francia*, aos refuxiados alemáns en Londres, Nova York e outras cidades de acollida. Foi publicado completo na revista *Die Revolution* de Nova York polo seu amigo Joseph Weydemeyer, co errado título *O 18 de Brumario de Luis Napoleón*, para desgusto de Marx que empregara en todo momento o paralelismo do golpe de Estado de Napoleón Bonaparte de 1796 para denunciar a instrumentalización fraudulenta da memoria daquela figura epocal por parte do seu sobriño a partir de 1848. Soamente algúns exemplares chegaron a circular en Europa, onde apenas tivo difusión, por máis que nos seus escasos lectores suscitara unha considerable admiración. De feito habería que agardar a 1869 para que aparecera unha edición europea, corrixida e en condicións (Stedman Jones 2017: 342).

Neste texto, Marx prosegue a súa análise de clase do escenario político francés, neste caso do golpe de Estado de Luís Bonaparte o 2 de decembro de 1851, distanciándose doutros autores da época como Vítor Hugo ou Proudhon, quen, quer como invectiva, quer como admiración, salientaban as características individuais e o xenio político do personaxe, mesmo con rendida admiración no primeiro deles, sen dar cumprida conta das razóns de estrutura e contexto do seu triunfo incontestable e sostido no tempo. Marx, que requinta moito nestas páxinas, no fondo e na forma, as análises d'*A loita de clases en Francia*, retoma aquí unha crítica a Hegel dos seus anos mozos na *Critica da Filosofia do Dereito de Hegel*: «Resulta instrutivo que os alemáns volvan ver no *Ancien Régime* que viviu neles a súa traxedia, representado agora como farsa como espectro alemán» (Marx 1978: 213). Pero aquí albíscase unha diferenza fundamental que imos ver de contado, que corrixe as súas propias análises previas, motivada pola vontade de proporcionar unha explicación plausible a «como a loita de clases creou en Francia as circunstancias que permitiron que un personaxe mediocre e grotesco representara o papel de heroe»[3]. Malia a reiterada vontade do autor de erguer o veo da superficie dos acontecementos e retornar unha e outra vez ás bases sociais e clasistas dos conflitos, Marx concede un espazo moito maior que en anteriores escritos á autonomía do político, tanto no que se refire aos actores como ás institucións. Así, por exemplo, o noso autor analiza a habilidade de Luís Bonaparte —¿comedia ou traxedia?— para falar en nome do pobo, presentándose como «benefactor de todas as clases», mesmo reivindicando a soberanía popular e o sufraxio universal masculino, así como a encarnación destes principios na súa persoa, dan man da adhesión incondicional mediante plebiscito e unanimidade. Marx atende tamén a autonomización do Estado a respecto das clases dominantes, como intermediación institucional de intere-

[3] Pax. 260 desta edición.



Karl Marx en 1861, cando contaba 43 anos, cando comezou a escribir *O capital*

ses que permite reconstruír politicamente a escisión da burguesía nas súas fraccións agraria, financeira e industrial, con apoio nos aparatos do Estado, nomeadamente a Burocracia centralista e o Exército. Chama mesmo a atención como Marx introduce na análise o papel da cultura, dos intelectuais, «dos representantes literarios» non como mero reflexo das relacións económicas, senón como eficacísima produción mítico-simbólica de sentido e compoñente fundamental do escenario político. Nesta orde de cousas, cómpre pór en relación *O 18 de Brumario* cunha obra inédita de Marx e Engels da mesma época, *Os grandes homes no exilio*, escrita entre maio e xuño de 1852 na que, ao fío dunha análise nada reducionista do papel histórico dos intelectuais e os escritores, se ironiza sen piedade sobre as maquinacións conspiradoras e as elucubracións desnortadas dos exiliados románticos alemáns en Europa (Marx & Engels 2015).

Finalmente, o cuarto texto da selección, *A guerra Civil e Francia*, informe redactado moitos anos despois dos anteriores, en abril e maio de 1871, é un texto en inglés e dirixido ao publico inglés do Consello Xeral da Asociación Internacional de Traballadores (AIT), pero con nidia vocación internacionalista, sobre os acontecementos da Comuna de París. Naquel tempo Marx xa publicara a *Contribucion á critica da economía Política* en 1859 e, sobre todo, en 1867, o libro primeiro d'*O Capital*. Aquí, o noso autor desenvolve unha tese fundamental para a súa teoría política republicana, xa preanunciada n'*O 18 de Brumario*: a revolución proletaria no se podía limitar a tomar o poder do Estado burgués, senón que cumpría transformalo en profundidade. Como escribiu a Kugelman o 12 de abril de 1871: «No último capítulo do 18 de Brumario afirmo que a próxima tentativa da revolución en Francia deberá sinalar como obxectivo a destrución do aparato burocrático militar e non, como ten sucedido ata agora, facer que pase dunhas mans a outras. Esta é a condición para calquera revolución autenticamente popular no continente» (Marx 1974: 128) O texto está dividido

en catro partes: 1) na primeira analizase o goberno republicano de Thiers e articula as dúas dimensións claves da conxuntura: a guerra contra o exercito prusiano, que chegaría ás mesmas portas de París, e a loita do movemento cívico e popular na capital; 2) a segunda parte céntrase na tensión entre o goberno e a Garda Nacional de París; 3) a terceira sección constitúe o núcleo duro do ensaio: Marx sistematiza a estrutura organizativa da Comuna, distanciándose visiblemente, por mor das súas gabanzas á democracia participativa e á autonomía federalizante, do concepto de ditadura do proletariado centralizada da época do *Manifesto comunista*; 4) a última parte céntrase na derrota da Comuna de París e a represión subseguinte, poñendo como exemplo internacional para o movemento obreiro a sublevación popular dos comuneiros.

Dos catro textos que a nosa edición recolle, *A guerra Civil en Francia* foi o único dos escritos políticos de Marx que acadou un éxito resoante inmediato: tiráronse alomenos tres edicións en dous meses e a segunda delas vendeu máis de 8.000 copias. O texto foi, ademais, traducido axiña a varias linguas europeas (McLellan 372). Resulta de interese o que o propio Marx escribiu nunha carta Kugelmann de 18 de xuño de 1871 sobre a sona tan inesperadamente adquirida: «Teño sido denunciado pola prensa de Versalles e por repercusión na de Londres como «o principal dirixente da Internacional» [...] *A guerra Civil* fixo un ruído do demo e teño a honra de ser *at this moment the best calumniated and the most menaced man of London*. Todo isto séntame moi ben tras vinte anos de aburrido idilio» (Marx 1974:130). Pero a fama de Marx e o intencionadamente falseado protagonismo da Internacional tivo un alto prezo: esta última pasou a ser considerada como a maior ameaza para os partidos da orde, incluídos os republicanos moderados e Favre, o ministro de Asuntos Exteriores de Francia, enviou unha carta aos países europeos reclamando a extradición dos *communards*. De feito conseguiu que España extraditara varios comuneiros refuxiados

no seu territorio. Non sería o caso de Inglaterra que se converteu, a partir dos masacres de maio de 1871, en destino de milleiros de exiliados que pasaron a vivir en Londres en circunstancias moi penosas, atendidos pola Internacional.

A partir de entón, a Comuna de París converteuse en mito fundador poliédrico, nunha sorte de significante baleiro de diversas causas da esquerda mundial: o republicanismo, o federalismo, o patriotismo, o comunismo e o anarquismo. O seu himno *A Internacional*, cuxa letra foi composta por Eugène Pottier en plena represión da Comuna en xuño de 1871, converteríase en referencia simbólica dos partidos socialistas e comunistas de Europa e América. Mesmo cómpre lembrar que en 1967, en plena China da revolución Cultural, a Comuna de Shanghai, organizada por obreiros e estudantes contra a ditadura do centralismo burocrático do partido comunista local, reivindicou a estrutura descentralizada, participativa e transversal da Comuna de París (Jian 2014). No seu texto Marx salientaba, sobre todo, a innovadora experiencia do «goberno do pobo polo pobo», aquela forma de Estado «at last discovered» que Lissagaray, membro da Comuna e autor da investigación clásica sobre a sublevación —traducida ao inglés por Eleanor Marx, a súa compañeira daqueles anos— describira como: «Comuna polas mañás e Asemblea Constituínte pola noite» (Lissagaray 2000: 265).

A derrota da Comuna afectou profundamente a Marx e á propia Internacional que entraría nunha fase de crise interna ao fío do debate entre anarquistas e comunistas, o que xerou unha progresiva desmobilización e fragmentación da súa estrutura organizativa. Ademais, problemas familiares e de saúde, viñeron sumarse ao distanciamento político de Marx a respecto da organización, poñendo fin a sete longos anos de traballo orgánico a prol da AIT, co abandono definitivo das súas responsabilidades políticas a partir de 1872 e o congreso da Haia. Marx centraríase no sucesivo na investigación na biblioteca do Museo Británico e na escrita do que logo sería o volume segundo d'*O Capital*,


facendo verdade aqueles versos de Víctor Hugo: «Le cadavre est á terre et l'idée est debout».

2. A evolución da teoría política de Marx

Tout ce que je sais, moi, c'est que je ne suis pas marxiste.
Karl Marx a Paul Lafargue ca. 1879

Nos escritos políticos de Marx poden observarse dous movementos teóricos que se superpoñen en conflito: 1) Unha inicial consideración instrumental da política de textos como *A ideoloxía alemá,* de *Miseria da filosofía* e, sobre todo, do *Manifesto do Partido Comunista*. Estas ideas configuran unha problemática que podemos agrupar baixo a denominación de *marco teórico* ou *paradigma da produción*. Desde esta perspectiva marxiana postúlase, dun xeito mecanicista, unha secuencia lóxica lineal de causalidade despregada en momentos sucesivos: estadio de desenvolvemento das forzas produtivas, desaxuste coas relacións de produción, correspondente estrutura de clases, conciencia política de clase, loita de clases, revolución social e ditadura do proletariado (gráfico 1). Nesta visión esquemática, que sería exacerbada polo posterior «marxismo vulgar», prodúcese unha patente redución do político ao social e do social ao económico. A política (as loitas polo poder entre os actores en presenza, o papel das institucións) posúe aquí un estatuto teórico derivado, adxectivo a respecto do «verdadeiro lugar e escenario de toda a historia», as relacións de produción; 2) doutra banda, pode detectarse unha tensión permanente, nunca esvaída, entre este paradigma da produción e un segundo esquema interpretativo emerxente: *o marco teórico da loita de clases*. Neste segundo marco teórico a política (isto é, a mobilización, a organización, as institucións, o liderado, o repertorio de acción, o antagonismo) agroma con autonomía e, sen abandonar a análise de clase, concíbese este último como pre-condición non determinista, fornecedor de intereses e potencial de mobilización, as propias

Gráfico 1. Marco teórico de produción (elaboración propia)



clases resultan entendidas como procesos abertos e continxentes de auto-constitución mediante conflito e, ao cabo, a respecto do Estado postúlase unha posición teórico normativa republicana. Porén, este novo marco analítico agroma en estado práctico, remanece en todo momento sen elaborar teoricamente por parte de Marx, polo que require un traballo crítico de reconstrución analítica que sería tarefa posterior iniciada por autores como, por exemplo, Antonio Gramsci nos seus *Quaderni del carcere* ou posteriormente Nicos Poulantzas en *Pouvoir Politique et Classes sociales. De l'État capitaliste*.

A permanente tensión constitutiva nos escritos políticos entre ambos os dous paradigmas (Cohen 1982, Rundell 1987, Dardot & Laval 2012) produce abondosas ambivalencias, inconsistencias e interferencias nos textos, pero se salda cunha achega extraordinaria en complexidade e riqueza analítica multidimensional da conxuntura política daqueles anos. Achega que se desenvolve, polo demais, en reveladora coherencia coa análise estrutural do modo de produción capitalista que dará lugar á publicación do volume I d'*O Capital* en 1867

A teoría política de Marx nos seus escritos políticos. I. O marco teórico da produción

Pero alí onde comeza a súa acción organizadora,
onde se abre paso
o seu fin inmanente, a súa alma,
o socialismo desfáise do seu envoltorio político.
K. Marx MEW, 5: 245

Analizaremos en primeiro lugar os elementos fundamentais do paradigma da produción —por esta orde: clases, revolución e Estado— para abordar, no seguinte apartado, o paradigma da loita de clases. Cómpre salientar xa desde o comezo que ambos os dous marcos están presentes en moi diversas proporcións en todos os textos desde o *Manifesto do Partido Comunista* (1848)

ata *A guerra Civil en Francia* (1871), por máis que a partir d'*O 18 de Brumario de Luís Bonaparte* (1852) poida observarse un notorio devecemento do paradigma produtivista.

O *paradigma da produción* postula unha lóxica sustancialista e lineal (cfr. gráfico 1) que parte da *pre-constitución* do proletariado como clase no nivel das relacións de produción do modo de produción capitalista (I), o que cimenta un antagonismo estrutural entre a burguesía e a clase traballadora sobre a base da relación material capital/traballo asalariado, xeradora de explotación e dominación. Os intereses compartidos, homoxéneos da que se vai constituír axiña como «maioría» da poboación, vai converter o proletariado nunha clase unida, progresivamente organizada, mobilizada e inevitablemente revolucionaria, da man dunha identidade de clase, que se impón a calquera outra eventual identidade colectiva: nacional, relixiosa ou étnica (II); esta clase obreira, pre-constituída nas relacións de produción e consciente dos seus intereses como «clase para si», entra en conflito antagónico coa burguesía e o mundo capitalista, encetando a loita por unha revolución non meramente *política* senón *social* (III); finalmente o triunfo da revolución tradúcese na «elevación do proletariado a clase dominante», a toma do aparato de Estado e a súa posta ao dispor das transformacións revolucionarias, a abolición do modo de produción capitalista («ditadura do proletariado») (IV).

O abandono da antropoloxía de Feuerbach e da dialéctica hegeliana *da fenomenoloxía do espírito*, isto é, da dialéctica da esencia humana —(I) auto-produción (traballo)-(II) enaxenación-(III) re-apropiación— que ten lugar na época d' *A Ideoloxía alemá*, a superación de toda aquela «fraseoloxía filosófica» (Marx 2014: 212), tradúcese en Marx na novidosa atención ás relacións sociais (o capital mesmo concibido como unha relación social) mediante as que os seres humanos reproducen materialmente as súas condicións de existencia, de tal xeito que «non é a conciencia a que determina a vida, senón a vida a que determina a conciencia» (Marx 2014: 21) Este desprazamento do traballo cara á produción,



Karl Marx e a súa filla Jenny, que leva a cruz símbolo da revolución de Polonia en 1863

isto é, á estrutura de relacións sociais que condicionan (*bedingen*) os cursos de acción dos seres humanos dunha época determinada, o tránsito da antropoloxía e a dialéctica especulativa ao mundo material das relacións sociais, dará nacemento aos novos conceptos explicativos de «forzas produtivas» e «relacións de produción». Pero isto, á súa vez, vaise traducir nunha nova lóxica «expresiva» que postula: 1) a primacía explicativa das forzas produtivas e a tecnoloxía, como se o desenvolvemento das mesmas contivera pulsións emancipadoras (Acemoglu & Robinson 2015); e 2) a natureza vigaira e adxectiva da política na súa relación coa economía: «O proceso de produción real [...] e a forma de intercambio que se corresponde a ese modo de produción xeran, por tanto, a sociedade burguesa nos seus diferentes niveis, como base de toda a historia e tamén na súa acción como Estado» (Marx 2014: 37).

Esta concepción materialista da historia de mediados e finais dos anos corenta resulta problemática non tanto por constituír unha filosofía da historia ominexplicativa, unha sorte de alternativa materialista á filosofía especulativa de Hegel, isto é, por postular unha suposta «dialéctica materialista» ou pretendido «materialismo histórico». Para Marx a confrontación entre clases non constitúe unha «contradición dialéctica» ou unha «unidade negativa hegeliana de ambos os dous lados dunha contraposición [*Gegenstand*]» (Marx 2014: 229), senón un antagonismo político entre actores sociais fundamentados nas relacións de produción (Elster 1985: 43). Pero non podemos deducir disto, así e todo, que as clases sociais sexan consideradas xa desde o *Manifesto* como «categorías político-económicas de explotación e conflito» en lineal continuidade cos escritos políticos (Comninel 2019: 136). Os problemas desta análise inicial agroman, en primeiro lugar, do inmanentismo teleolóxico que o leva a soster que, promovido polas contradicións internas do capitalismo, como auténticas «leis de ferro», resulta inevitable o colapso inminente do capitalismo, e a chegada da sociedade comunista (Van den Berg 2003); en segundo lugar, da lóxica explicativa estrutural-funcionalista que o inmanentismo enxerga na argumentación de Marx, isto é, a

explicación das institucións e das pautas de acción dos actores polas beneficiosas funcións latentes que desempeñan para o sistema ou para as clases dominantes, sen dar conta de mecanismos específicos que relacionen causa e efecto (Elster 1985: 28) .

Podemos sintetizar as teses da concepción funcional-materialista da historia (Cohen 1978) que postula o primado da produción neste primeiro paradigma marxiano, debedor d'*A Ideoloxía alemá* e presente sobre todo no *Manifesto Comunista* e, en menor medida, n'*As loitas de clases en Francia* do xeito que segue:

1. As forzas produtivas, e nomeadamente o perfeccionamento da tecnoloxía, tenden a desenvolverse sen límites ao longo da historia
2. A natureza das relacións de produción dunha sociedade explícase funcionalmente polo nivel de desenvolvemento das forzas produtivas
3. As institucións políticas e xurídicas explícanse funcionalmente polas relacións de produción
4. Cando as relacións de produción e as institucións políticas dunha sociedade entran en colisión co desenvolvemento das forzas produtivas prodúcense as crises estruturais que orixinan as revolucións.

Este tipo de explicación prolóngase teoricamente, no primeiro Marx, en diversos postulados problemáticos: 1) a estrutura da explotación tradúcese de xeito inmediato nunha correspondente estrutura de intereses obxectivos; 2) as clases sociais, articuladas derredor dos seus intereses de clase no ámbito da produción, convértense directamente en actores políticos; 3) as clases deben cumprir coa súa «misión histórica», a saber, a burguesía coa revolución burguesa, o proletariado coa revolución comunista; 4) esta análise acubilla un modelo simplificado do antagonismo fundamental entre dúas clases sociais: a burguesía (propietarios dos medios de produción) e o proletariado (titulares da súa núa forza de traballo); 5) de xeito paralelo postúlase a equiparación como «capitalistas» de dúas sociedades, estruturas sociais e Estados moi diferentes: Inglaterra e Francia (Comninel 2019: 169); 6) a noción do Estado despáchase como mero «ins-

trumento» da clase dominante, «un comité que administra os negocios comúns de toda a clase burguesa»[4]; e 7) finalmente, sostense que a ideoloxía dominante nunha sociedade é a da clase dominante en canto «expresión ideal das relacións materias dominantes» (Marx 2014:39).

Todo isto adquire un especial relevo tanto na diagnose como na prognose verbo do agromar inelutable do proletariado como nova clase dominante, da man da hipótese de que «a burguesía crea os seus propios enterradores». Así, en apertada síntese, estas son algunhas das características no novo suxeito clasista emerxente na modernidade capitalista desde o marco teórico productivista, os traballadores:

1) Resultan explotados estruturalmente pola súa condición de non propietarios dos medios de produción e vense obrigados a vender unha peculiar mercadoría: a súa forza de traballo.
2) Constitúen a maioría da poboación, produto tanto da expulsión masiva dos campesiños das terras nas que traballaban, canto da proletarización das clases medias.
3) Posúen os mesmos intereses, cuxa homoxeneidade devén constitutiva da identidade colectiva como clase.
4) Agrúpanse territorialmente nos centros de produción industrial intensiva: as fábricas
5) «Non teñen patria» [*Die Arbeiter haben kein Vaterland*], toda vez que «as diferenzas e antagonismos nacionais desaparecen cada vez mais co desenvolvemento da burguesía»[5].
6) «Non teñen nada que perder agás as súas cadeas»[6].
7) Constitúen unha «clase universal», a única clase revolucionaria, representan a toda a sociedade pois todas as demais clases non burguesas minguan ou desaparecen co progreso da grande industria.

---

[4] Páxina 97 desta edición.
[5] Páxina 114 desta edición.
[6] Páxina 130 desta edición.



Karl Marx coas súas fillas (de dereita esquerda) Jenny, Eleanor e Laura.
Acompaña a familia Friedrich Engels (foto de 1864)

8) O desenvolvemento da industria non so aumenta o número de proletarios e os concentra en masas maiores, senón que enxerga mais tarde ou mais cedo unha potente conciencia de clase.

Por máis que se admiten «fases sucesivas de desenvolvemento», o paradigma da produción tradúcese, ao cabo, nunha lóxica mecanicista e sustancialista onde o papel primordial da explicación vén proporcionado polo desenvolvemento das forzas produtivas e a súa inevitable contradición coas relacións de produción capitalistas. Deste xeito, a unificación, organización, liderado, toma de conciencia de clase e mobilización do proletariado contémplanse como unha mera cuestión lineal de tempo, como un destino teleolóxico inscrito na materialidade da produción. Como se dicía n'*A Sagrada Familia*: «Non se trata do que este ou aquel proletariado, ou incluso todo o proletariado, considera actualmente como o seu obxectivo. Trátase do que o proletariado é e do que, de acordo con este ser, se ve historicamente obrigado a facer» (Marx & Engels 1844, 2013: 87). Inmanentismo e filosofía da historia danse a man nesta concepción da conciencia de clase, de «clase para si» que, por expresalo coas coñecidas palabras de Lukács, «converte o proletariado en suxeito-obxecto idéntico da historia» (Lukács 1985: XXIV).

Cómpre detérmonos nesta peculiar «lóxica» da acción colectiva. Por unha parte, Marx, fronte ao socialismo utópico —certo que cunha valoración moi diferente de Owen, a quen admira, que de Fourier ou Saint-Simon (Roberts 2017: 244)— postula un argumento inmanente, centrado nas contradicións internas da sociedade capitalista, no canto de calquera utopía dunha sociedade máis xusta. Por outra, presupón que o proletariado consciente do mecanismo interno da explotación e a dominación capitalista estará obxectivamente interesado e motivado para participar na revolución comunista. Velaí por que insiste unha e outra vez en que «o comunismo non é un ideal ao que a propia realidade teña que axustarse. Chamamos comunismo ao *movemento real* [*wirkliche Bewegung*] que acaba por superar o estado

actual de cousas» (Marx 2014: 32). Dito doutro xeito, para o noso autor as *condicions cognitivas* da revolución, a comprensión por parte do proletariado dos seus intereses antagónicos cos da burguesía, son condicións necesarias e suficientes (Elster 1985: 350). E o propio Marx auto-compréndese a si mesmo, paradigma da Ilustración radical, como *científico* ao servizo da causa obreira, analizando a estrutura do capitalismo e desvelando esas condicións cognitivas. Desde esta perspectiva «a ideoloxía proletaria é, en si mesma, unha non ideoloxía, ciencia pura» (Balibar (1978) 1990: 160). Pero isto faise ao altísimo custo de prescindir por completo das *condicións de motivación* da acción colectiva. En efecto, a afirmación de que os proletarios non teñen nada que perder agás as súas cadeas, implica tanto unha análise moi insuficiente dos custos e beneficios da mobilización política en canto acción colectiva, canto a ausencia de discusión substantiva algunha sobre os valores e principios socialistas (a igualdade, por exemplo), sobre o ideal normativo de xustiza ou de sociedade socialista, aquela na que, segundo a súas propias palabras, «o libre desenvolvemento de cada un será a condición do libre desenvolvemento de todos»[7], que achegue os imprescindibles incentivos morais para a acción (Cohen 2001: 102).

Ademais, esta insistencia nas condicións científico-explicativas da revolución, non só non deixan espazo para considerar a súa dimensión interpretativa, non digamos «filosófica» —dando pé a unha trabucada lectura do *socialismo científico* como «materialismo dialéctico»— senón para o propio pluralismo normativo e político de valores, principios e estratexias que agroma perante o curso continxente e conflitivo da revolución.

Todo o anterior tradúcese, con estas premisas, na teoría primeira da revolución en Marx, que podemos sintetizar nos postulados seguintes:

1) *Revolución inevitable*. A revolución é a expresión necesaria dunha tensión profunda entre o desenvolvemento das forzas

[7] Páxina 118 desta edición.

produtivas, as relacións de produción e mais a superestrutura política e xurídica: «As forzas produtivas da sociedade, no curso do seu desenvolvemento, entran en contradición coas relacións de produción existentes e a súa expresión xurídica, coas vixentes relacións de propiedade. No canto de factores de desenvolvemento estas relacións convértense en atrancos para as forzas produtivas. Ábrese entón unha era de revolución social» (Marx (1859) (1970: 34).

2) *Revolución social*. Quérese dicir: *non «meramente política»*. Marx interpreta a revolución proletaria sobre o modelo da revolución burguesa, en concreto, da revolución francesa de 1789-1793, elaborando simultaneamente os conceptos de «revolución burguesa» e «revolución proletaria». Pero hai unha fundamental diferenza entre ambas as dúas: so a revolución proletaria pode acubillar unha verdadeira revolución social, pola súa capacidade de destrución do enteiro modo de produción capitalista en todos os seus niveis, económico, político e ideolóxico: «Todas as anteriores revolucións deixaron intacto o modo de actividade e tan só trataron de estabelecer outra distribución desa actividade [...] a revolución comunista suprime o traballo e suprime a dominación de clase ao rematar coas clases socias mesmas» (Marx 2014: 61).

3) *Revolución inminente*. O paradigma da produción apunta que a contradición entre as forzas produtivas e as relacións de produción esta na orde do día de 1848, o que vai precipitar a revolución comunista, a revolución social, toda vez que as crises do capitalismo, como se afirma no *Manifesto* «no seu periódico retornar poñen cada vez máis en cuestión a existencia de toda a sociedade burguesa»[8].

[8] Páxina 101 desta edición.

4) *Revolución permanente*. A tese da revolución permanente en Marx , aplicada ás revolucións de 1848, postula a continuidade secuencial entre a revolución burguesa e a revolución proletaria. Malia a tese do *Manifesto* de que «mediante a revolución o proletariado se convirte en clase dominante», a formulación inicial desta teoría sostén que a burguesía derrubaría o Antigo Réxime e estabelecería un sistema de democracia liberal, tras o cal unha coalición de republicanos e comunistas imporía a *república social*. Así e todo, a constatación de que a burguesía europea estaba facendo múltiples concesións ao absolutismo con tal de evitar unha vitoria das clases populares, levará a Marx, patentizando nestes anos unha «inherente volatilidade na súa posición teórica» (Stedman Jones 2017: 297), a defender unha radicalización dos procesos de instauración da República Social como preparación da revolución proletaria. Isto o conducirá a abandonar, finalmente, a postulación da alianza cos demócratas e republicanos cara a unha loita internacional cada vez mais explicitamente «comunista», liderada polos sectores máis avanzados da clase obreira en Francia e Inglaterra (Davidson 2012: 147).

Por último, cómpre analizarmos o problema do Estado en Marx desde o punto de vista deste paradigma primeiro da produción que vimos considerando. A resultas da súa crítica á concepción do Estado de Hegel como «a realidade da idea ética», a aquela «subxectividade mistificada do Estado», á «patente mistificación da Constitución como un elo no currículo da idea» (Marx (1843) 1978: 17), Marx postula inicialmente «a democracia como o enigma cifrado de todas as constitucións» (Marx 1978: 36). Pero esta inversión de «partir do suxeito real para considerar despois a súa obxectivación», prolonga, de 1842 a 1845, a orixinaria restitución do político respecto do teolóxico-político nunha lectura de subordinación do político ao económico onde, hipotecado polo novo «lugar empiricamente localizable, a produción [...] o político



Luís Bonaparte, «L'Élu du peuple, Dieu le veut» (*Elixido do pobo pola vontade de Deus*) con 7.471.231 votos (o 75%) na elección do 10 de decembro de 1848. A nación francesa reúnese ao derredor de Bonaparte da man dos sufraxios populares recibidos en cada departamento. Gravado de Armand Dayot, 1900



Alegoría do II Imperio, resultante do plebiscito de Luís Bonaparte en decembro de 1851.
A aguia imperial baixo a estrela da esperanza lanza raios vingadores. A lenda *Vox populi, vox Dei* suliña o providencialismo da consulta. Gravado da época

recibe o estatuto dun elemento segundo e derivado» (Abensour 2017: 179). Unha lóxica autónoma da Política, compatible cunha renovada análise clasista, non aparecerá, como imos ver de contado, ata os seus escritos dos anos cincuenta, nomeadamente *O 18 de Brumario de Luís Bonaparte*.

Como consecuencia desta fuxida da mistificación hegeliana, Marx profesa nestes anos d'*A ideoloxía alemá* unha concepción en extremo simplificada do Estado, o cal se presentará no *Manifesto Comunista* como ferramenta de goberno da clase dominante. Trátase, en rigor, dunha concepción instrumental do Estado, a tese de que, en definitiva «o goberno do Estado moderno non é máis que un comité que administra os negocios comúns de toda a clase burguesa». Agora ben, cómpre subliñar que Marx non emprega o termo *ditadura do proletariado* ata os anos 1850, para substituír o termo *dominación* (*Herrschaft*), que é, por certo, o que aparece no *Manifesto*. *Diktatur* aquí pouco ten que ver co significado de goberno autoritario unipersoal que acadaría moito despois, no século xx, e daría pé á relectura de Marx desde a experiencia leninista e stalinista de partido único. Marx emprégao máis ben como expediente extraordinario nunha situación de emerxencia, certamente autoritario e alleo á división de poderes e ao Estado de dereito, en máis que dubidoso sentido evocador da antiga Roma. Mesmo non incorpora os acenos de ditadura pedagóxica, frecuentes na época, visibles en autores como Babeuf ou Blanqui (Hunt 1974, Draper 1986)

O problema central é que o concepto de dominación de clase ou «comité de negocios» resulta debedor dun concepto de clase, quer burguesía, quer proletariado, preconstituída de antemán, unificada e organizada desde o substrato xeolóxico mesmo das relacións de produción, á que só lle falta o instrumento de goberno, adxectivo, elemental e transparente para impor o seus intereses. Velaí a tese de «o proletariado organizado como clase dominante»[9]. Esta

[9] Páxina 116 desta edición.

concepción desatende o pluralismo, a diversidade e mesmo o carácter contraditorio dos intereses de clase, que non se atopan simplemente dados *ex ante* para, a continuación, poder realizarse mediante unha decisión unívoca e necesaria. Desconsidérase, en suma, o complexo proceso de construción, filtrado e selección organizativas dos intereses de clase mediante mobilización, liderado e conflito, así como os mecanismos de intermediación intereses propiciados polo Estado e a súas loitas internas.

Ao propio tempo, a visión instrumental do paradigma da produción procede a dar un salto epistemolóxico entre a natureza non neutral do Estado e a consideración do Estado como unha *caixa negra* que se limita, de xeito mecánico e inmediato, a tomar decisións favorables para os intereses da clase dominante. Esta perspectiva tradúcese na desconsideración dos complexos mecanismos e legados históricos da institucionalidade material do Estado, a súa específica dependencia de senda, a súa natureza estratéxica e relacional, que elabora, baixo a pretensión do «ben común», un interese xeral no que compiten diversas opcións de políticas públicas e estratexias alternativas. Finalmente a concepción instrumental do Estado, non resulta quen de dar conta da heteroxénea natureza da súa materialidade institucional noutro sentido: bloquea o desenvolvemento dun horizonte teórico republicano. Esquece o feito de no Estado estaren inscritos, ademais dos intereses das clases dominantes, os resultados das loitas das clases populares, a loita, por exemplo, polo sufraxio universal, pola república, pola división de poderes, polos dereitos políticos de liberdade de expresión, de reunión, de asociación, de manifestación, pola liberdade nacional etc. Precisamente daquelas loitas que constituíron —desde a derrota húngara ata a vitoria austríaca sobre o movemento de liberación italiano, pasando polo fracaso dos republicanos da «Montaña» en París o 13 de xuño ou a derrota do levantamento contra a Constitución do Reich— a cerna política dos principais reclamos das revolucións de 1848 en toda Europa (Claudín 1975: 250; Sigman 1977: 259).


A teoría política de Marx no seus escritos políticos. II. O marco teórico da loita de clases

A república non significa en xeral mais que a forma política da subversión da sociedade burguesa e non a súa forma conservadora de vida.
Karl Marx *O 18 de Brumario de Luís Bonaparte*

A achega fundamental dos escritos políticos de Marx reside —fiel ao seu lema «De omnibus dubitandum»— na súa permanente procura de socavar certezas, na elaboración dun marco teórico autocrítico e alternativo ao sustancialista e mecanicista paradigma da produción que vimos de analizar. Xa no *Manifesto Comunista* albiscábase unha eventual ollada menos economicista da man de afirmacións como «toda a loita de clases é unha loita política» (*jeder Klassenkampf ist aber ein politischer Kampf*)[10]. Pero será n'*As loitas de clases en Francia* e, sobre todo n'*O 18 de Brumario de Luís Bonaparte* e n'*A guerra Civil en Francia*, onde agrome progresivamente un novo cadro teórico, o *paradigma da loita de clases* que vai recoñecer, malia non abandonar o distintivo relevo da análise clasista, unha substantiva autonomía para a política face á súa previa consideración adxectiva respecto da produción (forzas produtivas e relacións de produción). Trátase dunha visión fragmentaria, non unha teoría requintada da política e do Estado, pero que subministra análises moi renovadas e de extraordinaria lucidez que tentaremos sistematizar mediante unha apropiación crítica dos seus principais argumentos e conceptos. Aquí agroma inequívoca unha *teoría política republicana* da liberdade como non dominación, ancorada no *descensus ad inferos* da estrutura do modo de produción capitalista que Marx analiza n'*O Capital* (Roberts 2017:231).

No seu día Louis Althusser chamara a atención sobre o feito de que nos escritos políticos de Marx «a contradición capital-traballo nunca é simple, senón que se atopa sempre *especificada* polas formas e as circunstancias históricas concretas nas que se

10 Páxina 105 desta edición.



Auguste Blanqui (1805-1881)


produce. Especificada polas formas da superestrutura (Estado, ideoloxía dominante, relixión, movementos políticos organizados etc.); especificada pola situación histórica externa e interna que a determina en función do pasado nacional respectivo (revolución burguesa realizada ou non [...] costumes locais, tradicións nacionais específicas, estilo propio das loitas e dos comportamentos políticos etc.), así como do contexto mundial existente» (Althusser 1967: 86). Sosteremos no que segue que se trata de algo máis que de mera *especificación* ou *sobredeterminación*, para acadar nidio relevo ontolóxico e *constituitivo*. En concreto, as principais novidades que introduce este novo marco teórico da loita de clases podémolas sintetizar esquematicamente como segue (gráfico 2):

1. A análise inmanentista da concepción materialista da historia, fronte a calquera linealidade e determinismo, ábrese á continxencia ao abeiro dunha máis detida análise das *formacións sociais* concretas de cada país, que resultan debedoras da superposición histórica de varios modos de produción a nivel económico, político e ideolóxico. Isto tradúcese, canda outros efectos, nunha estrutura social moito mais complexa multiclasista e inzada de fraccións de clase.

2. A clase social xa non constitúe un suxeito dado de antemán, cristalizado nas relacións de produción. Toda vez que «ningún determinismo mecánico nin estrutural pode obviar o proceso histórico» (Comninel 2019: 199), as clases sociais constitúen o resultado aberto, continxente, contestado e plural dun proceso de construción política. Isto é, unha complexa realidade colectivamente mobilizada, representativa, simbólica, discursiva, de identidades clasistas en continuo tecer e destecer.

3. A loita de clases non é meramente *expresiva* dunha realidade mais fonda, constitúe unha verdadeira ontoxénese, resulta politicamente *constitutiva* da configuración específica (económica, política, ideolóxica e cultural) das clases en presenza en cada escenario histórico concreto, tanto da burguesía como do proletariado, como calquera outra.

Gráfico 2. Marco teórico da loita de clases (elaboración propia)



4. As clases fórmanse no seu propios termos e en procesos que ademais da produción teñen lugar noutros espazos políticos como o Estado ou a cultura. Por esta razón, a política, na súa dimensión de antagonismo, de «loita de clases» resulta directamente ontolóxica, non reflicte unha realidade previa callada, fosilizada de antemán. A loita de clases desenvólvese en diversas dimensións con grande autonomía: dotación de sentido, normativas, interpretativas, simbólicas , míticas etc.

5. O Estado, neste novo marco teórico, non constitúe un mero instrumento de clase, senón un complexo institucional autónomo de intermediación e selectividade estrutural de intereses. As súas pretensións de neutralidade non constitúen unha mera «aparencia» senón que, como a mercadoría no seu fetichismo, integra parte da realidade capitalista mesma, a mistificación do ben común por riba das clases é constitutiva da súa natureza relacional e estratéxica.

6.- No ámbito normativo, a forma política alternativa confígurase, para Marx, como unha *república social*, isto é, como superamento a) da dominación política do Estado burgués, b) da dominación obxectiva que agroma do traballo asalariado, e c) da dominación impersoal propia da vida dos produtores de mercadorías. Velaí «o sistema republicano da asociación de produtores libres e iguais» (Roberts 2017: 235).

O primeiro que cómpre subliñar da análise de clase que se fai nos escritos políticos de Marx é a meirande complexidade da paisaxe clasista que, a diferenza do *Manifesto* e textos anteriores —agás algunha esvaída referencia ao «lumpenproletariado» ou a «pequenoburguesía»— deixa de pivotar estruturalmente derredor de dous protagonistas sobranceiros: burguesía e proletariado. En efecto, nos escritos políticos adóptase un *esquema ampliado* de cinco ou seis clases en presenza: burguesía, proletariado, pequenoburguesía, lumpenproletariado, e con máis reservas o campesiñado e a «casta» dos funcionarios públicos. Estas clases son consideradas agora como actores políticos autónomos no escenario, algúns dos cales non se derivan mecanicamente da



Xuramento de Napoleón III, o 2 de decembro de 1852, despois de gañar o plebiscito do 21 de novembro (7.800.000 votos a favor, 250.000 en contra) restablecendo o Imperio. Emperador «par la grâce de Dieu». Gravado da época

súa funcionalidade directa para o modo de produción capitalista (lumpenproletariado, pequenoburguesía, campesiñado).

Resultan moi significativas, para estes efectos, as características negativas que Marx, n'*O 18 de Brumario*, considera que privan o campesiñado de constituír unha clase no pleno sentido do concepto: 1) viven no mesmo medio e na mesma situación, pero o seu modo de produción separa uns doutros constituíndo unha «simple adición de cantidades homónimas, do mesmo xeito que, por exemplo, as patacas dun saco forman un saco de patacas»[11]; 2) non teñen unha cultura común e uns intereses compartidos que os enfronten, de xeito diferencial, a outras clases; 3) carecen de representación política por si mesmos e de aí que deleguen a súa representación nunha autoridade forte, mesmo dotada dun «poder ilimitado». Pero esa clase que non o é, esa clase esmorecente coa chegada do capitalismo, tornarase da man sufraxio universal en inesperado actor decisivo politicamente: o campesiñado constituirá a base de masas do II Imperio. Marx dá cumprida conta de como Napoleón III unifica baixo a súa éxida o campesiñado 1) mobilizando discursiva e politicamente a «ilusión» dunha defensa da pequena propiedade parcelaria contra os latifundistas; 2) predicando a panacea da baixada de impostos («Abaixo os impostos» foi un dos lemas sobranceiros do programa electoral da vitoria presidencial de Luís Bonaparte nas eleccións de 1848); 3) invocando retoricamente os recordos da *Grand Armée* napoleónica, *point d'honneur* histórico do campesiñado, e os soños perdidos da *Grandeur* do Imperio e da Nación francesa; e 4) presentándose como garante da seguridade, da orde pública militarista nun Estado ferreamente centralizado. Nesta orde de cousas, é dabondo significativa a supresión, a partir da segunda edición d'*O 18 de Brumario* (1869), dun fragmento da edición orixinal, no que Marx confiaba en que a explotación burguesa da débeda e os impostos, así como a presión burocrática e militar conducira o campesiñado francés a unha alianza inevitable co proletariado

---

11 Páxina 369 desta edición.

de París, que resultaría letal para o réxime: «Desesperando da restauración napoleónica, o campesiño francés abandonará a súa fe na parcela, o edificio enteiro do Estado derrubarase e a revolución proletaria obterá aquel coro sen o cal a súa canción se converte en canto fúnebre en todas as nacións campesiñas»[12] (MacLellan 2006: 228). A crenza de Marx de que o campesiñado francés se incorporaría ao bloque de clases subalternas conformado polo proletariado, o artesanado e a pequenoburguesía republicana, axiña se vería desmentido pola súa masiva integración política no bloque dominante integrado pola burguesía financeira, a burguesía industrial, e pequenoburguesía reaccionaria.

Esta formación política e non soamente económica das clases introduce unha adicional novidade na análise de Marx nos seus escritos políticos; a saber, non só se toma en consideración un abano mais amplo de clases en presenza, senón que as propias clases non se consideran como totalidades dadas, homoxéneas e suturadas senón, en luminosa expresión, como «unha combinación de sustancias sociais heteroxéneas». Así, por exemplo, na Francia dos anos 50, Marx observa que a gran propiedade territorial, do mesmo xeito que en Inglaterra, malia «a súa coquetería feudal e seu orgullo de casta», xa deixara de constituír unha clase aristocrática para devir unha fracción máis da burguesía; en concreto: a burguesía agraria dependente da renda capitalista da terra. Estes grandes latifundistas mantiñan, así e todo, unha tradición política e cultural lexitimista, borbónica, mentres a burguesía industrial e financeira resultaban herdeiras da Monarquía de Xullo e se decantaban como orleanistas. Por outra parte, a burguesía financeira competía en todo momento pola hexemonía coa fracción da burguesía industrial, defendendo non só intereses moi diferentes, senón posuíndo a súa propia cultura, o seu propio discurso e representación.


Outro tanto acontece coa pequenoburguesía escindida *politicamente* entre o sector republicano («A Montaña»), depositario

---

12 Páxina 376 desta edición.

da tradición e simbolismo da revolución Francesa, e outros sectores da mesma que apoiaban sen retesías a Bonaparte. Aínda máis, a respecto da pequenoburguesía francesa Marx chama a atención sobre a autonomía entre os representantes políticos e intelectuais dunha clase e a clase mesma: os voceiros non teñen por que ser membros da clase; o que os fai representantes da pequenoburguesía é o seu discurso e visión política que os impulsa teoricamente a coincidir nos problemas es as solucións propostas na conxuntura. Esta posición é, polo demais, xeneralizable: «Tal é, en xeral, a relación existente entre os representantes políticos e literarios dunha clase e a clase por eles representada». Este argumento resulta capital para o novo marco teórico de Marx nos escritos políticos: a representación non pode reducirse á expresión directa de intereses económicos subxacentes, senón que tece unha dimensión propiamente política da man da historia especifica, do liderado, do discurso e da loita mesma, que filtran, seleccionan e xerarquizan os «intereses de clase» relevantes. Esta perspectiva é a que lle permite afirmar por exemplo nos artigos do *New York Daily Tribune* que «os Whigs son os representantes aristocráticos da burguesía, da clase media industrial e comercial» (Stedman Jones 2017: 241).

Velaí un concepto de clase, en estado práctico, nunca teorizado de todo, que non se reduce á posición ocupada nas relacións de produción, senón que se constrúe historicamente mediante un proceso multicausal na esfera da política: de representación, creación de identidade, cultura, tradición histórica, complexo mítico-simbólico etc. As clases, para o Marx dos escritos políticos, posúen uns potenciais intereses e un potencial de mobilización que teñen que ser actualizados politicamente. Pero ese tránsito dista moito de constituír unha mera exteriorización, un mero traslado da estrutura á identidade e da identidade á acción: os intereses e identidades resultan no só re-articulados en demandas específicas, senón modulados e transformados ao abeiro dun contexto máis ou menos favorable de oportunidade, mediante unha organización, liderado e mobilización performativos e un



Die Revolution,

Eine Zeitschrift in zwanglosen Heften.

Herausgegeben von

J. Weydemeyer.

Erstes Heft.

Der 18te Brumaire des Louis Napoleon

von

Karl Marx.

New-York.

Expedition: Deutsche Vereins-Buchhandlung von Schmidt und Helmich.

William-Street Nr. 191.

1852.

Portada da primeira edición do 18 de Brumario, editado no semanario neoiorquino (en alemán) *Die Revolution* en 1852. O título trabuca Luís Bonaparte por Luís Napoleón

discurso que unifica, enmarca e dota de sentido a contorna desa identidade, sempre en competencia con outras posibles identificacións (nación, relixión etc) (cfr. gráfico 2).

Resulta de moito interese, a estes efectos, o nexo que media entre o que Marx sostiña n'*A ideoloxia alemá*, «as circunstancias fan os homes na mesma medida en que os homes fan as súas circunstancias» (Marx 2014: 36), e o que agora postula no célebre comezo d'*O 18 de Brumario:* «Os seres humanos fan a súa propia historia, mais non a fan ao seu libre arbitrio, baixo circunstancias escollidas por eles mesmos, senón baixo aquelas circunstancias coas que se atopan directamente, xa preexistentes e herdadas do pasado. A tradición de todas as xeracións desaparecidas oprime coma un pesadelo o cerebro dos vivos»[13]. Marx postula aquí unha relación entre, por unha parte, as circunstancias materiais que condicionan a acción, condicións que resultan, á súa vez, produto da actividade anterior e resultan transformadas, de novo, pola acción dos seres humanos. As pre-condicións materiais son, en definitiva, «condicións da súa auto-activación [*Selbstätigkeit*] que son producidas por esa mesma auto activación». Por outra parte, os seres humanos fan [*machen*] a historia, transforman a realidade, non son simples «portadores de estruturas» destinados a reproducir fatalmente o sistema, tampouco seres libres realizando a fazaña da vontade. A historia humana non se adapta á narrativa *whig* da «historia de liberdade», nin á hegeliana «astucia da Razón», nin ao kantiano «plan oculto da natureza». Pero o que resulta máis significativo de todo é que Marx engade, entre as circunstancias recibidas que precondicionan a acción, non soamente o desenvolvemento das forzas produtivas e as relacións de produción, senón o herdo cultural, «a tradición das xeracións mortas» (Dardot & Laval 2012: 208). Veremos axiña como *a tradición*, da man dos mitos da revolución Francesa e Napoleón Bonaparte, está chamada a xogar un papel sobranceiro entre 1848 e 1871.

[13] Páxina 264 desta edición.

As clases sociais, en suma, para o Marx dos escritos políticos, son, en rigor, fenómenos políticos, «non unha cousa, senón un acontecer» (Thompson 1963, 2012: 7), un proceso de identificación aberto e continxente. E neste proceso histórico de auto-constitución [*Selbstätigung*] cobra especial relevo a crítica ao socialismo utópico, coa parcial excepción de Owen, que xa se apuntaba no *Manifesto*; a saber: non soamente por obviar as condicións materiais da revolución, senón por desatender, precisamente, o papel constitutivo do antagonismo mesmo. A «loita de clases», non é unha mera erupción magmática xestada nas profundidades xeolóxicas, unha mera saída á superficie de preferencias e identidades latexantes na infraestrutura, senón factor decisivo na conformación das clases e os seus intereses. Repárese en como o postula o propio Marx n'*As loitas de clases en Francia*: «Creando un adversario, na loita contra o cal madurou o partido da subversión, converténdose nun partido verdadeiramente revolucionario»[14]. N'*O 18 de Brumario* será, precisamente, a ameaza da mobilización das clases populares a que provoque o nacemento como clase unificada da «burguesía», en singular, facendo pasar a segundo plano as diferenzas económicas, políticas e culturais de non pequeno relevo entre a súa fracción industrial e súa fracción financeira, entre lexitimistas e orleanistas.

A potencialidade desta nova análise de clase como proceso, vai verse reforzada teoricamente por unha reflexión máis requintada sobre a revolución que se distancia, de novo, dos postulados do *Manifesto*. O horizonte é agora ben outro, como se constata con carraxe contida no limiar d'*As loitas de clases en Francia*, a «derrota da Revolución!». En efecto, os desaxustes entre as expectativas e a realidade amoréanse: a burguesía non cumpre a súa misión histórica, a «revolución burguesa», e se alía co absolutismo ou ben con novas formas de autoritarismo cesarista (Comninel 1987: 30); o proletariado non é quen de enxergar a

14 Páxina 131 desta edición.

súa propia revolución comunista; Francia e non Inglaterra será o berce das revolucións a causa de factores políticos, e Marx verase na obriga de constatar que, malia os ingleses «dispoñeren de todas as condicións materiais para a revolución social, fáltalles identidade, sentimento colectivo e paixón revolucionaria»; en último lugar, pero non menos importante, as revolucións que se erguen no incerto horizonte da época non resultarán debedoras dunha crise económica do capitalismo, que comeza unha época de sostido despegue, senón da crise política do Antigo Réxime.

Especial mención merece, para os efectos da elaboración marxiana deste segundo marco teórico, e nomeadamente para a interseccionalidade das loitas de clase con outras loitas políticas, a reconsideración da cuestión nacional. Desde 1848 a 1870 prodúcese unha evolución do pensamento de Marx, ao fío da cuestión irlandesa, que o levará a distanciarse radicalmente da lapidaria aseveración do *Manifesto Comunista*: «Os traballadores non teñen patria», así como do inxenuo internacionalismo de 1848. O proceso será paralelo á reconsideración das complexas relacións clase-raza-nación na guerra civil Americana, coa constatación, malia os esforzos de Lincoln, da primacía da cuestión nacional entre os demócratas e os republicanos, isto é do *Unionismo —fight for the Union not for the Negro—* fronte ao *abolicionismo*, por non falar dos sempre preteridos dereitos dos traballadores «libres» (Blackburn 2011: 35). Nos anos 50 a posición de Marx, se ben adoptaba un apoio xenérico á loita nacional de Irlanda contra o goberno británico, amosábanse moi crítica co nacionalismo católico de O'Connell, desde a análise de clase herdada do paradigma da produción. Pode comprobarse isto, por exemplo, na súa posición sobre os conflitos agrarios, subliñando que o factor determinante era a contradición entre os terratenentes e os traballadores do campo, loita que resultaba transversal á cuestión nacional toda vez que moitos dos propietarios eran irlandeses e non ingleses (Anderson: 2016). No que respecta a loitas do proletariado, Marx entendía que a unifica-



O pintor Gustave Courbet (noveno pola dereita, con carapucha sobre a gorra) canda outros comuneiros tras derrubaren a columna napoleónica da place Vendôme, maio de 1871

ción económica entre Inglaterra e Irlanda debía traducirse necesariamente, por riba de diferenzas nacionais, nunha unidade de acción entre a clase obreira irlandesa e a inglesa. A finais dos anos 60 e na década dos 70 esta posición muda notoriamente. Agora, en efecto, o progreso político da clase obreira inglesa, fondamente dividida pola cuestión irlandesa, por mor da masiva emigración a Inglaterra de traballadores irlandeses, faise depender da disolución da Unión e o establecemento dunha «relación federal libre», «unha federación» (Marx & Engels 1979: 138). Marx constata a patente anomalía respecto da súa teoría productivista inicial de que, no curso da loita de clases, a identidade nacional impúñase, sobranceira, sobre a identidade de clase obreira, xerando antagonismo interno e divisións insuperables no interior desta última. Os traballadores irlandeses emigrantes mantiñan unha forte identidade nacional, mentres que os traballadores ingleses os miraban con retesía por lles quitar postos de traballo ou baixar os salarios (Marx & Engels 1974: 213). Isto lévao a cambiar drasticamente de opinión a partir de 1869: «A clase obreira inglesa non conseguirá nada ata non terse librado de Irlanda» (Marx & Engels 1974: 193). Así e todo, Marx non adopta nos anos 1870 o principio nacionalista da autodeterminación senón que, de xeito novidoso, modificando a súa análise previa, valora a dimensión nacional e as reivindicacións nacionalistas como un dos compoñentes fundamentais —conxuntamente coas loitas democráticas e polo sufraxio universal— da revolución internacional, o que o leva a participar, por exemplo, nas campañas a prol da liberación dos prisioneiros fenianos en Londres (Benner 1995: 195)

Pero aínda se producirán, no Marx dos escritos políticos, cambios máis fondos verbo da súa teoría primeira da revolución. Certo que nAs *loitas de clases en Francia* se mantén o alento optimista de que «as revolucións son as locomotoras da historia»[15], da

[15] Páxina 229 desta edición.

inminencia, malia todas as derrotas, dunha «*ditadura de clase do proletariado* como etapa de transición necesaria para a supresión das diferenzas de clase en xeral. Este socialismo, en definitiva, postula a supresión de todas as relacións de produción das que agroman as clases sociais»[16]. Así e todo, n'*O 18 de Brumario* constátase que «a revolución móvese nunha liña descendente [...] en movemento de retroceso»[17]. E a perspectiva modúlase de xeito moi notorio: «As revolucións proletarias, coma as do século XIX, critícanse a si mesmas sen descanso, interrómpense continuamente no seu avance, volven a ocuparse do que aparentemente xa estaba rematado para reinicialo unha vez máis, fan escarnio cruel e profundo das indecisións, fraquezas e miserias dos seus primeiros esforzos, semellan esmagar o seu inimigo só para que este tire da terra novas forzas coas que volver erguerse de novo, aínda máis xigantesco se cabe, contra aquelas revolucións, que agora recúan diante da vaga enormidade dos seus propios obxectivos» [18]. Pero, que é o que explica este fracaso da revolución permanente? A resposta de Marx é moi matizada. Por unha parte, falta «o punto de partida revolucionario, isto é, a situación, as relacións de produción, as condicións imprescindibles e necesarias para que unha revolución moderna sexa seria e crible»[19]. Pero o sentido «descendente» da revolución non apunta agora soamente á falta de pre-condicións económicas, senón a un empeoramento da correlacións de forzas para o proletariado, a un descenso cuantitativo de apoios, a cambios políticos cualitativos na composición do bloque de clases que respalda masivamente ao Presidente. Pode comprobarse, por exemplo, en como explica Marx o masivo soporte (recordemos, máis do 75% dos votos) a Luís Bonaparte nas eleccións do 10 de decembro de 1848: non se trata tan só dunha «reacción dos campesiños»,

16 Páxina 235 desta edición.
17 Páxina 289 desta edición.
18 Páxina 268 desta edición.
19 Páxina 267 desta edición.

dunha «reacción do campo contra a cidade». Hai moitos mais grupos en tumultuosa concorrencia: a gran burguesía, que ollaba a Bonaparte como desexado retorno da Monarquía fronte a República; os «100.000 miserables do lumpenproletariado», que integran as violentas escuadras de choque da *Sociedade do 10 de Decembro*; o exército, que albiscaba novas expectativas de recuperar o seu prestixio perdido, unha suba salarial, o estatuto da *Grande Armée*; a «caste artificial» dos máis de 500.000 funcionarios, que integraban a «extensa e ramificadísima maquinaria do Estado» en incesante crecemento, que recibira promesas de melloras salariais e promocións internas varias; a Igrexa e o clero, que soñaban coa volta da *France catholique*; en fin, sectores da pequenoburguesía e do proletariado que, engaiolados polo antagonismo retórico entre «pobo» e «opresores», procuraban unha alternativa a Cavaignac, seducidos pola mensaxe populista de «non máis impostos!, abaixo os ricos!, abaixo a república!, viva o emperador!»[20].

A toda esta urda de apoios políticos múltiples, articulados pola figura carismática do líder salvador, e o complexo proceso de reconstrución de intereses e identidades que se traducirán no soporte masivo a Bonaparte desde 1848 a 1871, Marx engade unha insólita atención á eficacia política mobilizadora da dimensión mítica, ao relevo das manifestacións culturais, dos mecanismos de dotación de sentido, do enfrontamento entre imaxinarios, da potencia dos poderes simbólicos despregados na loita (Cohen 1982: 118), así como dos complexos normativos en disputa (Rundell 1987: 162). Xa temos falado daquela «tradición das xeracións mortas que oprime coma un pesadelo o cerebro dos vivos», pero a análise d'*A Loita de Clases en Francia* e *O 18 de Brumario de Luis Bonaparte* engade moitos outros factores desta caste: a «poesía do pasado», «a lembranza napoleónica», o vello recordo da «Montaña», «o mito do sabre»,

20 Páxina 175 desta edición.



Unha muller dispara desde unha barricada en defensa da comuna (1871)

«os campesiños-soldados convertidos en heroes», «a veneración supersticiosa do pasado», a «música e bandeiras e os gritos de *Vive l'Empereur*!», «o culto ao manto imperial de Napoleón», o mito do «benfeitor patriarcal», «as viaxes principescas por provincias», «o mito do pobo unido» fronte ao «inimigo exterior», «a poesía da guerra», «a memoria da Nación francesa», «a patria, o patriotismo» que promoven unha impensable identidade colectiva por riba dos intereses individuais e de clase; mesmo o cultivo das paixóns negativas do medo («ao socialismo», ao «proletariado», «á revolución» etc.) e o resentimento («do campo contra a cidade»).


N'*A guerra Civil en Francia*, escrita vinte anos despois d'*O 18 de Brumario*, Marx expande aínda máis a súa análise de clase en dous sentidos: 1) canda as loitas dos traballadores de París, xogan, moitas veces, un papel predominante os aspectos normativos, culturais e organizativos da sociedade civil (os clubs, as asociacións de veciños, as sociedades), as ideoloxías transversais, como o republicanismo (fronte a monárquicos e «rurais»), ou a defensa de institucións cívicas como a Milicia Nacional (Johnson 1996); 2) ao abeiro do «curso descendente» da revolución obreira e a desarticulación organizativa do proletariado en 1871, comparada coa de 1848, incorpórase a contrafío o carácter *urbano* da revolta, os reclamos e as identidades colectivas derivadas das comunidades dos distritos periféricos, as protestas dos afectados pola reconstrución de París no II Imperio (Haussmann), as demandas de autonomía municipal (Gould 1995, Harvey 2006); 3) Finalmente, malia considerar a *Comuna* como «esencialmente un goberno da clase obreira», «o París dos obreiros, coa súa Comuna» etc., Marx desenvolve unha visión máis requintada do experimento democrático, «o goberno do pobo para o pobo», como a «verdadeira representación de todos os elementos sans da sociedade francesa». Esta perspectiva de clase ampliada a «o pobo de París» permítelle introducir unha análise máis complexa da transversalidade da mobilización, dando conta, por

exemplo, da participación da «clase media parisina —pequenos comerciantes, artesáns, tendeiros—, coa única excepción dos capitalistas ricos»[21], sectores que darían lugar á formación da *Unión Republicana*, aliada coa causa da comuna. O *communard* francés Lissagary, militante socialista, reflectiría na obra de referencia, *Histoire de La Commune de 1871* publicada en 1876 (Lissagaray 2000: 17), este proceso de lóxica inclusiva da acción colectiva —«la plus haute marée du siécle»— subliñando a presenza activa de sectores das capas medias e dos mozos da burguesía (estudantes) que, ao fío do proceso de mobilización, «se teñen mudado ao bando pobo». Aínda máis, Marx postulaba, en tempo condicional, que a Comuna *podería* captar tamén o apoio do campesiñado, converténdose no seu aliado natural por sintonizar coas políticas públicas previstas nas discusións dos insurxentes (redución de impostos, conversión dos notarios e avogados en axentes comunais, elección dos xuíces e dos gobernos locais, escola pública laica, descentralización política mediante comunas rurais dotadas de autonomía etc.). Finalmente Marx recolle a ampliación da súa análise de clase, alén do proletariado industrial, certamente cativo no París da época, para dar conta da complexa urda urbana integrada por un conxunto de clases artesás de traballadores especializados, de traballadores da construción e do metal implicados nas obras de remodelación da cidade, así como sectores varios da pequena burguesía, intelectuais, funcionarios, tendeiros etc. (Tombs 1999). O novo paradigma da loita de clases, na que a clase resulta entendida, non como determinación socioeconómica, senón o resultado continxente dun proceso político de loitas e mobilizacións sen fin, se patentiza na oscilación e plasticidade terminolóxico-conceptual con que Marx designa a suxeito colectivo emerxente na Comuna : «traballadores», «proletariado», «pobo», «partido» ou «París».

[21] Páxina 413 desta edición.

Cómpre abordarmos agora o problema do Estado, pois no paradigma da loita de clases, emerxente nos escritos políticos, Marx postula unha novidosa concepción non instrumental e republicana, que sintoniza coas as achegas fundamentais do seu particular *descensus ad inferos* da estrutura do modo de produción capitalista n'*O Capital*. Alén da mera constatación empírica do feito de que a burguesía prescindira, por razóns de supervivencia como clase, do exercicio directo do poder (Francia) ou se abstivera de tomalo (Alemaña), agroma a partir dos anos 50 unha incipiente, se ben nunca desenvolvida con rigorosidade, teoría estratéxico-relacional do Estado.

A argumentación que Marx desenvolve nestes anos, sobre a estrutura do modo de produción capitalista, parte 1) da tese de que o capitalismo «se fundamenta na separación formal das esferas económica e política da sociedade» (Comninel 209: 237); e 2) da tese da conexión causal entre a *esfera da circulación*, na que se desenvolven seres humanos libres e iguais, e as *esfera da produción*, onde reina a desigualdade derivada da escisión entre clases posuidoras de medios de produción e clases «posuidoras» da súa núa forza de traballo. Isto é, mentres na esfera da circulación se realiza un intercambio de equivalentes (salario por forza de traballo) entre cidadáns libre e iguais, na esfera da produción a realidade é ben distinta: os individuos divídense e encáranse colectivamente en tanto que clases sociais mediante relacións de dominación e explotación. Neste último ámbito produtivo, que para Marx resulta o decisivo desde o punto de vista da explicación, os traballadores ni son iguais nin libres nin quen de poñer prezo xusto ao vender a súa forza de traballo. Ambos os aspectos están conectados de xeito causal: a división en clases na sociedade capitalista *explica* a aparición do dereito igual, do individuo libre, do cidadán. Agora ben, a ausencia de coacción extra económica, en sentido estrito, na explotación capitalista, toda vez que o Estado —no capitalismo maduro— non constitúe un instrumento directo de extracción de plusvalía, tradúcese en que aquel non



Mortos nas barricadas durante a comuna. Litografía de Édouard Manet
(Musée des Beaux Arts, Budapest)

constitúe, en modo algún, unha relación de produción, senón un ámbito institucional de síntese e filtro estrutural das contradicións e loitas sociais e políticas, que se desenvolve con autonomía relativa. Deste xeito Marx esgaza teoricamente a ilusoria identificación entre dereito e capitalismo, do herdo ilustrado do Estado de dereito, do dereito igual [*gleiches Recht*], do mundo estruturalmente desigual do capitalismo: «Para Marx no só é imposible deducir o capitalismo dos conceptos de liberdade, igualdade e autonomía, senón que mesmo a mera compatibilidade entre o capitalismo e eses principios resulta puramente ficticia. O que a súa obra viría amosar é máis ben que o concepto de capitalismo resulta radicalmente incompatible cos principios máis básicos do Estado civil» (Fernández Liria & Alegre 2011: 22). En definitiva, o capitalismo enxerga novas formas de *dominación* e non só de explotación: a dominación impersoal dos mecanismos do mercado nos ámbitos da produción e o consumo, a dominación da forzada venta da forza de traballo, a dominación no traballo fabril etc.

Para o Marx deste segundo paradigma, a «neutralidade» do Estado non constitúe unha mera «aparencia» de cidadáns libres e iguais, pola contra, resulta fundamento constitutivo da escisión da sociedade en clases, do dominio e explotación capitalistas. Opera a través dun mecanismo de *mistificación,* a saber: unha inversión que agacha unha relación social e política esencial. E como tal non é un simple engano do libre mercado que encobre unha realidade efectiva de explotación e dominación entre clases: «É a mesma realidade que se manifesta como invertida ou contraria ao que é [...] non é senón a propia realidade aparecendo de certo modo peculiar, a saber, invertido» (Ramas 2018: 117). Alén dunha mera relación esencia-aparencia, o Estado preséntase de modo invertido como unha instancia neutral situada por riba das clases, aparece como unha necesaria ilusión da igualdade e liberdade dos modernos, porque así cumpre coa necesaria funcionalidade, no ámbito da circulación, de xerar un mundo de equivalentes que se intercambian individualmente no mercado traballo a cambio de salario e oculta, así, a relación de dominación,

subordinación e explotación entre clases. A diferenza de Hegel a «luz do Estado» non so non «resolve» as contradicións da sociedade civil, senón que constitúe un mecanismo fundamental da reprodución do enteiro sistema capitalista. Pero precisamente por isto a resposta de Marx, nesta altura, á suposta neutralidade do Estado, non pode ser a que se propuña na época do *Manifesto*, a concepción instrumental, o Estado como caricaturesco comité de negocios da burguesía. Tampouco cabe o seu corolario: a ditadura do proletariado como posta a dispor da maquinaria do Estado ao servizo do proletariado erguido en clase dominante. En suma, a explicación da «aparencia», daquilo que o Marx máis novo chamara «pel de león política» n'*A cuestión xudea*, require dar conta da peculiar autonomía con que procede a materialidade institucional do Estado no seu labor de mecanismo de intermediación de intereses. No capitalismo maduro o Estado non precisa intervir da man dunha coacción extra económica pois se soergue sobre «a violencia muda das relacións económicas», o seu poder remanece como unha propiedade estrutural, selectiva e *disposicional* que non precisa ser actualizada empiricamente de xeito cotián.

A non neutralidade tradúcese non só en que o Estado constitúe unha area estratéxico-relacional de enfrontamento entre clases dominantes e dominadas, senón que, en canto complexo institucional de intermediación de intereses, devén instancia necesaria para construír a unidade da clase dominante. Esta nova visión é a razón sobranceira de que Marx non subscriba agora nin a tese de xuventude da superfluidade [*Überflüssigkeit*] (Zolo 1974: 258) nin a, de inspiración saintsimoniana, do «déperisement de l'État» [*untergehen*] (Máiz 2002: 147) que aparecía na súas críticas a filosofía do dereito de Hegel . Polo tanto no se trata da conexión directa, inmediata entre a burguesía e o aparato do Estado —por máis que Marx reflicta o feito do interese material da burguesía francesa estar entretecido intímanteme coa extensa e ramificada burocracia— senón na conexión estrutural entre, por exemplo, a economía bancaria e crédito público, entre burguesía industrial e lexislación laboral etc.

Pero é o Estado o que crea o mercado e non á inversa. Marx demostra como o Estado, inicialmente, crea a forza de traballo como mercadoría incentivando a expulsión do campo do excedente de man de obra campesiña e amoreando un exército de reserva necesario para a industrialización. Pero o Estado, ademais, elimina as trabas arancelarias, establece vías de comunicación e ferrocarrís, regula a propiedade, a moeda, a orde pública, o dereito civil , penal e mercantil, sen todo o cal o mercado resulta imposible. Por estas razóns as súas institucións e a súas políticas non poden ser reducidas á mecánica transcrición dos intereses das clases dominantes. O Estado dispón dunha autonomía relativa —que Marx distingue, así e todo, da autonomía absoluta, da «completa autonomía» que semella ter adquirido o Estado co segundo Bonaparte (Poulantzas 1968 II: 79 e ss)— que evita incorrer nun «isomorfismo inmediato» entre economía e política (Jessop 2016: 102).

Weber chamará a atención, moitos anos despois (1919), sobre a análise marxiana da Burocracia do *18 de Brumario* que replica a separación entre os propietarios dos medios de produción e os traballadores. En efecto, no Estado capitalista, prodúcese unha separación, inexistente en formas pre-estatais, dos funcionarios respecto aos medios de administración, entre o aparato administrativo e os medios materiais de funcionamento da administración pública. Os funcionarios non son propietarios dos medios de administración, velaí outro aspecto tanxencial da xa comentada eliminación da coacción extra económica e da saída do Estado das relacións de produción ao fío do proceso de monopolización da violencia lexítima (Weber 2018: 63).

N'*O 18 de Brumario* Marx estuda con precisión, fóra algún innegable economicismo residual —cando afirma por exemplo que a clase crea sentimentos, ilusións, modos de pensar e concepcións da vida «derivándoos das súas bases materiais e das relacións sociais correspondentes»— os profundos cambios institucionais que levan en Francia desde a república parla-

mentaria ao presidencialismo e, de seguido, ao II Imperio. Pode comprobarse nestas análises como a centralización política do Estado francés, como factor explicativo dos acontecementos, se impón con rotundidade ao desenvolvemento das forzas produtivas ou as mesmas relacións de produción. Aquí tamén se salientan as diferenzas abismais que median entre os vellos lemas republicanos de «Liberté, egalité, fraternité» e a nova orde pública militarista: «Infantaría, cabalaría, artillaría!». Esta análise condúceo á autocrítica do escaso relevo concedido ata entón ás loitas populares, *loitas tamén inscritas no Estado*: polo sufraxio universal, polos dereitos políticos e a democracia parlamentaria (alén do famoso «cretinismo parlamentario»), por aqueloutra «insurrección dentro dos límites da razón pura», como se denomina con sarcasmo n'*As loitas de clases en Francia*. Agora a súa análise fica ben lonxe do seu anterior desleixo polo «reino anónimo da república», polo valor da Constitución: «A contradición fundamental desta Constitución consiste no seguinte: mediante o sufraxio universal, dálle o poder político ás clases cuxa escravitude social debería eternizar: o proletariado, os labregos, os pequenos burgueses. E á clase da que sanciona o seu antigo poder social, a burguesía, retíralle as garantías políticas do seu poder. Somete o seu poder político a condicionantes democráticos que en calquera intre poden facilitar a vitoria das clases populares, e poñer en cuestión os fundamentos mesmos da enteira sociedade burguesa»[22].

Pero Marx presta ademais moita atención a outro fenómeno peculiar: á impensable transformación dunha *soberanía popular*, que se expresaba a través dunha precaria democracia representativa, nunha *soberanía nacional* que se personaliza, se «encarna» en Luís Napoleón a través do sufraxio universal, reinterpretado como voz do «vrai peuple», do verdadeiro pobo por riba das diferenzas de clase: «L'Empereur n'est pas un homme, c'est un peuple», en significativa expresión coetánea de La Gueronière

[22] Páx. 173 desta edición.


(Rosanvallon: 2000: 210). O nacemento dunha expresión plebiscitaria e unanimista do pobo, unificado desde arriba —nas propias palabras de Napoleón III: «Il est dans la nature de la démocratie de s'incarner dans un chef» (Glikman 2013: 171)— orixina algunhas das mellores páxinas do segundo paradigma de Marx: «Mentres que cada un dos representantes do pobo representan este ou aqueloutro partido [...] el [Luís Bonaparte] é o elixido da nación [...] A Asemblea Nacional elixida atópase nunha relación metafísica coa nación, mentres que o presidente elixido atópase nunha relación persoal. A Asemblea Nacional representa, sen dúbida, nos seus distintos deputados, ás múltiples facetas do espírito nacional, pero no presidente encárnase este espírito. O presidente posúe fronte á Asemblea unha sorte de dereito divino, é presidente pola graza do pobo»[23].

Será en 1871 con motivo da Comuna de París cando Marx abandone, en clave teórica republicana, a distinción xerárquica entre a revolución «social» e a »meramente política». De feito, *n'A Guerra Civil en Francia*, título xa de por si moi significativo, sostén, con palabras de netos resaibos da *Gettysburg Address* de Lincoln (Draper 1986: 273), que «a gran medida social da Comuna foi a súa propia existencia [...] un goberno do pobo polo pobo»[24]. Velaí a sobranceira achega dos *Communards*, unha forma de Estado alternativa, «the political form at last discovered» preséntase como fuxidía realización daquela aspiración á «república social» de 1848, non só como a «antítese do Imperio» senón como algo máis; a saber, «a forma positiva da República».

Esta renovada concepción, malia non estar desenvolta substantivamente, é a razón última de que Marx se distancie explicitamente en 1871 da tese da toma do poder do Estado por parte do proletariado defendida no *Manifesto*. Agora, en efecto, a perspectiva é moi outra: «A clase obreira non pode limitarse simplemente a posesionarse da máquina do Estado tal e como está e poñela ao

---

23 Páxina 281 desta edición.
24 Páxina 417 desta edición.



Karl Marx en 1875, con 57 anos

servizo dos seus propios fins»[25]. E esta transformación do Estado non se limitaba á disolución dos órganos represivos —entre os que Marx inclúe non soamente o exército permanente e a policía, senón a burocracia, o poder xudicial e mesmo a Igrexa católica— senón o propio «poder estatal centralizado» do Estado francés, tan herdeiro da Monarquía absoluta como da «République une et indivisible» dos xacobinos, incompatible co sistema republicano «de produtores libres e iguais». O que resulta especialmente significativo, a estes efectos, é que a consideración da Comuna como «a antítese do Imperio» conduce a Marx a realizar varios adicionais desprazamentos de grande alcance na súa teoría política, levándoo non soamente a asumir un comunismo *comunalista* que non se atopa con anterioridade na súa obra, senón a unha parcial asunción de ideas republicano-*federais* (a revolución concibida a partir dunha vasta federación voluntaria de asociacións de produtores) (Ross 2015: 136), que tiñan un impensable resaibo proudhoniano: «o antigo goberno centralista tamén tería que cederlle aquí paso ao goberno dos produtores polos produtores [...] a Comuna debería ser a forma política mesmo da aldea máis pequena [...] Os concellos rurais de cada distrito deberían administrar os seus asuntos colectivos a través dunha asemblea de delegados na capital do distrito e estas asembleas de distrito deberían, á súa vez, remitir delegados á Delegación Nacional de París [...] As poucas, pero importantes, funcións que aínda quedarían para o Goberno Central [...] serían transferidas a funcionarios comunais, é dicir estritamente responsables»[26]. O que aquí se postula non é «destruír a unidade da Nación», senón organizala mediante un «réxime comunal» de «autonomía local» na que «as funcións lexitimas do Estado» (*id est*, exceptuando os «órganos meramente represivos») serían exercidas por «servidores responsables da sociedade»[27].

[25] Páxina 403 desta edición.
[26] Páxina 408 desta edición
[27] Ibídem.

Esta reforma federalizante do Estado centralista francés viña inserirse nun modelo de democracia republicana participativa cuxos elementos fundamentais son os seguintes: 1) Sufraxio universal, pero con representación sen alienación, mediante revogabilidade dos mandatos parlamentarios; 2) a Comuna non sería un goberno baseado na clásica división de podres entre lexislativo e executivo, senón unha «corporación executiva e lexislativa ao mesmo tempo»; 3) salvagarda de dereitos e liberdades políticas, exemplificados na práctica ausencia de represión interna (fusilamentos) e mantemento da liberdade de prensa, mesmo dos xornais do partido da Orde; 4) supresión do exército permanente e a súa substitución pola Milicia Nacional («o pobo en armas»); 5) fonda transformación da policía e o funcionariado en corpos «electivos, responsables e revogables» e «con salarios de obreiros»; 6) separación efectiva Igrexa e Estado, e ensino publico, gratuíto e laico

Pode constatarse a abisal distancia que media entre esta elaboración republicana, participativa e deliberativa, sostida por Marx en 1871 na súa lectura da Comuna, da posterior interpretación da «ditadura do proletariado» do marxismo-leninismo (por exemplo, o Lenin d'*O Estado e a Revolución* ou o Trotsky d'*A Comuna de París*). Abonda con salientar que este último se distanciará radicalmente do postulado por Marx n'*A guerra Civil en Francia* en tres aspectos decisivos: 1) organización a partir dun partido único e centralizado; 2) ofensiva militar continuada e 3) centralización política territorial e antifederalismo (Dean 2017: 158).

Agora ben, resulta preciso mencionar que, na perspectiva de Marx, a «destrución do poder do Estado» nas súas formas clásicas non debía rematar soamente coa reestruturación institucional federativa e republicana participativa. O ideal republicano da liberdade como non dominación atinxía tamén ás políticas públicas dunha «República do traballo», desde a «moderación» pero tamén desde as reformas estruturais. Políticas dirixidas á «eman-

cipación económica do traballo» pola que «todo ser humano se converte en traballador», para que o traballo produtivo deixe de ser un atributo de clase, para se acadar, en fin, un horizonte de «traballo libre asociado» e «extirpar os alicerces económicos sobre os que descansa a existencia de clases e a dominación de clase»[28]. Políticas dun «comunismo realizable» que, así e todo, a Comuna de París, por razóns de tempo e composición política, non chegou nin a albiscar sequera.

A fugacidade da Comuna, esnaquizada mediante unha brutal represión militar a partir de xuño de 1871 (Merriman 2016), daría lugar ao comezo doutro combate ben diferente, a loita semiótica polo seu significado político. Por unha banda, triunfaba a decidida vontade de esquecemento daquel goberno «anárquico» guiado por «un fato de criminais», exemplificado na xenreira dos republicanos conservadores da III República (Thiers, Ferry, Favre), e tamén dos intelectuais de orde, como foron algúns pintores impresionistas: «J'ai soif d'ordre» escribiría Degas en 1872 (Boime 1995: 54). Por outra parte, encetaba apenas a loita pola reconstrución da memoria histórica como mito fundador do movemento obreiro e *A Internacional*, o sempre adiado «asalto ao Ceo», partindo da propia mitificación comunista de Marx: «Non é posible exterminarnos, por grande que sexa a carnicería. Para facelo os gobernos terían que exterminar o despotismo do capital sobre o traballo».

Ao cabo, ficarían esvaídas no ar as quiméricas arelas daquel poeta *communard* de 19 anos:

> Quand irons-nous, par delà les grèves et les monts, saluer la naissance du travail nouveau, la sagesse nouvelle, la fuite des tyrans et des démons, la fin de la superstition, adorer —les premiers!— Noël sur la terre!
>
> Arthur Rimbaud, *Une saison en enfer*, 1873

[28] Páxina 411 desta edición.

Bibliografía citada

Abensour, M. (2012) *La Démocratie contre l'État. Marx et le moment Machivélian* Paris: Du Félin.

Acemoglu, D. & J. A, Robinson. (2015) «The rise and decline of General Laws of Capitalism», *Journal of Economic Perspectives* vol. 29, no. 1, (pp. 3-28).

Althusser, L. (1967) *La Revolución teórica de Marx* México DF: Siglo xxi.

Anderson, K.B. (2016) *Marx at the margins* Chicago: Chicago U. Press.

Balibar, E. (1978) (1990) «Marx, Engels and de concept of the Party» en Jessop, R. & Malcolm, Ch. *Karl Marx's Social and Political Thought. Critical Assesments* Vol. iii *The State, Politics, and Revolution* London: Routledge.

— (2010) *La philosophie de Marx* Paris: La Découverte.

Benner, E. (1995) *Really Existing Nationalisms. A Post-Communist View from Marx and Engels* Oxford: Clarendon.

Berman, M. (2011) «Tearing Away the Veils», Introduction to *The Communist Manifesto* New York: Penguin.

Blackburn, R. (2011) *An Unfinished Revolution. Karl Marx and Abrahan Lincoln* London: Verso

Boime, Al (1995) *Art and the french Commune* Princeton: Princeton U. Press

Carver, T, & Blank, D. (2014a) *A Political history of the editions of Marx and Engels's German Ideology Manuscripts* New York: Palgrave

— (2014b) *Marx and Engels's German Ideology Manuscripts* New York: Palgrave

Claudín. F. (1975) *Marx, Engels y la Revolución de 1848* Madrid: Siglo xxi

Cohen, J. (1982) *Class and Civil Society. The limits of marxian critical theory* Oxford: Robertson

Cohen, G.A. (1978) *Karl Marx theory of history. A defence* Oxford: Oxford U. Press

— (2000) *If you're an egalitarian, how come you're so rich?* Cambridge(Mass); Harvard U. Press

Comninel, G. (1987) *Rethinking the French Revolution. Marxism and the revisionist challenge* London: Verso

— (2019) *Alienation and Emancipation in the Work of Karl Marx* New York: Palgrave

Dardot, P. & Laval, Ch. (2012) *Marx, Prénom Karl* Paris: Gallimard

Davidson, N. (2012) *How Revolutionary were the Bourgeois Revolutions?* Chicago: Haymarket

Dean, J. (2017) *Multitudes y partido* Pamplona: Katakrak

Draper, H. (1986) *Karl Marx's theory of revolution* Vol. III *The Dictatorship of the proletariat* New York: Monthly Review Press

— (2004) *The Adventures of the Communist Manifesto* Alameda: CSH

Elster, J. (1985) *Making Sense of Marx* Cambridge: Cambridge U. Press

Fernández Liria, C. & Alegre, Luis (2011) *El orden de El Capital* Madrid: Akal

Gould, R.V. (1995) *Insurgent Identities. Class, Community and Protes in Paris from 1848 to the Commune* Chicago: Chicago U. Press

Gramsci, A. (2019) *Cadernos do cárcere e outros escritos. Escolma*. Universidade de Santiago de Compostela-Fundación BBVA.

Glikman, J. (2013) *La Monarchie Impériale. L'Imaginaire politique sous Napoléon* III Paris: Nouveau Monde

Harvey, D, (2006) *Paris, Capital of Modernity* New York: Routledge

— (2008) "Introduction" *The Communist Manifesto* London: Pluto

Heinrich, M. (2019) *Karl Marx and the Birth of Modern Society: The Life of Marx and the Development of His Work Vol* I. *1818-1841* New York: Monthly Review Press.

HUNT, R. (1984) *The Political Ideas of Marx and Engels* II. *1850-1895* London: MacMillan

JESSOP, B. (2016) *The State* Cambridge: Polity

JOHNSON, M. P. (1996) *The Paradise odf Association. Poliutical culture and Popular Organizations in the Paris Commune of 1871* Ann Arbor: Michigan U. Press

LIEDMAN, S.E. (2018) *A world to win. The life and works of Karl Marx* London: Verso

LISSAGARAY, P. O. (1876) (2000) *Histoire de la Commune de 1871* Paris: La Découverte

LUKÁCS, G. (1985) *Historia y conciencia de clase* Barcelona: Grijalbo

JIANG, H. (2014) *La Commune de Shanghai et la Commune de Paris* Paris: La Fabrique

LOWY, M. (1973) *La teoría de la revolución en el joven Marx* Madrid: Siglo XXI

MACLELLAN, D. (2006) *Karl Marx. A Biography* London: Palgrave

MÁIZ, R. (2002) «Karl Marx: de la superación del Estado a la Dictadura del proletariado» en F. Vallespín (ed.) *Historia de la Teoría Política* Vol. IV pp. 103-170. Madrid: Alianza editorial

MARX, K. (1974) *Cartas a Kugelmann* Barcelona: Península

— (1843)(1978) *Crítica de la Filosofía del Estado de Hegel* OME Vol. 5 Barcelona: Grijalbo pp. 2-157

— (1843) (1978) *Crítica de la Filosofía del Derecho de Hegel* OME Vol. 5 Cit. pp. 209-224

— (1847)(2013) *Miseria de la Filosofía* Madrid: EDAF

— (1845) (2014) *La Ideología Alemana* Madrid: Akal

— (1859)(1970) *Contribución a la crítica de la economía política* Madrid: Alberto Corazón

MARX, K. & ENGELS, F. (1979) *Imperio y Colonia. Escritos sobre Irlanda* México. DF: Siglo XXI

— (1844) (2013) *La Sagrada Familia* Madrid: Akal

— (1852) (2015) *Los grandes hombres del exilio* Buenos Aires: Las cuarenta

Merriman, J. 2016) *Massacre. Life and Death of the Paris Commune of 1871* New Haven: Yale U. Press

Poulantzas, N. (1968) *Pouvoir politique et classes sociales* Paris: Maspero 2 vols.

Ramas, C. (2018) *Fetiche y mistificación capitalistas* Madrid: Siglo xxi

Rapport, M. (2008) *1848 Year of Revolution* New York: Basic Books

Roberts, W.C. (2017) *Marx's Inferno* Princeton: Princenton U. Press

Rosanvallon, P. (2000) *La démocratie inachevée* Paris: Gallimard

Ross, K. (2015) *L'Imaginaire de la Commune* Paris: La favrique

Ruiz, C. (2019) *Historia y Sistema en Marx* Madrid: Siglo xxi

Rundell, J. (1987) *The Origins of Modernity* Cambridge: Polity Press

Seligman, J. (1977) *1848 Las revoluciones románticas y democráticas en Europa* Madrid: Siglo xxi

Sperber, J. (1991) *Rhineland Radicals. The democratic Movement and the revolution of 1848-1849* Princeton: Princeton U. Press

— (2013) *Karl Marx* New York: Norton

Stedman Jones, G. (2017) *Karl Marx. Greatness and Illusion* London: Penguin

Tombs, R. (1999) *The Paris Commune 1871* London: Longman

Thompson, E.P. (1963)(2012) *La Formación de la clase obrera en Inglaterra* Madrid: Capitán Swing

Van den Berg, A. (2003) *The Inmanent Utopia* London: Transaction.

Weber, M. (2018) (1919) *La política como profesión* Ed. de J. Abellán Madrid: Biblioteca Nueva.

Zolo, D. (2008) *La teoria comunista dell'estinzione dello Stato* Bari: De Donato.

O MANIFESTO COMUNISTA E OUTROS ESCRITOS POLÍTICOS



Manifest

der

Kommunistischen Partei.

Veröffentlicht im Februar 1848.

Proletarier aller Länder vereinigt Euch!

London.

Gedruckt in der Office der „Bildungs-Gesellschaft für Arbeiter"
von J. E. Burghard.
46, Liverpool Street, Bishopsgate.

Manifest der Kommunistischen Partei, Londres, 1848. Portada da edición orixinal

NOTA DOS TRADUTORES

A edición empregada nesta tradución dos escritos políticos de Marx foi a de *Karl Marx, Friedrich Engels Werke* (MEW), Berlin, Dietz, 1962-1970, 41 vols.

Para o *Manifesto Comunista* tamén foi de grande utilidade a edición crítica de H. Draper *The Adventures of the Communist Manfesto*, Alameda: CSH. 2004.

Para *A Guerra Civil en Francia* consultouse tamén *Karl Marx, Friedrich Engels: Collected Works*, vol. 22: *The Civil War in France*, New York: International Publishers, 1986, pp. 664-696.

Para *O 18 de Brumario de Luís Bonaparte* empregamos a edición de *Kar Marx, Friedrich Engels Gesamtausgabe* (MEGA), I/10: *Werke-Artikel-Entwürfe, Juli 1849 bis Juni 1851*, pp. 96-189 (*Text*) e 679-761 (*Apparat*), Berlin: Dietz, 1985.

Os tradutores desexan facer constar o seu agradecemento máis sincero ao persoal da Biblioteca de Ciencias Xurídicas e Sociais *Concepción Arenal* da Universidade de Santiago de Compostela, nomeadamente a Francisco Méndez, Anxo Doval, Xesús García Bernárdez e Xulia García Docobo. Sen a súa profesionalidade e constante axuda ao longo destes anos, esta edición non sería posible.

MANIFESTO DO PARTIDO COMUNISTA

Prólogo da segunda edición rusa de 1882

A primeira edición rusa do *Manifesto do Partido Comunista*, traducida por Bakunin, saíu do prelo nos primeiros anos sesenta na imprenta do «Kolokol». O Occidente só podía ver entón nela (na edición rusa do *Manifesto*) unha curiosidade literaria. Unha apreciación coma esta sería imposible hoxe.

O derradeiro capítulo do *Manifesto* sobre a posición dos comunistas con respecto aos diferentes partidos de oposición nos diferentes países, amosa do xeito máis claro o limitado que aínda era o territorio que ocupaba naquela altura o movemento proletario: nel están ausentes nada menos que Rusia e os Estados Unidos de América. Era o momento no que Rusia constituía a derradeira gran reserva da reacción global europea e no que os Estados Unidos absorbían, por medio da emigración, o remanente da forza proletaria de Europa. Ambos os países fornecían a Europa de materias primas, sendo ó mesmo tempo mercados que demandaban os seus produtos industriais. Deste xeito, estes dous países eran entón, dunha maneira ou doutra, os piares que sostiñan a orde entón vixente en Europa.

Que diferente é a situación actual! Precisamente a inmigración europea capacitou a América do Norte para a súa xigantesca produción agrícola, unha competencia que fai tremer os alicerces sobre os que se asenta a grande ou pequena propiedade da terra en Europa. Isto permitiulle aos Estados Unidos explotar as súas xigantescas fontes de aprovisionamento industrial, cunha enerxía e a unha escala tal que dentro de pouco vai quebrar o ata agora existente monopolio industrial da Europa occidental e nomeadamente o de Inglaterra. Estas dúas circunstancias actúan retroactiva e revolucionariamente sobre a mesma América. Os pequenos

e medios propietarios granxeiros americanos, que son a base de toda constitución política americana, van sucumbindo un a un ante a concorrencia das granxas xigantescas. Simultaneamente, por primeira vez, nas zonas industriais vaise desenvolvendo un proletariado de masas en paralelo cunha fabulosa concentración de capitais.

E agora Rusia! Durante a revolución de 1848-1849 non só os príncipes europeos senón tamén os burgueses europeos atoparon na intervención rusa a única salvación posible fronte a un proletariado que naquel mesmo momento estaba espertando. O tsar foi proclamado xefe da reacción europea; hoxe é prisioneiro da guerra e Rusia constitúe a vangarda da acción revolucionaria en Europa.

O *Manifesto comunista* tiña como función proclamar a inevitable e inminente disolución da propiedade burguesa moderna. Porén, en Rusia, ante o rapidamente florecente mercado capitalista e a propiedade agraria que xusto neste intre se desenvolve, atopámonos a día de hoxe cunha ampla metade do chan en propiedade compartida polos labregos. A cuestión agora é: pode a *Obchina* rusa, unha forma xa severamente deteriorada da primitiva propiedade común da terra, transformarse directamente na máis elevada forma comunista da propiedade? Ou, pola contra, ten que atravesar previamente o mesmo proceso de disolución que constitúe a evolución histórica de Occidente? A única resposta posible a isto, a única posible hoxe en día, é: se a revolución rusa devén o sinal dunha revolución proletaria no Oeste, de modo que ambas as dúas se complementen reciprocamente, entón a actual propiedade común da terra pode devir de punto de partida dun desenvolvemento comunista.

Karl Marx, Friedrich Engels
Londres, 21 de xaneiro de 1882

Prólogo da terceira edición alemá de 1883

Lamentablemente, teño que asinar eu só o prólogo da presente edición. Karl Marx, o home ao que toda a clase traballadora de Europa lle debe máis que a ningún outro, repousa no cemiterio de Highgate en Londres e sobre a súa tumba medran xa as primeiras herbas. Despois da súa morte xa non se pode falar dunha reelaboración nin dunha ampliación do *Manifesto*. Por esta razón, paréceme aínda máis necesario facer constar aquí unha vez máis e explicitamente o que segue.

A permanente idea central do *Manifesto*: que a produción económica e a estruturación social que necesariamente se deriva dela en calquera época da historia constitúen a base da historia política e intelectual desa época; que, segundo isto (desde a disolución da remota propiedade común da terra), toda a historia foi unha historia das loitas de clase, loitas entre clases explotadas e clases explotadoras, clases dominadas e dominadoras en diferentes niveis do desenvolvemento social; que esta loita acadou agora un nivel no que a clase explotada e oprimida, o proletariado, xa non se pode liberar da clase que a explota e a oprime sen liberar ao mesmo tempo a toda a sociedade da explotación, da opresión e das loitas de clase. Esta idea basilar perténcelle única e exclusivamente a Marx.

Xa dixen isto moitas veces; porén, agora é preciso que estea no frontispicio do mesmo *Manifesto*.

F. Engels

Londres, 28 de xuño de 1883

Prólogo de Friedrich Engels á edición inglesa de 1888

O *Manifesto* foi publicado como plataforma da *Liga dos Comunistas*, unha asociación de traballadores ao inicio exclusivamente alemáns e, máis tarde, unha organización internacional, que baixo as circunstancias políticas do continente europeo previas a 1848 era, inevitablemente, unha organización secreta. No congreso da Liga celebrado en Londres en 1847 encargóuselles a Marx e a Engels prepararen a publicación dun programa completo do partido, teórico e práctico. Redactado en alemán, o manuscrito foi remitido en xaneiro de 1848 a Londres para a súa publicación poucas semanas antes da revolución do 24 de febreiro. Pouco antes da insurrección, en xuño de 1848, publicouse unha tradución ao francés. A primeira tradución ao inglés, coidada por Miss Hellen MacFarlane, publicouse en 1850 no *Red Republican* de George Julian Harney. Tamén se publicaron daquela unha tradución danesa e outra polaca.

O esmagamento da insurrección de París de xuño de 1848 —aquela primeira gran batalla entre o proletariado e a burguesía— relegou, unha vez máis, por un tempo a un segundo plano as aspiracións da clase traballadora europea. Desde entón a loita pola hexemonía política volveuse a activar coma na época da revolución de febreiro e só entre diversos grupos da clase posuidora. A clase traballadora viuse limitada a loitar pola liberdade de acción e de movemento e reducida á posición dunha ala da extrema esquerda da burguesía radical. Alí onde movementos proletarios autónomos seguiron dando sinais de vida foron esmagados sen piedade. A policía prusiana seguiulle o rastro e descubriu o comité central da *Liga dos Comunistas*, que entón tiña a súa sede en Colonia: os seus membros foron detidos e encarcerados e, despois dunha reclusión de dezaoito meses, foron levados ante os xuíces en outubro de 1852. Este famoso «proceso dos comunistas de Colonia» durou desde o 4 de outubro ata o 12 de novembro. Sete dos presos foron condenados a penas de

entre tres e seis anos de penal militar. Inmediatamente despois da publicación da sentenza, os membros aínda restantes disolveron formalmente a Liga. Polo que se refire ao *Manifesto*, parecía como que de alí en diante estivese condenado a desaparecer no esquecemento.

Cando a clase traballadora europea xa recuperara forzas dabondo como para lanzar un novo ataque contra a clase dominante, xurdiu a *Asociación Internacional dos Traballadores*. Porén, esta asociación, creada expresamente coa finalidade de fundir nunha soa corporación a totalidade do proletariado militante de Europa e de América, non puido proclamar inmediatamente os principios contidos no *Manifesto*. Á *Internacional* cumpríalle ter un programa o suficientemente amplo como para que puidese ser aceptado polas *trade unions* inglesas, polos seguidores franceses, belgas, italianos e españois de Proudhon e polos lasallianos en Alemaña. Marx, que trazara este programa satisfacendo a todos os partidos, tiña unha confianza total no desenvolvemento intelectual da clase traballadora, un desenvolvemento que tiña que resultar necesariamente da acción política coordinada e da discusión en común. Os acontecementos e as vicisitudes da loita contra o capital, as derrotas aínda máis que as vitorias, non podían deixar de levar os homes a tomaren conciencia da insuficiencia das súas panaceas favoritas e variadas formas de verborrea, abríndolles así un camiño cara a unha máis rigorosa comprensión das condicións reais da emancipación da clase traballadora. E Marx tiña razón. Cando a *Internacional* se disolveu no ano 1876, deixaba os traballadores nun estado completamente diferente daquel no que os encontrara no intre da súa fundación no ano 1864. O proudhonismo en Francia e o lassallismo en Alemaña estaban en plena fase de extinción, o mesmo que as conservadoras *trade unions* inglesas, aínda que na súa maioría xa romperan toda relación coa *Internacional*. Estas últimas estábanse achegando ao punto no que o seu presidente W. Bevan podía proclamar no nome delas o ano pasado en Swansea:

«O socialismo continental xa deixou de sentir medo de nós». En efecto, os principios do *Manifesto* fixeran progresos considerables entre os traballadores de todos os países. Deste xeito o mesmo *Manifesto* pasou a un primeiro plano. O seu texto alemán fora reimpreso moitas veces desde 1850 en Suíza, en Inglaterra e en América (USA). En 1872 foi traducido ao inglés en Nova York, onde a tradución foi publicada no *Woodhall & Claflin's Weekly*. Partindo desta versión en inglés publicouse tamén unha versión en francés no neoiorquino *Le Socialiste*. Desde entón publicáronse nos EEUU dúas traducións ao inglés, máis ou menos desfiguradas, das que unha foi reimpresa en Inglaterra. A primeira tradución ao ruso, coidada por Bakunin, foi publicada o ano 1863 na imprenta do «Kolokol» de Herzen, en Xenebra, e unha segunda tradución xenebrina foi publicada pola heroica Vera Sassulitch en 1882. Unha nova edición danesa atópase na *Socialdemokratisk Bibliotek* de Copenhagen en 1885. Unha nova edición francesa publicouse en *Le Socialiste* de París en 1886; partindo desta tradución preparouse outra ao castelán, que saíu do prelo en Madrid en 1885. Non é posible fixar con precisión a cantidade de reimpresións en alemán, que en total non baixaron das doce. Unha versión ao armenio, que debía ter saído do prelo hai uns meses en Constantinopla, non viu a luz pública porque, segundo se me comunicou, o editor non tivo o valor de publicar un libro no que figuraba o nome de Marx, mentres o tradutor rexeitou cualificalo de obra propia. Tamén oín falar de traducións a outras linguas pero, a verdade, eu non as vin. Xa que logo, a historia do *Manifesto* reflicte, nunha gran medida, a historia do movemento obreiro moderno. Nesta altura ese texto é, sen dúbida, a obra máis difundida e máis internacional de toda a literatura socialista, un programa colectivo que é recoñecido por millóns de traballadores desde Siberia ata California.

Mais, con todo, cando foi publicado non o poderiamos chamar un manifesto *socialista*. Por «socialistas» entendíase en 1847, por unha parte, aos seguidores dos diversos sistemas utopistas,

como os owenistas en Inglaterra, os fourieristas en Francia, ambos os dous reducidos xa paulatinamente, nos nosos días, ao nivel de causas moribundas; por outra parte, aos diversos falabaratos que, cos máis variados e chapuceiros remedios, inofensivos para o capital e o beneficio, prometían erradicar todo tipo de inxustiza social. En ambos os dous casos tratábase de xente allea ao movemento dos traballadores e máis ben buscaban apoio nas clases «cultas». Aquela parte da clase traballadora que se convencera da insuficiencia das simples revolucións políticas e proclamaba a urxente necesidade dunha revolución social chamábase a si mesma «comunista». Tratábase aínda dunha versión crúa, non moi requintada, unha puramente instintiva forma de comunismo: porén atinaba co punto cardinal e era suficientemente poderosa entre a clase traballadora como para xerar o «comunismo utópico»: en Francia o de Cabet e en Alemaña o de Weitling. Naquela altura de 1847 o socialismo era un movemento da clase media e o comunismo un movemento da clase traballadora. O socialismo era, polo menos no continente, «presentable en sociedade» e o comunismo era xusto todo o contrario. E como nós desde o primeiro momento sostíñamos que «a emancipación da clase traballadora ten que ser obra da mesma clase obreira», non podía existir ningunha dúbida sobre cal dos dous nomes tiñamos que escoller. E, aínda máis, desde entón, nunca nos pasou pola cabeza negalo.

Como queira que o *Manifesto* foi considerado un traballo común de nós os dous, teño a obriga de aclarar que a idea fundamental, a que constitúe a súa cerna, pertence a Marx. Velaquí: en cada época histórica o modelo económico dominante, tanto de produción como de intercambio, así como a estrutura social que se deriva necesariamente del, forma a base sobre a que se ergue a historia política e intelectual desta época e a partir da cal unicamente pode ser explicada. Segundo isto, toda a historia da humanidade (desde a abolición do primitivo nivel da orde tribal, coa súa propiedade común da terra) foi unha historia de loitas

de clase, de antagonismo entre clases explotadoras e explotadas, dominantes e oprimidas; que a historia destas loitas de clases representa unha serie de avances na que actualmente se acadou un nivel no que a clase explotada e oprimida —o proletariado— non pode acadar a súa liberación do xugo da clase explotadora e dominadora —a burguesía— sen, ao mesmo tempo, dunha vez para sempre, liberar á sociedade enteira de toda explotación e sometemento, de todas as diferenzas e loitas de clase.

A esta tese, que ao meu parecer está chamada a constituír a base do mesmo progreso para a ciencia histórica que a teoría de Darwin supuxo para a ciencia natural, xa Marx e eu mesmo nos fóramos achegando gradualmente moito antes de 1845. Ata que punto eu, pola miña parte, avanzara nesta dirección, amósase da mellor maneira no meu *Lage der arbeitenden Klasse in England*[1]. Porén, cando na primavera de 1845 me volvín a encontrar con Marx en Bruxelas, el xa tiña completamente desenvolvida esta teoría, que me expuxo con palabras case tan claras coma aquelas coas que eu o resumín máis arriba.

Do noso prólogo común da edición alemá de 1872 cito o que segue:

> Por moito que as circunstancias cambiasen nos derradeiros vintecinco anos, os principios básicos desenvolvidos neste Manifesto manteñen aínda hoxe, no seu conxunto, a súa exactitude. Habería, así e todo, que mellorar algún punto concreto. A aplicación práctica destes principios, como o aclara o mesmo Manifesto, dependerá sempre e en todas partes das circunstancias históricas existentes e, xa que logo, non deberán ter ningún peso especial as medidas revolucionarias propostas ao final do capítulo 2. Esta pasaxe tería hoxe outra redacción desde moitos puntos de vista. Ante o inmenso desenvolvemento da grande industria a partir de 1848 e da moi mellorada

[1] *A situación da clase traballadora en Inglaterra; The Condition of the Working Class in England in 1844.*

> e acrecentada organización da clase traballadora que a acompaña; ante as experiencias prácticas, primeiramente a da revolución de febreiro e aínda moito máis a da Comuna de París, onde o proletariado posuíu por primeira vez durante dous meses o poder político, este programa quedou anticuado nalgúns puntos concretos. A Comuna achegou concretamente a proba de que a clase traballadora non pode simplemente apoderarse da totalidade da maquinaria do Estado e poñela en movemento para satisfacción dos seus propios obxectivos. Mais alá disto, é evidente que a crítica da bibliografía socialista que se fai no Manifesto está chea de lagoas con respecto á actualidade, xa que só chega ata 1847, como tamén o é que as observacións sobre a posición política dos comunistas a respecto dos diferentes partidos opositores (cap. IV), aínda sendo basicamente correctas hoxe en día, están un chisco superadas na súa exposición, porque a situación política mudou completamente e a evolución histórica acabou varrendo á maior parte dos partidos alí enumerados. De calquera xeito, o Manifesto é un documento histórico no que nós xa non atribuímos o dereito de facer modificacións.

A presente tradución é obra do señor Samuel Moore, tradutor á lingua inglesa da maior parte d'O *Capital d*e Marx. Revisámola xuntos e eu engadinlle un par de notas aclaratorias de alusións históricas.

Friedrich Engels
Londres, 30 de xaneiro de 1888

MANIFESTO

Unha pantasma percorre Europa, a pantasma do comunismo. Todos os poderes da vella Europa uníronse nunha santa alianza de acoso contra este espectro: o papa e o tsar, Metternich e Guizot, os radicais franceses e os policías alemáns.

U-lo partido opositor que non fose algunha vez alcumado de comunista polos seus adversarios do poder gobernante? U-lo partido de oposición que non lles devolvese tanto aos sectores máis progresistas da oposición como aos seus inimigos máis reaccionarios o aldraxante reproche do comunismo?

Desta realidade derívanse dous feitos diferentes. Que o comunismo xa está sendo aceptado por todas as potencias europeas como un poder máis. Que xa chegou a hora de que os comunistas expoñan abertamente ante todo o mundo o seu xeito de ver, os seus obxectivos e as súas tendencias, e de que ao conto infantil da pantasma do comunismo lle contrapoñan un manifesto do mesmo partido.

Con esta mesma finalidade xuntáronse en Londres comunistas de varias nacionalidades que esbozaron o seguinte manifesto que é publicado nestas linguas: inglés, francés, alemán, italiano, flamenco e danés.

I
Burgueses e proletarios[2]

A historia de toda a humanidade ata hoxe[3] é a historia da loita de clases. Libres e escravos, patricios e plebeos, baróns e servos da

---

[2] Por *burguesía* enténdese a clase dos capitalistas modernos, propietarios dos medios de produción, que empregan traballadores asalariados. Por proletariado enténdese a clase dos modernos traballadores xornaleiros que, ao careceren de medios de propios, vense forzados a vender a súa forza de traballo para poderen vivir (K.M.).

[3] É dicir, toda a historia *escrita*. En 1837 a prehistoria da sociedade, a organización social previa á historia escrita era practicamente descoñecida. Despois August von Haxttausen (1792-1866) descubriu a propiedade común da terra en Rusia, Georg Ludwig von Maurer demostrou que esta era o fundamento social do que xurdiron historicamente todas as ramas das tribos xermánicas e aos poucos foise descubrindo que as comunidades rurais eran, ou foran, a forma primitiva da sociedade por todas partes, desde a India ata Irlanda. A organización interna desta primitiva sociedade comunista foi posta de mani-

gleba, mestres[4] e oficiais; en poucas palabras, opresores e oprimidos mantíñanse nunha situación de enfrontamento recíproco, nunha loita permanente, unhas veces encuberta, outras aberta; unha loita que sempre remataba sexa cunha transformación revolucionaria de toda a sociedade, sexa co afundimento de ambas as dúas clases en loita.

En épocas anteriores da historia atopamos case arreo unha completa estruturación da sociedade en diferentes estamentos, nunha variadísima gradación das posicións sociais. Na antiga Roma temos os patricios, os cabaleiros, os plebeos e os escravos; na Idade Media atopamos os señores feudais, os vasalos, os membros das corporacións, os oficiais, os servos da gleba e aínda en case todas estas clases se atopan gradacións particulares.

A sociedade burguesa moderna, xurdida das ruínas da sociedade feudal, non suprimiu os antagonismos de clase; limitouse a producir novas clases, novas condicións de opresión e novas formas de loita no canto das antigas.

Aínda así, a nosa época, a época da burguesía, distínguese por ter simplificado os antagonismos de clase. A sociedade no seu conxunto divídese cada vez máis en dous grandes campos enfrontados, en dúas clases directamente opostas: a burguesía e o proletariado.

Dos servos da gleba da Idade Media xurdiron os arrabaldeiros das primeiras cidades. A partir destes fóronse formando os primeiros elementos da burguesía.

O descubrimento de América e a circunnavegación de África achegaron á burguesía emerxente un novo terreo. Os mercados

---

festo, na súa forma típica, na seminal descuberta de Morgan da verdadeira natureza da *gens* e da súa relación coa tribo. Da disolución destas comunidades xorde a división da sociedade en clases separadas e finalmente antagónicas (KM). Nas edicións inglesa de 1888 e alemá de 1890 F. Engels engadíu esta nota: «Eu procurei rastrear este proceso de disolución en: *Der Ursprung der Familie, des Privateigentums und des Staats* (*A orixe da familia, a propiedade privada e o Estado*) (Stuttgart 1866, 2ª edición)» (N. dos T.).

[4] Mestre dun gremio, membro da mesma a todos os efectos e xefe de oficiais e aprendices (K.M.).

das Indias Orientais e de China, a colonización de América, o intercambio coas colonias, a multiplicación dos medios de troco e das mercadorías en xeral proporcionaron ao mercado, á navegación e á industria un incremento ata entón descoñecido e, coa mesma, enxergaron un rápido desenvolvemento do compoñente revolucionario da sociedade feudal en descomposición.

O precedente xeito feudal ou gremial de xestión da actividade produtiva xa non podía satisfacer as demandas que ían medrando nos novos mercados. A manufactura ocupou o seu lugar. Os mestres gremiais foron desbancados polo estamento industrial intermedio. A división do traballo entre as diversas corporacións desapareceu ante a división do traballo no seo do mesmo obradoiro.

Mais os mercados non paraban de medrar e a demanda non paraba de subir. E tampouco a manufactura bastábase por si mesma para satisfacela. Entón, o vapor e as máquinas revolucionaron a produción industrial. O lugar da manufactura ocupouno a grande industria moderna; na posición do estamento medio industrial entraron os millonarios da industria, os xefes de enteiros exércitos industriais, os burgueses modernos.

A grande industria xerou o mercado mundial, que xa fora propiciado polo descubrimento de América. O mercado mundial deulles ao comercio, á navegación e ás comunicacións terrestres, un desenvolvemento inconmensurable que, á súa vez, repercutiu na expansión da industria. E, na mesma medida en que a industria, o mercado, a navegación e os ferrocarrís se expandían, tamén a burguesía se desenvolvía e multiplicaba o seus capitais, e ficaban relegadas a un papel secundario todas as clases herdadas da Idade Media.

Vemos así como a mesma burguesía moderna é produto dun longo proceso de desenvolvemento, dunha serie de transformacións dos modos de produción e de intercambio.

Cada un destes graos de desenvolvemento da burguesía ía acompañado por un correspondente grao de progreso político. De

constituír un estamento de oprimidos baixo o dominio dos señores feudais, converteuse na asociación armada e auto xestionada da comuna[5]; despois pasou a transformarse en república urbana[6] independente e como terceiro estado tributario da monarquía; máis tarde, na época da manufactura, como contrapeso fronte á nobreza na monarquía estamental ou absoluta. En xeral, a burguesía pasou a erguerse como verdadeiro fundamento das grandes monarquías, conseguindo finalmente, despois da implantación da gran industria e do mercado mundial, o exclusivo poder político no Estado moderno representativo. O poder estatal moderno non é máis que un comité que administra os negocios de toda a clase burguesa.

A burguesía xogou un papel altamente revolucionario na historia.

Alí onde a burguesía acadou o poder, destruíu todas as condicións feudais, patriarcais e idílicas. Rachou sen compaixón todos os variadísimos lazos feudais que ligaban os homes cos seus superiores naturais sen deixar ningún outro vencello social alén do mero interese e o desapiadado «pagamento ao contado». A burguesía afogou a sagrada éxtase da exaltación relixiosa, o entusiasmo cabaleiresco e a melancolía provinciana, nas xeadas augas do cálculo egoísta. Disolveu no mero valor de cambio a dignidade persoal e no canto das innumerables, garantidas e honestamente adquiridas liberdades puxo outra, única e carente de escrúpulos, a liberdade de comercio. Nunha palabra, no lugar dunha explotación envolta en ilusións relixiosas e políticas puxo unha explotación aberta, descarada, directa e brutal.

A burguesía espiu da súa auréola de santidade todas as actividades ata entón respectables e consideradas con piadosa devo-

---

[5] *Comunas* (*Commune*) chamábanse as cidades xurdidas en Francia, mesmo antes de seren quen de lle arrancaren ao seu señor e amo a autonomía local e os dereitos políticos do «Terceiro estado». Dun xeito xeral escollemos a Inglaterra como exemplo típico da evolución económica da burguesía e a Francia como exemplo da súa evolución política (Nota de Engels na terceira edición de 1890).

[6] Así denominaban os habitantes das cidades de Italia e de Francia as súas comunidades cidadás, unha vez que lles compraran ou arrincaran aosseñores feudais os primeiros dereitos de administración autónoma (Nota de Engels na edición alemá de 1890).

ción. Transformou o médico, o xurista, o eclesiástico, o poeta, o home de ciencia no seu empregado asalariado.

A burguesía arrincoulles ás relacións familiares o seu conmovedor e sentimental nimbo, reducíndoas a unha pura relación monetaria.

A burguesía revelou de que xeito aquela brutal manifestación de forza, que os reaccionarios tanto lle admiran á Idade Media, atopaba o seu axeitado complemento na máis preguiceira desidia. Foi a primeira en demostrar o que a actividade humana é quen de levar a cabo. Fixo realidade marabillas que superaban as pirámides de Exipto, os acuedutos romanos e as catedrais góticas, levando adiante expedicións que empequeneceron ás migracións en masa dos pobos e ás cruzadas.

A burguesía non pode existir sen revolucionar incesantemente os medios de produción e, xa que logo, as relacións de produción e, en consecuencia, todas as relacións sociais. Pola contra, a conservación inalterada do vello modo de produción era a primeira condición existencial de todas as clases industriais precedentes. A transformación permanente dos modos de produción, a ininterrompida conmoción de todas as condicións sociais, a eterna inseguridade e o movemento incesante caracterizan e diferencian a época burguesa de todas as demais. Todas as sólidas e enferruxadas concepcións, coa súa secuela de venerables concepcións e obsoletos puntos de vista son suprimidas; todas as de nova creación avelléntanse antes de se poderen osificar. Todo o que é estamental e establecido evapórase no ar; todo o sagrado resulta profanado e, finalmente, a xente vese obrigada a considerar con ollos desencantados a súa condición de vida, as súas relacións recíprocas.

A urxencia dunha saída comercial cada vez máis ampla para os seus produtos forza a burguesía a se mover por todo o globo terrestre, obrigándoa a aniñar, establecerse e trabar relacións por todas partes.

Coa súa explotación do mercado mundial a burguesía configurou dun xeito cosmopolita a produción e o consumo de todos

os países. Para gran desgusto dos reaccionarios a burguesía segoulle debaixo dos pés á industria o seu chan nacional. As antigas industrias nacionais foron destruídas e aínda o seguen a ser diariamente na actualidade. Resultan desprazadas por outras novas, a súa implantación convértese nunha cuestión vital para todas as nacións civilizadas: novas industrias que xa non transforman materias primas nacionais, senón materias das máis remotas procedencias e os seu produtos son consumidos non só no mesmo país senón tamén, simultaneamente, en todo o mundo. No canto das vellas necesidades satisfeitas por produtos do propio país aparecen outras novas necesidades que, para a súa satisfacción, requiren produtos doutros países e dos climas máis distantes. No lugar do antigo autoabastecemento e do illamento local e nacional agroma un intercambio universal, unha interdependencia recíproca de todos os países. E o que acontece a escala da produción material prodúcese tamén no que atinxe á produción inmaterial. A creación intelectual de cada país vólvese patrimonio común da humanidade. A unilateralidade e a estreiteza nacionais fanse cada vez máis imposibles e, xa que logo, a partir das moi numerosas literaturas nacionais e locais vaise formando unha literatura universal.

Grazas á rápida mellora de todos os medios de produción e das comunicacións, a burguesía empurra cara á civilización a todos os países, incluídos os máis bárbaros. Os baixos prezos das súas mercadorías constitúen a artillaría pesada que derruba todas as murallas de China e fai capitular ata os máis bárbaros e hostís aos estranxeiros. Obriga a todas as nacións, se non queren desaparecer, a adoptaren o modo capitalista de produción, obrígaas a introduciren a chamada «civilización», é dicir, a facérense burguesas. En definitiva, forxa un mundo á súa imaxe e semellanza.

A burguesía someteu o campo ao dominio da cidade; creou cidades enormes; multiplicou nun alto grao a poboación urbana con respecto á rural, arrincando así a unha parte significativa da poboación da idiocia da vida rústica. Do mesmo xeito que

someteu o campo á cidade, a burguesía xerou a dependencia dos países bárbaros ou medio bárbaros con respecto aos civilizados, e de Oriente con respecto a Occidente.

A burguesía elimina cada vez máis o espallamento dos medios de produción, da propiedade e da poboación. Amoreou a poboación, centralizou os medios de produción e concentrou a propiedade en poucas mans. A necesaria consecuencia de todo isto foi a centralización política. Provincias independentes, con intereses, leis, gobernos e alfándegas de seu, con apenas relacións entre si, foron concentradas *nunha* nación, *nun* goberno, *nunha* lei, *nun* interese de clase nacional, *nunha* soa fronteira alfandegueira.

No seu dominio de clase, en pouco máis dun século, a burguesía creou forzas máis masivas e colosais que todas as xeracións precedentes xuntas. Dominio das forzas da natureza, desenvolvemento da maquinaria, emprego da química na industria e na agricultura, navegación a vapor, ferrocarrís, telégrafos eléctricos, posta en cultivo de continentes enteiros, navegación fluvial, poboacións enteiras xurdidas da nada. Como podían adiviñar os séculos pasados que tales forzas de produción latexaban dormentes no seo do traballo social?

Así e todo, vimos que os medios de produción e de intercambio, que foron a base sobre a que se foi erguendo a burguesía, foron xerados na sociedade feudal. Nun certo punto da súa evolución estes medios de produción e de intercambio baixo os que a sociedade feudal producía e trocaba, nunha palabra, as circunstancias da propiedade feudal, xa non se correspondían cas forzas produtivas; freaban a produción en vez de promovela; volvéronse noutros tantos impedimentos. Tiñan que ser destruídos e foron destruídos. No seu lugar estableceuse a libre competencia coa súa correspondente constitución social e política, e baixo o dominio económico e político da clase burguesa.

Ante os nosos ollos estase a producir un proceso análogo. As condicións burguesas de produción e intercambio, as condicións

da propiedade burguesa, a sociedade burguesa moderna, que fixo xurdir por arte de encantamento tan poderosos medios de produción e de intercambio, é comparable ao mago que xa non é quen de controlar os poderes infernais que el mesmo conxurou. Desde hai decenios a historia da industria e do comercio non é máis que a historia da rebelión das forzas produtivas modernas contra as condicións de vida da burguesía e do seu dominio. Abonda con citar as crises comerciais, que no seu periódico retornar poñen cada vez máis en cuestión a existencia de toda a sociedade burguesa. Nas crises comerciais, polo regular, resulta aniquilada unha gran parte non só dos produtos confeccionados, senón tamén das forzas produtivas xa creadas. Nestas crises espállase unha epidemia social que en todas as épocas precedentes tería sido considerada un absurdo: a epidemia da sobreprodución. A sociedade atópase de súpeto retrotraída cara a un estado de barbarie momentánea. Unha epidemia de fame, unha guerra destrutiva xeneralizada, parecen terlle privado de todos os medios de subsistencia; a industria, o mercado semellan arrasados. Por que? Porque a sociedade posúe un exceso de civilización, un exceso de alimentos, un exceso de industria, un exceso de mercado. As forzas produtivas que están ao seu dispor xa non serven para a potenciación do sistema de propiedade burguesa; ben ao contrario, vólvense excesivamente poderosas para aquel e resultan freadas. Mais en canto superan este obstáculo, poñen toda a sociedade burguesa nun estado de desorde, ameazando a existencia mesma da propiedade burguesa. A situación da sociedade burguesa volveuse estreita de máis como para poder absorber toda a riqueza que ela mesma xera. Con que medios supera a burguesía as crises? Por un lado coa destrución forzada dunha morea inxente de forzas produtivas; por outro, pola conquista de novos mercados e pola explotación aínda máis radical dos mercados antigos. De que xeito procede, entón? Mediante a preparación de crises máis xerais e profundas e, ao mesmo tempo, diminuíndo os medios de prevención das crises.

As armas coas que a burguesía abateu o feudalismo vólvense agora contra ela mesma.

Así e todo, a burguesía non se limitou a forxar as armas que lle van provocar a morte, senón que tamén xerou os homes que as empuñarán: os traballadores modernos, os *proletarios*.

Na mesma medida que se desenvolve a burguesía, é dicir o capital, tamén se desenvolve o proletariado, a clase dos traballadores modernos, que só viven mentres atopan traballo e só atopan traballo na medida en que este acrecenta o capital. Estes traballadores, que se teñen que vender a si mesmos aos poucos ao retallo, son unha mercadoría do mesmo xeito que calquera outro artigo comercial e, xa que logo, están expostos na mesma medida ás vicisitudes da competencia e a todas as flutuacións dos mercados.

A actividade dos proletarios, a causa do emprego extensivo de maquinaria e a división do traballo, perdeu completamente todo o seu carácter autónomo e, con el, todo o seu atractivo para os traballadores. O traballador volveuse un mero apéndice da máquina ao que se lle esixe a manobra máis simple, máis monótona e máis doada de aprender. En consecuencia, os gastos que ocasiona hoxe en día un obreiro limítanse case exclusivamente aos alimentos que precisa para a súa mantenza e para a perpetuación da súa caste. O prezo dunha mercadoría e, xa que logo, tamén o do traballo, equivale aos seus custos de produción. Así, na mesma medida na que medra a repugnancia ao traballo, diminúe o salario. Aínda máis: na mesma medida na que aumentan o emprego de maquinaria e a división do traballo, tamén aumenta na mesma proporción a masa do traballo, quer polo incremento das horas traballadas, quer polo incremento da esixencia de rendemento horario, quer pola aceleración da cadencia das máquinas, etc.

A industria moderna converteu o pequeno obradoiro do mestre patriarcal na gran fábrica do industrial capitalista. Masas de traballadores amoreados nunha fábrica son organizadas militarmente. Como soldados rasos industriais, son postos baixo a

supervisión dunha completa xerarquía de suboficiais e oficiais. Non só son servos da clase burguesa, do Estado burgués, senón que cada día e cada hora resultan escravizados pola máquina, polo supervisor e, sobre todo, polo patrón en persoa. Esta dominación é tanto máis mesquiña, máis odiosa, máis exasperante canto máis abertamente proclama que a ganancia é o seu único obxectivo.

Canta menos habelencia e emprego de forza esixe o traballo manual, é dicir, canto máis se desenvolve a industria moderna, tanto máis é suplantado o traballo dos homes polo das mulleres e os nenos. As diferenzas de xénero ou de idade perden todo o seu valor social para a clase obreira. Xa non existen instrumentos de traballo que xeren custos diferentes en función da idade ou do xénero.

Cando a explotación do traballador polo patrón apenas conclúe de modo que aquel recibe a súa paga, xa se lle botan enriba outras fraccións da burguesía: o dono da casa, o tendeiro, o prestamista, etc.

As que ata agora eran pequenas clases medias, pequenos industriais, comerciantes, artesáns e campesiños, todas estas clases acaban caendo, unha tras outra, nas ringleiras do proletariado. Unhas porque os seus pequenos capitais non acadan o nivel preciso para crear grandes empresas industriais e sucumben na competencia cos capitalistas de maior nivel. Outras porque a súa habelencia profesional resulta desprezada polos novos métodos de produción. Deste xeito o proletariado nútrese de todas as clases da poboación.

O proletario atravesa varios niveis de desenvolvemento. A súa loita contra a burguesía iníciase coa súa mesma existencia. Nunha primeira fase os traballadores loitan individualmente; despois xúntanse os traballadores dunha fábrica; máis tarde os obreiros dun sector de actividade na mesma localidade loitan contra o burgués que se aproveita deles. Os traballadores dirixen os seus ataques non só contra as condicións de produción senón

tamén contra os propios medios de produción: destrúen as mercadorías estranxeiras dos competidores, estragan as máquinas, incendian as fábricas procurando recuperar pola forza a desaparecida posición do traballador medieval.

Nesta fase os traballadores forman unha masa espallada por todo o país e dividida pola competencia. A cohesión da masa dos traballadores non é aínda consecuencia da súa propia unión, senón consecuencia da unión da burguesía, que para a consecución dos seus propios fins políticos ten que poñer en movemento todo o proletariado, cousa que polo momento aínda pode facer.

Nesta fase os proletarios non loitan contra os seus inimigos, senón contra os inimigos dos seus inimigos; isto é, os restos da monarquía absoluta, os terratenentes, os burgueses non industriais, os pequenoburgueses. Deste xeito, todo o movemento histórico está concentrado nas mans da burguesía; cada vitoria conseguida neste contexto é unha vitoria da burguesía.

Pero co desenvolvemento da industria o proletariado non só se multiplica; é forzado a amorearse en grandes masas; increméntase a súa forza. Os intereses, as situacións vitais no seo do proletariado iguálanse cada vez máis ao borraren progresivamente as máquinas as diferenzas no traballo, rebaixando deste xeito os salarios. A crecente concorrencia dos burgueses entre si e as crises comerciais que dela se derivan fan oscilar aínda máis o salario dos traballadores; a continuada e rápida mellora da maquinaria fai que a situación vital do traballador sexa aínda máis insegura. Cada vez máis a miúdo os enfrontamentos entre traballadores e burgueses cobran o carácter de colisión entre dúas clases. Os traballadores empezan a organizarse contra os patróns, xúntanse en defensa do seu salario e chegan a crear asociacións permanentes para o abastecemento en previsión de revoltas futuras. Eventualmente a loita mesmo desemboca en revoltas.

De cando en vez triunfan os traballadores, aínda que só por un intre. O auténtico resultado das súas loitas non é a vitoria

inmediata senón a cada vez máis ampla unión dos traballadores, promovida polos crecentes medios de comunicación creados pola grande industria e que manteñen relacionados entre si aos traballadores das diferentes localidades. Mais abonda con esta comunicación para centralizar nunha soa loita de clases a multitude dispersa de loitas locais que posúen características semellantes por todas partes. Pero toda loita de clases é unha loita política. A unión que aos cidadáns da Idade Media, illados entre si polas súas corredoiras, lles levaba séculos conquistar lógrana os proletarios modernos en poucos anos grazas aos ferrocarrís.

Esta organización dos proletarios en clase e, xa que logo, en partido político, é rebentada permanentemente pola competencia entre os mesmos traballadores. Mais rexorde sempre de novo unha e outra vez, máis forte, máis sólida, máis poderosa. Aproveitando as fracturas internas da burguesía, o movemento obreiro impón o recoñecemento dos intereses concretos dos traballadores en forma de lei, como é o caso da *Lei das dez horas* en Inglaterra.

As colisións da antiga sociedade favorecen de modo especial e de xeito moi variado o desenvolvemento do proletariado. A burguesía atópase nunha loita permanente: inicialmente contra a aristocracia, máis tarde contra aquelas fraccións da mesma burguesía que se atopan en conflito de intereses co progreso da industria ou en conflito externo coa burguesía do resto dos países. En todas estas loitas a burguesía vese obrigada a apelar ao proletariado, a acoller a súa axuda e a arrastralo así á dinámica da política. Pero deste xeito a burguesía achégalle ao proletariado os seus propios elementos formativos, é dicir, armas contra ela mesma.

Ademais, como xa temos subliñado, o progreso da industria fai que sectores enteiros da clase dominante sexan precipitados no proletariado ou, cando menos, perigosamente ameazados nas súas condicións de vida. Tamén eles lle achegan ao proletariado un volume non pequeno de elementos educativos.

Finalmente, alí onde a loita de clases se achega ao seu punto álxido, o proceso de disolución no interior da clase dominante,

mesmo no interior de toda a vella sociedade, adquire un carácter tan tenso, tan estridente, que unha pequena parte da clase dominante sepárase dela e adhírese á clase revolucionaria, á clase que porta o futuro nas súas mans. Por iso, así como no pasado unha parte da nobreza pasou á burguesía, así tamén agora unha parte da burguesía incorpórase á causa do proletariado, concretamente aquela parte dos ideólogos burgueses que traballaron arreo para acadaren a comprensión teórica de todo o movemento histórico.

De todas as clases que hoxe se enfrontan á burguesía só o proletariado é unha clase verdadeiramente revolucionaria. As restantes clases devecen e desaparecen coa grande industria; o proletariado, pola contra, é o seu produto máis xenuíno. As clases medias —o pequeno industrial, o artesán, o campesiño— todas elas loitan contra a burguesía para salvar da ruína a súa existencia en canto clases medias. Non son, pois, revolucionarias, senón conservadoras. Aínda máis, en rigor son reaccionarias, xa que pretenden facer retroceder a roda da historia. Caso de seren ocasionalmente revolucionarias, non é máis que pola perspectiva da súa proletarización inminente, o que as leva a defender non os seus intereses presentes, senón o seus intereses futuros, abandonando os previos puntos de vista para adoptar os do proletariado.

O lumpenproletariado, esa pasiva descomposición das máis baixas capas da sociedade, é proxectado no movemento sen orde nin xeito algún aquí ou acolá pola revolución proletaria; pero, polas súas condicións de vida, estará permanentemente disposto a deixarse vender a intrigas reaccionarias.

As condicións de existencia da vella sociedade están xa abolidas nas condicións de vida do proletariado. O proletariado carece de propiedades; a súa relación coa muller e os fillos non ten nada en común coas relacións familiares burguesas. O traballo industrial moderno, o sometemento ao capital, que é o mesmo en Inglaterra ou en Francia, en América ou en Alemaña, arrincoulle todo rastro de carácter nacional. Leis, moral, relixión

constitúen para o proletario un abano de prexuízos burgueses detrás dos que se agochan outros tantos intereses da burguesía.

Todas as clases antigas que se fixeron co poder trataron de consolidar a súa xa adquirida posición seguindo a vía do sometemento de toda a sociedade ás condicións do modo de apropiación existente ata agora. Os proletarios só poden acadar formas produtivas de carácter social por medio da supresión da súa específica forma de apropiación, suprimindo así todo tipo de apropiación existente ata agora. Os proletarios non teñen nada de seu que protexer; teñen que destruír todas as precedentes seguridades e formas de propiedade.

Todos os movementos precedentes eran movementos de minorías ou en proveito de minorías. O movemento proletario é o movemento independente da inmensa maioría no interese da inmensa maioría. O proletariado, a capa máis baixa da sociedade actual, non se pode sublevar, non se pode erguer sen facer saltar polos aires toda a superestrutura dos estratos que compoñen a sociedade oficial.

Pola forma, aínda que non polo contido, a loita do proletariado contra a burguesía é, ante todo, unha loita nacional. O proletariado de calquera país ten naturalmente antes que nada que acabar coa súa propia burguesía.

Ao trazarmos as fases máis xerais do desenvolvemento do proletariado seguiamos a traza da máis ou menos oculta guerra civil no seo da actual sociedade ata o intre no que aquela estoupa nunha revolución aberta e o proletariado abate a burguesía pola violencia e funda o seu poder.

Como temos subliñado, toda sociedade anterior baseábase no antagonismo entre clases opresoras e clases oprimidas. Pero para poder oprimir a unha clase téñenlle que estar garantidas a esta as condicións que lle permitan, polo menos, arrastrar unha existencia servil. O servo da gleba, sen mudar de condición, foise facendo membro do municipio, do mesmo xeito que o pequeno burgués acadou a condición da burguesía baixo o xugo do abso-

lutismo feudal. Pola contra, o traballador moderno, no canto de ascender co progreso da industria, afúndese cada vez máis baixo nas condicións da súa propia clase. O traballador vólvese un pobre miserento e o pauperismo medra aínda máis axiña que a poboación e a riqueza. Ponse así en evidencia que a burguesía xa non é quen de seguir sendo por máis tempo a clase dominante da sociedade e tampouco de impoñerlle a esta como norma reguladora as condicións de vida da súa clase. A burguesía é incapaz de dominar porque é incapaz de garantirlles aos seus escravos unha existencia mesmo dentro da súa escravitude. Está forzada a deixar que o escravo se afunda nunha situación na que ela o ten que manter en vez de ser mantida por el. A sociedade xa non pode existir baixo esta clase, ou, o que é o mesmo: a existencia desta clase xa non é compatible coa sociedade actual.

A condición esencial para a existencia e o dominio da clase burguesa é a acumulación da riqueza nas mans de persoas privadas, a creación e a multiplicación do capital. A condición do capital é o traballo asalariado. O traballo asalariado baséase exclusivamente na concorrencia dos traballadores entre si. O progreso da industria, do que unha burguesía indolente é axente involuntario, sitúa no canto do illamento dos traballadores derivado da concorrencia entre eles, a unión revolucionaria dos mesmos a través da asociación. Co desenvolvemento da grande industria sácaselle á burguesía a base mesma sobre a que produce e se apropia dos produtos. A burguesía produce, ante todo, os seus propios sepultureiros. O seu ocaso e a vitoria do proletariado son igualmente inevitables.

II
Proletarios e comunistas

En que relación precisa están os comunistas cos proletarios en xeral? Os comunistas non son un partido especial se os comparamos con outros partidos dos traballadores. Non teñen ningúns intereses distintos e separados dos do proletariado no seu

conxunto. Non proclaman principios especiais e particulares cos que conformaren e modelaren o movemento proletario.

Os comunistas diferéncianse soamente do resto dos partidos proletarios, por unha parte, porque nas diversas loitas nacionais dos proletarios salientan e fan valer na súa actuación os intereses de clase do conxunto do proletariado, independentes dos intereses nacionais; e, por outra, porque nos diferentes estadios de desenvolvemento que atravesa a loita entre o proletariado e a burguesía, sempre e en todo lugar representan os intereses do movemento no seu conxunto.

Os comunistas son, xa que logo, na práctica, a parte máis decidida e sempre máis permanentemente impulsora dos partidos dos traballadores en todos os países; adiántanse teoricamente á restante masa do proletariado na percepción das condicións, da traxectoria e dos logros xerais do movemento proletario. O obxectivo inmediato dos comunistas é o mesmo que o da totalidade do resto dos partidos proletarios: constitución do proletariado en clase, derrubamento da dominación da burguesía, conquista do poder político polo proletariado.

As conclusións teóricas dos comunistas non se fundamentan de ningún xeito en ideas ou en principios inventados ou descubertos por calquera reformador do mundo. Son só a expresión xeral das condicións obxectivas dunha loita de clases realmente existente, dun movemento histórico que se está producindo ante os nosos ollos. A abolición de relacións de propiedade non é algo que caracterice dun xeito distintivo o comunismo.

Todas as relacións de propiedade estiveron sometidas no pasado a un cambio histórico permanente, a unha constante modificación histórica. A revolución Francesa, por exemplo, aboliu a propiedade feudal en favor da propiedade burguesa. O que caracteriza o comunismo non é a abolición da propiedade en xeral, senón a abolición da propiedade capitalista. Pero a moderna propiedade burguesa é a última e máis lograda expresión do modo de produción e de apropiación dos produtos que ten o seu fundamento nos

antagonismos de clase, na explotación dunha maioría por unha minoría. Neste sentido os comunistas poden resumir a súa teoría na expresión: abolición da propiedade privada.

Aos comunistas reprochóusenos que queriamos suprimir a propiedade persoalmente adquirida e traballada, a propiedade que é o fundamento de toda liberdade, de toda actividade e de toda autonomía persoal. Propiedade adquirida e gañada polo propio esforzo! Falades quizais da propiedade do pequeno burgués ou da do pequeno labrego, a que precedeu á propiedade burguesa? Esa non temos que abolila nós, xa o fixo o desenvolvemento da industria e segue a facelo de xeito cotián.

Ou falades máis ben de propiedade privada moderna, da propiedade capitalista? Mais, o traballo asalariado, o traballo do proletario, xéralle a este algún tipo de propiedade? De ningún xeito. O que crea é capital, é dicir a propiedade que explota ó traballo asalariado. Capital que só se pode multiplicar baixo a condición de que xere, á súa vez, máis traballo asalariado, para así explotalo de novo. A propiedade, na súa forma actual, baséase no antagonismo entre capital e traballo asalariado. Examinemos os dous compoñentes deste antagonismo.

Ser capitalista non significa unicamente tomar unha posición puramente persoal senón tamén unha posición social no seo do proceso produtivo. O capital é un produto colectivo e, xa que logo, só pode ser posto en movemento a través dunha actividade colectiva de moitos partícipes e, en última instancia, só a través da actividade colectiva de todos os membros da sociedade. O capital non é un poder persoal: é un poder social.

Por tanto, se o capital é transformado nunha propiedade comunitaria e pertence a todos os membros da sociedade, non se produce por este feito a transformación da propiedade privada en propiedade social. Só se transforma o carácter social da propiedade, que perde así o seu carácter de clase.

Pasemos agora ao traballo asalariado. O prezo medio do traballo asalariado é o salario mínimo, é dicir, a suma dos medios

de subsistencia que son necesarios para manter en vida o traballador como tal. Por esta razón o que se apropia o traballador asalariado coa súa actividade unicamente chega para manter a súa mera existencia. Non é en absoluto a nosa intención suprimir esta apropiación dos produtos do traballo, indispensable para a reprodución da vida humana, unha apropiación que non deixa ningún rendemento neto que puidese outorgar poder sobre o traballo alleo. Só queremos abolir o carácter miserable da apropiación que fai que o traballador viva soamente na medida en que o require o interese da clase dominante.

Na sociedade burguesa o traballo vivo é só un medio para multiplicar o traballo acumulado. Na sociedade comunista, o traballo acumulado só é un medio para ampliar, enriquecer e fomentar o proceso vital dos traballadores. Mentres na sociedade capitalista o pasado domina o presente, na sociedade comunista o presente imponse sobre o pasado. Na sociedade burguesa o capital é independente e persoal, mentres que o individuo activo é dependente e impersoal.

A burguesía denomina á supresión desta relación de propiedade «supresión da personalidade e da liberdade»! E con razón. Trátase certamente da supresión da personalidade burguesa, da autonomía burguesa e da liberdade burguesa.

No marco das condicións de produción capitalistas enténdese por «liberdade» o libre mercado, a liberdade de comprar e vender. Porén, se desaparece o mercado, tamén desaparece o libre chalaneo. As agudezas sobre o chalaneo libre, coma todo o resto das bravatas de liberdade da nosa burguesía, só cobran sentido ante o mercado limitado e fronte ao burgués escravizado da Idade Media, mais non ante a supresión comunista do intercambio desigual, das condicións de produción burguesas e da mesma burguesía.

Horrorizádesvos porque queremos suprimir a propiedade privada. Mais na vosa sociedade actual a propiedade está suprimida de feito para as nove décimas partes dos seus membros. É máis:

só existe precisamente para algúns porque para as nove décimas partes dos seus membros resulta unha quimera. E así reprochádesnos que queremos suprimir unha propiedade que presupón, como condición necesaria, a carencia de propiedade da gran maioría da sociedade. Nunha palabra, vós reprochádesnos que queremos suprimir a vosa propiedade capitalista. Pois ben, iso é xusto o que queremos.

A partir do intre no que o traballo xa non pode ser transformado en capital, diñeiro, renda agraria... nunha palabra, nun poder social susceptible de monopolio, é dicir, desde o intre no que a propiedade persoal xa non se pode volver burguesa, desde ese intre, segundo a vosa tese, queda suprimida a persoa. Así pois, confesades que por persoa non entendedes máis que o burgués, o propietario burgués. En efecto, esa persoa debe ser abolida.

O comunismo non priva ninguén do poder de apropiarse dos produtos sociais. Só suprime o poder de subxugar o traballo alleo por medio da apropiación capitalista. Obxectouse que coa abolición da propiedade privada cesaría toda actividade produtiva e se instauraría unha preguiza xeneralizada. De ser certo isto, xa habería tempo que toda a sociedade burguesa se tería desintegrado baixo a xeral desidia, xa que os que traballan nela non teñen ganancias e os que gañan máis cartos non traballan. Esta reflexión conduce á tautoloxía de que non existe traballo asalariado alí onde non hai capital.

Todas as obxeccións dirixidas contra o modo comunista de apropiación e de produción dos produtos materiais foron estendidas á apropiación e á produción de produtos inmateriais. Do mesmo xeito que para o burgués a desaparición da propiedade de clase equivale á cesación da produción, así tamén a supresión da cultura de clase é para el idéntica á supresión de toda a cultura en xeral. Pero esa «cultura», cuxa perda lamenta o burgués, non é para a inmensa maioría máis que un adestramento para se converteren eles mesmos en meros apéndices das máquinas.

Mais non polemicedes connosco aplicando á abolición da propiedade burguesa as vosas concepcións burguesas de liberdade, cultura, dereito, etc. As vosas ideas son tamén produtos das relacións capitalistas de produción e de propiedade. Tampouco o voso dereito é outra cousa que a vontade da vosa clase erixida en lei, a vontade portadora dun contido determinado polas condicións materiais de existencia da vosa clase. Vós compartides con todas as clases dominantes xa desaparecidas da historia a concepción interesada que transforma en leis eternas da Natureza e da Razón as vosas relacións capitalistas de produción e de propiedade. O que admitides para a propiedade antiga ou propiedade feudal non vos atrevedes a admitilo para a propiedade burguesa.

Abolición da familia! Mesmo os máis radicais se alporizan ante esta infame intención dos comunistas. Pero, sobre que se fundamenta a familia actual, a familia burguesa? Sobre o capital, sobre a ganancia privada. Na súa forma completamente desenvolvida esta familia só existe para a burguesía, mais atopa o seu complemento na forzada supresión total de familia para proletarios e na prostitución pública. A familia do burgués esvaécese naturalmente coa desaparición deste último complemento, e ambas as dúas desaparecen coa desaparición do capital.

Reprochádesnos querermos acabar coa explotación dos nenos polos seus pais? Confesamos tamaño crime. Aínda por riba, dicides vós, destruímos a máis estimada das relacións familiares ao substituírmos a educación doméstica pola educación pública. Acaso a vosa educación non está tamén determinada pola sociedade, polos condicionantes sociais dentro dos que educades, pola intromisión directa ou indirecta da sociedade, en especial a través da escola, etc.? Os comunistas non inventan a influencia da sociedade na educación; só modifican o seu carácter, arrincando á educación da influencia da clase dominante.

As proclamas burguesas sobre a familia e a educación, sobre a relación íntima de pais e nenos etc. vanse facendo máis repug-

nantes na medida en que, co avance da grande industria, se van rachando para os proletarios todos os lazos familiares, e os nenos resultan convertidos en artigos comerciais ou ben en instrumentos de traballo.

«Mais vós, os comunistas, queredes introducir a comunidade das mulleres», bérranos a coro toda a burguesía. O burgués considera a súa muller un mero instrumento de produción. O burgués escoita dicir que todos os medios de produción deben ser explotados en común e, como é natural, non pode tirar unha conclusión distinta á de que o destino da explotación en común acabará afectando tamén ás mulleres. Non se decatan de que se trata precisamente de acabar coa situación das mulleres como simples instrumentos de produción. Por outra banda, non hai nada máis ridículo que o espanto moralizante dos nosos burgueses ante a suposta comunidade oficial das mulleres que se atribúe aos comunistas. Os comunistas non precisan introducir a comunidade das mulleres, que xa existe na práctica desde hai moito tempo. En efecto, os nosos burgueses, non satisfeitos co feito de teren ao seu dispor as mulleres e fillas dos proletarios, sen falarmos da prostitución recoñecida, atopan unha das súas principais diversións na sedución recíproca das súas propias mulleres.

O matrimonio burgués é en realidade a comunidade das esposas. Como máximo poderíaselles reprochar aos comunistas a intención de introduciren, en lugar dunha comunidade de mulleres hipócrita e oculta, outra oficial e aberta. Por outra parte, é evidente que coa supresión das actuais relacións de produción capitalistas tamén desaparece a comunidade de mulleres que delas se derivaba, é dicir, a prostitución oficial e a oficiosa.

Acúsase tamén aos comunistas de quereren suprimir a patria e a nacionalidade. Os traballadores non teñen patria. Non se lles pode quitar o que non teñen. Posto que o proletariado debe en primeiro lugar conquistar o poder político, erixirse en clase social, constituírse el mesmo como nación, segue sendo nacional,

aínda que en ningún caso no sentido da burguesía. As diferenzas e os antagonismos nacionais dos pobos van desaparecendo xa gradualmente no proceso de desenvolvemento da burguesía coa liberdade de comercio, co mercado mundial, coa uniformidade da produción industrial e das correspondentes condicións de vida. A supremacía do proletariado fará desaparecer as loitas nacionais de xeito aínda máis rápido. A acción conxunta, cando menos a dos países civilizados, é unha das primeiras condicións da súa liberación.

Na medida na que se suprime a explotación dun individuo por outro, tamén se pon fin á explotación dunha nación por outra. Na medida en que desaparece o antagonismo entre as clases no seo dunha nación, esváense tamén as hostilidades entre as nacións.

As acusacións contra o comunismo feitas desde puntos de vista relixiosos, filosóficos e, en xeral, desde posicións ideolóxicas, non son merecedoras de deterse de vagar nelas. Requírese unha reflexión moi profunda para comprender que, cos cambios das condicións de vida dos humanos, das súas relacións sociais, da súa existencia social, tamén mudan as súas concepcións, os seus puntos de vista, as súas ideas, os seus conceptos, nunha palabra, a súa conciencia? Que outra cousa demostra a historia das ideas máis que a produción intelectual cambia o seu carácter na medida en que cambia a produción material? As ideas dominantes dunha época foron sempre as ideas da clase dominante.

Cando se fala das ideas que revolucionan unha sociedade enteira só se expresa o feito de que no seo da vella sociedade se formaron os elementos doutra nova e que a disolución das vellas condicións de vida leva aparellada a disolución das vellas ideas.

Cando o mundo antigo se descompoñía, as vellas relixións foron derrotadas pola relixión cristiá. Cando no século XVIII as ideas cristiás foron vencidas polas ideas da Ilustración, a sociedade feudal estaba loitando a vida ou morte coa, naquela altura, revolucionaria burguesía. As ideas da liberdade de

conciencia e de relixión só reflectían o dominio da libre competencia no terreo do saber.

«Mais —afirmarase— malia que as ideas relixiosas, morais, filosóficas, políticas, xurídicas, etc. mudaron sen dúbida no curso da evolución histórica, a relixión, a moral, a filosofía, a política, o dereito mantivéronse sempre no medio destes cambios. Por outra banda, existen verdades eternas como a liberdade, a xustiza, etc., que comparten todos os estado da sociedade. Pola contra, o comunismo desexa eliminar as verdades eternas, eliminar a relixión e a moral e remodelalas, contradicindo abertamente todos os precedentes procesos históricos». Agora ben, a que se reduce esta acusación? A historia de todas as sociedades que teñen existido ata o día de hoxe movíase por medio de antagonismos de clase, que asumían distintas formas en épocas diferentes. Mais, sexa cal sexa a forma que puideron adoptar, a explotación dunha parte da sociedade polas outras é un feito común a todos os séculos pasados. Xa que logo, non hai razón algunha para admirarse de que a conciencia social de todos os séculos, malia toda a súa variedade e diversidade, se mova no interior de certas formas comúns ou ideas xerais que non se poden esvaer totalmente agás coa completa desaparición do antagonismo de clase. A revolución comunista é a ruptura máis radical coas relacións de propiedade tradicionais; nada hai, pois, de estraño en que no seu proceso de desenvolvemento se rompa do xeito máis radical coas ideas tradicionais.

Mais deixemos agora a un lado as obxeccións da burguesía contra o comunismo. Xa vimos máis arriba que o primeiro paso na revolución dos traballadores é a elevación do proletariado a clase dominante, a conquista da democracia. O proletariado aproveitará a súa supremacía política para arrincarlle pouco e pouco á burguesía todo o capital e para concentrar todos os instrumentos de produción nas mans do Estado, é dicir, nas mans do proletariado organizado como clase dominante, e multiplicar a totalidade das forzas produtivas tan axiña como sexa posible.

Como é natural, isto só pode suceder inicialmente mediante intervencións despóticas no dereito da propiedade e nas relacións de produción capitalistas, é dicir pola adopción de medidas que parecen economicamente insuficientes e insostibles, pero que, no curso do movemento, van alén de si mesmas e resultan inevitables como medio para a revolución total do modo de produción. Estas medidas serán naturalmente diferentes segundo os países.

Aínda así, nos países máis avanzados poderanse aplicar dun modo xeral as seguintes:

– Expropiación da propiedade da terra e emprego das rendas da terra para gastos do Estado.
– Fortes impostos progresivos.
– Abolición do dereito de sucesión.
– Confiscación da propiedade de todos os emigrados e rebeldes.
– Centralización do crédito nas mans do Estado por medio dun banco nacional con capital estatal e monopolio exclusivo.
– Centralización dos medios de transporte nas mans do Estado.
– Incremento das fábricas nacionais, dos medios de produción, da agricultura, e mellora das terras segundo unha planificación colectiva.
– Obriga equitativa de traballar para todos; creación de exércitos de industriais, en especial para a agricultura.
– Combinación das actividades agrícola e industrial. Medidas para a abolición gradual das diferenzas entre o campo e a cidade.
– Educación pública e gratuíta de todos os nenos. Supresión do traballo dos rapaces nas fábricas. Combinación da educación coa produción material, etc.

En canto no proceso de desenvolvemento desaparezan as diferenzas de clase e toda a produción estea concentrada nas mans dos

individuos asociados, a coacción pública perderá o seu carácter político. O poder político, no seu sentido estrito, é o poder organizado dunha clase para someter a outra. Se o proletariado, ao fío da súa loita coa burguesía, se constitúe necesariamente en clase, a través dunha revolución se converte en clase dominante, e como clase dominante suprime pola violencia as vellas relacións de produción, elimina xuntamente con estas as condicións para existencia dos antagonismos de clase e as clases en xeral. Pero, ao facelo, suprime tamén a súa propia dominación como clase. Así, no canto da antiga sociedade burguesa coas súas clases e antagonismos de clase, teremos unha asociación na que o libre desenvolvemento de cada quen será a condición do libre desenvolvemento de todos.

III
Literatura socialista e comunista

1. O socialismo revolucionario

O socialismo feudal

As aristocracias francesa e inglesa estaba chamadas pola súa posición histórica a escribir panfletos contra a sociedade burguesa moderna. Na revolución Francesa de xullo de 1830 e no movemento inglés pola reforma parlamentaria sucumbiron, unha vez máis, ao odiado arribista. Xa non era posible seguir falando dunha loita política seria. Só restaba o recurso da loita literaria. Mais, tamén no terreo da literatura a vella fraseoloxía da época da restauración francesa (1814-1830) se volvera impracticable. Para suscitar simpatías, a aristocracia precisaba aparentar ter perdido de vista os seus intereses, para así formular o seu cargo e acusación contra a burguesía en defensa dos intereses da explotada clase traballadora. Preparaba así o terreo para darse despois a satisfacción de cantarlle cancións de escarnio ao seu novo amo e murmurarlle á orella profecías cargadas de malos agoiros.

Xurdiu así o socialismo feudal, mestura de laio e folletín, metade eco do pasado, metade mal agoiro do futuro. Co seu xuízo acedo, imaxinativo e lacerante, sempre enxeñoso no seu efecto de ridiculización, feriu o corazón da burguesía pola absoluta incapacidade desta de comprender o proceso da historia moderna.

Coa intención de xuntar detrás de si o pobo, o socialismo feudal axitaba por bandeira o mísero zurrón do proletariado. Así e todo, cada vez que o pobo os seguía vía nos seus traseiros os vellos brasóns feudais e dispersábase axiña entre sonoras e irreverentes gargalladas.

Unha parte dos lexitimistas franceses e a «Nova Inglaterra» ofrecéronlle ao mundo este espectáculo. Os feudais, ao demostraren que o seu modo de explotación era diferente do da burguesía, esquecían dúas cousas: que eles explotaban en condicións e circunstancias ben diferentes; e que, precisamente a moderna, burguesía foi un gromo orixinario daquela orde social.

Polo resto, disimulan tan pouco o carácter reaccionario da súa crítica que a súa principal acusación contra a burguesía consiste, precisamente, en que baixo o réxime desta se está desenvolvendo unha clase que fará saltar polos aires a totalidade da vella orde social. O que reproban á burguesía non é tanto ter acubillado o proletariado, senón ter creado un proletariado revolucionario. Por iso, na práctica política, participan en todas as medidas de represión contra a clase traballadora, malia toda a súa enchida verborrea e se acomodan a recoller as mazás de ouro da árbore da industria e a trocar felicidade, amor e honra polo comercio de lá, azucre de remolacha e augardente[7].

---

[7] Isto fai especial referencia a Alemaña, onde a nobreza rural e a fidalguía agraria explotan pola súa propia conta, valéndose dos seus administradores, unha gran parte dos seus bens e son tamén grandes produtores de azucre de remolacha e de augardente de pataca. Os máis ricos aristócratas ingleses non caeron tan baixo, aínda que tamén miraron como poder compensar a diminución das rendas, por exemplo, cedendo o seu nome a fundadores máis ou menos fiables de sociedades anónimas (Nota de Engels á edición inglesa de 1888).

Así como o crego e o señor feudal ían sempre da man, tamén o socialismo clerical vai da man co feudal. Nada é máis fiable que darlle ao ascetismo cristián unha man de pintura socialista. Non berrou acaso o cristianismo contra a propiedade privada, contra o matrimonio, contra o Estado? Non predicou a súa substitución pola esmola, o celibato, a mortificación da carne, a vida monacal e a Igrexa? O socialismo cristián non é máis que a auga bendita coa que o crego bendice a cólera da aristocracia.

O socialismo pequenoburgués

A aristocracia feudal non é a única clase que foi derrubada pola burguesía e cuxas condicións de vida se deterioraron e foron a peor na sociedade burguesa moderna. A pequena burguesía medieval e a pequena clase labrega eran os adiantados da burguesía moderna. Nos países industrial e comercialmente menos desenvolvidos, esa clase aínda segue vexetando a carón da próspera burguesía.

Nos países nos que a civilización moderna se desenvolveu formouse unha nova pequeno burguesía, que se move entre o proletariado e a burguesía e que, como parte complementaria da sociedade burguesa, sempre se está renovando, mentres, pola contra, os seus membros son constantemente arroxados ao proletariado pola concorrencia. Co desenvolvemento da grande industria ven achegarse un momento no que eles, como fracción autónoma da sociedade moderna, desaparecen por completo e son substituídos no comercio, na manufactura e na agricultura por capataces e criados.

En países como Francia, onde a clase labrega é máis da metade da poboación, era natural que os escritores que saían en defensa do proletariado contra a burguesía aplicasen na súa crítica do réxime burgués a escala pequenoburguesa e pequeno labrega, e abrazasen o partido dos traballadores desde o punto de vista da pequena burguesía. Así se formou o socialismo pequenoburgués. Sismondi é a cabeza visible desta literatura non só en Francia senón tamén en Inglaterra.

Este socialismo analizou moi polo miúdo as contradicións propias das relacións capitalistas de produción. Destapou os hipócritas encubrimentos dos economistas e demostrou de xeito irrefutable os efectos destrutivos das máquinas e da división do traballo, da concentración de capitais e da propiedade da terra, da sobreprodución, das crises, a necesaria decadencia dos pequenoburgueses e dos labregos, a miseria do proletariado, a anarquía da produción, as escandalosas desigualdades na distribución da riqueza, a guerra de aniquilación industrial entre unhas nacións e outras, a disolución dos vellos costumes, das vellas relacións familiares e das vellas nacionalidades.

Con todo, tendo en conta o seu contido positivo, este socialismo pretende ou ben repoñer os antigos medios de produción e de transporte e con eles as vellas condicións da propiedade e a vella sociedade; ou ben volver a encaixar pola forza os medios modernos de produción e de transporte dentro do marco das vellas condicións de propiedade que xa foron destruídas porque non había outra saída. En ambos os dous casos este socialismo é a un tempo reaccionario e utópico. Para a manufactura, o sistema gremial; para a agricultura, a economía patriarcal. Velaí as súas derradeiras palabras. No seu desenvolvemento ulterior esta tendencia diluíuse nunha sorte de covarde modorra.[8]

O socialismo alemán ou «verdadeiro»

A literatura socialista e comunista de Francia, xurdida baixo a éxida dunha burguesía dominante, e que constitúe a expresión literaria da loita contra esta dominación, foi introducida en Alemaña no intre mesmo no que a burguesía estaba iniciando a súa loita contra o absolutismo feudal.

---

8 Na edición de 1888 a frase remataba así: «Finalmente, posto que os irrefutables feitos históricos espantaran toda a borracheira do autoengano, esta forma de socialismo dexenerou nunha lamentable prostración» (N. dos T.).

Filósofos, medio filósofos e eruditos de toda laia apoderáronse avidamente desta literatura, esquecendo só un pequeno detalle: que na importación daqueles escritos desde Francia as condicións de vida francesas non a foran acompañando. Ante as condicións reinantes en Alemaña a bibliografía francesa perdeu toda significación práctica inmediata e cobrou un carácter puramente literario. Tiña que parecer por forza como unha especulación[9] inútil sobre a realización do ser humano. E así, para os filósofos alemáns do século XVIII as reivindicacións da primeira revolución francesa só tiñan un sentido: seren esixencias da «razón práctica» en xeral, e as manifestacións da vontade da burguesía revolucionaria francesa significaban para eles as leis da pura vontade, da vontade tal como ten que ser, da vontade verdadeiramente humana.

O traballo dos autores alemáns limitouse exclusivamente a poñer as novas ideas francesas en harmonía coa súa vella conciencia filosófica ou, máis ben, desde o seu punto de vista, en apropiarse das ideas francesas desde o seu punto de vista filosófico. Esta apropiación produciuse do mesmo xeito polo que alguén se apropia dunha lingua estranxeira: por medio da tradución.

É ben sabido que os monxes sobrescribiron os manuscritos que recollían as obras clásicas da antiga época pagá con insípidas historias de santos católicos. Os autores alemáns procederon inversamente coa literatura profana francesa. Así, escribían o seu disparate filosófico debaixo do orixinal francés: por exemplo, debaixo da crítica francesa das funcións económicas do diñeiro, eles puxeron «alienación do ser humano»; debaixo da crítica francesa do Estado burgués, dicían «abolición do poder do abstracto xeral», etc.

A esta introdución das súas expresións filosóficas por entremedio das expresións francesas bautizárona como «filosofía da

9 Na edición de 1848, engadido: «sobre a verdadeira sociedade» (N. dos T.).

acción», «verdadeiro socialismo», «ciencia alemá do socialismo», «fundamentos filosóficos do socialismo», etc.

Foi así como a literatura comunista franco-socialista resultou formalmente emasculada. E, como nas mans dos alemáns deixou de expresar a loita dunha clase contra outra, os alemáns pensaban teren superado a «estreiteza» francesa e de representar, no canto de verdadeiras necesidades, a necesidade da verdade e, en vez dos intereses dos proletarios, os intereses da esencia humana, representando o ser humano en xeral, do home que non pertence a ningunha clase, a ningunha realidade concreta, que só existe no bretemoso ceo da fantasía filosófica.

Este socialismo alemán, que tomou tan en serio e tan solemnemente as súas torpes tarefas escolares e as pregoaba tan alto coma quen berra nun mercado, foi perdendo pouco e pouco a súa pedantesca inocencia. A loita da burguesía alemá, concretamente da prusiana, contra o señorío feudal e a monarquía absoluta, nunha palabra, o movemento liberal, fíxose máis serio.

Presentábaselle así ao «verdadeiro» socialismo a desexada oportunidade de enfrontar ao movemento político as reclamacións do socialismo: lanzar contra o liberalismo os anatemas tradicionais contra el, contra o Estado representativo, contra a competencia burguesa, contra a liberdade de prensa burguesa, contra o dereito burgués, contra a liberdade e a igualdade burguesas... para despois predicarlle á masa do pobo que non tiña nada que gañar deste movemento e, por contra, moito que perder. O socialismo alemán esqueceu a tempo que a crítica francesa, da que el non era máis que o eco apagado, presupón unha sociedade burguesa moderna, coas correspondentes condicións de vida materiais, ademais dunha axeitada constitución política, presupostos todos eles polos que aínda se trataba de loitar en Alemaña. Para os gobernos absolutistas de Alemaña, ca súa ringleira de cregos, mestres de escola, fidalgos rústicos e burócratas, este socialismo «verdadeiro» serviu de espantallo contra a burguesía que se erguía ameazadora.

Este socialismo constituía o complemento edulcorado dos amargos lategazos e balas de espingarda cos que os gobernos trataban os levantamentos de traballadores en Alemaña. Se o «verdadeiro» socialismo era así, nas mans dos gobernos, unha arma contra a burguesía alemá, tamén representaba directamente un interese reaccionario, o interese da pequena burguesía vilega alemá. Esta forma de pequena burguesía marxinal, que aparece e reaparece baixo diferentes formas desde o século XVI, constitúe o verdadeiro fundamento social da orde establecida. O seu mantemento equivale a soster a orde alemá actual. A supremacía industrial e política da burguesía ameázaa coa súa ruína total, por un lado, como consecuencia da concentración do capital e, por outro, como consecuencia do desenvolvemento do proletariado revolucionario. O verdadeiro socialismo semellaba matar dous paxaros dun tiro e propagouse coma unha epidemia.

A tupida roupaxe tecida dunha especulativa tea de araña, bordada con estéticas flores retóricas, empapada en resío sentimental ferventemente amoroso, esta delirante vestimenta na que os socialistas alemáns envolvían as súas «verdades eternas», non facía máis que aumentar a demanda da súa mercadoría entre o público. Pola súa parte, o socialismo alemán recoñecía, cada vez con maior claridade, a súa vocación de ser o fachendoso representante desta cidadanía de aluvión.

Proclamou a nación alemá como nación modelo e o mediocre vilego alemán como home modelo. A cada infamia atribuíulle un oculto segredo, superior, socialista, totalmente contrario ao que era en realidade. Tirou ata a última consecuencia manifestándose abertamente contra a «cruamente destrutiva» causa do comunismo, proclamando a súa imparcial superioridade por riba da loita de clases. Agás contadas excepcións, todo canto circula en Alemaña como publicacións socialistas e comunistas pertence ao xénero desta sórdida e enervante literatura.

2. O socialismo conservador ou burgués

Unha parte da burguesía desexa remediar os males sociais para garantir así o mantemento da sociedade burguesa. Integran este grupo economistas, filántropos, humanistas, reformistas da situación da clase traballadora, organizadores de beneficencia, combatentes do maltrato animal, promotores da temperanza, modestos reformadores domésticos das máis variadas castes. E mesmo se teñen elaborado adaptacións deste socialismo burgués para sistemas bastante sofisticados. Como boa mostra de todos eles poderiamos citar a *Philosophie de la misère* de Proudhon.

Os burgueses socialistas queren perpetuar as condicións de vida da sociedade moderna sen as loitas e perigos que necesariamente se derivan delas. Desexan a sociedade actualmente existente a salvo dos elementos que a revolucionan e desintegran. Queren a burguesía sen o proletariado. Como é natural, a burguesía concibe o seu mundo como o mellor dos mundos posibles. O socialismo burgués teoriza esta reconfortante concepción como un sistema máis o menos completo. Cando require do proletariado poñer en práctica os seus sistemas para entrar na nova Xerusalén, no fondo só lle está esixindo que permaneza dentro da sociedade actual e que abandone as odiosas concepcións que se ten formado dela.

Unha segunda forma deste socialismo, menos sistemática e máis práctica, buscaba facerlle perder á clase obreira todo interese por calquera tipo de movemento revolucionario, facéndolle ver que non é un cambio político, sexa do tipo que sexa, o que lle pode ser útil, senón unicamente un cambio nas súas condicións materiais de vida. Con todo, este socialismo non entende en ningún caso por transformación das condicións materiais de vida a abolición das relacións de produción capitalistas —o que só resulta posible pola vía revolucionaria— senón algunhas pequenas melloras administrativas, que deixan incólumes aquelas relacións e que, xa que logo, non afectan ás relacións entre

capital e traballo asalariado. Reformas que, no mellor dos casos, só serven para reducirlle á burguesía os custos do seu dominio e simplificar a súa administración do Estado. En suma, o socialismo burgués só acada a súa máis axustada expresión alí onde se converte nunha mera figura retórica.

Libre comercio no interese da clase obreira! Protección alfandegueira no interese da clase obreira! Cárceres no interese da clase obreira! Esta é a última e única palabra realmente seria do socialismo burgués. O seu socialismo consiste, ao cabo, na afirmación de que os burgueses deben seguir sendo burgueses precisamente no interese da clase obreira.

3. O socialismo crítico-utópico ou comunismo

Non imos falar aquí da bibliografía que en todas as grandes revolucións modernas expresou as demandas do proletariado, como os escritos de Babeuf e outros. Os primeiros intentos do proletariado de impoñer directamente, no período do derrocamento da sociedade feudal, o seu propio interese de clase fracasaron necesariamente, tanto pola embrionaria estrutura do proletariado mesmo, como pola ausencia das condicións materiais precisas para a súa liberación, que terán que agardar á chegada da época burguesa. A literatura revolucionaria que acompañaba estes primeiros movementos do proletariado tiña, necesariamente, que ser reaccionaria polo seu contido: predica un ascetismo social a carón dun cru igualitarismo.

Os sistemas socialistas e comunistas propiamente ditos, os de Saint-Simon, Fourier, Owen, entre outros, comezan a aparecer no primeiro período da loita entre o proletariado e a burguesía, que expuxemos máis arriba (ver *supra*: «Burgueses e proletarios», páx. 94). Os fundadores destes sistemas perciben certamente os antagonismos de clase e a acción dos elementos disolventes na mesma sociedade dominante. Mais non observan no seo do proletariado ningunha iniciativa histórica autónoma, ningún movemento político de seu.

Como o desenvolvemento do antagonismo de clase camiña de par co desenvolvemento da industria, estes socialistas tampouco atopan as condicións materiais necesarias para a liberación do proletariado e póñense á procura dunha ciencia social, unhas leis sociais, que permitan crear estas condicións.

A mobilización social ten que cederlle, así, o seu posto á creatividade intelectual. En vez de condicións de emancipación historicamente creadas aparece a fantasía creativa; no canto da organización gradual e espontánea do proletariado como clase ten que xurdir unha organización da sociedade inventada por eles mesmos. A vindeira historia do mundo resúmese para eles na propaganda e na execución práctica dos seus imaxinativos plans sociais. Son certamente conscientes de representaren nos seus proxectos, ante todo, o interese da clase traballadora en canto clase máis sufrinte. Para eles o proletariado só existe desde o punto de vista de constituír a clase que máis padece.

O estadio subdesenvolvido da loita de clases, así como as súas propias circunstancias vitais, levan estes socialistas a se consideraren moi por riba dos antagonismos de clase. Queren mellorar a situación vital de todos os membros da sociedade, incluíndo a dos mellor dotados de recursos. Por esta razón apelan constantemente a toda a sociedade sen distinción algunha e mesmo, de modo preferente, á clase dominante. Só se precisa entender o seu sistema para recoñecer nel o mellor proxecto posible para a mellor sociedade posible.

Rexeitan toda acción política e en especial toda acción revolucionaria; queren acadar a súa meta pola vía pacífica e tratan de abrirlle un camiño, mediante o poder do exemplo, ao novo evanxeo social por medio de pequenos experimentos, que, naturalmente, fracasan sempre. Estas imaxes fantásticas da sociedade futura, agroman nunha época en que o proletariado aínda está escasamente desenvolvido e só ten unha concepción idealizada da súa propia posición, da que xorden os seus primeiros anhelos instintivos, enfocados cara a unha transformación xeral da sociedade.

Mais os escritos socialistas e comunistas tamén conteñen compoñentes críticos. Atacan todos os compoñentes básicos da sociedade realmente existente. Por iso achegaron materiais valiosísimos para a formación dos traballadores. As súas propostas positivas sobre a sociedade futura, por exemplo: a eliminación do antagonismo entre a cidade e o campo, a supresión da familia, da ganancia privada, do traballo asalariado, a proclamación da harmonía social, a transformación do Estado nunha simple administración da produción. Todas estas propostas expresan a desaparición do antagonismo de clases, o cal precisamente estase empezando a desenvolver nesa época e que eles só coñecen na súa primeira e imprecisa contorna. De aí que estas propostas teñan aínda un sentido puramente utópico.

A significación do socialismo crítico-utópico ou do comunismo utópico atópase nunha relación inversa con respecto ao desenvolvemento histórico. Na medida en que a loita de clases se desenvolve e se consolida, ese fantástico levantamento contra ela, esa imaxinativa campaña na súa contra, perden todo valor práctico e toda xustificación teórica. Por iso, aínda que en moitos casos os creadores destes sistemas tamén foron revolucionarios desde moitos puntos de vista, os seus discípulos acaban sempre adoptando formas reaccionarias; agárranse fortemente ás vellas teses dos mestres malia a progresiva evolución histórica do proletariado. Deste xeito, procuran consecuentemente entrabar de novo a loita de clases e intervir como conciliadores nos conflitos. Aínda seguen soñando coa experimentación das súas utopías sociais, coa fundación de falansterios illados, coa fundación de colonias alternativas, coa creación dunha pequena Icaria[10] —edición en miniatura da Nova Xerusalén— e para a erección de todos estes

---

[10] *Falansterios* era a denominación das colonias socialistas ideadas por Charles Fourier, que chamou Icaria á súa utopía e, máis tarde, á súa colonia comunista de América (Nota de Engels na edición inglesa de 1888). «Home colonies» chámalles Owen ás súas sociedades-modelo. «Falansterios» era a denominación dos palacios sociais de Fourier. Icaria era o país fantástico e utópico do que Cabet describía as súas instalacións comunistas (Nota de Engels para a edición alemá de 1890).

castelos no ar vense obrigados a acudir á filantropía dos corazóns e aos cartos dos burgueses. Pouco e pouco van caendo na categoría dos xa descritos socialistas reaccionarios ou conservadores, dos que só se diferencian por teren máis pedantería sistemática e pola súa fanática crenza supersticiosa nos efectos milagreiros da súa ciencia social. Por iso se opuxeron abertamente con saña a todo movemento político dos traballadores, que para eles só pode proceder dunha cega incredulidade no novo evanxeo. Así, os owenistas reaccionaron en Inglaterra contra os cartistas, e os fourieristas mobilizáronse en Francia contra os reformistas.

IV
Posición dos comunistas con respecto aos diversos partidos da oposición

O capítulo II deixou ben clara a relación dos comunistas cos partidos obreiros xa existentes, é dicir cos *cartistas* en Inglaterra e cos reformadores agrarios en América do Norte.

Os comunistas loitan polo logro dos obxectivos e dos intereses inmediatos da clase obreira, mais no movemento actual tamén representan o futuro desta. En Francia, os comunistas alíanse co Partido Socialista Democrático de Ledru-Rollin e Louis Blanc, contra a burguesía conservadora e radical, sen renunciaren por iso ao dereito de asumir posicións críticas con respecto á fraseoloxía e ás ilusións herdadas da tradición revolucionaria francesa.

En Suíza, apoian os radicais sen esqueceren por iso o feito de que este partido está composto por elementos antagónicos, en parte socialistas democráticos, no sentido francés do termo, e en parte burgueses radicais.

En Polonia, os comunistas apoian o partido que pon unha revolución agraria como precondición da liberación nacional, o mesmo partido que promoveu a insurrección de 1846 en Cracovia.

En Alemaña, o partido comunista loita a carón da burguesía sempre que esta actúa dun xeito revolucionario contra a monarquía absoluta, a gran propiedade feudal e a pequena burguesía.

Porén, o partido non deixa nin por un intre de avivar entre os traballadores unha conciencia o máis clara posible do antagonismo hostil entre a burguesía e o proletariado, para poderen os traballadores alemáns empregar inmediatamente, entre outras armas contra a burguesía, as condicións sociais e políticas que a burguesía terá que introducir necesariamente coa súa dominación, sen prexuízo de que despois da caída das clases reaccionarias en Alemaña poida empezar inmediatamente a loita contra a propia burguesía.

Os comunistas teñen a súa atención centrada especialmente en Alemaña porque esta nación se atopa ás portas dunha revolución burguesa. E esta revolución se producirá baixo as máis avanzadas condicións da civilización europea e cun proletariado moito máis desenvolvido que na Inglaterra do século XVII e na Francia do século XVIII. A revolución burguesa alemá só pode ser o preludio inmediato dunha revolución proletaria.

Nunha palabra: os comunistas apoian en todas partes todo movemento revolucionario contra as condicións sociais e políticas existentes. En todos estes movementos propoñen a cuestión da propiedade como fundamental do movemento, con independencia da forma máis ou menos desenvolvida que aquela poida ter.

Por último, os comunistas traballan arreo pola unión e o entendemento entre partidos democráticos de todos os países.

Os comunistas desprezan ocultar os seus puntos de vista e as súas intencións. Declaran abertamente que os seus obxectivos só poden ser acadados por medio do derrubamento violento de toda a orde social existente. Que treman as clases dominantes ante unha revolución comunista. Os proletarios non teñen nada que perder agás as súas cadeas. E teñen un mundo enteiro que gañar.

Proletarios de todos os países, unídevos!

AS LOITAS DE CLASES EN FRANCIA DE 1848 A 1850

Prólogo

Coa excepción duns poucos capítulos, cada parte significativa dos anais da revolución de 1848-49 leva o seguinte encabezamento: *Derrota da revolución!*

Pero o que sucumbía nestas derrotas non era a revolución, senón os tradicionais apéndices prerrevolucionarios, resultado de relacións sociais que aínda non se agudizaran ata o nivel de antagonismos de clase. Persoas, ilusións, ideas e proxectos dos que o partido revolucionario non se librara antes da revolución de febreiro, e dos que non o podía librar a *vitoria de febreiro*, senón tan só unha longa serie de derrotas.

Nunha palabra: o progreso revolucionario non se abriu camiño cos seus traxicómicos logros inmediatos senón que, pola contra, madureceu coa xeración dunha contrarrevolución compacta e poderosa, creando un adversario, na loita contra o cal madurou o partido da subversión, converténdose nun partido verdadeiramente revolucionario.

Demostrar isto é a tarefa das páxinas que seguen.

I
A derrota de xuño de 1848

Despois da revolución de Xuño, cando o banqueiro liberal Laffite acompañaba en triunfo cara ao concello de París o seu compadre, o duque de Orleáns, deixou caer esta frase: «De aquí en diante mandarán os banqueiros». Lafitte acababa de revelar o segredo da revolución. Non era a burguesía francesa a que dominaba baixo Luís Filipe, senón só unha fracción dela, os banqueiros, os reis da bolsa, os reis dos ferrocarrís, os propietarios das minas de carbón e de ferro, e unha parte dos seus compañeiros de ruta da propiedade da terra, a chamada aristocracia financeira, que, sentada no trono, ditaba leis nas cámaras, distribuía os postos estatais, desde o ministerio ata o estanco de tabacos.

A auténtica burguesía industrial constituía unha parte da oposición oficial, é dicir, estaba representada nas cámaras só en minoría. A súa oposición foi pasando a un primeiro plano a medida que foi desenvolvendo o poder exclusivo da aristocracia financeira, e máis aínda na medida en que ela mesma consideraba garantido o seu poder sobre a clase traballadora despois das revoltas afogadas en sangue de 1832, 1834 e 1839[1]. Grandin, fabricante de Ruán, o expoñente máis fanático da reacción burguesa tanto na Asemblea Nacional Constituínte como na Asemblea Lexislativa, era o máis encarnizado opositor a Guizot na Cámara dos Deputados. Léon Foucher, coñecido máis adiante

[1] O alzamento do 5 e 6 de xuño de 1832 en París fora preparado pola esquerda do *Partido Republicano* e polas sociedades secretas revolucionarias, entre elas a *Sociedade dos Amigos do Pobo*. O motivo do alzamento aportouno o enterro do xeneral Lamarque, que estaba na oposición ao goberno de Luís Filipe. Os traballadores que participaron no alzamento levantaron un bo número de barricadas e defendéronse con moita coraxe. O alzamento dos traballadores de Lyon en abril de 1834, baixo o mando da sociedade secreta republicana dos dereitos do home e do cidadán, foi un dos primeiros alzamentos de masa do proletariado francés. A revolta, que os republicanos apoiaron nalgunhas outras cidades, aínda que de modo especial en París, foi duramente reprimida. O alzamento de París do 12 de maio de 1839, no que tamén os traballadores revolucionarios desenvolveron o papel principal, foi preparado pola *Sociedade Secreta Republicana das Estacións do Ano* baixo a dirección de Auguste Blanqui e Armand Barbés e reprimido polo exército e a Garda Nacional (N. dos T.).

polos seus inútiles esforzos por impoñerse como o Guizot da contrarrevolución francesa, levou adiante nos últimos tempos de Luís Filipe unha polémica xornalística a prol da industria e contra a especulación e o seu acólito, o goberno. Bastiat, pola súa parte, despregaba unha intensa axitación no nome de Burdeos e de toda a Francia vitivinícola contra o sistema dominante.

A pequena burguesía, en todas as súas gradacións, así como a clase labrega, estaban completamente excluídas do poder político. Finalmente, na oposición oficial ou completamente fóra do *pays légal* atopábanse os representantes ideolóxicos e os voceiros das citadas clases, os seus letrados, avogados, médicos, etc., nunha palabra, os chamados «talentos».

Por mor da súa crise financeira, a monarquía de Xullo estaba desde o primeiro intre baixo a dependencia da alta burguesía, que se converteu na fonte inesgotable dunha crecente miseria financeira. Era imposible someter a Administración do Estado ao interese da produción nacional sen antes estabelecer un equilibrio no orzamento, un equilibrio entre os gastos e os ingresos do Estado. Agora ben, como se podía estabelecer este equilibrio sen limitación do Estado, é dicir, sen ferir intereses que constituían tamén moitos dos apoios do sistema dominante e sen regular de novo a distribución dos impostos, é dicir, sen descargar unha parte importante da carga impositiva sobre as costas da alta burguesía?

O endebedamento do Estado interesaba directamente á fracción burguesa que dominaba e lexislaba a través das cámaras. O déficit do Estado era precisamente o verdadeiro obxectivo da súa especulación e a fonte principal do seu enriquecemento. Ao remate de cada ano aparecía un novo déficit. Despois de catro ou cinco anos, solicitábase un novo empréstito. E cada novo empréstito ofrecíalle á aristocracia financeira unha nova oportunidade de estafar un Estado, mantido artificialmente baixo as máis miserables condicións ás portas da bancarrota, que tiña que contratar os banqueiros baixo as peores condi-

cións imaxinables. Cada novo empréstito ofrecía unha segunda posibilidade de saquear, por medio de operacións na bolsa, o público que inviste o seu diñeiro en rendas do Estado; operacións secretas das que o goberno e a maioría parlamentaria eran sobradamente coñecedores. O feito é que a inestabilidade do crédito estatal e da propiedade dos segredos do Estado lle ofrecía tanto aos banqueiros como aos seus aliados nas Cámaras e no Trono a posibilidade de provocaren extraordinarias e repentinas oscilacións na cotización dos valores de Estado. O seu final tiña que ser indefectiblemente a ruína dunha masa de pequenos capitalistas e o fabuloso e rápido enriquecemento dos grandes especuladores. Que o déficit do Estado lle interesase directamente á fracción burguesa dominante explica por que as intervencións estatais extraordinarias dos últimos anos de Luís Filipe superaron moi amplamente, en máis do dobre, ás intervencións estatais feitas baixo Napoleón. Acadando unha suma de preto de 400.000.000 de francos anuais, mentres a exportación total anual de Francia raramente superaba unha media de 700.000.000 de francos. As enormes sumas que circularon deste xeito polas mans do Estado ofrecían a maiores disto a ocasión para estafas en contratos de subministracións, subornos, corrupcións, fraudes e falcatruadas de todas as castes imaxinables. O prexuízo do Estado, como sucedeu a grande escala cos empréstitos, repetíase nos traballos públicos, e o que acontecía entre a Cámara e o Goberno reproducíase ata o infinito nas relacións entre cada unha das administracións e os empresarios particulares.

Do mesmo xeito que o fixera coas intervencións do Estado e en xeral e cos empréstitos do Estado, a clase dominante explotou a construción dos ferrocarrís. As Cámaras representativas pasáronlle ao Estado as cargas máis importantes e á aristocracia financeira especuladora garantíronlle froitos de ouro. Recórdense os escándalos na Cámara dos deputados cando nalgunha ocasión saíu á luz que a totalidade dos membros da maioría, incluíndo

unha parte dos ministros, participaban como accionistas nas obras ferroviarias que eles mesmos, posteriormente, como lexisladores, mandaron executar a costas do Estado.

Pola contra, a máis mínima reforma financeira bloqueábase ante a influencia dos banqueiros como, por exemplo, a reforma dos servizos de correos. Rothschild protestou. Acaso podía o Estado minguar as fontes de ingreso, das que pagaba os intereses dunha débeda en crecemento continuo?

A monarquía de xullo non era outra cousa que unha compañía por accións para a explotación da riqueza nacional francesa, cuxos dividendos se distribuían entre ministros, as Cámaras, 240.000 votantes e o seu séquito. Luís Filipe era o director desta compañía, unha sorte de Robert Macaire[2] no trono. Comercio, agricultura, navegación, os intereses da burguesía industrial, baixo este sistema, tiñan que estar continuamente ameazados e afectados. «Goberno barato», *gouvernement à bon marché*, escribira a burguesía industrial na súa bandeira das xornadas de xullo.

Polo feito de que a aristocracia financeira facía as leis, dirixía a Administración do Estado, dispoñía de todos os poderes públicos organizados e dominaba a opinión pública a través da prensa, espallábase en todas as esferas, desde a corte ata o café Borgne[3], a mesma prostitución, a mesma fraude descarada, o mesmo vicio de enriquecerse, non a través da produción, senón pola apropiación da riqueza allea xa existente. Xurdiu así, nos sectores punteiros da sociedade burguesa a pretensión, en todo momento contraria ás leis civís, da validación dos apetitos insáns e desordenados nos que a riqueza xurdida do xogo busca dun xeito natural a súa satisfacción, onde o gozo se volve enlouque-

---

[2] Exemplar típico home de negocios sen escrúpulos, representado na súa época polo famoso actor francés Fréderick Lemaître e eternizado nas caricaturas por Honoré Daumier. A figura de Robert Macaire era unha sátira do poder da aristocracia financeira na época da monarquía de Xullo (N. dos T.).

[3] Café Borgne: chosco ou de mala sona. Denominación de locais malfamados, maiormente casas de té ou tabernas en París (N. dos T.).

cido desenfreo, onde conflúen diñeiro, inmundicia e sangue. A aristocracia financeira, tanto no seu xeito de enriquecemento coma nos seus praceres, non é máis que o *renacemento do lumpenproletariado nas alturas da sociedade burguesa*.

E as fraccións dominantes da sociedade francesa berraron: *Corrupción!* E o pobo berrou: *A bas les grands voleurs!*, *A bas les assassins!*[4] cando no ano 1847 desde os máis elevados escenarios da sociedade burguesa foron representadas publicamente as mesmas escenas que levan regularmente o lumpenproletariado aos bordeis, ás casas de beneficencia, aos manicomios, aos tribunais, aos presidios e, ao cabo, ao patíbulo. A burguesía viu ameazados os seus intereses; a pequena burguesía estaba moralmente indignada, a imaxinación popular sublevábase ante tamaño espectáculo, París estaba ateigada de panfletos: *La dygnastie Rothschild*, *les juifs rois de l'époque*[5], etc., nos que o dominio da aristocracia financeira era denunciado e estigmatizado con maior ou menor enxeño.

Rien pour la gloire![6], *La paix partout et toujours!*[7]. A gloria tanto ten! A guerra fai baixar as cotizacións do tres e catro por cento! escribira nas súas bandeiras a Francia dos especuladores da bolsa. Por iso a súa política exterior perdeu o rumbo nunha serie de agravios do sentimento nacional francés, que se incendiou aínda máis vivamente cando, tras a anexión de Cracovia a Austria, se consumou o latrocinio de Polonia e Guizot entrou na guerra do separatismo cantonal suízo da man da chamada Santa Alianza[8]. A vitoria dos liberais suízos nesta parodia de

---

4 *Abaixo os grandes ladróns!; Abaixo os asasinos!* (N. dos T.).

5 *A dinastía Rothschild, os xudeus reis da época!* (N. dos T.).

6 *Nada pola gloria!*

7 *A paz por todas partes e para sempre!*

8 *Sonderbund.* Alianza «separada» de sete cantóns católicos suízos economicamente subdesenvolvidos, acordada en 1843 en oposición ás reformas progresistas burguesas en Suíza e en defensa dos privilexios da Igrexa católica e dos xesuítas. A resolución do parlamento suízo de xullo de 1847 sobre a disolución do *Sonderbund* serviulle a este de pretexto para iniciar, a primeiros de novembro, operacións militares contra o resto dos cantóns. O 23 de novembro de 1847 o exército do *Sonderbund* foi derrotado polas tropas do goberno federal. Guizot apoiou os esforzos de Austria e de Prusia por interviren nos asuntos suízos en defensa do *Sonderbund* (N. dos T.).

guerra reforzou o amor propio da oposición burguesa en Francia; o sanguento alzamento do pobo en Palermo tivo o efecto dunha descarga eléctrica sobre a paralizada masa do pobo, espertando os vellos recordos e paixóns revolucionarias[9].

A eclosión do malestar xeral acabou finalmente por acelerarse: o descontento que levou á revolta madureceu baixo o efecto de dous acontecementos económicos de alcance mundial.

A enfermidade da pataca e as malas colleitas de 1845 e 1846 elevaron o nivel xeral de axitación da poboación e xeraron revoltas varias. A suba de prezos de 1847 provocou, tanto en Francia coma no resto co continente, conflitos sanguentos. Ante as desvergoñadas orxías da aristocracia financeira, erguíase a loita do pobo polos alimentos básicos. En Buzançais foron asasinados os primeiros insurrectos da fame[10], mentres en París estafadores fartos de roubar foron arrebatados aos tribunais por influencias da familia real.

O segundo grande acontecemento económico que acelerou o estoupido da revolución foi unha crise xeral, comercial e industrial en Inglaterra, anunciada xa no outono de 1845 pola masiva quebra dos especuladores de accións dos ferrocarrís que, grazas a unha serie de circunstancias accidentais como, por exemplo, a inminente supresión dos dereitos de alfándega sobre o trigo, xa fora apenas contida no curso do ano 1846. Finalmente, a crise estoupaba no outono de 1847 coas bancarrotas dos grandes negociantes londinienses de produtos coloniais, ás que seguiron inmediatamente a creba dos bancos agrícolas e o peche de

[9] Anexión de Cracovia por Austria en común acordo con Rusia e Prusia o 11 de novembro de 1846. Alzamento de Palermo (12 de xaneiro de 1847). A últimos de novembro a cidade sufriu un bombardeo de nove días por parte dos napolitanos (Nota de Engels na edición de 1895).

[10] En Bizançais /Indre/ traballadores famentos e habitantes da zona asaltaron en xaneiro de 1847 depósitos de cereais dos especuladores. Producíronse choques sanguentos entre a poboación e unidades militares. Os acontecementos de Buzançais provocaron represalias drásticas por parte do goberno: tres dos participantes nos acontecementos foron condenados a morte o 4 de marzo de 1847 e moitos outros foron condenados a traballos forzados e a reclusión en penitenciarías. Malia as protestas da poboación francesa, as penas de morte foron executadas (N. dos T.).

moitas fábricas nos distritos industriais ingleses. Aínda non se esfumara o efecto desta crise sobre o continente europeo cando estalou a revolución de Febreiro.

A devastación do comercio e da industria pola epidemia económica fixo aínda máis insoportable o poder absoluto da aristocracia financeira. A oposición burguesa convocou en toda Francia á rebelión dos banquetes para forzar unha reforma electoral, coa que esperaba acadar unha maioría nas Cámaras e botar abaixo o Ministerio da Bolsa. Ademais, a crise industrial tivera en París a consecuencia particular de que un gran número de fabricantes e de grandes comerciantes que, baixo as circunstancias do momento, non podían facer negocios no estranxeiro, víronse empuxados cara ao comercio interior. Crearon grandes establecementos, unha competencia que arruinou masivamente os tendeiros dos colmados e os pequenos comerciantes, o que explica a enorme cantidade de crebas neste sector da burguesía de París e a súa actitude revolucionaria en febreiro. É cousa ben coñecida que Guizot e as Cámaras responderon ás propostas de reforma cun desafío inequívoco; que Luís Filipe se decidiu tarde de máis en favor dun goberno de Barrot; que se chegou a confrontacións varias entre o pobo e o exército, que o exército foi desarmado ante a actitude pasiva da Garda Nacional; e que, por cabo, a monarquía de xullo tivo que deixar paso a un goberno provisorio.

O goberno provisorio que se alzou sobre as barricadas de febreiro reflectía necesariamente, na súa composición, os diferentes partidos entre os que se repartiu a vitoria. Este goberno non podía ser outra cousa que un compromiso entre as diferentes clases que derrocaran conxuntamente a monarquía de Xullo, pero que, aínda así, defendían intereses directamente enfrontados. A súa gran maioría estaba constituída por representantes da burguesía. A pequena burguesía republicana, personificada en Ledru-Rollin e en Flocon; a burguesía republicana, representada pola xente de *Le National*; a oposición dinástica que

estaba defendida por Crémieux, Dupont de l'Eure e outros. A clase traballadora só tiña dous representantes, Louis Blanc e Albert Lamartine. Finalmente, Lamartine non representaba en rigor, no seo do Goberno provisional, ningún interese específico, ningunha clase determinada: personificaba a propia revolución de febreiro, a sublevación no seu conxunto, coas súas ilusións, a súa poesía, o seu relato imaxinario e a súa fraseoloxía. Por certo, este voceiro da revolución de Febreiro, pola súa posición de clase e polas súas ideas pertencía á burguesía.

Se París, pola centralización do seu sistema político, domina Francia, os traballadores, nas conxunturas revolucionarias, dominan París. O primeiro sinal de vida do goberno provisional foi a tentativa de liberarse desa impoñente influencia do proletariado a través dunha apelación do París ebrio á Francia sobria. Lamartine discutiulles aos loitadores das barricadas o dereito de proclamaren a república, alegando que só a maioría dos franceses estaría capacitada para facelo e que o proletariado de París non debería manchar a súa vitoria cunha usurpación ilexítima. Velaí como a burguesía só lle permite ao proletariado unha soa usurpación: a da súa loita.

Contra o mediodía do 25 de febreiro a república aínda non fora proclamada, mentres que xa foran distribuídos todos os ministerios entre os elementos burgueses do goberno provisional e os xenerais, banqueiros e avogados do xornal *Le National*[11]. Mais os traballadores estaban decididos a non permitiren desta vez un escamoteo coma o de xullo de 1830; estaban dispostos a retomar a loita e a impoñeren a república pola forza das armas. Con esta mensaxe dirixiuse Raspail á casa do concello. No nome do proletariado de París ordenoulle ao goberno provisional

[11] *Le National*, diario publicado en París (1830-1851). A corrente política agrupada arredor deste xornal xuntaba republicanos burgueses moderados que nos anos 1840 apoiaban a burguesía industrial, coa que estaban vencellados a través dunha parte dos intelectuais liberais. No goberno provisorio de 1848 este grupo político estaba representado sobre todo por Marrast, Bastide e Garnier-Pagès (N. dos T.).

proclamar a república; se esta orde non fose executada no prazo de dúas horas, comparecería el de novo á fronte de 200.000 homes. Aínda os cadáveres dos caídos non arrefriaran completamente, nin as barricadas foran retiradas, nin os traballadores foran desarmados e a única forza que se lles podía opor era a Garda Nacional. Baixo estas circunstancias desapareceron como por ensalmo os reparos políticos e os escrúpulos xurídicos do goberno provisorio. Aínda non vencera o prazo de dúas horas e xa colgaban de todos os muros de París as históricas palabras escritas en caracteres xigantescos:

República francesa! Liberdade! Igualdade! Fraternidade!

Coa proclamación da república sobre a base do sufraxio universal, borrárase mesmo o recordo dos limitados fins e motivos que arrastraran á burguesía á revolución de febreiro. En vez dunhas pequenas fraccións da burguesía, todas as clases da sociedade francesa víronse precipitadas, de pronto, no escenario do poder político, forzadas a abandonaren os palcos, o patio de butacas e a galería e a actuaren en primeira persoa na escena revolucionaria. Coa monarquía constitucional desaparecera tamén a aparencia dun poder estatal autosuficiente e enfrontado á sociedade burguesa, e toda a serie de loitas subordinadas que este poder aparente provocaba.

O proletariado, ao impoñer a república ao goberno provisional e a través del a toda Francia, pasou inmediatamente ao primeiro plano como partido independente, ao tempo que lanzaba un desafío á clase burguesa. O que o proletariado conseguiu deste xeito foi o terreo para a loita pola súa propia emancipación revolucionaria, pero en ningún caso a emancipación mesma.

Mais, pola contra, inicialmente a república de Febreiro tiña sobre todo que completar o poder da burguesía, facendo entrar a todas as clases no círculo do poder político a carón da aristocracia financeira. A maior parte dos grandes terratenentes, os lexitimistas, foron emancipados da nulidade política á que a monarquía de xullo os condenara. Non por nada a *Gazette de*

France[12] fixera campaña de axitación a carón dos xornais da oposición. Non por casualidade La Rochejaquelein sumaríase ó Partido da Revolución na sesión da Cámara dos deputados do 24 de febreiro. Mediante o sufraxio universal os propietarios nominais, ou sexa os labregos, que constitúen a maioría dos franceses, foron instituídos como árbitros dos destinos de Francia. A república de Febreiro permitiu, finalmente, que o dominio burgués se manifestase claramente ao derrubar a Coroa, detrás da que se agochaba o capital.

Así como os traballadores loitaran nas xornadas de xullo a prol da monarquía burguesa, nas xornadas de febreiro impuxeron a república burguesa. E así como a monarquía de xullo fora forzada a se presentar como unha monarquía rodeada de institucións republicanas, así tamén a república de febreiro se presentou como unha república rodeada de institucións sociais. O proletariado de París tamén obrigou a facer esa concesión.

Un traballador, Marche, ditou o decreto no que o goberno provisional que acababa de constituírse se comprometía a garantir a subsistencia dos traballadores mediante o seu traballo, a proporcionarlles traballo a todos os cidadáns, etc. E, como aos poucos días o goberno esquecera as súas promesas e parecía que perdera de vista os traballadores, unha masa de 20.000 obreiros marchou sobre o Concello de París ao berro: *Organización do traballo! Esiximos un ministerio propio do traballo!* O goberno provisional resistiuse inicialmente e só despois de longas sesións de debate nomeou unha comisión especial permanente coa misión de buscar recursos para mellorar a situación da clase traballadora. Esta comisión estaba composta por delegados das corporacións de artesáns de París e presidida por Louis Blanc e Albert. O palacio de Luxemburgo foille indicado como sala de reunións. Deste xeito os representantes da clase traballadora

[12] *La Gazette de France*, xornal francés publicado en París desde 1831. Nos anos 40 do século XIX era o órgano dos lexitimistas, partidarios dunha restauración da dinastía dos Borbóns (N.dos T.).

quedaban desterrados da sede do goberno provisional. A parte burguesa deste goberno retivo nas súas mans o verdadeiro poder efectivo estatal e o control da Administración. Mentres a carón dos ministerios das finanzas, do comercio, das obras públicas, a carón do Banco Nacional e da bolsa, erixiuse unha sorte de *sinagoga socialista*. Os seus sumos sacerdotes, Louis Blanc e Albert, tiñan a misión de descubrir a terra prometida, anunciar o novo evanxeo e darlle ocupación ao proletariado de París. Pero, a diferenza de calquera poder profano, eles non dispoñían de ningún orzamento nin de ningún poder executivo. Tiñan que botar abaixo cas súas testas os piares da sociedade burguesa. Porén, mentres no Luxemburgo se andaba a procura da pedra filosofal, no concello acuñábase a moeda de curso legal.

E, aínda así, as aspiracións do proletariado de París, na medida en que ían ben máis alá da república burguesa, non podían lograr outra existencia agás a bretemosa e esvaída que lle reservaran no Luxemburgo.

Os traballadores da revolución de febreiro fixeran a revolución a carón da burguesía, e a carón da burguesía trataban de impoñer os seus intereses, do mesmo xeito que xa colocaran un traballador no seo do goberno provisional á beira da maioría burguesa. *Organización do traballo!* Porén, o traballo asalariado xa é a existente organización capitalista do traballo. Sen el, non hai capital, nin burguesía, nin unha sociedade burguesa. *Un ministerio de seu para o traballo!* Mais non vén sendo o caso que os ministerios de Facenda, de Comercio, de Obras públicas son xa, de feito, os ministerios burgueses do traballo? Canda eles un ministerio proletario do traballo non podía ser máis que un ministerio da impotencia, un ministerio dos desexos piadosos, unha comisión do Luxemburgo. Así como os traballadores estaban convencidos de emanciparse ao abeiro da burguesía, tamén pensaban poder realizar dentro das paredes da nación francesa unha revolución proletaria, ao acubillo das restantes nacións burguesas. Porén, as relacións produtivas francesas están condi-

cionadas polo mercado exterior de Francia, pola súa posición no mercado mundial e polas súas leis. Como as ía poder mellorar Francia sen unha guerra revolucionaria a escala europea que afectase a Inglaterra, dominadora despótica do mercado?

Unha clase na que se concentran os intereses revolucionarios da sociedade, en canto se ergue, atopa xa inmediatamente na súa propia situación o contido e o material da súa actividade revolucionaria: derrotar adversarios, adoptar determinadas medidas en función das necesidades da loita. As consecuencias das súas propias accións arrástrana cara a adiante. Non emprende ningunha clase de investigación teórica sobre a súa propia misión. Naquela altura, a clase traballadora francesa non se atopaba nesta posición, aínda era incapaz de levar a cabo a súa propia revolución.

O desenvolvemento do proletariado industrial está absolutamente condicionado polo desenvolvemento da burguesía industrial. Baixo o dominio desta, inicia a súa existencia expansiva a escala nacional, unha expansión que pode elevar a súa revolución a esta mesma escala de revolución nacional. Crea el mesmo os medios de produción modernos, que deste xeito se converten nunha multitude inmensa de recursos para a súa liberación revolucionaria. Primeiramente, o seu dominio arranca as raíces materiais da sociedade feudal achanzando o terreo no que só é posible unha revolución proletaria. A industria francesa está máis desenvolvida tecnicamente e a burguesía francesa está revolucionariamente máis madurecida que o resto das do continente. Porén, a revolución de Febreiro non estaba dirixida de xeito inmediato contra a aristocracia financeira? Este feito demostraba que a burguesía industrial non dominaba en Francia. A burguesía industrial só pode dominar alí onde a industria moderna configura á súa propia medida todas as relacións de propiedade. E a industria só pode xerar aquel poder alí onde conquistou o mercado mundial, xa que para o seu crecemento non lle abonda coas fronteiras nacionais. Así e todo, a industria francesa, en gran parte, só domina realmente o mercado nacional a través dun sis-

tema arancelario proteccionista máis ou menos modificado. Por todo isto, cando o proletariado francés, no momento da revolución en París, dispón dun poder e dunha influencia que lle dan azos para unha acción superior aos seus medios, no resto de Francia o proletariado está concentrado en centros industriais illados e espallados, pouco menos ca esmagados baixo unha masa numérica moi superior de campesiños e pequenos burgueses. Na súa desenvolvida forma moderna, a loita contra o capital, na cerna, é dicir como loita do obreiro industrial contra o burgués industrial, é en Francia tan só un feito parcial que, despois das xornadas de febreiro, non podía enxergar o contido nacional da revolución. Tanto máis canto que a loita contra os modos de explotación subordinados do capital —a loita do campesiño contra o usureiro e contra a hipoteca, do pequeno burgués contra o gran comerciante, contra o banqueiro e o fabricante; nunha palabra: contra a bancarrota— estaba aínda oculta tras o alzamento xeral contra a aristocracia financeira.

Non hai nada máis explicable, por tanto, que o feito de que o proletariado de París tratase de impoñer o seu interese a carón do burgués, en lugar de poñer en valor o interese revolucionario dos obreiros como o interese xeral de toda a sociedade, deixando caer a bandeira vermella de clase e soerguendo, no canto dela, a bandeira nacional tricolor de Francia.[13] Os traballadores franceses non podían dar nin un paso adiante, non podían tocar nin un pelo da orde burguesa antes de que a marcha da revolución, a masa da nación situada entre o proletariado e a burguesía,

[13] Nos primeiros días da existencia do goberno provisorio discutiuse sobre a bandeira nacional da República Francesa. Os traballadores revolucionarios de París esixían que se declarase bandeira nacional a bandeira vermella que no alzamento de xuño de 1832 fora alzada nos arrabaldos obreiros de París. Os deputados da burguesía defendían a bandeira tricolor (azul, branco e vermella) que na revolución burguesa do século XVIII e durante o goberno de Napoleón I fora a bandeira de Francia. Esta bandeira xa fora antes da revolución de 1848 o emblema dos burgueses republicanos, que se agrupaban arredor do xornal *Le National.* Os representantes dos traballadores houberon de aceptar que a tricolor fose declarada bandeira nacional da República Francesa. Con todo, no mastro da bandeira foi fixada unha roseta vermella (N. dos T.).

campesiños e pequenoburgueses, xa non sublevada contra esta orde senón contra o poder do capital, os forzase a se uniren aos proletarios coma os seus defensores. Os proletarios só podían obter esta vitoria a través da tremenda derrota de xuño.

Á Comisión do Luxemburgo, esa criatura dos traballadores de París, perténcelle o mérito de ter descuberto o segredo da revolución do século XIX desde o alto dunha tribuna europea: *a emancipación do proletariado.* Ao *Moniteur*[14] saíronlle as cores cando tivo que propagar oficialmente os «actos de fanatismo salvaxe», que ata ese momento estaban soterrados nos escritos apócrifos dos socialistas e só de tarde en tarde, como lendas remotas, medio terribles, medio ridículas, chegaban aos espantados oídos da burguesía. Europa espertou con este malentendido terrible do seu adormecemento. Nos medios proletarios que, polo xeral, confundían a aristocracia financeira coa burguesía; na imaxinación dos «homes de ben» republicanos, que negaban mesmo a existencia das clases ou, como moito, as admitían como froito da monarquía constitucional; nas expresións hipócritas das fraccións burguesas ata entón excluídas do poder, sostendo que o dominio da burguesía quedaba eliminado coa chegada da república. Naquel intre todos os monárquicos volvéranse republicanos e todos os millonarios de París volvéranse traballadores. A expresión que reflectía mellor esta presuntuosa supresión das relacións antagónicas de clase era *fraternité*, a confraternización universal e a irmandade de todos os franceses. Esa idílica abstracción dos antagonismos de clase, esa sentimental nivelación igualitaria dos intereses de clase contraditorios, esa entusiástica elevación coas alas da fantasía por riba da loita de clases, a «fraternidade», era a verdadeira consigna da revolución de Febreiro. Seica as clases estaban divididas por un simple equívoco e Lamartine mesmo bautizou o goberno provisional o 24 de

[14] *Le Moniteur Universel*. Xornal francés publicado en París entre 1789 e 1866. Entre 1799 e 1814 e entre 1816 e 1868 foi o órgano oficial do goberno. No *Moniteur Universel* publicáronse nunha orde prefixada decretos do goberno, informes parlamentarios e outros escritos oficiais (N. dos T.).

febreiro[15] coma «un gouvernement qui suspend ce malentendu terrible qui existe entre les différentes classes»[16]. O proletariado parisiense entregábase sen freo ao xeneroso goce desta borracheira de xenerosa fraternidade.

Pola súa parte, o goberno provisional, toda vez que fora forzado a proclamar a república, fixo da súa man todo canto puido para facerlla aceptable á burguesía e ás provincias. O sanguentos horrores da primeira república Francesa foron rexeitados e desautorizados pola supresión da pena de morte para delitos políticos; a prensa foi declarada libre para todas as opinións; o exército, os tribunais, a xustiza e a administración quedaron, con poucas excepcións, nas mans dos vellos dignitarios; ningún dos grandes delincuentes da monarquía de Xullo foi chamado a render contas. Os republicanos burgueses de *Le National* divertíanse trocando nomes e vestimentas polos da vella república. Para eles a república non era máis ca un novo traxe de baile para a vella sociedade burguesa. A nova república buscou o seu mérito principal en non intimidar, mesmo en asustarse continuamente a si mesma pola máis branda condescendencia e pola ausencia de resistencia nin a ninguén nin a nada. Ás clases privilexiadas no interior, aos poderes despóticos no exterior anuncióuselles alto e claro que a república tiña unha natureza pacífica. O seu lema era vivir e deixar vivir. A isto engadíase o feito de que pouco despois da revolución de Febreiro os alemáns, os polacos, os austríacos, os húngaros, os italianos... todos e cada un destes pobos rebeláronse, cada un deles segundo a súa situación particular. Rusia e Inglaterra, a primeira tamén afectada e a outra máis que asustada, non estaban preparadas. Así, a república non viu ante si ningún inimigo nacional e, xa que logo, ningunha complicación externa que puidese inflamar a súa enerxía,

---

15 Declaración de Lamartine na Cámara dos Deputados o 24 de febreiro de 1848, publicada en Le *Moniteur Universel* nº 56 do 25 de febreiro de 1848 (N. dos T.).

16 «Un goberno que suprime ese terrible malentendido existente entre as diferentes clases» (N. dos T.).

acelerar o proceso revolucionario, impulsar o goberno provisorio cara a adiante ou botalo pola borda. O proletariado parisiense, que vía na república a súa propia criatura, aclamaba, como é natural, toda a acción do goberno provisorio, que lle permitía ir rabuñar máis doadamente espazos de apoio na sociedade burguesa. Deixouse de boa gana utilizar por Caussidière en servizos de policía para a protección da propiedade ou tamén para que Louis Blanc arranxara conflitos salariais entre os traballadores e os patróns. Manter intacta a honra burguesa da república ante os ollos de Europa era o seu *point d'honneur*.

A república non atopou ningunha resistencia, nin fóra nin dentro das súas fronteiras. Isto desarmouna por completo. A súa tarefa non era xa transformar o mundo senón que consistía unicamente en acomodarse o mellor posible ás condicións da sociedade burguesa do momento. Para avaliar con que grao de fanatismo se empeñou o goberno nesta tarefa non hai testemuño máis elocuente que as súas medidas financeiras.

O crédito público e o crédito privado estaban, naturalmente, quebrantados. O crédito público asenta sobre a confianza en que o Estado se deixa explotar polos usureiros das finanzas. Mais o vello Estado desaparecera e a revolución ía dirixida sobre todo contra a aristocracia financeira. As turbulencias das derradeiras crises comerciais europeas aínda non cesaran. Polo demais, sucedíanse as bancarrotas unha tras outra.

Xa que logo, o crédito privado estaba paralizado, a circulación trabada ata que estalou a revolución de febreiro. A crise revolucionaria intensificou a comercial. E se o crédito privado repousa sobre a confianza de que a produción burguesa, na gran dimensión das súas condicións, se mantén intacta e inatacable, que efectos produciría unha revolución que cuestiona o fundamento da produción burguesa, a escravitude económica do proletariado, que erguía diante da Bolsa de París a esfinxe ameazante do palacio de Luxemburgo? O alzamento do proletariado implica a abolición dos créditos burgueses, posto que se trata da

supresión da produción burguesa e de toda a súa orde. O crédito público e o privado son o termómetro económico no que se pode medir a intensidade dunha revolución. Na mesma medida na que estes caen, suben o ardor e a potencia xenerativa da revolución.

O goberno provisorio quería despoxar a república da súa aparencia antiburguesa. Por iso tiña, sobre todo, que tratar de garantirlle o valor de cambio desta nova forma de Estado, a súa cotización na bolsa. Co tipo de cotización da república na bolsa, volveu a subir necesariamente, de novo, o crédito privado.

E para eliminar a sospeita de que o goberno non quixese ou non puidese afrontar as obrigas herdadas da monarquía, e para potenciar a confianza na moral dos cidadáns e na solvencia da república, o goberno provisorio acudiu a unha falcatruada tan indigna como pueril. Antes da data de vencemento pagoulles aos acredores do Estado os intereses do 5 %, do 4,5 % e do 4 %. Ao comprobar a esaxerada precipitación coa que se trataba de gañar a súa confianza, espertaron de pronto a prudencia burguesa e o orgullo dos capitalistas. Naturalmente, os apuros económicos do goberno provisorio non diminuíron polo efecto dun truco teatral que os privase do diñeiro en efectivo de que dispoñía en depósito. Non se podía seguir negando a estreiteza económica do goberno e os pequenos burgueses e os traballadores, tiveron que pagar a agradable sorpresa que se lles preparara aos acredores do Estado.

As contas de aforro cun saldo superior a 100 francos foron declaradas non cambiables en diñeiro. As cantidades depositadas nas caixas de aforros foron confiscadas e convertidas por decreto en débeda do Estado non reembolsable. Con estas medidas o apurado pequenoburgués volveu á súa rabia contra a república. Ao recibir, en lugar das súas libretas da caixa de aforros, obrigacións do Estado viuse precisado a acudir á bolsa para vendelas, entregándose así directamente nas mans dos especuladores contra os que fixera a revolución de Febreiro.

A aristocracia financeira, que tiña o dominio baixo a monarquía de xullo, considera a banca como a súa igrexa suprema.

Así como a bolsa domina o crédito do Estado, a banca domina o crédito comercial. Baixo a ameaza directa da revolución de Febreiro, non só no que se refire ao seu poder senón no que se refire á súa existencia, a banca podía de entrada desacreditar a república xeneralizando a carencia de crédito. Así, de repente negoulles o crédito a banqueiros, fabricantes e comerciantes. Ao non provocar unha contrarrevolución inmediata, esta manobra golpeou de rebote, necesariamente, a mesma banca. Os capitalistas retiraron o diñeiro que depositaran nos sotos da banca. Os propietarios de billetes de banco precipitáronse sobre a caixa para cambialos por ouro ou prata. Sen necesidade dunha intervención violenta, o goberno provisorio podíalle impoñer a bancarrota á banca; abondáballe con asumir unha actitude pasiva deixando a banca abandonada ao seu destino. A bancarrota da banca foi o diluvio que nun intre varreu do chan francés á aristocracia financeira, a máis poderosa e máis perigosa inimiga da república, o áureo pedestal da monarquía de xullo. E coa banca en bancarrota a burguesía tivo que considerar como un derradeiro e desesperado intento de salvación a creación polo goberno dun Banco Nacional, sometendo deste xeito o crédito nacional ao control da nación.

Por contra, o goberno provisional impuxo un curso forzoso sobre os billetes de banco. E aínda fixo máis; converteu todos os bancos provinciais en sucursais do Banco de Francia, o que lle permitiu estender a súa rede de sucursais por toda Francia. Despois, hipotecou os bosques do Estado como garantía dun empréstito que o mesmo goberno contraeu coa banca. Foi así, en fin, como a revolución de Febreiro consolidou e ampliou directamente a bancocracia que viñera derrubar.

Namentres, o goberno provisional íase afundindo baixo a montaña dun déficit crecente. Pediu sen éxito un sacrificio pola patria. Unicamente os traballadores lle botaron esmolas. Cumpría botar man dun recurso heroico, o anuncio dun novo imposto. Mais, a quen gravar? Os lobos da bolsa? Os monarcas

da banca? Os acredores do Estado? Os rendistas? Os industriais? Non era por este camiño polo que a república ía garantir o apoio da burguesía. Isto significaba, por un lado, poñer en perigo o crédito do Estado e o crédito comercial, mentres, por outro, tratábase de compralo a peso de ouro entre grandes sacrificios e humillacións. Mais alguén tiña que afrouxar o peto. Quen foi sacrificado no altar do crédito burgués?: «Jacques le bonhomme», os labregos franceses.

O goberno provisorio instituíu un imposto adicional de 45 céntimos por franco sobre os catro impostos directos existentes. Ao proletariado de París, a prensa gobernamental mentiulle dicíndolle que este imposto recaía preferentemente sobre a grande propiedade da terra, sobre os propietarios de centos de miles de millóns conferidos no seu día pola restauración de 1825. En realidade, afectaba sobre todo á clase labrega, é dicir á gran maioría do pobo francés, que tiña que pagar os custos da revolución de Febreiro. Non debería sorprender que do campesiñado obtivera a contrarrevolución o seu principal suporte político. O imposto dos 45 céntimos era unha cuestión de vida ou morte para o labrego francés, e fixo del unha cuestión de vida ou morte para a República. A partir deste intre, dicir república era o mesmo que dicir imposto dos 45 céntimos para o labrego francés, que pasou a considerar con xenreira ao proletariado de París como o dilapidador que vivía á súa costa.

Mentres a revolución de 1789 se iniciou coa liberación das cargas feudais que pesaban sobre os labregos, a revolución de 1848, para non ameazar o capital e para manter en marcha a súa máquina estatal, inaugurábase cun novo imposto sobre a poboación campesiña.

Só cunha medida podía eliminar o goberno provisional todos estes problemas e arrancar o Estado do seu vello rumbo: por medio da declaración da bancarrota do Estado. Recórdese que Ledru-Rollin relatou *a posteriori* na Asemblea Nacional a virtuosa indignación coa que rexeitara esta suxestión do usureiro da

Bolsa Fould, actualmente ministro de finanzas. Pero o que Fould lle ofrecera era, en verdade, a mazá da árbore da ciencia.

O goberno provisional, ao recoñecer as letras de cambio libradas contra o Estado pola vella sociedade burguesa, quedara por enteiro a mercé dela. Convertérase no acosado debedor da sociedade burguesa, no canto de se presentar diante dela como o acredor ameazante que viña cobrar catro anos de reclamacións de débedas revolucionarias. O goberno tivo que consolidar o inestable sistema burgués para facer fronte a obrigas que só se poden contraer dentro do devandito réxime. O crédito convertérase na súa condición vital e as concesións ó proletariado, as promesas que se lle fixeran, volvéranse outras tantas cadeas que tiñan que ser rachadas. A emancipación dos traballadores —mesmo como frase— volveuse un perigo insoportable para a nova república, por ser unha protesta permanente contra o restablecemento do crédito, que se fundamentaba no indiscutido e transparente recoñecemento das relacións económicas de clase existentes. No había outra que rematar de vez cos traballadores organizados.

Con este propósito o goberno provisional creou 24 batallóns de Gardas Móbiles, cada un deles formado por 1000 homes, xente nova de entre 15 e 20 anos. A maior parte deles pertencían ao lumpenproletariado, que en todas as grandes cidades forma unha masa que se distingue claramente do proletariado industrial. Esta clase constitúe un centro de recrutamento para ladróns e criminais de toda caste, que viven dos refugallos da sociedade, xente sen profesión fixa, vagabundos, *gens sans feux et sans aveu*[17], que varían segundo o grao de educación da nación á que pertencen, non ocultando nunca o seu carácter de *lazzaroni*[18]. Na idade xuvenil na que o goberno provisional os recrutou, eran capaces dos máis altos actos heroicos e do máis exaltado sacri-

17 *Xente sen fogar e sen recoñecemento social* (N. dos T.).

18 Lazzaroni: denominación de veciños de Nápoles de clase baixa, que nos remates do século XVIII se rebelaron contra os españois. Sinónimo de delincuente (N. dos T.).

ficio persoal como tamén do máis brutal acto de bandidaxe e da venalidade máis miserenta. O goberno provisional pagáballes 1,50 francos por día, é dicir: comprounos. Deulles un uniforme propio, é dicir, distinguíaos externamente do pobo. Para a súa dirección foron destinados en parte oficiais do exército regular e, en parte, escolleron eles mesmos a fillos de familias burguesas que seduciron coa súa verborrea sobre a morte pola patria e a súa abnegada entrega á república.

Deste xeito houbo fronte ao proletariado de París un exército saído do seu propio seo e composto por 24.000 mozos, fortes e destemidos. O proletariado aplaudía á Garda Móbil cando desfilaba por París adiante. Vía nela os campións das barricadas. E a consideraba como a garda proletaria, en oposición á Garda Nacional burguesa. O seu erro era desculpable.

A máis da Garda Móbil o goberno decidiu xuntar en torno a si un exército de traballadores da industria. O ministro Marie enrolou nos chamados Talleres Nacionais a cen mil traballadores que a crise e a revolución botara á rúa. Baixo este ostentoso nome ocultábase nada menos que a utilización dos traballadores en aburridos, monótonos e improdutivos movementos de terras cun salario de 23 centavos. Estes Talleres Nacionais non eran outra cousa que unha sorte de *work houses*[19] inglesas ao aire libre. O Goberno provisorio pensaba que con estes homes creara un segundo exército proletario contra os propios traballadores. Nesta ocasión, así e todo, a burguesía erraba cos Talleres Nacionais, como tamén os traballadores erraban coa Garda Móbil. Crearan un exército para a revolta. Aínda así, lograrase *un* obxectivo.

Talleres nacionais era o nome dos talleres populares que Louis Blanc predicaba no Luxemburgo. Os Talleres de Marie, deseñados en directa oposición ao Luxemburgo, co seu nome

[19] Segundo a «Lei dos pobres», aprobada en Inglaterra en 1834, só estaba permitida unha forma de axuda aos pobres: o seu internamento en *work-houses*, casas de traballo baixo un réxime carcerario. O pobo chamaba a estas casas «bastillas para os pobres» (N. dos T.).

idéntico, daban pé a equívocos e malentendidos dignos dunha comedia de enredo española. O mesmo goberno provisional propagou baixo corda o rumor de que os Talleres Nacionais eran un invento de Louis Blanc, cousa que parecía aínda máis crible polo feito de ser Louis Blanc, o profeta dos Talleres Nacionais, membro do goberno provisional. E na medio inxenua e medio intencionada confusión da burguesía parisiense, na artificialmente manipulada opinión pública francesa e europea, aquelas casas de traballo viñeron entenderse como a primeira realización do socialismo que, pola contra, con elas foi posto na picota.

Non polo seu contido senón polo seu título, os Talleres Nacionais eran a personificación da protesta do proletariado contra a industria burguesa, o crédito burgués, a república burguesa. Contra eles, por esa razón, revolveuse todo o odio da burguesía. Neles atopara esta última o obxectivo contra o que podería dirixir o seu ataque en canto recuperase forzas dabondo como para romper coas ilusións de febreiro. Pero tamén todo o malestar, todo o malhumor dos pequenos burgueses descargou sobre estes Talleres Nacionais, que pasaron a ser a diana común. Con auténtica rabia calcularon as sumas que os moinantes proletarios engulían mentres a súa propia situación se volvía cada día máis insoportable. «Unha pensión de Estado a cambio dunha parodia de traballo, isto é o socialismo» latricaban para os seus adentros. Nos Talleres Nacionais, nas declamacións do Luxemburgo, nas marchas de traballadores polas rúas de París, buscaban a causa da súa miseria, e ninguén se fanatizaba tanto contra as supostas maquinacións dos comunistas coma o pequeno burgués que se inclinaba sen remedio sobre o precipicio da bancarrota.

Así, para os enfrontamentos que estaban a punto de producirse entre a burguesía e o proletariado, todas as vantaxes, todos os postos decisivos, todas as capas medias da sociedade estaban ao mesmo tempo nas mans da burguesía. Namentres, as ondas da revolución de febreiro romperon a un tempo sobre todo o con-

tinente e cada novo correo traía un boletín revolucionario, unha veces de Italia, outras de Alemaña e pouco despois tamén do remoto Leste de Europa, mantendo o delirio do pobo ao aportarlle testemuñas sólidas dunha vitoria cuxos froitos en Francia se lle foran das mans.

O 17 de marzo e o 16 de abril producíronse as primeiras escaramuzas do gran combate que a república burguesa ocultaba debaixo das súas ás.

O 17 de marzo puxo en evidencia a dubidosa situación do proletariado, que non permitía ningunha acción decisiva. A súa manifestación pretendía orixinalmente repoñer o goberno provisorio na vía da revolución, excluír, dependendo das circunstancias, os seus membros burgueses e aprazar as eleccións para Asemblea Nacional e para a Garda Nacional.[20] Porén, o 16 de marzo a burguesía representada na Garda Nacional fixo unha manifestación hostil contra o goberno provisional. Baixo o berro «Abaixo Ledru-Rollin!» entraron na casa do Concello e o 17 de marzo o pobo viuse forzado a apoiar contra a burguesía de París a causa de República burguesa, que lle parecía estar en perigo. Así, en vez de sometelo, reforzou o goberno provisorio. O 17 de marzo estourou unha escena melodramática e, se o proletariado de París aínda exhibiu unha vez máis a súa forza, isto motivou á burguesía dentro e fóra do goberno provisional a derrotalo.

O 16 de abril foi un malentendido organizado polo Goberno provisorio en colusión coa burguesía. Os traballadores xuntáranse en gran número no Campo de Marte e no hipódromo co obxectivo de prepararen as súas eleccións ao Estado Maior da Garda Nacional. De pronto, coa velocidade do raio estendeuse por todo París, dun extremo ao outro da cidade, o rumor de

[20] Trátase das eleccións para o Estado Maior Xeneral da Garda Nacional que estaban fixadas para o 18 de marzo, así como das eleccións para a Asemblea Nacional fixadas para o 9 de abril. Os traballadores de París, agrupados arredor de Blanqui, Dézamy e outros esixían o aprazamento das eleccións, sinalando a necesidade de facer o correspondente traballo de información entre a poboación (N. dos T.).

que os traballadores se reuniran armados no Campo de Marte baixo o mando de Louis Blanc, Blanqui, Cabet e Raspail para se dirixiren desde alí ao Hôtel de Ville, botar abaixo o goberno provisorio e proclamar un goberno comunista. Tómase a decisión de facer unha marcha xeral. Ledru-Rollin, Marrast, Lamartine competiran despois pola honra de organizar esta iniciativa. Nunha hora hai 100.000 homes en armas, a casa do Concello está ocupada en todos os seus puntos pola Garda Nacional; en todo París resoa coma un trono o berro «Abaixo os comunistas!», «Abaixo Louis Blanc, Blanqui, Raspail, Cabet!» E o Goberno provisorio é homenaxeado por innumerables delegacións dispostas a compareceren ante o Hôtel de Ville para facerlle entrega do diñeiro dunha colecta patriótica que fixeran no Campo de Marte. Para a súa sorpresa, decátanse de que o París burgués vencera á súa sombra, nunha parodia de combate tramada cunha prudencia extrema. O terrible atentado do 16 de abril proporcionara a escusa tanto para dar a orde de volta do exército a París —verdadeiro obxectivo da tan mal organizada comedia— como para as manifestacións reaccionarias das provincias.

O 4 de maio reuniuse a Asemblea Nacional saída das eleccións xerais directas. O sufraxio universal carecía da forza máxica que os republicanos da vella caste confiaban que tivese. Eles ollaban por toda Francia, cando menos na maioría dos Franceses, *citoyens* cos mesmos intereses, cos mesmos criterios, etc. Tal era o seu culto ao pobo. Pero en vez do seu pobo imaxinario as eleccións sacaron á luz o pobo verdadeiro, é dicir representantes das diversas clases das que este se compón. Xa temos visto as razóns de por que os labregos e os pequenos burgueses votaron baixo o mando da belicosa burguesía e dos grandes terratenentes fanáticos da Restauración. Porén, se o sufraxio universal non era a variña máxica que viran nel os homes de ben da Restauración, posuía a incomparablemente maior vantaxe política de desencadear a loita de clases, de permitirlles á diversas capas intermedias da sociedade burguesa experimentar

en pouco tempo as súas ilusións e as súas decepcións, de lanzar dun golpe todas as fraccións da clase explotadora ata a altura do Estado, arrincándolles así de vez a súa enganosa careta. Namentres a monarquía, co seu censo, fixo que só se comprometesen certas fraccións da burguesía, deixando a outras ocultas entre bastidores e abranguéndoas coa auréola de santidade dunha oposición conxunta.

Na Asemblea Nacional Constituínte, que se reuniu o 4 de maio, os republicanos moderados, os republicanos de *Le National*, dominaban a situación. Os propios lexitimistas e os orleanistas inicialmente só ousaban deixarse ver baixo a máscara do republicanismo burgués. A loita contra o proletariado só podía ser emprendida en nome da República.

A republica Francesa —ou sexa, a república recoñecida polo pobo francés— naceu o 4 de maio e non o 25 de febreiro. . Non foi a república que o proletariado parisiense lle impuxo ao goberno provisorio; non foi a república con institucións sociais; non foi a imaxe quimérica que os combatentes das barricadas tiñan en mente. A república proclamada pola Asemblea Nacional, a única república lexítima, é a república que non constitúe de ningún modo unha arma revolucionaria contra a orde burguesa; polo contrario, é a súa reconstitución política, a consolidación da sociedade burguesa; nunha palabra: a república burguesa. Desde a tribuna da Asemblea Nacional resoou por toda Francia esta afirmación, que atopou amplo eco en toda a prensa burguesa republicana e antirrepublicana.

Vimos, pois, que a república de Febreiro non era realmente nin podía ser outra cousa que unha república burguesa. Porén, como goberno provisorio, baixo a presión inmediata do proletariado, estaba forzado a anunciala como unha república con institucións sociais; e vimos tamén como o proletariado parisiense era incapaz de percibir a diferenza de concepción, de saír do marco da República burguesa máis que nas súas ilusións e na

súa imaxinación; e puidemos comprobar como o proletariado actuaba sempre ao servizo da república burguesa cando realmente se precisaba a súa acción; tivemos a fiel testemuña, en fin, de que as promesas que se lle fixeron no seu momento se volveron un perigo insoportable para a República; de que todo o proceso vital do goberno provisorio se resumía nunha loita permanente contra as demandas do proletariado.

Na Asemblea Nacional, toda Francia se converteu en xuíz do proletariado de París. A Asemblea rompeu inmediatamente coas ilusións sociais da revolución de febreiro; proclamou sen máis voltas a República burguesa; a continuación excluíu da comisión executiva nomeada por ela os representantes do proletariado: Louis Blanc e Albert. Rexeitou a proposta dun ministerio especial do traballo; acolleu con impetuosos berros de apoio a declaración do ministro Trélat: «Tan só se trata de retrotraer o traballo ás súas vellas condicións».

Porén, todo isto non era dabondo. A república de Febreiro fora imposta polos traballadores co apoio pasivo da burguesía. Os proletarios víanse a si mesmos como vencedores de febreiro, e amosaban as arrogantes esixencias dos vencedores. Habería que vencelos na rúa. Habería que facerlles ver que serían derrotados en canto non loitasen da man da burguesía, senón contra ela. Así como a República de febreiro, coas súas concesións socialistas, precisaba unha batalla do proletariado unido á burguesía e contra a monarquía; agora era necesaria unha segunda batalla para disociar á república das concesións socialistas e rematar xerando oficialmente a república burguesa vencedora. A burguesía tiña que rexeitar coas armas na man as esixencias do proletariado. O verdadeiro lugar de nacemento da república burguesa non é a vitoria de febreiro senón a derrota de xuño.

O proletariado acelerou os acontecementos cando, o 15 de maio, penetrou na Asemblea Nacional tratando sen éxito de recuperar o seu influxo revolucionario, conseguindo soamente entregar os seus líderes máis capacitados aos carcereiros da

burguesía.[21] *Il faut en finir! Hai que rematar con isto! Esta situación ten que acabar!* Con este berro a Asemblea Nacional dáballe pábulo á súa firme resolución de forzar o proletariado a un combate decisivo. A Comisión Executiva emitiu unha serie de decretos desafiantes como, por exemplo, a prohibición das aglomeracións populares, entre outras. Desde a tribuna da Asemblea Nacional Constituínte os traballadores foron directamente provocados, insultados, escarnecidos. Mais o verdadeiro obxectivo do ataque estaba, como xa temos dito, nos Talleres Nacionais. A estes referiuse a Asemblea Constituínte, dirixíndose autoritariamente á Comisión Executiva, que só estaba esperando escoitar o seu propio plan en forma de orde da Asemblea Nacional.

A Comisión Executiva comezou dificultando a entrada nos Talleres Nacionais, convertendo o salario diario en salario por obra e desterrando á Sologne os traballadores nacidos fóra de París, co falso pretexto de traballaren nos movemento de terras, que só era unha forma retórica coa que se disimulaba a súa expulsión, como revelaron aos seus colegas os decepcionados traballadores que volveron a París. Finalmente, o 16 de xullo saíu publicado en *Le Moniteur* un decreto no que se ordenaba a expulsión pola forza de todos os traballadores dos Talleres Nacionais e/ou o seu enrolamento no exército.

Os traballadores só podían escoller entre morrer de fame ou pasar á acción. O 22 de xuño responderon coa a enorme insurrección na que se librou a primeira batalla entre as dúas clases que dividen á sociedade moderna. Era unha batalla polo mantemento ou a destrución da orde burguesa. O veo que envolvía á República ficou rachado.

---

[21] A mobilización revolucionaria das masas do 15 de maio de 1848, na que os traballadores parisinos, con Blanqui e outros á cabeza, representaron o papel principal, transcorreu baixo a consigna dun maior afondamento da revolución e do apoio aos movementos revolucionarios en Italia, Alemaña e Polonia. Os manifestantes que entraran na sala de sesións da Asemblea Nacional esixiron o cumprimento das promesas de lles proporcionar aos traballadores pan e traballo e de crear un Ministerio de Traballo. Tamén fixeron a tentativa de crear un novo Goberno provisorio. O alzamento popular do 15 de maio foi esmagado. Os seus xefes Blanqui, Barbés, Albert e Raspail, resultaron detidos (N. dos T.).

É sabido que os traballadores, cunha valentía e un enxeño sen parangón, sen xefes, sen un plan colectivo, sen medios e na maioría dos casos sen armas, mantiveron á raia durante cinco días ó Exército, á Garda Móbil, á Garda Nacional de París e mesmo á Garda Nacional chegada desde as provincias. Como se sabe, a burguesía sufriu un pánico mortal, do que se vingou con inaudita ferocidade masacrando a máis de 3.000 prisioneiros.

Os representantes oficiais da democracia francesa estaban tan imbuídos da ideoloxía republicana que ata algunhas semanas despois dos feitos non empezaron a comprender o sentido dos combates de xuño. Estaban como atordados polos vapores da pólvora nos que a súa república se tiña esvaído.

Co permiso do lector describiremos a impresión inmediata que a derrota de xuño produciu en nós coas palabras da *Neue Rheinische Zeitung*:[22] «O derradeiro resto oficial da revolución de febreiro, a Comisión Executiva, diluíuse ante a gravidade dos acontecementos coma unha pantasma na brétema». Os fogos artificiais de Lamartine convertéronse nas granadas incendiarias de Cavaignac. A fraternidade, a irmandade das clases antagónicas, das que unha explotaba á outra, e proclamada en febreiro, escrita en grandes caracteres sobre a fronte de París, en todos os cárceres, en todos os cuarteis, ten a súa expresión máis requintada, menos falsificada e máis prosaica, na guerra civil na súa forma máis terrible, a loita entre traballo e o capital. Esta irmandade flamexaba diante de todas as fiestras de París na tardiña do 25 de xullo, cando o París da burguesía se iluminaba e o París do proletariado era presa das labaradas, xemía e desangrábase. A mística da fraternidade só durou o tempo fugaz no que coincidiron os intereses da burguesía cos intereses do proletariado.

[22] *Neue Rheinische Zeitung: Organ der Demokratie*: «Nova gaceta renana: órgano da democracia», xornal alemán dirixido e escrito en boa medida por Karl Marx en Colonia entre o 1 de xuño de 1848 e o 19 de maio de 1849 (N. dos T.).

Entreitizos fanáticos da vella tradición revolucionaria de 1793, metódicos socialistas que andaban a pedir para a caridade dos burgueses e aos que se lles permitía botar longas prédicas e desprestixiárense mentres o león proletario tivese que ser arrolado no seu sono; republicanos que esixían toda a vella orde burguesa, agás a testa coroada; opositores dinásticos aos que o azar en vez dun cambio de ministros lles agraciou co derrubamento dunha dinastía; lexitimistas que non deixaran caer a librea e só querían modificar o seu corte: todos eles eran os aliados cos que o pobo levou a cabo o seu febreiro.

A revolución de febreiro foi a revolución fermosa, a evolución da simpatía xeneralizada, porque as diverxencias que xurdían nela contra a monarquía repousaban incipientes e en falsa harmonía unhas a carón das outras; porque a loita social que constituía o seu fondo só acadara unha existencia bretemosa, a existencia da mera frase, da palabra. A revolución de xuño, a revolución fea, era a revolución repugnante porque no lugar das frases apareceron os feitos, porque a república desvelou a cabeza do propio monstro ao lle retirar a súa protectora e encubridora coroa. *Orde!* era o berro de guerra de Guizot. *Orde!* berrou Sebastiani, o seu seguidor, cando Varsovia se volveu rusa. *Orde!* berrou Cavaignac, eco brutal da Asemblea Nacional francesa e da burguesía republicana. *Orde!* tronaban os seus disparos cando esgazaban o corpo do proletariado. Ningunha das numerosas revolucións da burguesía francesa desde 1789 fora realmente un atentado contra a *Orde*, pois todas elas permitiran a existencia da dominación de clase, todas admitiran a existencia da escravitude dos traballadores, todas aceptaban a existencia da orde burguesa por moita frecuencia con que mudara a forma política que adoptara esta dominación, esta escravitude. Pero a revolución de Xuño tentou alzarse contra esta Orde. «Coitado Xuño!, contestou o eco europeo» (*Neue Rheinische Zeitung*, 2 de xuño de 1848).

O proletariado parisiense foi forzado pola burguesía a facer a insurrección de xuño. Xa nisto nacía condenada ao fracaso. Nin

a súa inmediata e confesada necesidade o arrastrou a conseguir pola forza a caída da burguesía, nin el mesmo estaba á altura de tamaña misión. *Le Moniteur* tivo que notificar oficialmente que xa pasara o tempo no que a República se vira motivada a render contas das súas ilusións, e só a súa derrota convenceu ó proletariado da verdade de que a máis mínima mellora da súa situación era, e segue a ser, unha «utopía» *dentro* da república burguesa, unha utopía que se volve crime cando se pretende levala á práctica. No canto das esixencias, formalmente esaxeradas aínda que ben exiguas polo seu contido, en rigor estritamente burguesas, que o proletariado lle quería arrincar á república de Febreiro, escoitouse en xuño o ansiado berro de combate *Abaixo a burguesía! Ditadura da clase traballadora!*

Ao converter o proletariado as tumbas dos seus caídos en berce da república burguesa, forzaba así a esta a se manifestar na súa forma pura coma o Estado que ten o declarado obxectivo de eternizar o dominio do capital e a escravitude do traballo. Vendo decote ante si o seu inimigo cuberto de feridas, irrecoñecible pero invencible —invencible porque a súa existencia é a condición mesma da propia vida burguesa—, o dominio da burguesía, liberada de todas as cadeas, tíñase que transformar en terrorismo burgués. Co proletariado expulsado de momento do escenario, coa ditadura burguesa oficialmente recoñecida, as capas medias da sociedade burguesa, a pequena burguesía e a clase agraria, na medida na que a súa situación se volvía insoportable e a súa confrontación coa burguesía se volvía máis crúa, tíñanse que achegar cada vez máis ao proletariado. Do mesmo xeito que anteriormente albiscaran no crecemento da clase traballadora a razón das súas miserias, terían que atopala agora na súa desfeita.

Pero se a insurrección de xuño espallou por todo o continente un sentimento de fachenda da burguesía e a levou abertamente a unha alianza coa monarquía feudal contra o pobo, quen foi a primeira vítima desta alianza? A mesma burguesía continental.

A derrota de xuño impediulle consolidar o seu dominio e manter o pobo medio satisfeito, medio desgustado, paralizado no chanzo inferior da revolución burguesa.

Finalmente, a derrota de xuño reveloulles aos poderes despóticos de Europa o segredo de que Francia ten que manter en pé baixo todas as condicións a paz cara a fóra para poder facer a guerra cara a dentro. Así, os pobos que iniciaron a loita pola súa independencia foron abandonados á supremacía de Rusia, Austria e Prusia. Ao mesmo tempo, o destino de todas estas revolucións nacionais foi subordinado ao destino da revolución proletaria, á que lle foi roubada a súa aparente autonomía, a súa substantividade como gran revolución social. O húngaro non pode ser libre, como tampouco o poden ser o polaco ou o italiano, mentres o traballador siga sendo escravo!

Coas vitorias da Santa Alianza, Europa adquiriu finalmente unha configuración que fixo que todo novo alzamento proletario en Francia coincidiría inmediatamente cunha guerra mundial. A nova revolución francesa está forzada a abandonar inmediatamente o territorio nacional e a conquistar o terreo europeo, o único no que se pode levar adiante a revolución social do século XIX. Xa que logo, só despois da derrota de xuño se crearon as condicións nas que Francia pode tomar a iniciativa da revolución europea. Só bañada no sangue dos insurxentes de xuño se substituíu a bandeira nacional tricolor pola bandeira da revolución social europea, a bandeira roxa!

E nós berramos: *A revolución está morta! Viva a revolución!*

II
O 13 de xuño de 1849

O 25 de febreiro impuxera en Francia a república, o 25 de xuño impúxolle a revolución. E despois de xuño «revolución» quería dicir transformación da sociedade burguesa, mentres que antes de febreiro significara *transformación da forma de goberno*.

A loita de xuño fora dirixida pola fracción republicana da burguesía; coa vitoria pasou ás súas mans o poder do Estado. O estado de sitio puxo aos seus pés, sen ningunha resistencia, o París amordazado. Mentres, nas provincias reinaba un estado de sitio moral, a ameazante arrogancia do burgués vencedor e o desatado fanatismo da propiedade desencadeado entre os campesiños. Desde abaixo, xa que logo, nada había que temer.

Coa quebra do poder revolucionario dos traballadores tronzouse ao mesmo tempo a influencia política dos republicanos demócratas, é dicir, dos republicanos pequenoburgueses, representados na comisión executiva por Ledru-Rollin, na Asemblea Nacional Constituínte polo partido da Montaña e na prensa por *La Réforme*.[23] Xuntamente cos republicanos burgueses conspiraran o 16 de abril contra o proletariado despois de telo feito xa nos días de xuño. Desfixeron así eles mesmos a base sobre a que o seu partido se ergueu como un poder, pois a pequena burguesía só é quen de manter unha posición revolucionaria contra a burguesía mentres o proletariado estea detrás dela. Así que lle deron pasaporte. A aparente alianza contraída con eles de mala gana e perfidamente na época do goberno provisional e da comisión executiva foi abertamente rachada polos republicanos burgueses. Desprezados e desbotados como aliados, descenderon ao nivel de meros satélites subordinados dos tricolores, aos que non foron quen de sacarlles ningunha concesión, tendo por contra que apoiar unha e outra vez o seu poder cada vez que a república era cuestionada polas fraccións burguesas non republicanas. Finalmente estas fraccións monárquicas —os orleanistas e os lexitimistas— estaban desde o comezo en minoría na Asemblea Nacional. Antes das xornadas de xuño elas mesmas só se atrevían a presentarse baixo a incrible máscara do republicanismo

[23] *La Réforme*. Xornal francés órgano dun grupo político republicano radical composto por unha agrupación de demócratas burgueses e republicanos, con Ledru-Rollin á cabeza; a estes xuntáronse os socialistas pequenoburgueses baixo a dirección de Louis Blanc. Publicouse entre 1848 e 1850 en París (N. dos T.).

burgués. A vitoria de xuño permitiulle, nun primeiro momento, a toda a Francia burguesa saudar o xeneral Cavaignac, de simpatías republicanas, como o seu salvador. Cando, transcorridas ás xornadas de xuño, o partido republicano se volveu a independizar, a ditadura militar e o estado de sitio de París só lle permitiron estender os seus tentáculos timidamente e con cautela.

Desde 1830 a fracción republicano-burguesa, coas súas aspiracións, os seus escritores, os seus tribunos, os seus arribistas, os seus deputados, xenerais, banqueiros e avogados, agrupárase en torno ao xornal parisino *Le National,* que tiña nas provincias as súas correspondentes cabeceiras filiais. A camarilla de *Le National* era a dinastía da república tricolor. Apoderouse de inmediato de todas as dignidades estatais, dos ministerios, da prefectura de policía, da dirección dos correos, das prefecturas, dos postos vacantes da alta oficialidade militar. Á cabeza do poder executivo estaba o seu xeneral, Cavaignac; o seu redactor en xefe, Marrast, converteuse no presidente permanente da Asemblea Nacional Constituínte. Nos seus salóns, como mestre de cerimonias, rendeulle ao mesmo tempo honores á honesta república.

Mesmo escritores franceses revolucionarios consolidaron o erro, por unha especie de temor reverencial ante a tradición republicana, de que os realistas posuían o control da Asemblea Nacional constituínte. Pola contra, desde as xornadas de xuño, a Asemblea Constituínte, que seguiu sendo a representante exclusiva do republicanismo burgués, canto máis decididamente subliñaba esta característica, tanto máis decaía fóra da Asemblea a influencia dos republicanos tricolores. Se se trataba de manter a forma da república burguesa, esta dispoñía dos votos dos republicanos demócratas; se se trataba de manter o contido, entón nin tan sequera o xeito de falar a diferenciaba das fraccións burguesas realistas, pois os intereses da burguesía, as condicións materiais da súa dominación e da súa explotación de clase, constitúen precisamente o contido último da república burguesa.

Xa que logo, non foi o monarquismo, senón o republicanismo burgués o que imperou na vida e nos feitos desta Asemblea Constituínte, que finalmente non feneceu e tampouco foi eliminada, simplemente podreceu.

Ao longo de toda a existencia da súa dominación, mentres ela representaba sobre o escenario a función solemne do Estado, no fondo da escena representábase unha celebración sacrificial ininterrompida: as continuas condenas a morte dos insurxentes de xuño prisioneiros ou a súa deportación sen xuízo previo. Iso si, a Asemblea Constituínte tivo o detalle de confesar que nos insurrectos de xuño non condenaba a criminais, senón que esmagaba os seus inimigos.

A primeira acción da Asemblea Nacional Constituínte foi o nomeamento dunha comisión de investigación dos sucesos de xuño e do 15 de maio, así como da participación dos xefes do partido socialista e demócrata nas accións deses días. A investigación ía directamente dirixida contra Louis Blanc, Ledru-Rollin e Caussidière. Os republicanos burgueses ardían na impaciencia de desfacerse destes rivais. Non lle podían confiar a execución do seu rancor a ningún suxeito máis atinado que o señor Odilon Barrot, antigo xefe da oposición dinástica, a personificación do liberalismo mesmo, *la nullité grave*, a profunda superficialidade, que non só tiña que vingar unha dinastía, senón tamén esixirlles responsabilidade pola perda, no seu día, dunha presidencia de goberno. Garantía segura para a súa inexorabilidade. Barrot foi nomeado presidente da comisión de investigación e construíu un proceso completo contra a revolución de febreiro, que pode resumirse deste xeito: 17 de marzo manifestación, 16 de abril complot, 15 de maio atentado, 23 de xuño guerra civil! Por que non estendeu as súas eruditas e investigacións ata o 24 de febreiro? O *Journal des Débats* respondeu[24]: o 24 de febreiro é

[24] *Journal des débats politiques et litteraires*: xornal burgués francés, fundado en París en 1789. Durante a monarquía de xullo era, como xornal de goberno, o órgano da

o día da fundación de Roma. A orixe dos Estados pérdese nun mito que se pode crer, pero non se debe discutir. Louis Blanc e Caussidière foron abandonados á arbitrariedade dos tribunais. A Asemblea Nacional completou a obra da súa propia depuración, que ela mesma iniciara o 15 de maio.

O plan dunha creación dun imposto sobre o capital —na forma de imposto hipotecario—, retomado por Goudchaux, foi rexeitado pola Asemblea Constituínte; a lei que limitaba a xornada laboral a dez horas foi derrogada; a prisión por débedas foi reintroducida; a maior parte da poboación francesa, que non sabe ler nin escribir, foi excluída da súa actuación como membros dos xurados. E, xa postos, por que non tamén do dereito de voto? Volveu implantarse a fianza para os xornais e se restrinxiu o dereito de asociación.

Así e todo, na súa présa por devolverlle ao réxime burgués as súas antigas garantías e borrar toda pegada que deixaran as ondas revolucionarias, os republicanos burgueses tropezaron cunha resistencia que ameazaba cunha inesperada perigosidade. Ninguén loitara nas xornadas de xuño máis fanaticamente pola salvación da propiedade e o restablecemento do crédito ca o pequeno burgués parisiense: propietarios de cafés ou de restaurantes, negociantes de viños, pequenos comerciantes, tendeiros, profesionais de varia índole. Pois ben, o mundo das tendas ergueuse e marchou contra as barricadas para repoñer a libre circulación que levaba o publico da estrada á tenda. Porén, detrás da barricada estaban os clientes e os debedores, e diante dela os acredores da tenda. E cando as barricadas foron botadas abaixo, os traballadores esmagados e os tendeiros precipitáronse na borracheira da vitoria cara as súas tendas, atoparon a porta atrancada por un salvador da propiedade, un axente oficial do crédito, que lles presentou

burguesía orleanista. Durante a revolución de 1848 representou os puntos de vista da burguesía contrarrevolucionaria, do chamado «Partido da Orde» (N. dos T.).

documentos cominatorios: cambio caducado!, intereses de renda caducados!, tenda caducada!, tendeiro caducado!

Salvación da propiedade! Mais a casa que habitaban non era da súa propiedade. As mercadorías que comerciaban non eran propiedade súa. Xa non era seu o negocio, non o era o prato do que comían, a cama na que durmían xa non lles pertencía. Había que protexer esta propiedade para o propietario da casa, para o banqueiro que cobraba os intereses, para o capitalista que lles facilitara os anticipos, para o fabricante que lles confiou aos tendeiros as mercadorías, en fin, para o provedor que lles tiña adiantado as materias primas a estes artesáns e tendeiros. Restablecemento do crédito! Mais o fortalecido crédito afirmouse efectivamente coma un deus vivinte e celoso que expulsou ao debedor insolvente das súas catro paredes, canda a súa muller e o seu fillo, que abandonou ao capital o seu dono aparente e lanzouno el mesmo ao cárcere por débedas, a cal de novo se volvera a erguer ameazadoramente sobre os cadáveres dos insurxentes de xuño.

Os pequenos burgueses decatáronse horrorizados de que, ao abateren os traballadores, entregáranse sen defensa posible ás mans dos seus acredores. A súa bancarrota, arrastrada cronicamente desde febreiro e aparentemente ignorada, foi abertamente declarada despois de xuño. A súa propiedade nominal quedou intacta tanto tempo como cumpría para levalos ao campo de batalla en nome da propiedade. Agora, unha vez arranxada a gran batalla co proletariado, tamén podía ser arranxado o asunto menor dos tendeiros. A masa dos títulos en perigo en París superaba os 21 millóns de francos; nas provincias pasaba con creces dos 11 millóns. Donos de máis de 7.000 negocios non pagaban os seus alugueiros desde febreiro.

A Asemblea Nacional contratara unha investigación sobre os delitos políticos a partir de febreiro; agora os pequenos burgueses esixían pola súa parte unha investigación sobre as débedas civís ata o 24 de febreiro. Reuníronse en masa no vestíbulo da bolsa

esixindo, entre ameazas, que os negociantes que puidese probar que só se volveran insolventes por mor da revolución e que o seu negocio era próspero o 24 de febreiro, tiveran dereito á prórroga do prazo do pagamento por unha sentenza do xulgado comercial. E tamén que se obrigase por lei ao acredor a retirar a súa reclamación a cambio dun módico abono porcentual da súa reclamación. Esta cuestión foi tratada na Asemblea Nacional como proposta de lei baixo a forma de «acordos amigables». A Asemblea dubidaba sobre estas medidas, cando de pronto lle chegou a nova de que á mesma hora, na porta de Saint Denis, milleiros de mulleres e fillos de insurxentes preparaban unha petición de amnistía.

Ante o espectro da resucitada pantasma de xuño, os pequenoburgueses tremían e a Asemblea recuperou a súa inflexibilidade. Os «acordos amigables» entre acredores e debedores foron rexeitados nos seus puntos esenciais.

Moito tempo despois de que na Asemblea Nacional os representantes demócratas dos pequenos burgueses foran repelidos polos representantes republicanos da burguesía, esta ruptura parlamentaria cobrou un sentido burgués, real, económico, ao seren entregados os pequenos burgueses, en canto debedores, aos burgueses, os seus acredores. Unha gran parte dos primeiros viuse completamente arruinada e ao resto só se lle permitiu manter o seu negocio baixo condicións que facían del un escravo incondicional do capital. O 22 de agosto de 1848, a Asemblea Nacional rexeitou os «acordos amigables»; o 19 de setembro, en pleno estado de sitio, o príncipe Luís Bonaparte e o preso de Vincennes, o comunista Raspail, foron elixidos representantes de París. Por contra, a burguesía elixiu o usureiro e orleanista Fould. E deste xeito, por todas partes agromou unha declaración de guerra aberta contra a Asemblea Nacional Constituínte, contra o republicanismo burgués e contra Cavaignac.

Non precisa de ningunha explicación polo miúdo comprender de que maneira a masiva bancarrota dos pequenoburgueses de París tivo que estender os seus efectos moito mais aló dos afec-

tados inmediatos, e sacudir aínda máis as relacións económicas burguesas. Mentres, o déficit do Estado medraba de novo polos custos da insurrección de xuño, e os ingresos públicos se reducían pola paralización da produción, pola limitación do consumo e pola redución dos ingresos. Cavaignac e a Asemblea Nacional non podían refuxiarse noutro recurso máis que un novo empréstito, o que os sometía aínda máis baixo o xugo implacable da aristocracia financeira.

Mentres os pequenos burgueses recolleran, como froito da vitoria de xuño, a bancarrota e a liquidación xudicial, os xanízaros de Cavaignac, os gardas móbiles, por contra, atoparon a súa recompensa nos brandos brazos das prostitutas máis requintadas e recibiron, na súa condición de «xuvenís salvadores da sociedade», as aclamacións dos salóns de Marrast, o xentilhome da tricolor, que se presentaba ao mesmo tempo como anfitrión e trobador da máis honesta república. Mentres tanto, esta preferencia social e o desproporcionadamente superior salario dos gardas móbiles foi aumentando a carraxe do exército, mentres ao mesmo tempo desaparecían todas as ilusións nacionais, coas que o republicanismo burgués, por medio do seu xornal *Le National*, fora quen de gañarse a unha parte do exército e da clase campesiña baixo Luís Filipe de Orleáns. A función de intermediarios que Cavaignac e a Asemblea Nacional exercían na Italia do Norte, para vendela en segredo a Austria de acordo con Inglaterra, reduciu á nada nun so día 18 anos de oposición de *Le National*. Ningún goberno foi menos nacional que de *Le National*, ningún foi máis dependente de Inglaterra, por máis que baixo Louis-Philippe vivira da transcrición diaria do catoniano *Carthaginem esse delendam*[25]. Ninguén foi máis servil ante a Santa Alianza, por moito que a Guizot lle esixira no seu día que rachase os tratados de Viena. A ironía histórica fixo a Bastide, o redactor de asuntos estranxeiros de *Le National*, ministro dos Asuntos

[25] «Cartago ten que ser destruída» (N. dos T.).

Exteriores de Francia, para que puidera rebater cada un dos seus vellos artigos con cada un dos seus actuais despachos.

Durante un intre o exército e a clase labrega creran que coa ditadura militar quedaban postos na orde do día de Francia ao mesmo tempo a guerra no exterior e a «gloria». Mais Cavaignac non era a ditadura do sabre sobre a sociedade burguesa; era a ditadura da burguesía imposta por medio do sabre. E polo de agora do soldado só necesitaban o sabre. Baixo os seus severos trazos dunha austeridade propia do republicanismo antigo, Cavaignac ocultaba o máis insulso servilismo baixo as humillantes condicións da súa submisión á burguesía *L'argent n'a pas de maître!* «O diñeiro non ten amo!». Cavaignag e a Asemblea Nacional idealizaban este vello lema do terceiro estado, traducíndoo á linguaxe política do presente: a burguesía non ten rei; a verdadeira forma do seu poder é a república.

Elaborar esa forma, redactar unha Constitución republicana, era precisamente no que consistía a «grande obra orgánica» da Asemblea Nacional Constituínte. No seu día, no curso da revolución Francesa, o cambio do calendario cristián por outro republicano, do san Bartolomeu polo san Robespierre no modificou máis o vento e o tempo do que esa Constitución modificou ou debería modificar a sociedade burguesa. Alí onde foi máis aló dun cambio de traxe, limitouse a levantar fiel acta dos feitos realmente existentes. Así, rexistrou solemnemente o feito da república, o feito do sufraxio universal, o feito dunha única Asemblea Nacional soberana en vez de dúas cámaras constitucionais limitadas. Tamén rexistrou e regulou o feito da ditadura de Cavaignac, cambiando a estacionaria e irresponsable monarquía hereditaria por unha monarquía electiva, pasaxeira e responsable na forma dunha presidencia cuadrienal. E tampouco esqueceu elevar a lei constituínte a realidade dos poderes extraordinarios cos que a Asemblea Nacional dotara preventivamente ao seu presidente, despois dos feitos arrepiantes do 15 de maio e do 25 de xuño, en interese da súa propia seguridade. O resto da Constitución non

era máis que terminoloxía. Da engrenaxe da vella monarquía retiráronse as etiquetas monárquicas e pegáronse outras republicanas. Marrast, antigo redactor xefe de *Le National* e arestora redactor xefe da Constitución desempeñou, non sen talento, ese cometido académico.

A Asemblea Constituínte parecíase a aquel funcionario chileno que quería regular máis polo miúdo as condicións da propiedade da terra por medio dunha medición catastral, no intre mesmo no que un balbordo subterráneo xa anunciaba a erupción volcánica que destruiría completamente o terreo debaixo dos seus propios pés. A Asemblea Nacional, mentres deseñaba en teoría as formas nas que o dominio da burguesía sería expresado de xeito republicano, mantiña a dominación en realidade só pola supresión de todas as formas, pola violencia *sans phrase*, polo poder sen disimulos, en definitiva, polo estado de sitio. Dous días antes de que se iniciase o seu traballo sobre a Constitución proclamou a súa prórroga. No pasado as Constitucións foron feitas e aprobadas en canto o proceso acadaba un punto de calma, as novas relacións de clase consolidábanse e as fraccións en loita da clase dominante refuxiáranse nun compromiso que lles permitiría continuar a loita entre si, e ao mesmo tempo excluír de vez a extenuada clase popular. Contrariamente a isto, esta Constitución non sancionaba ningunha revolución social; sancionaba a vitoria momentánea da vella sociedade sobre a revolución.

No primeiro borrador da Constitución[26], redactado antes das xornadas de xuño, aínda se encontraba o *droit au travail*, o dereito ao traballo, primeira fórmula rudimentaria na que se resumen as aspiracións revolucionarias do proletariado. Foi transformado no dereito á asistencia, o dereito á axuda pública: seica o Estado moderno non lles dá de comer dunha maneira ou

[26] O borrador da Constitución foi elaborado por unha comisión e o 19 de xuño de 1848 presentado por Armand Marrast á Asemblea Nacional. Logo foi publicado en Le *Moniteur Universel* nº 172 , do 20 de xuño de 1848. A *Neue Rheinische Zeitung* do 24 de xuño de 1848 publicou unha tradución ao alemán deste borrador da constitución (N. dos T.).

doutra aos seus pobres? O dereito ao traballo é un absurdo en sentido burgués, un miserento e pío desexo. Agora ben, detrás do dereito ó traballo está o poder dos traballadores sobre o capital; e detrás dese poder sobre o capital está a apropiación dos medios de produción, o seu sometemento baixo a clase traballadora asociada, ou sexa, a supresión do traballo asalariado, do capital e das súas relacións recíprocas. Detrás do «dereito ao traballo» estaba a insurrección de xuño. A Asemblea Constituínte, que puxo ao proletariado revolucionario de feito fóra da lei, tivo que botar en principio a aquela súa fórmula fora da Constitución, a lei de leis, e colgar o seu anatema sobre o «dereito ao traballo». Pero non ficou aí. O mesmo que Platón fixo na súa república cos poetas, a saber, desterralos para toda a eternidade, a Asemblea botou da súa república para sempre o imposto progresivo sobre a renda. E o imposto progresivo non é só un castigo burgués, aplicable dentro das existentes relacións de produción a maior ou menor escala; era o único medio de achegar a república «honesta» ás capas medias da sociedade burguesa, de reducir a débeda pública e de ter en xaque á maioría burguesa antirrepublicana.

Coa ocasión dos acordos amigables, os republicanos tricolores sacrificaran, como xa temos visto, á pequena burguesía en pro da grande burguesía. Despois, elevaron á categoría de principio este feito illado, valéndose da prohibición legal do imposto progresivo. Déronlle á reforma burguesa o mesmo trato ca revolución proletaria. Porén, que clase quedou como sostén da súa república? A gran burguesía que, por certo, era masivamente antirrepublicana. Cando lle facía as beiras aos republicanos de *Le National* para volver reforzar as vellas relacións económicas de produción, matinaba tamén explotar ese réxime para reinstaurar as correspondentes e vellas formas políticas. Xa a primeiros de outubro se vira forzado Cavaignac a facer ministros da república a Dufaure e a Vivien, antigos ministros de Luís Filipe, malia o moito que os descerebrados puritanos do seu propio partido se alporizaron

e protestaron. Mentres a Constitución tricolor rexeitaba todo compromiso coa pequena burguesía e non lograba atraer cara á nova forma do Estado a ningún elemento novo da sociedade, en cambio, apurábase a devolverlle a tradicional intanxibilidade a un corpo no que o vello sistema político atopou os seus máis encarnizados e fanáticos defensores. Elevou a inamovibilidade dos xuíces, posta en tela de xuízo polo goberno provisorio, á categoría de lei constitucional. O único rei que ela cesara, que era *un so*, resucitaba a centos nestes incesables inquisidores da legalidade.

A prensa francesa expuxo desde moitas ópticas as contradicións do señor Marrast, como, por exemplo, a coexistencia de dous soberanos, a Asemblea Nacional e o presidente da República etc. Así e todo, a contradición fundamental desta Constitución consiste no seguinte: mediante o sufraxio universal, dálle o poder político ás clases cuxa escravitude social debería eternizar: o proletariado, os labregos, os pequenos burgueses. E á clase da que sanciona o seu antigo poder social, a burguesía, retíralle as garantías políticas do seu poder. Somete o seu poder político a condicionantes democráticos que en calquera intre poden facilitar a vitoria das clases populares, e poñer en cuestión os fundamentos mesmos da enteira sociedade burguesa. De uns esixe que non pasen da emancipación política á emancipación social; e dos outros que non retrocedan da restauración social á restauración política.

Estas contradicións importábanlle pouco aos republicanos burgueses. Na mesma medida na que deixaban de ser imprescindibles —e só o foron como precursores da loita da vella sociedade contra o proletariado revolucionario— íanse afundindo e, ao pouco tempo da súa vitoria, pasaban de constituír un partido político ao nivel dunha mera facción. Trataban a Constitución coma unha grande intriga. O que tiña que ser constituído nela era ante todo o dominio daquela camarilla. O presidente tiña que ser unha prolongación de Cavaignac e a Asemblea Lexislativa

unha reedición da Constituínte. Esperaban rebaixar o poder político das masas populares ao nivel dunha mera ficción. E manexar esa ficción para ameazar constantemente á maioría da burguesía co dilema das xornadas de xuño; a saber: ou imperio de *Le National* ou imperio da anarquía.

A obra constituínte iniciada o 4 de setembro rematouse o 23 de outubro. O 2 de setembro a Asemblea Constituínte decidira non disolverse ata que as leis orgánicas complementarias da Constitución estivesen promulgadas. Porén, decidiuse por lle dar vida xa o 10 de setembro á súa propia criatura, o Presidente, moito antes de que estivese pechado o ciclo da súa labor constituínte. Tan segura estaba de celebrar no homúnculo da Constitución ó fillo de súa nai. Por precaución tomárase a medida de que, se ningún dos candidatos acadase dous millóns de votos, a elección pasaría da Nación á Constituínte. Inútil precaución! O primeiro día da entrada en vigor da Constitución foi o derradeiro día do dominio da Constituínte! No fondo da urna electoral estaba a súa condena a morte. A Constituínte buscaba o «fillo da súa nai» e atopou o «sobriño do seu tío». O Saúl Cavaignac xuntou un millón de votos, mais o David Napoleón acadou seis millóns. O Saúl Cavaignac foi derrotado seis veces!

O 10 de decembro de 1848 foi o día da insurrección dos campesiños. Ata ese día non comezou febreiro para os labregos franceses. O símbolo que expresa a súa entrada no movemento revolucionario, torpe e astuto, pícaro e inxenuo, tolo e sublime, de calculada superstición, de burla patética, de anacronismo xenial e necio, unha bufonada histórico-universal, un xeroglífico indescifrable para a intelixencia de seres humanos civilizados. Ese símbolo portaba dun xeito inconfundible a fisionomía da clase que representaba á barbarie dentro da civilización. A república presentárase ante esa clase coa figura odiosa do recadador de impostos; ela, pola súa vez, presentouse ante a república co emperador. Napoleón fora o único home que representara en plenitude os intereses e a fantasía da nova clase labrega francesa,

recen creada en 1789. Escribindo o seu nome sobre o frontispicio da república, o campesiñado declaraba cara a fóra e cara a dentro a posta en valor do seu interese de clase. Para os campesiños Napoleón non era unha persoa, senón un programa. Acudiron ás mesas electorais con bandeiras e música ao berro de non máis impostos!, Abaixo os ricos!, Abaixo a república!, Viva o emperador! Detrás do emperador agachábase a loita dos labregos. A república que botaban abaixo era a república dos ricos.

O 10 de decembro constituíu un golpe de Estado dos campesiños, que botou abaixo ao goberno establecido. E a partir dese día nos que quitaron un goberno a Francia e lle deron outro, fitaban permanentemente cara a París. Por un intre foran heroes activos do drama revolucionario e xa non podían ser forzados a volveren ao inactivo e apático papel de simples corifeos.

As restantes clases contribuíron a completar a vitoria electoral dos campesiños. Para o proletariado a elección de Napoleón era o cesamento de Cavaignac, a caída da Constituínte, a renuncia do republicanismo burgués, a anulación da vitoria de xuño. Para a pequena burguesía a vitoria de Napoleón significaba o dominio do debedor sobre o acredor. Para a maioría da gran burguesía a elección de Napoleón era a ruptura aberta coa fracción daqueles dos que tivo que botar man no seu día contra a revolución, e que se lle fixo insoportable desde o momento que tratou de consolidar aquela posición momentánea como unha posición constitucional. Napoleón, no canto de Cavaignac, era para ela a monarquía no sitio da república, o inicio da restauración realista, do timidamente insinuado Orléans, a flor de lis agachada entre violetas[27]. Finalmente, o exército votou por Napoleón contra a Garda Móbil, contra o idilio da paz e en favor da guerra.

Aconteceu así, como o escribira a *Neue Rheinische Zeitung*, que o home máis simple de Francia veu acadar o significado máis

[27] A *flor de lis* era o símbolo da monarquía dos Borbóns, mentres a violeta era o emblema dos bonapartistas (N. dos T.).

complexo[28]. Xusto porque non era nada, podía representalo todo, agás a si mesmo. Porén, por moi variado que fora o significado do nome Napoleón en boca das diferentes clases, cada un deles escribiu con este nome na súa papeleta de voto: abaixo o partido de *Le National*!, abaixo Cavaignac!, abaixo a Constituínte!, Abaixo a república burguesa! O ministro Dufaure aclarouno publicamente na Asemblea Constituínte: o 10 de decembro é un segundo 24 de febreiro.

A pequena burguesía e o proletariado votaran en bloque por Napoleón para así votar contra Cavaignac e, mantendo xuntos os seus votos, arrancarlle á Constituínte a decisión definitiva. Así e todo, a parte máis progresista de ambas as dúas clases presentou os seus candidatos. Napoleón era o nome colectivo de todos os partidos coligados contra a república burguesa; Ledru-Rollin e Raspail eran os nomes propios, o primeiro o da pequena burguesía democrática, o segundo, o do proletariado revolucionario. Os votos para Raspail —os proletarios e os seus voceiros socialistas explicárono ben alto— so perseguían unha finalidade testemuñal: unha protesta contra a presidencia, é dicir contra a mesma Constitución, do mesmo xeito que contra Ledru-Rollin. De feito foi o primeiro acto a través do cal o proletariado se separou como partido político do partido democrático. Por contra, este partido —a pequena burguesía democrática e o seu representante parlamentario, a Montaña trataba a candidatura de Ledru-Rollin con toda a seriedade coa que eles mesmos teñen o festivo hábito de se enganaren a si mesmos. Por certo, esta era a súa derradeira tentativa de se mobilizaren contra o proletariado coma un partido independente. Agora ben, non só foi derrotado o partido republicano burgués, o 10 de decembro tamén foron derrotadas a pequena burguesía democrática e a súa Montaña.

[28] Marx fai aquí referencia a unha nova de París do 18 de decembro, que baixo o indicativo do correspondente Ferdinand Wolff fora publicada na *Neue Rheinische Zeitung* do 21 de decembro de 1848 (N. dos T.).

Francia posuía agora a carón da *Montaña* un *Napoleón*, proba de que ambos os dous só eran as imaxes borrosas, caricaturas sen vida das grandes realidades históricas da revolución Francesa das que tomaban o nome. Luís Napoleón, co seu chapeu imperial e a súa aguia simbólica non parodiaba máis desgraciadamente ó vello Napoleón do que o facía a nova Montaña, coas súas frases plaxiadas de 1793 e as súas poses demagóxicas. A tradicional superstición do 1793 foi así abandonada xuntamente coa do primeiro Napoleón. A revolución non conseguiría ser verdadeiramente revolucionaria ata recuperar o seu nome propio e orixinal, cousa que só se conseguiu cando a clase revolucionaria moderna, o proletariado industrial, se puxo á súa cabeza en posición dominante. Pódese dicir que o 10 de decembro deixaba perplexa á Montaña, dubidando da súa propia saúde mental, ao quebrar entre risadas, cunha vulgar brincadeira de labregos, a clásica analoxía coa vella revolución.

O 20 de decembro Cavaignac presentou a súa renuncia ao seu cargo e a Asemblea Constituínte proclamou a Luís Napoleón presidente da República. O 19 de decembro, derradeiro día do seu poder autoritario, rexeitou a solicitude de amnistía para os insurxentes de xuño. A revogación do decreto do 27 de xuño, co que aquela Asemblea, saltándose a sentenza xudicial, condenara á deportación 15.000 insurxentes, non significaba, de feito, a revogación da propia matanza de xuño?

Odilon Barrot, o último ministro de Luís Filipe, converteuse no primeiro ministro de Luís Napoléon. E do mesmo xeito que Luís Napoleón non databa no 10 de decembro o día do seu ascenso ao poder, senón nunha consulta senatorial de 1804, así encontrou un presidente do consello de ministros que databa o seu ministerio non no 24 de decembro, senón nun decreto real do 24 de febreiro. Como herdeiro lexítimo de Luís Filipe, Luís Napoleón moderou o impacto do cambio de goberno ao manter o antigo ministerio, que aínda non dispuxera de tempo dabondo como para se desgastar, pola simple razón de non ter nacido.

Os xefes das faccións burguesas realistas aconselláronlle esta escolla. A cabeza da vella oposición dinástica, que creara sen se decatar a transición cara aos republicanos de *Le National,* aínda era quen de construír, con plena conciencia, a transición da república burguesa á monarquía.

Odilon Barrot era a cabeza do único vello partido da oposición, que, pelexando sempre inutilmente por unha carreira ministerial, aínda non se desacreditara. A revolución lanzou en rápida sucesión a todos os vellos partidos da oposición ás alturas do Estado, para que tivesen que desmentir e renegar non só de feito senón tamén verbalmente a súa vella fraseoloxía e, finalmente, fusionados nun repugnante corpo híbrido, seren precipitados polo pobo ao lixo da historia. E, xa que logo, ningunha apostasía foi aforrada por este Barrot, personificación do liberalismo burgués, quen, ao longo de dezaoito anos agachara baixo unha aparencia de seriedade o infame baleiro do seu espírito[29]. Se nalgúns momentos concretos o contraste excesivamente chocante entre os cardos do presente e os loureiros do pasado o tiña arrepiado, unha ollada no espello devolvíalle a calma ministerial e a humana admiración e fachenda. Quen o miraba desde o espello era Guizot, ao que el sempre envexara, que sempre o tratara como a un aprendiz; o mesmo Guizot en persoa, mais un Guizot coa fronte olímpica de Odilon. O que el non viu eran as orellas de Midas[30]. O Barrot do 24 de febreiro revelouse agora no Barrot do 20 de decembro. A el, orleanista e volteriano, asociouse agora como ministro de cultura o lexitimista e xesuíta Falloux.

Poucos días máis tarde transferíuselle o Ministerio do interior a Léon Faucher, o malthusiano. O dereito, a relixión, a economía política! O goberno Barrot contiña todo isto máis unha fusión de lexitimistas e orleanistas. Só faltaba o bonapartista.

---

[29] Adaptación dunha cita da novela de Laurence Sterne *The Life and Opinions of Tristram Shandy, Gentleman*, Tomo I, capítulo 11 (N. dos T.).

[30] As orellas de Midas. Orellas de burro coas que, segundo unha antiga tradición, Apolo agraciara ao rei Midas (N. dos T.).

Bonaparte ocultaba aínda o pracer de representar a Napoleón, pois Soulouque aínda non representaba o papel de Toussaint-Louverture[31].

Desterrouse inmediatamente opartido de *Le National* de todos os postos de relevo aos que se elevara: prefectura de policía, dirección de correos, procuración xeral, concello de París, todo foi cuberto con vellas criaturas da monarquía. Changarnier, o lexitimista, recibiu o mando supremo unido da Garda Nacional dos departamentos do Sena, da Garda Móbil e das tropas regulares da Primeira División Militar. Bugeaud, o orleanista, foi nomeado comandante supremo do exército dos Alpes. Este cambio de funcionarios mantívose ininterrompidamente baixo o goberno Barrot. O primeiro acto do seu ministerio foi a restauración da antiga administración monárquica. Nun intre mudou a escena oficial: o decorado, os traxes, a linguaxe, os actores, os figurantes, os comparsas, os apuntadores, a posición dos partidos políticos, o móbil da acción, o contido da tensión dramática, a totalidade da situación. Só a prehistórica Asemblea Constituínte se atopaba aínda no seu sitio. Porén, desde o momento no que a Asemblea Constituínte instalara a Bonaparte, que Bonaparte instalara a Barrot, que Barrot a Changanier, Francia saíu do período da Constitución da República para entrar no período da República constituída. Agora ben, que pintaba unha Asemblea Constituínte nunha república constituída? Unha vez que a Terra foi creada, ao Creador non lle quedaba outra que fuxir ao ceo. Pero a Asemblea Constituínte estaba decidida a non seguir o seu exemplo; a Asemblea Nacional era o derradeiro refuxio do partido dos republicanos burgueses. Por máis que se lles arrebataran todos os recursos do poder executivo, non lle quedaba

[31] Soulouque, Faustin. Presidente da república de Haití. O 26 de agosto de 1849 proclamouse emperador Faustin I, tristemente célebre pola súa ignorancia, crueldade e vaidade. A prensa antibonapartista apúxolle este nome ao presidente Luís Bonaparte.

Toussaint-Louverture. Líder do movemento revolucionario dos negros de Haití, que durante a revolución francesa a finais do século XVIII, loitou contra a dominación dos españois e dos ingleses (N.dos T.).

aínda o poder supremo constituínte? Velaí, pois, o seu primeiro pensamento: manter baixo calquera circunstancia os postos soberanos que posuía e desde aí recuperar o terreo perdido. A mera supresión do ministerio Barrot, e a súa substitución por un ministerio de *Le National*, faría que o persoal monárquico tivese que abandonar os palacios da administración, para que o persoal da tricolor entrara triunfalmente. A Asemblea Nacional decidiu a caída do ministerio e o mesmo ministerio ofreceulle unha oportunidade de ataque tal que mesmo a Constituínte non a podía atopar mellor.

Recórdese o que Luís Bonaparte significaba para os labregos: «Abaixo os impostos!». Seis días levaba sentado na súa cadeira presidencial, cando o sétimo día, o 27 de decembro, o seu ministerio propuxo o mantemento do imposto do sal, que fora suprimido polo goberno provisional. O imposto sobre o sal comparte canda o imposto sobre o viño o privilexio de ser o chibo expiatorio do vello sistema financeiro francés, especialmente aos ollos da poboación rural. O ministerio Barrot non podía poñer na boca do elixido dos labregos ningún epigrama máis cáustico dirixido aos seus electores cas palabras «Reintroducir o imposto do sal!» Co imposto sobre o sal perdeu Napoleón o seu sal revolucionario. O novo Napoleón, saído da revolta dos campesiños, diluíuse coma unha imaxe fantasmagórica na brétema. Detrás del só quedou o gran descoñecido da intriga burguesa monárquica. E non por casualidade o ministerio Barrot fixo deste acto de descortés e torpe desilusión o primeiro acto de goberno do presidente.

Pola súa banda, a Constituínte aproveitou avidamente a dobre oportunidade de botar abaixo o goberno e de se proclamar ante os representantes dos campesiños como a defensora dos seus intereses. Rexeitou a proposta do ministro de finanzas; rebaixou o imposto sobre o sal a un terzo da súa precedente contía, acrecentando así en sesenta millóns un déficit do Estado de máis de 560 millóns e, despois desta moción de censura, esperou tranquilamente a dimisión do ministerio. Isto viña demostrar o

escasa que era a súa comprensión do novo mundo que a rodeaba, así como o cambio sufrido na súa propia posición. Pois detrás do ministerio estaba o presidente e detrás do presidente estaban os seis millóns de labregos que tamén depositaran na urna electoral outras tantas mocións de censura contra a Constituínte. Esta lle devolveu á nación o seu voto de desconfianza. Que ridículo intercambio! A Constituínte esquecera que os seus votos perderan o curso de cambio forzoso. O rexeitamento do imposto sobre o sal reforzou a decisión de Bonaparte e do seu ministerio de acabar coa Asemblea Constituínte. Empezaba así aquel longo duelo que ocupou completamente toda a segunda parte da existencia da Constituínte. O 29 de xaneiro, o 21 de marzo e o 8 de maio foron as xornadas grandes desta crise, precursoras do 13 de xuño.

Os franceses, por exemplo, Louis Blanc, concibiron o 29 de xaneiro como o agromar dunha seria contradición constitucional, da contradición entre, por unha parte, unha Asemblea Nacional soberana, indisoluble, nacida do sufraxio universal; e, por outra, un presidente, que segundo o texto constitucional era responsable ante ela. Mais na realidade non só o presidente fora consagrado polo sufraxio universal, reunía na súa persoa todos os votos que se reparten e se espallan por centos entre cada un dos membros da Asemblea Nacional, ademais estaba en posesión completa de todo o poder executivo, sobre o cal a Asemblea Nacional só está por riba como mero poder moral. Esta interpretación do 29 de xaneiro confunde a linguaxe da loita na tribuna, na prensa e nos clubs co seu verdadeiro sentido político. Luís Bonaparte fronte á Asemblea Nacional Constituínte non era un poder constitucional unilateral contra outro, non era o poder executivo contra o lexislativo. Era a mesma república burguesa constituída enfrontada aos instrumentos da súa constitución, contra as ambiciosas intrigas e as esixencias ideolóxicas da fracción revolucionaria burguesa que a fundara, que agora se sorprendía de que a súa república constituída se parecese tanto a unha monarquía restaurada. E por riba esa fracción burguesa quería manter pola

forza o período constituínte aberto, cos seus condicionantes e as súas ilusións, a súa fala e as súas persoas e queríalle impedir á madura república burguesa revelarse na súa forma política completa e característica. Así como a Asemblea nacional representaba o xa superado Cavaignac, tamén Bonaparte representaba a Asemblea Nacional lexislativa, que aínda non se separara completamente del, ou sexa a Asemblea Nacional da república burguesa constituída.

A elección de Bonaparte só se podía explicar poñendo no lugar daquel nome os seus polisémicos significados cando se repetira a elección da nova Asemblea Nacional. O 10 de decembro anulara o mandato da antiga Asemblea. Xa que logo, os que se enfrontaban o 29 de xaneiro non eran o presidente e a Asemblea Nacional da mesma república; eran a Asemblea Nacional da república en proceso constituínte e o presidente da república xa constituída. Dous poderes que representaban períodos completamente distintos do proceso histórico da república. Eran, por unha banda, a pequena fracción republicana da burguesía, que só podía proclamar a república, loitar por ela contra o proletariado revolucionario co combate nas rúas e o poder do terror, e despois trazar as súas liñas básicas da súa constitución; e, por outra banda, toda a masa monárquica da burguesía, a única que podía dominar nesta república burguesa constituída, despoxar á Constitución dos seus engadidos ideolóxicos e facer efectivas, por medio da súa lexislación e da súa administración, as condicións necesarias para o sometemento do proletariado.

A treboada que se descargou o 29 de xaneiro fórase formando ao longo de todo o mes. Co seu voto de desconfianza, a Constituínte quería forzar a renuncia do ministro Barrot. En resposta, o ministerio Barrot propúxolle á Constituínte que se dese a si mesma un voto de desconfianza definitivo, que decidise o seu suicidio, que decretase a súa propia disolución. Rateau, un dos máis escuros deputados, presentoulle o 6 de xaneiro, por orde do goberno, esta moción á Constituínte, precisamente á mesma Constituínte que xa no mes

de agosto decidira non disolverse antes de publicar toda unha serie de leis orgánicas complementarias da Constitución. O ministerial Fould explicoulle con franqueza que a súa disolución era necesaria para a «recuperación do crédito perdido». Acaso a Constituínte non perturbaba o crédito ao prolongar o estado de provisionalidade ou cando con Barrot poñía en cuestión a Bonaparte, e con Bonaparte á república constituída? Velaí a Barrot, o olímpico, convertido nunha sorte de Orlando Furioso, ante a perspectiva de verse unha vez máis desposuído da acabada de adquirir presidencia do Consello de Ministros —que xa os republicanos prolongaran un «decenio», é dicir, dez meses— despois de gozala dúas semanas escasas, superando con creces aos tiranos no seu comportamento coa probe Asemblea. O máis suave que dixo foi: «Con ela non será posible futuro ningún». E ben certo era, polo demais, que a Asemblea xa só representaba o pasado. Por riba, engadiu ironicamente: «É incapaz de dotar á República coas institucións que resultan necesarias para a súa consolidación». E, efectivamente, co exclusivo enfrontamento co proletariado, quedaba ao mesmo tempo quebrada a enerxía burguesa da Asemblea. E co enfrontamento cos monárquicos, reavivábase o seu entusiasmo republicano. Deste xeito era dobremente incapaz de consolidar as institucións correspondentes a unha república que xa nin era quen de concibir.

Coa proposta de Rateau o Goberno provocou simultaneamente en todo o país unha auténtica treboada de peticións; todos os días, desde as catro esquinas de Francia, lanzábanse contra a cabeza da Constituínte sacas ateigadas de amorosas cartas nas que se requiría categoricamente que se disolvese dunha vez e fixese o seu testamento. Á súa vez, a Constituínte promoveu peticións contrarias nas que se lle animaba a seguir en activo. A pasada confrontación electoral entre Bonaparte e Cavaignac renovouse en forma de loita de peticións en pro e en contra da supresión da Asemblea Nacional. Estas peticións viñan a ser unha sorte de comentarios adicionais ao 10 de decembro. Unha tal axitación mantívose durante todo o mes de febreiro.

No conflito entre a Constituínte e o presidente aquela non podía recorrer á elección universal como á súa propia orixe, toda vez que o presidente fora elixido, de xeito incontestable, mediante sufraxio universal. Non se podía apoiar en ningún poder constituído por tratarse da loita contra o poder legal. Non podía botar abaixo o ministerio por medio dunha moción de censura, como tentara facer aínda unha vez máis o 6 e o 26 de xaneiro, porque o ministerio non requiría do seu voto de confianza. Só lle quedaba *unha* posibilidade: a insurrección. As forzas armadas da insurrección eran a parte republicana da Garda Nacional, a Garda Móbil e os centros do proletariado revolucionario, os clubs. Os gardas móbiles, eses heroes das xornadas de xuño, constituían tamén en decembro a forza de combate organizada da fracción burguesa republicana, do mesmo xeito que antes de xuño os Talleres Nacionais formaran a forza de combate organizada do proletariado revolucionario. Así como a comisión executiva da Constituínte dirixiu o seu brutal ataque contra os talleres nacionais cando tiña que poñerlles fin ás insoportables aspiracións da fracción burguesa republicana, así tamén actuou o ministerio de Bonaparte contra a garda móbil cando había que poñerlles fin ás pretensións, que tamén se volveran insoportables, da fracción burguesa republicana. Deuse a orde de disolución da Garda Móbil. Unha metade dela foi despedida e botada á rúa; a outra recibiu en lugar da organización democrática outra monárquica e a súa paga foi rebaixada á altura da soldada normal das tropas de liña. A Garda Móbil atopouse na situación dos insurxentes de xuño. Os xornais publicaban diariamente confesións públicas nas que a Garda Móbil recoñecía a súas culpas polo comportamento de xuño e suplicábanlle perdón ao proletariado.

E que foi dos clubs? Desde o momento en que a Asemblea Constitucional cuestionaba en Barrot ao presidente, no presidente á república burguesa constituída, e na república constituída á república burguesa en xeral, axuntábanse necesariamente arredor dela todos os elementos constituíntes da república

de febreiro, todos os partidos que querían derrubar a república existente e transformala nunha república ao servizo dos seus intereses de clase, a través dun proceso violento de restitución. Unha vez máis, o sucedido semellaba que non sucedera nunca, as cristalizacións do movemento revolucionario licuáranse unha vez máis, a república pola que se pelexara era de novo a república indeterminada dos días de febreiro, da que cada partido se reservaba unha interpretación propia. Por un intre os partidos adoptaron de novo as súas posicións de febreiro, pero sen compartiren as mesmas ilusións. Os republicanos tricolores de *Le National* volveron apoiarse sobre os republicanos demócratas de *La Réforme* e os empurraban ao primeiro plano da loita parlamentaria. Os republicanos demócratas volveron apoiarse sobre os republicanos socialistas, reconciliándose mediante o manifesto do 27 de xaneiro,[32] e dispuxeron dos clubs como os seus recursos insurreccionais. A prensa pro gobernamental trataba, con razón, os republicanos «tricolores» de *Le National* como resucitados insurxentes de xuño. Para se afirmaren á cabeza da república burguesa, puxeron en cuestión á mesma república burguesa. O ministro Faucher propuxo o 26 de xaneiro unha lei sobre o dereito de asociación cun parágrafo que empezaba así: «Fican prohibidos todos os clubs». E inmediatamente presentaba a proposta de levar canto antes a debate, con carácter de urxencia, este borrador de lei. A Constituínte rexeitou a solicitude de urxencia, e o 27 de xaneiro Ledru-Rollin presentou unha proposta asinada por 200 firmas pedindo procesar o goberno, acusándoo de violar a Constitución. A petición de acusación ao goberno por vulnerar a Constitución foi no sucesivo o grande triunfo revolucionario que xogaría o epígono da Montaña nos sucesivos momentos da crise. Pero o facía nun momento en que un acto así era ou ben unha torpe posta en evidencia da impoten-

[32] O texto do *Manifesto de 1849 do 27 de xuño* foi publicado pola *Neue Rheinische Zeitung* nº 209 do 31 de xaneiro de 1849 (Nota de Marx).

cia do xuíz, é dicir da maioría da Cámara, ou ben unha protesta impotente de parte do demandante contra esta mesma maioría. Coitada Montaña, esmagada polo peso do seu propio nome!

Blanqui, Barbés, Raspail, etc, intentaron o 15 de maio disolver a Asemblea Constituínte, entrando violentamente na súa sala de sesións á cabeza do proletariado de París. Barrot dispensoulle á mesma Asemblea un 15 de maio moral, por así dicilo, pretendendo ditarlle a súa propia disolución e pechar a súa sala de sesións. Esta mesma Asemblea encargáralle a Barrrot unha investigación contra os acusados de maio e agora, nestes momentos no que Barrot comparecía ante aquela coma unha sorte de Blanqui monárquico, en que a propia Asemblea buscaba febrilmente aliados nos clubs, entre proletarios revolucionarios, e mesmo no partido de Blanqui, xusto neste intre, o inexorable Barrot torturábaa coa proposta de retirarlle os prisioneiros de maio aos tribunais de xurados e de remitirllos ao Tribunal Supremo (Haute Cour) inventado polo partido de *Le National*. É curioso como o medo xerado arredor dunha carteira ministerial podía facer agromar na cabeza de Barrot ocorrencias dignas dun Beaumarchais. Despois de moitas vacilacións a Asemblea Nacional aprobou a súa solicitude. Fronte aos autores do atentado de maio recuperou o seu carácter normal.

Se a Constituínte se viu forzada á insurrección ante o presidente e os ministros, o presidente e o Goberno da constituínte víronse impelidos ao golpe de Estado, pois non dispuñan de ningún medio legal para disolvela. Porén, a Constituínte era a nai da Constitución e a Constitución era a nai do presidente. Co golpe de Estado o presidente rachou a Constitución e cancelou o seu propio título xurídico republicano. Entón, xa que logo, estaba obrigado a optar polo título xurídico imperial. Pero o título imperial evocaba o orleanista, e ambos os dous palidecían ante a pretensión xurídica lexitimista. A caída da república legal só podía proxectar nas alturas o seu máis xenuíno contrario, a monarquía lexitimista, nun intre no que o partido orleanista só

era o derrotado de febreiro e Bonaparte era o vencedor do 10 de febreiro, onde ambos os dous á súa vez tampouco lle podían opoñer á usurpación republicana nada máis que os seus tamén usurpados títulos monárquicos. Os lexitimistas eran conscientes da oportunidade que o momento lles ofrecía e conspiraban a plena luz do día. Podían confiar en atopar o seu Monk no xeneral Changarnier.[33] *A* chegada da monarquía branca foi anunciada nos seus clubs tan abertamente coma a chegada da república roxa nos medios proletarios.

Cunha revolta felizmente esmagada o ministerio tería esquivado todas as dificultades. «A legalidade mátanos», proclamou Odilón Barrot. Unha revolta tería permitido, baixo o pretexto do ben público, suprimir a Constituínte e atentar contra a Constitución no interese dela mesma. A brutal intervención de Odilón Barrot na Asemblea Nacional, a proposta de disolución dos clubs, o ruidoso cesamento de cincuenta prefectos tricolores e a súa substitución por outros tantos prefectos monárquicos, a supresión da Garda Móbil, o maltrato aos seus xefes por parte de Changarnier, a rehabilitación de Lerminier, un profesor xa imposible mesmo baixo Guizot, a tolerancia ante as bravatas lexitimistas... constituían outras tantas provocacións á revolta. Mais a revolta non se produciu. Agardaba o seu sinal da Constituínte e non do Goberno.

Finalmente chegou o 29 de xaneiro, o día no que había que tomar unha decisión sobre a proposta de Mathieu de la Drôme de rexeitamento incondicional da proposición de Rateau. Lexitimistas, orleanistas, Garda Móbil, Montaña, clubs... todo o mundo conspiraba naqueles días tanto contra o suposto inimigo como contra o suposto aliado. Bonaparte, desde o alto do seu cabalo, pasaba revista a unha parte das tropas na praza da Concordia; Changarnier representaba unha comedia con osten-

[33] O xeneral inglés George Monk reinstaurou en 1660 a dinastía dos Estuardo coa axuda das súas tropas (N. dos T.).

tación dun abano de manobras estratéxicas; a Constituínte atopouse coa súa sede de sesións ocupada militarmente. Ela mesma, punto central no que confluían todas as esperanzas, temores, expectativas, movementos, tensións, conspiracións, a valorosa Asemblea, tivo un intre de dúbida cando viu tan preto a súa hora derradeira. Semellaba aquel combatente que non só temía o uso da súa propia arma, senón que tamén se sentía obrigado a manter intactas as armas do seu inimigo. Desprezando a morte, asinou a súa propia pena máxima e rexeitou que se desestimase incondicionalmente a proposta de Rateau. Ao atoparse sometida ao estado de sitio, púxolle ela mesma límites a unha actividade Constituínte que tiña como marco necesario o estado de sitio de París. Vingábase así, dun xeito digno dela, ordenando ao día seguinte unha investigación sobre o susto que o goberno lle dera o 29 de xaneiro. A Montaña puxo en evidencia a súa carencia de enerxía revolucionaria e de visión política cando se deixou instrumentalizar polo partido de *Le National* como provocadora da liorta nesta grande comedia de intriga. Este último partido fixera a derradeira tentativa de seguir mantendo nesta república constitucional o monopolio do poder que posuía na época da formación da república burguesa. Pero fracasou totalmente no seu intento.

Se na crise de xaneiro se trataba da existencia da Constituínte, na do 21 de marzo tratábase da existencia da Constitución, dito doutro xeito, alí tratábase do persoal do Partido Nacional e aquí do seu ideal. Fala por si so o feito de que os republicanos «honestos» abandonaran tan facilmente a coherencia coa súa radical ideoloxía ante o máis mundano pracer de dispor dunha cadeira no goberno. Na orde do día da Asemblea Nacional do 1 de marzo figuraba o borrador de Faucher da lei contra o dereito de asociación: a supresión dos clubs. O artigo 8 da Constitución garántelle a todos os franceses o libre dereito de se asociaren. Xa que logo, a prohibición dos clubs era unha indubidable violación da Constitución e a mesma Constituínte debería canonizar a profanación dos seus santos. Mais os clubs eran os centros de reunión,

as sedes de conspiración do proletariado revolucionario. A mesma Asemblea Nacional prohibira a coalición dos traballadores contra os burgueses. E que outra cousa eran os clubs, mais que unha coalición da totalidade da clase traballadora contra a totalidade da clase burguesa, a creación dun Estado obreiro fronte ao Estado burgués? Non eran unha sorte de Asembleas Constituíntes do proletariado e outras tantas seccións militares da revolta dispostas para a loita? O que a Constitución debería constituír sobre todo era a dominación da burguesía. Xa que logo, a Constitución só podía manifestamente entender baixo o dereito de asociación, o dereito daquelas asociacións que están en sintonía coa a orde burguesa. Cando, por mero decoro teórico, se expresaba de xeito xeral, non estaban alí acaso o Goberno e a Asemblea Nacional para expoñela e aplicala aos casos particulares? E, se na antediluviana época da república, os clubs estaban realmente prohibidos polo estado de sitio, non terían por forza que estar prohibidos por lei na república regulamentada e constituída? Os republicanos tricolores non tiñan nada que obxectarlle a esta interpretación da Constitución, agás a redundante linguaxe da mesma. Unha parte deles, Pagnere, Duclerc, etc., votou en favor do ministerio proporcionándolle así a maioría necesaria. A outra parte, co arcanxo Cavaignac e o pai da Igrexa Marrast á cabeza, unida a Ledru-Rollin e á Montaña, retirouse a un dos despachos das comisións parlamentares para «deliberaren», iso si, despois de que o artigo sobre a prohibición dos clubs superara a votación. A Asemblea Nacional estaba paralizada; non lograba o número de votos que precisaba para adoptar acordos. Oportunamente o señor Crémieux recordou no devandito despacho que desde alí baixaba un camiño que conducía directamente á rúa, e que xa non se estaba en febreiro de 1848 senón en marzo de 1849. O partido de *Le National* repentinamente iluminado, voltou ao salón de Plenos da Asemblea Nacional e detrás del o fixo a unha vez máis enganada Montaña, que, continuamente torturada por veleidades revolucionarias, andaba continuamente á febril procura de

posibilidades constitucionais, e se sentía cada vez mais cómoda no seu posto detrás dos republicanos burgueses, que diante do proletariado revolucionario. Así rematou a comedia. E a mesma Constituínte decretara que a violación do texto da Constitución era a única realización consecuente do seu sentido literal.

Só ficaba un asunto por resolver: a relación da república constituída coa revolución europea, a súa política exterior. O 8 de maio de 1849 reinaba unha insólita excitación na Asemblea Constituínte, á que en principio lle quedaban poucos días de vida. O ataque do exército francés sobre Roma, o seu rexeitamento polos romanos, a súa infamia política e o seu ridículo militar, o asasinato aleivoso da república Romana por parte da república Francesa, a primeira campaña italiana do segundo Bonaparte... eran os acontecementos que estaban na orde do día. A Montaña xogara unha vez máis o seu grande triunfo, Ledru-Rollin puxera de novo sobre a mesa do presidente a manida acta de acusación contra o ministerio, e nesta ocasión tamén contra Bonaparte, por vulneración da Constitución. O motivo do 8 de maio repetiuse máis tarde como tema principal do 13 de xuño. Mais cómpre detérmonos un chisco sobre a expedición romana.

Cavaignac xa expedira a mediados de novembro unha frota de guerra a Civitavecchia para protexer o papa Pío IX, acollelo a bordo e levalo por mar a Francia. O papa quería bendicir a «honesta» república e garantir a elección de Cavaignac como presidente. Co papa, Cavaignac quería gañarse os cregos, cos cregos os labregos e cos labregos a presidencia. Sendo mera propaganda electoral desde a perspectiva do seu obxectivo inmediato, a expedición de Cavaignac era ao mesmo tempo un acto de protesta e unha ameaza contra a revolución romana. Levaba xa o xermolo da intervención de Francia en favor do papa.

Esta intervención en favor do papa, en alianza con Austria e Nápoles, contra a república Romana foi decidida o 23 de novembro na primeira sesión do consello de ministros de Bonaparte. Falloux no Ministerio era o papa en Roma... e na Roma do papa,

Bonaparte xa non necesitaba o sumo pontífice para ser o presidente dos campesiños, pero necesitaba o mantemento do papa para manter os campesiños da man do presidente. A credulidade dos campesiños fixérao presidente. Coa fe perderían a credulidade, e co papa, a fe. Non esquezamos polo demais a coalición de orleanistas e lexitimistas que dominaba naquela altura no nome de Bonaparte! Antes de que fose reinstaurado o rei tiña que ser reinstaurado o poder que consagra ao rei. Deixando a un lado o seu monarquismo, sen a vella Roma sometida ao seu poder terreal, non era posible un papa, e sen o papa non era posible ningún catolicismo. E sen o catolicismo, deviña de todo punto imposible unha relixión francesa... e sen relixión: que sería da vella sociedade francesa? A hipoteca que o labrego posúe sobre os bens celestiais garante a hipoteca que o burgués ten sobre os bens do labrego. Xa que logo, a revolución romana era un atentado contra a propiedade, contra a orde burguesa, tan terrible coma a revolución de xuño. O restablecemento do dominio burgués en Francia esixía a restauración do poder papal en Roma. Finalmente atopouse nos revolucionarios romanos os aliados dos revolucionarios franceses; a alianza das clases contrarrevolucionarias na constituída república francesa completábase necesariamente na coalición da república francesa coa Santa Alianza, con Nápoles e con Austria. A resolución ministerial do 23 de decembro non era un segredo para a Constituínte. Xa o 8 de xaneiro interpelara Ledru-Rollin ao goberno sobre ela; o ministerio negou todo; e a Asemblea Nacional pasara ao seguinte punto da orde do día. Fiábase do dito polo ministerio? Sabemos que pasou todo o mes de xaneiro presentándolle mocións de censura ao Goberno. Mais, se entre as funcións do ministerio estaba incluída a mentira, entre as funcións da Constituínte figuraba o finxir hipocritamente que daba crédito ás súas mentiras, salvando así as aparencias de republicanismo.

Entrementres, o Piamonte fora vencido, Carlos Alberto tiña abdicado e o exército austríaco petaba ás portas de Francia.

Ledru-Rollin insistía con vehemencia nas súas interpelacións parlamentares. O ministro demostraba que no Norte de Italia só se continuara a política de Cavaignac e que Cavaignac só continuara a política do goberno provisional, é dicir, a de Ledru-Rollin. Desta vez recolleu mesmo un voto de confianza da Asemblea Nacional e foille autorizado ocupar temporalmente un punto apropiado no norte de Italia para propinar así un golpe nas costas ás negociacións pacíficas con Austria sobre a integridade do territorio de Sardeña e a cuestión romana. Como é sabido, o destino de Italia decídese nos campos de batalla do Norte do país. Xa que logo, coa Lombardía e o Piamonte caera consecuentemente Roma. Francia, se non admitía isto, tiña que declararlle a guerra a Austria e co ela á contrarrevolución europea. Acaso a Asemblea Nacional considerou de repente ó ministerio Barrot como o vello Comité de Salvación Pública? Ou ben se consideraba a si mesma como a pasada Convención? Para que servía a ocupación militar dun punto no norte de Italia? Baixo este veo transparente agachábase a expedición contra Roma.

O 14 de abril navegaban 14.000 homes baixo as ordes de Oudinot cara Civitavecchia. O 16 de abril a Asemblea Nacional concedeulle ao goberno un crédito de 1.200.000 francos para a manutención durante tres meses dunha frota de intervención no Mediterráneo. Deste xeito proporcionáballe ao ministerio todos os medios para unha campaña militar contra Roma, mentres a Asemblea se comportaba como se a mandase a loitar contra Austria. Non vía o que o ministerio facía; só ouvía o que este lle dicía. Unha fe tan descomunal non se atopara nin en Israel. A Constituínte puxérase na situación de non ter dereito a saber o que a república constituída tiña que facer.

Finalmente, o 8 de maio representouse a última escena da comedia. A Constituínte esixiulle ao goberno a toma de medidas urxentes para reconducir á expedición italiana cara ao seu obxectivo fixado de antemán. Bonaparte inseriu aquela mesma tardiña en *Le Moniteur* unha misiva na que lle expresaba a Oudinot ou

seu máis profundo agradecemento. O 11 de maio a Asemblea Nacional rexeitou a acta de acusación contra o Bonaparte e o seu ministerio. E a Montaña, que en vez de rachar esa tupida urda de enganos, tomou pola tráxica esta comedia parlamentaria para representar nela o papel dun Fouquier-Tinville[34], non facía senón deixar a descuberto, baixo a prestada pel de león da Convención, o pelexo natural de cordeiro pequenoburgués!

A última metade da existencia da Constituínte resúmese así: o día 29 de xaneiro recoñece que as fraccións realistas son os superiores naturais da república constituída. O día 29 de marzo recoñece que a violación da Constitución é a súa obra. O día 11 de maio admite, por cabo, que a tan cacarexada alianza pasiva da república francesa cos pobos oprimidos, significaba en realidade a súa alianza activa coa contrarrevolución europea.

Esta miserable Asemblea retirouse da escena despois de que —dous días antes do aniversario do seu nacemento, o 4 de maio— se dera a satisfacción de rexeitar a solicitude de amnistía para os insurxentes de xuño. Co seu poder esnaquizado, odiada a morte polo pobo, rexeitada, maltratada, apartada a un lado con desprezo pola burguesía da que foi sempre o xoguete, forzada na segunda parte da súa existencia a desautorizar a primeira, desposuída das súas ilusións republicanas, sen grandes obras no pasado, sen esperanzas no futuro, morrendo a cachos en plena vida, só sabía galvanizar o seu propio cadáver, reclamando constantemente o triunfo de xuño e revivindo aqueles días. Rematou a súa andaina, reafirmándose a si mesma a forza de reiterar ás penas dos condenados. Velaí un vampiro que viviu do sangue dos insurxentes de xuño!

---

[34] Fouquier-Tinville, Antoine Quintin (1746-1795). Maxistrado e político. Afervoado partícipe da revolución Francesa, gañou a confianza de Dantón e de Robespierre, que o fixeron nomear acusador público do tribunal revolucionario. No *comité de saúde pública* foi implacable contra a raíña, os xirondinos e, finalmente, contra os mesmos Danton e Robespierre. Acusado despois do 9 Thermidor defendeuse nun xuízo que durou 41 días. Foi condenado a morte e guillotinado (N. dos T.).

Legou un gran déficit ao Estado, aumentado polos custos da insurrección de xuño, pola perda do imposto sobre o sal, polas indemnizacións outorgadas aos propietarios de plantacións pola supresión da escravitude dos negros, polos custos da campaña de Italia, pola supresión do imposto sobre o viño que decidiu xa no seu derradeiro alento, como unha anciá maliciosa, feliz de deixarlles aos seus incautos herdeiros a pesada carga dunha comprometedora débeda de honra.

A primeiros de marzo empezara a axitación electoral para a Asemblea Nacional lexislativa. Enfrontábanse dous grupos principais, o Partido da Orde e o Partido democrático-socialista ou partido roxo; entre ambos os dous estaban os Amigos da Constitución, denominación baixo a cal os republicanos tricolores de *Le National* trataban de presentar un novo partido. O Partido da Orde formouse inmediatamente despois das xornadas de xuño. Pero só despois de que o 10 de decembro lle permitira sacudirse de enriba á camarilla de *Le National*, dos republicanos burgueses, desvelouse o segredo último da súa existencia, a saber, a coalición dos orleanistas e dos lexitimistas nun so partido. A clase burguesa dividíase en dúas grandes fraccións que controlaran alternativamente o monopolio do poder: a gran propiedade agraria baixo a monarquía da Restauración, por unha parte, e a burguesía financeira e a burguesía industrial baixo a monarquía de Xullo, por outra. Borbón era o nome «monárquico» para influencia maioritaria dos intereses dunha facción; *Orleáns* era o nome «monárquico» para a influencia preponderante dos intereses da outra fracción. O anónimo reino da república era o único no que ambas as dúas fraccións, cun poder semellante, podían manter o seu común interese de clase, sen renunciaren á súa rivalidade recíproca. Así, pois, a república burguesa non podía ser outra cousa que o perfeccionado e sobresaínte dominio da totalidade da clase burguesa. Non podía consistir noutra cousa que no dominio dos orleanistas completados polos lexitimistas e dos lexitimistas completados polos orleanistas, é dicir a síntese da Restauración e da monarquía de xullo. Os republica-

nos burgueses de *Le National* non representaban ningunha gran fracción da súa clase asentada sobre bases económicas; só tiñan o significado e o título histórico de teren feito valer —fronte a ambas as dúas fraccións burguesas, que só concibían o seu propio réxime especial faccioso— o réxime xeral da clase burguesa baixo a monarquía, é dicir, o reino sen nome da república, que idealizaban e adornaban con antigos arabescos e no que, ante todo, celebraban o dominio da súa camarilla. Se o partido de *Le National* creu tolear cando no cumio da república por el fundada viu os monárquicos coligados, estes non erraron en menor medida no que se refire á natureza política da súa dominación conxunta. Non comprenderon que, se cada unha das súas fraccións consideradas por separado era monárquica, o produto da súa combinación química tiña que ser necesariamente republicano, que a monarquía branca e a azul se tiñan que neutralizar na república tricolor. Forzadas —por mor do antagonismo co proletariado revolucionario e coas clases intermedias, xirando estas últimas cada vez máis en derredor do núcleo proletario— a ofrecer a súa forza unida e a conservar a organización desta, cada fracción do Partido da Orde tiña que impoñer —fronte as veleidades de restauración e do desprezo da outra fracción— o seu inevitable dominio compartido, é dicir a forma republicana de dominación burguesa. Xa que logo, atopamos estes realistas crendo inicialmente nunha restauración monárquica, aceptando mais tarde a forma republicana, confesando abertamente —por mais que babeando de rabia e proferindo insultos e ameazas de morte contra ela— que só se poden tolerar entre eles por medio da república. Así que adiaron a restauración monárquica *sine die*. O gozo do poder compartido robustecía a cada unha das fraccións, facéndoa aínda máis incapaz e máis contraria a se someter á outra, é dicir, a restaurar a monarquía.

O Partido da Orde proclamou directamente no seu programa electoral o dominio da clase burguesa, é dicir o mantemento das condicións da súa dominación, da propiedade, da familia, da relixión, da Orde. Presentaba, naturalmente, o seu dominio

de clase e as condicións do seu dominio de clase, como o dominio da civilización e como condicións necesarias da produción material e das relacións sociais de intercambio que desta se derivan. O Partido a Orde dispoñía de enormes recursos económicos; organizou as súas delegacións en toda Francia; tiña na súa nómina a todos os ideólogos da vella sociedade, dispoñía de influencia no poder gobernativo do momento, posuía un exército integrado por unha incalculable cantidade de vasalos de entre toda a masa dos pequenos burgueses e dos labregos, que, aínda estando a gran distancia do movemento revolucionario, atopaban nos grandes dignitarios da propiedade os representantes naturais da súa pequena propiedade e dos seus pequenos prexuízos. Representado en todo o país por unha infinidade de pequenos reis, o Partido da Orde podía penalizar como insurrección o rexeitamento dos seus candidatos, despedir traballadores rebeldes, serventes, dependentes de comercio, funcionarios dos ferrocarrís, escribentes, e todo tipo de funcionarios civís subordinados. Finalmente, podía manter esporadicamente o engano de que a Constituínte republicana do 10 de decembro lle obstaculizara ao Bonaparte do 10 de decembro a revelación das súas milagreiras virtudes. Falando do Partido da Orde, non temos mencionado os bonapartistas. Non eran unha fracción importante da clase senón unha morea de vellos eivados e supersticiosos, e de mozos oportunistas e destemidos cabaleiros de industria. O Partido da Orde gañou as eleccións conseguindo unha ampla maioría na Asemblea Lexislativa.

Ante a clase burguesa contrarrevolucionaria politicamente unificada, aqueles sectores da pequena burguesía e da clase campesiña nos que xa tiña prendido o espírito da revolución, tiñan que aliarse naturalmente co sobranceiro portador dos intereses revolucionarios, o proletariado revolucionario. Xa vimos como os voceiros democráticos da pequena burguesía do Parlamento, a Montaña, así como tamén a verdadeira pequena burguesía fóra do parlamento, foron conducidos cara as posicións

dos verdadeiros proletarios por mor da crise dos «acordos amigables», pola brutal defensa dos intereses burgueses, pola bancarrota. O 27 de xaneiro, a Montaña e os socialistas celebraron a súa reconciliación. No gran banquete de 1849 reafirmaron a súa vontade de unión. Velaí o Partido Socialdemócrata, é dicir, o partido vermello.

Paralizada un intre pola agonía que seguiu ás xornadas de xuño, a república Francesa, despois da suspensión do estado de sitio, experimentaría a partir do 19 de outubro unha serie ininterrompida de febrís emocións. Primeiro foi a loita pola presidencia; despois a loita do presidente coa Constituínte; seguiu a guerra polos clubs; a continuación tivo lugar o proceso en Bourges no que, ante os pequenos esbirros do presidente, dos monárquicos coligados, dos «honestos» republicanos, da Montaña democrática e dos doutrinarios socialistas do proletariado... os verdadeiros revolucionarios semellaban coma monstros primitivos tal e como só un diluvio universal deixa sobre a superficie da sociedade precedendo ao gran diluvio social que está por chegar. E así, suma e segue: a axitación política; a execución do asasino de Bréa; os continuos procesos á prensa; as intromisións policiais do goberno nos banquetes políticos; as insolentes provocacións monárquicas; a exposición das imaxes de Louis Blanc e Caussidières na picota; a loita ininterrompida entre a república constituída e a Asemblea Constituínte, loita que a cada paso facía recuar á revolución ata o seu inicio, que en calquera intre facía do vencedor un vencido e do vencido un vencedor e, en menos de nada, mudaba a posición dos partidos e das clases, das súas divisións e das súas alianzas; a rápida marcha da contrarrevolución europea; a gloriosa loita nacional húngara; os alzamentos armados alemáns; a campaña en Italia; a vergoñenta derrota do exército francés en Roma. Neste furacán en movemento, neste suplicio da axitación histórica, nesta marea das paixóns, esperanzas e decepcións revolucionarias, as diferentes clases da sociedade francesa contaban as súas etapas de evolución en semanas, tal

como no pasado as contaran en séculos. Unha parte importante dos labregos e das provincias estaba revolucionada. Non só eles estaban decepcionados con Napoleón, o partido roxo ofreceulles, en vez do nome, o contido, en vez da ilusoria liberación dos impostos a devolución dos mil millóns pagados aos lexitimistas, a regulación das hipotecas e a supresión da usura.

O exército mesmo estaba contaxiado pola febre revolucionaria. Ao votar no seu día por Bonaparte, votara pola vitoria, e Bonaparte lle proporcionou unha derrota. Votara polo pequeno sarxento detrás do que estaba agochado o gran capitán revolucionario e Bonaparte deulle os grandes xenerais detrás dos que se oculta un cabo langrán ó que lle caen as polainas. Non hai dúbida de que o partido roxo, é dicir o Partido Demócrata Unificado, se non a vitoria, si tiña que conseguir polo menos grandes triunfos. Isto é, de que París, o Exército e unha gran parte das provincias votaran por el. Ledru-Rollin, o xefe da Montaña, foi elixido por cinco departamentos; ningún xefe do Partido da Orde logrou unha vitoria igual e tampouco ningún líder do auténtico partido proletario. Esta elección descubriu os segredos do partido social-demócrata. Por unha parte, a Montaña, o campión parlamentario da pequena burguesía democrática, estaba obrigada a aliarse aos doutrinarios socialistas do proletariado. Por outra, o proletariado, forzado pola terrible derrota de xuño, estaba obrigado volver a poñerse en pé por medio de meras vitorias intelectuais, pois aínda non estaba capacitado polo desenvolvemento das restantes clases sociais, a impoñer a ditadura revolucionaria, e tivo que botarse nos brazos dos doutrinarios da súa emancipación, dos fundadores de asociacións sectarias socialistas. Por outra parte, os campesiños revolucionarios, o exército, as provincias se situaron detrás da Montaña. De tal xeito, esta última, converteuse en clara dominadora do campo revolucionario. Ademais, por medio do seu acordo cos socialistas eliminara todo antagonismo no seo do partido revolucionario. Na derradeira metade da existencia da Constituínte, a Montaña representou o patetismo republicano da

mesma, facendo esquecer os seus pecados da época do goberno provisorio, da comisión executiva e das xornadas de xuño. A medida en que o partido de *Le National*, por mor do seu déficit organizativo, se deixaba afundir polo ministerio monárquico, subía o partido da Montaña, suprimido durante a fase da omnipotencia de *Le National*, facéndose valer como a representación parlamentaria da revolución. Efectivamente, o partido de *Le National* non tiña nada máis que opoñer ó resto das fraccións monárquicas que personalidades ambiciosas e faladeiras idealistas. Por contra, o partido da Montaña representaba unha masa flutuante entre a burguesía e o proletariado, con intereses materiais que esixían institucións democráticas. Fronte a Cavaignac e a Marrat, atopábanse Ledru-Rollin e a Montaña como a verdade da revolución. E a conciencia desta grave situación forneceríalles dun valor tanto máis grande canto máis se reducía a enerxía revolucionaria a invectivas parlamentarias, formulación de actas de acusación, toda sorte de ameazas inverosímiles, discursos atronadores e extremistas que nunca pasaban de mera fraseoloxía rimbombante. Os campesiños atopábanse máis ou menos na mesma situación dos pequenos burgueses; tiñan aproximadamente as mesmas esixencias que presentar. Todas as capas medias da sociedade, na medida na que estaban involucradas no movemento revolucionario, tiñan consecuentemente que atopar o seu heroe en Ledru-Rollin, que era a personaxe por excelencia da pequena burguesía democrática. De fronte ao Partido da Orde tiñan ante todo que ser impulsados a lideraren o movemento os reformadores desta Orde, medio conservadores, medio revolucionarios, utopistas convencidos.

O partido de *Le National*, os «amigos da Constitución» a calquera prezo, os republicanos puros e simples foron completamente derrotados nas eleccións. Unha pequena minoría deles conseguiu escanos na Cámara lexislativa, e os seus notorios xefes desapareceron axiña da escena, incluído Marrast, o redactor xefe e Orfeo da tan gabada «honesta república». O 28 de

maio reuniuse a Asemblea; o 11 de xuño renovouse a alianza do 8 de maio; Ledru-Rollin presentou no nome da Montaña unha acta de acusación contra o presidente e contra o ministerio por violación da Constitución por mor dos bombardeos ilegais de Roma. O 12 de xuño a Asemblea rexeitou a acta de acusación, que xa a Asemblea Constituínte rexeitara o 11 de maio, e o proletariado empurrou nesta ocasión á Montaña á rúa, aínda que non para a loita urbana senón para celebrar unha manifestación polas rúas de París. Abonda con saber que era a Montaña quen estaba á cabeza do movemento para saber que este foi vencido de xeito inapelable e que o xuño de 1849 foi unha caricatura, tan ridícula coma indigna, do xuño de 1848. A gran retirada do 13 de xuño só foi ensombrecida polo aínda máis grande parte de operacións, da autoría de Changarnier, o grande home que o Partido da Orde improvisara no seu día. Toda época da sociedade necesita os seus grandes homes e cando non os atopa, invéntaos, como xa dixo Helvetius.

O 20 de decembro só existía unha metade da república burguesa constituída, o presidente. O 28 de maio foi completada pola outra metade, a Asemblea Lexislativa. En xuño de 1848 a república burguesa constituínte gravara en pedra o seu nome cunha inenarrable batalla contra o proletariado. En xuño de 1849 a república burguesa constituída gravou tamén o seu nome no rexistro de nacementos da historia, pero da man dunha lamentable comedia coa pequena burguesía. Xuño de 1849 foi a Némesis que se vingaba do xuño de 1848. En xuño de 1849 non foron vencidos os obreiros, senón os pequenos burgueses que se interpuñan entre eles e a revolución. Xuño de 1849 non foi unha sanguenta traxedia entre o traballo asalariado e o capital, senón o miserento espectáculo entre o debedor e o acredor: unha lamentable comedia ateigada de escenas de cárcere. O Partido da Orde venceu. Era todopoderoso e agora só tiña que demostrar que o era.

III
As consecuencias do 13 de xuño de 1849

O 20 de decembro a cabeza de Xano da república constitucional só amosara unha faciana, a faciana executiva cos trazos bretemosos e achatados de Luís Bonaparte. O 28 de maio de 1849 mostrou a súa segunda faciana, a lexislativa, cuberta polas cicatrices que deixaran as orxías da restauración e da monarquía de Xullo. Coa Asemblea Nacional Lexislativa completárase a imaxe da república constitucional, é dicir, da forma republicana do Estado na que se constitúe o dominio da burguesía, ou sexa o dominio compartido das dúas grandes fraccións monárquicas que conforman a burguesía francesa, a dos lexitimistas e a dos orleanistas coligados no Partido da Orde. Mentres deste xeito a república francesa recaía na coalición dos partidos realistas, a coalición europea das forzas contrarrevolucionarias emprendeu simultaneamente unha cruzada xeral contra os derradeiros refuxios da revolución de marzo. Rusia invadiu Hungría, Prusia marchou contra o exército da Constitución do Imperio e Oudinot bombardeou Roma. A guerra europea dirixíase claramente cara a un cambio de dirección. Todas as miradas de Europa centrábanse sobre París e os ollos de París converxían sobre a Asemblea Lexislativa.

O 11 de xuño Ledru-Rollin subiu á tribuna. Non pronunciou ningún discurso; formulou un requisitorio espido e directo, obxectivo, concentrado, violento e sen adobíos contra os ministros. O ataque contra Roma é un ataque á Constitución; o ataque á república romana é un ataque contra a república francesa. O artigo V da Constitución establece: «A República Francesa nunca empregará as súas forzas contra a liberdade de calquera outro pobo». E, así e todo, o presidente emprega o exército francés contra a liberdade de Roma. O artigo 54 da Constitución prohíbelle ó poder executivo declarar calquera guerra sen a aprobación da Asemblea Nacional. A resolución do 8 de maio da Asemblea Constituínte ordénalles expresamente aos ministros reconduciren, no máis breve espazo de tempo posible, a expe-

dición romana á súa misión inicial e aínda por riba, por se houbera dúbidas, lles prohíbe tamén expresamente a guerra contra Roma. E Oudinot bombardea Roma. En consecuencia, Ledru-Rollin invocou a Constitución como testemuña de cargo contra Bonaparte e os seus ministros. El, o tribuno da Constitución, lanzoulle á maioría monárquica da Asemblea Nacional esta ameazadora declaración: «Os republicanos serán quen de renderlle respecto á Constitución por todos os medios, mesmo coa violencia das armas!»[35]. «Pola forza das armas!» repetiu cen veces o eco da Montaña. A maioría respondeu cun tumulto escandaloso; o presidente da Asemblea Nacional chamou á orde a Ledru-Rollin, quen repetiu a súa desafiante declaración e finalmente depositou sobre a mesa do presidente unha moción acusatoria contra Bonaparte e os seus ministros. No que atinxe ó bombardeo de Roma, a Asemblea Nacional decidiu por 361 votos contra 203 continuar ca prevista orde do día.

Cría Ledru-Rollin poder derrotar a Asemblea Nacional recorrendo á Constitución e ao presidente valéndose da Asemblea Nacional? Era ben certo que a Constitución vetaba calquera tipo de ataque contra a liberdade doutros pobos. Porén, o que o exército francés atacou en Roma non era, segundo o ministerio, a «liberdade» senón o «despotismo da anarquía». Malia todas as súas experiencias acumuladas na Asemblea Constituínte, acaso a Montaña non comprendera aínda que a interpretación da Constitución non lles competía aos que a fixeran, senón aos que a tiñan aceptado?; que o seu texto tiña que ser interpretado nun sentido viable e que o sentido burgués era o seu único sentido viable posible?; que Bonaparte e a maioría monárquica da Asemblea eran os auténticos intérpretes da Constitución, do mesmo xeito que o crego é o auténtico intérprete da Biblia e o xuíz o auténtico intérprete da lei? Tería quizais a Asemblea

[35] Ledru-Rollin pronunciou unhas palabras no mesmo sentido na sesión da Asemblea Nacional do 11 de xuño de 1849 recollidas nun informe taquigráfico publicado en *Le Moniteur Universel* nº 163 do 12 de xuño de 1849 (N.dos T.).

Nacional, xusto despois das eleccións xerais, que sentirse obrigada pola disposición testamentaria da fenecida Constituínte, á que Odilon Barrot lle quebrara a súa vontade en vida?; ou ben sería que, remitíndose á resolución do 8 de maio, Ledru-Rollin esquecera que a mesma Constituínte xa rexeitara o 11 de maio a súa primeira demanda de inculpación de Bonaparte e dos seus ministros?; o feito de o presidente e os seus ministros seren absoltos, significaría por caso que a Asemblea Nacional sancionara como «constitucional» o ataque contra Roma?; era posible que Ledru-Rollin só presentara unha apelación contra unha sentenza xa fallada e que, finalmente, apelara á Asemblea Lexislativa monárquica no canto da defunta Asemblea Constituínte republicana? A mesma Constitución pídelle axuda á insurrección cando, nun artigo especial, convoca todos e cada un dos cidadáns para defendérena. Ledru-Rollin apoiábase neste artigo. Mais, non están ó mesmo tempo organizados os poderes públicos para a protección da Constitución?; a violación da Constitución non se inicia principalmente no intre no que un dos poderes públicos constitucionais se rebela contra ela? O caso é que o presidente, os ministros da república e a Asemblea Nacional da república mantíñanse nun recíproco entendemento harmónico.

O que a Montaña intentou o 11 de xuño foi «unha insurrección dentro dos límites da razón pura» é dicir unha mera insurrección parlamentaria. A maioría da Asemblea, intimidada pola perspectiva dun alzamento armado das masas populares, trataba de quebrar nas persoas de Bonaparte e os seus ministros o seu propio poder e o sentido da súa propia elección. Non tentara facer algo semellante a Constituínte no seu día, anular a elección de Bonaparte, ao insistir teimosamente no cesamento do ministerio Barrot-Falloux?

Tampouco faltaban exemplos do tempo da Convención de insurreccións parlamentarias que, de pronto, lle deran radicalmente a volta á relación entre a maioría e a minoría. E logo non podería acadar a nova Montaña o que xa lograra a vella no

seu día?. Tampouco as circunstancias do momento parecían desfavorables para unha empresa coma esta. A axitación da poboación en París acadara un nivel crítico. O exército, á vista das súas preferencias electorais, non parecía inclinarse polo goberno; a mesma maioría lexislativa era aínda excesivamente nova como para estar consolidada e, a maiores, estaba composta por persoas de idade avanzada. Se a Montaña lograba levar a cabo unha insurrección parlamentaria, caería inmediatamente nas súas mans o leme do Estado. Por outra banda, a pequena burguesía democrática nada desexaba, coma sempre, con máis vehemencia que contemplar sobre a súa cabeza o combate nas nubes entre os defuntos líderes do parlamento. Finalmente, ambos os dous, a pequena burguesía democrática e os seus representantes, a Montaña, logran por medio dunha insurrección parlamentaria o seu grande obxectivo: fender o poder da burguesía sen liberar o proletariado nin deixar ver ningunha outra cousa en perspectiva. Deste xeito, o proletariado tería sido utilizado sen volverse perigoso.

Despois do voto da Asemblea Nacional do 11 de xuño tivo lugar un encontro entre algúns membros da Montaña e delegados das sociedades secretas dos traballadores. Estes últimos insistían en pasar ao ataque aquela mesma noite. A Montaña rexeitou decididamente este plan. Non quería en ningún caso deixar a dirección noutras mans. Os seus aliados éranlles, con razón, tan sospeitosos coma os seus inimigos. O recordo de xuño de 1848 atravesou, máis vivo ca nunca, coma nunha onda as filas do proletariado parisino. Pero este atopábase agora encadeado pola súa alianza coa Montaña. Esta última representaba á maior parte dos departamentos, esaxeraba a súa influencia no exército, controlaba o sector democrático da Garda Nacional e tiña detrás de si o poder moral dos tendeiros. Iniciar neste intre, contra a súa vontade, unha insurrección, significaría para o proletariado —decimado, a maiores, pola cólera e expulsado en masas considerables de París polo paro forzoso— repetir

sen proveito algún os días de xuño de 1848, sen unha situación que os conducira ao combate desesperado. Os delegados proletarios fixeron a única cousa racional: forzaron á Montaña a se comprometer, é dicir, a superar as fronteiras da mera loita parlamentaria para o caso de que a súa acta de acusación fose rexeitada. Ao longo de todo o 13 de xuño o proletariado mantivo a súa escéptica posición de observador, á espera dunha irrenunciable e seriamente empeñada pelexa sen volta atrás entre a Garda Nacional democrática e o exército, para lanzarse á loita e levar a revolución máis aló da meta pequenoburguesa que se lle atribuíra. De feito, para o caso dunha eventual vitoria xa estaba formada a Comuna proletaria que debería actuar a carón do goberno oficial. Os traballadores de París aprenderan ben a lección na cruenta escola de xuño de 1848.

O 12 de xuño o ministro Lacrosse en persoa presentou na Asemblea Lexislativa a proposta de pasar inmediatamente á discusión da acta de acusación. Durante a noite precedente o goberno tomara todas as medidas para a defensa e para o ataque. A maioría da Asemblea Nacional estaba decidida a expulsar á rúa a minoría rebelde. A minoría mesma non podía retirarse. Os dados estaban xogados: 377 votos en contra rexeitaron a acta de acusación. A Montaña, que se abstivera na devandita votación, precipitouse proclamando a berros nos salóns a «democracia pacífica» e deseguido correu alporizada ás oficinas do xornal *La Démocratie Pacifique*[36].

Pero ao distanciarse do edificio do parlamento quebrouse a forza da Montaña, do mesmo xeito que a distancia da súa nai, a Terra, quebrara a forza do xigante Anteo. Supostos Sansóns nos salóns da Asemblea Lexislativa, trocaron en meros filisteos nos salóns da «democracia pacífica». Un longo, ruidoso e

[36] No edificio da redacción do xornal dos fourieristas, *La Démocratie Pacifique*, publicado en París entre 1841 e 1853, baixo a dirección de Caussidière, tivo lugar na noite do 12 de xuño de 1849 unha asemblea dos deputados da Montaña que rexeitaron tomar as armas e decidiron limitarse a faceren unha manifestación pacífica polas rúas (N. dos T.).

inconsistente debate foise desenvolvendo a partir de entón. A Montaña estaba decidida a forzar por todos os medios o respecto da Constitución «agás pola forza das armas». Nesta resolución a Montaña foi apoiada por un manifesto[37] e por unha delegación dos «Amigos da Constitución», que así se denominaban a si mesmos naquela altura os refugallos da camarilla de *Le National,* é dicir, do partido republicano burgués. Mentres seis dos representantes parlamentarios que lles quedaban votaban en contra, os demais votaron xuntos polo rexeitamento da acta de acusación. Mentres, o xeneral Cavaignac puxo o seu sabre á disposición do partido, pero a maior parte extra-parlamentaria do partido aproveitou habilmente a oportunidade para saír da súa situación de parias políticos e pasar en masa ás filas do partido democrático. Non aparecían claramente, por certo, como os escudeiros naturais deste partido que se agachaba detrás dos seus «principios», detrás da Constitución?

Ata a mañanciña do día seguinte berrou a Montaña coas dores do parto e, por cabo, deu a luz a «unha proclamación ó pobo», que o 13 de xuño ocupou un espazo máis ou menos vergoñento en dous xornais socialistas. A proclamación declaraba os presidentes, os ministros, a maioría da Asemblea Lexislativa «fóra da Constitución». E chamaba á Garda Nacional, ao exército e finalmente tamén ó pobo a se poñeren en pé. «Viva a Constitución!» era a consigna que proclamaba, unha consigna que, de feito, non significaba outra cousa que «Abaixo a revolución!».

Á proclamación constitucionalista da Montaña correspondeu, o 13 de xuño, unha, así chamada, manifestación pacífica dos pequenos burgueses, é dicir unha procesión polas rúas partindo do Chateau d'Eau, atravesando os bulevares: 30.000 homes, na súa maioría Gardas Nacionais desarmados, mestu-

[37] No seu manifesto, publicado o 3 de xuño de 1849 no número 206 do xornal *Le Peuple*, a *Asociación Democrática dos Amigos da Constitución* chamaba os cidadáns de París a se xuntaren nunha manifestación pacífica para protestaren contra as «desvergoñadas intervencións» do executivo (N. dos T.).

rados con membros das seccións secretas dos traballadores, avanzando a berros de «Viva a Constitución!». Mecanicamente, fríos coma o xeo, rexeitados con mala conciencia polos mesmos compoñentes da marcha, e polo eco do pobo que ateigaba as beirarrúas, ironicamente botados para atrás en vez de seren mobilizados cara a diante coma un furacán. Ao canto polifónico faltáballe o dó de peito. E, cando a comitiva pasaba bambeándose por diante do local onde se xuntaban os «Amigos da Constitución», no cumio do edificio apareceu un voceiro da Constitución que, previo pagamento, co seu *chapeu de claqueur* remexeu enerxicamente os aires, berrando a pleno pulmón a consigna «Viva a Constitución!», espesa coma sarabia, sobre as cabezas dos peregrinos. Eles mesmos semellaban superados pola comicidade da situación. É algo sabido que a comitiva, unha vez acadada a saída da rúa da Paz, foi recibida nos bulevares polos rexementos de dragóns e de cazadores de Changarnier dun xeito claramente non parlamentario e, en menos de nada, desbandouse en todas as direccións, lanzando xa só detrás de si algún que outro serodio berro «¡Ás armas!», para que se cumprise a chamada parlamentaria ás armas do 11 de xuño.

A maior parte dos «montañeses» reunidos na rúa do Hasard dispersouse cando se produciu esta disolución violenta da pacífica procesión, e máis aínda cando circularon rumores xordos de cidadáns indefensos mortos nos bulevares e o crecente tumulto nas rúas parecían anunciar a aproximación dunha revolta. Ledru-Rollin, á cabeza dun pequeno fato de deputados, salvou a honra da Montaña. Baixo a protección da artillaría de París, que se concentrara no palacio Real, dirixíronse cara ao Conservatorio das Artes e dos Oficios ao que debían chegar a 5ª e a 6ª lexións da Garda Nacional. Pero estes precavidos Gardas Nacionais deixaron sos os seus representantes; a mesma artillaría de París impediulle ao pobo erguer barricadas; unha caótica confusión fixo imposible calquera toma de decisión mentres as

tropas de liña avanzaban coa baioneta calada. Unha parte dos representantes foi feita prisioneira e o resto fuxiu. Así rematou a xornada do 13 de xuño de 1849.

Se o 23 de xuño de 1848 fora o día da insurrección do proletariado revolucionario, o 13 de xuño de 1849 foi o día da insurrección dos pequenos burgueses democráticos; cada unha destas insurreccións era a expresión clásica e pura da clase que a levou a cabo. Só en Lyon se chegou a un conflito persistente e sanguento. Soamente alí onde a burguesía industrial e o proletariado industrial se enfrontan sen intermediarios, onde o movemento obreiro non está, coma en París, aferrollado e limitado dentro dun movemento xeral, o 13 de xuño perdeu o seu tímido carácter orixinario pequenoburgués. En calquera outro punto das provincias no que caeu, o lóstrego non prendeu o lume, como se fora un raio frío.

O 13 de xuño pechou o primeiro período de existencia da república constitucional, que o 28 de maio de 1848, coa convocatoria da Asemblea Lexislativa, acadara a súa existencia normal. A completa duración deste prólogo está cuberta polas ruidosas loitas entre o Partido da Orde e a Montaña, entre a burguesía e a pequena burguesía, que se enfrontou sen éxito ao establecemento da república burguesa, a prol da que tiña combatido sen pausa durante o goberno provisional e no período da Comisión executiva, e pola que se batera fanaticamente nas xornadas de xuño contra o proletariado. O 13 de xuño tronza a súa resistencia e fai da *ditadura lexislativa* dos monárquicos aliados un feito consumado. A partir deste intre a Asemblea Nacional non é mais que o Comité de Salvación Pública do Partido da Orde.

París puxera en «estado de acusación» os ministros e a maioría da Asemblea Nacional e estes, á súa vez, puxeran a París en «estado de sitio». A Montaña declarara a maioría da Asemblea Lexislativa «fóra da Constitución»; pola súa parte, a maioría parlamentaria denunciou a minoría ao Tribunal Supremo por violación da Constitución, e proscribiu todos os elementos deste

partido que aínda mantiñan certa vitalidade[38]. A Montaña ficou mutilada ata se converter nunha sorte de tronco sen cabeza nin corazón. A minoría chegara ata a tentativa dunha *insurrección parlamentaria*. A maioría erixiu en lei o seu *despotismo parlamentario*. Decretou un novo regulamento que aniquilaba a liberdade da tribuna no Parlamento e autorizaba ao presidente da Asemblea Nacional a sancionar os representantes coa censura, multas, retirada de indemnizacións económicas, expulsión temporal ou mesmo co cárcere. Sobre o tronco desmembrado da Montaña colgou en vez da espada, a estaca. Para o resto dos deputados da Montaña debería ser cuestión de honra a saída en masa da Asemblea. Por un acto coma este acelerouse a disolución do Partido da Orde. Non tiña outra que esfarelarse nos seus compoñentes orixinais a partir do intre mesmo no que nin sequera xa os mantiña unidos a aparencia de constituíren unha oposición digna de tal nome.

Ao mesmo tempo que o seu poder parlamentario, aos pequenos burgueses democráticos foilles arrebatado o seu poder militar coa supresión da artillaría parisina xuntamente coas lexións nº 8, 9 e 12 da Garda Nacional. Por contra, a lexión das altas finanzas, que o 13 de xuño asaltara as imprentas de Boulé e de Roux, destruíra as prensas, arrasara as oficinas dos xornais republicanos, prendera ao chou redactores, tipógrafos, impresores, empregados e distribuidores, recibiu alentos de ánimo desde a altura das tribunas da Asemblea Nacional. Na totalidade da superficie de Francia repetiuse este licenciamento dos Gardas Nacionais sospeitosos de republicanismo.

Nova lei de prensa, nova lei de asociacións, nova lei de estado de sitio. Os cárceres de París desbordados, os refuxiados políticos expulsados; todos os xornais que superan as fronteiras políticas permisibles de *Le National* suspendidos. Lyon e os cinco

[38] O 10 de agosto de 1849 a Asemblea Nacional aprobou unha lei segundo a cal «os instigadores e os seus cómplices» na conspiración e no atentado do 13 de xuño tiñan que ser levados ante o Tribunal Supremo (N. dos T.).

departamentos veciños abandonados ás mais brutais vexacións do despotismo militar; os tribunais de xustiza fixéronse omnipresentes; o tan frecuentemente depurado grupo dos funcionarios do Estado, foi depurado de novo. Estes eran os inevitables, os sempre repetidos tópicos da reacción vitoriosa, unha vez máis digna de mención despois dos masacres e das deportacións de xuño, porque desta vez non só ían dirixidos a París, senón tamén contra todos os departamentos de Francia; non só contra o proletariado, senón ante todo contra a clase media.

As leis represivas polas que a proclamación do estado de sitio ficou ó arbitrario criterio do goberno, que apertaban aínda máis a mordaza da prensa e aniquilaban por completo o dereito de asociación, absorberon toda a actividade lexislativa da Asemblea Nacional ao longo do meses de xuño, xullo e agosto.

Con todo, esta época non se caracteriza pola explotación da vitoria no terreo dos feitos, senón dos principios; non tanto polas resolucións da Asemblea Nacional senón, sobre todo, pola motivación destas resolucións; non pola cousa en si senón pola frase; e nin tan sequera pola «frase», senón polo acento e o xesto que lle dan vida á frase. A desconsiderada e descarada expresión das ideas monárquicas, o despectivamente aristocrático insulto contra a república, a coqueta e frívola divulgación dos obxectivos retrógrados da Restauración, nunha palabra, a xactanciosa violación da mínima decencia republicana danlle a este período un ton e unha coloración particulares. «Viva a Constitución!» era o berro de batalla dos vencidos do 13 de xuño. Xa que logo, os vencedores estaban eximidos da hipocrisía dos constitucionalistas, é dicir da linguaxe republicana. A contrarrevolución someteu a Hungría, a Italia, a Alemaña; pero eles crían que a revolución xa estaba ás portas de Francia. Xurdiu unha verdadeira competencia entre os xefes de corro das fraccións do Partido da Orde por documentar o seu monarquismo a través das páxinas de *Le Moniteur* e confesar e arrepentirse dos seus vellos pecados liberais, cometidos baixo a monarquía, e pedir perdón por eles ante

Deus e ante os homes. Non pasou nin un día sen que a revolución de febreiro fose declarada na tribuna da Asemblea Nacional unha calamidade pública; sen que algún pequeno fidalgo calquera de aldea, lexitimista, fixese constar solemnemente que nunca recoñecera a república; sen que un dos covardes desertores e traidores da monarquía de xullo relatase as fazañas posteriores que só a filantropía de Luís Filipe ou outros malentendidos lle impediran. O que había que admirar da monarquía de febreiro non era a nobreza do pobo vitorioso, senón o sacrificio xeneroso e a moderación dos monárquicos, que lle permitiran a vitoria. Un representante do pobo propuxo dedicar aos gardas municipais unha parte dos fondos destinados aos feridos de febreiro, os únicos que naqueles días mereceran a gratitude da patria. Outro quería que se decretase a erección dunha estatua ecuestre ó duque de Orléans na praza do Caroussel. Thiers cualificou a Constitución de repugnante cacho de papel. De modo sucesivo pasaron pola tribuna os orleanistas para lamentar a súa conspiración contra a realeza lexítima; os lexitimistas, que se reprocharon teren acelerado a caída da monarquía coa rebelión contra a realeza ilexítima; Thiers, que se arrepentía de ter intrigado contra Molé; Molé, que lamentaba ter intrigado contra Guizot; e Barrot, en fin, que se laiaba de ter intrigado contra os tres. O berro «viva a república socialdemocrática» foi declarado inconstitucional; o berro «viva a república», declarado socialdemócrata. No aniversario da batalla de Waterloo un representante declarou: «Téñolles menos medo ás invasións dos prusianos ca á entrada dos refuxiados revolucionarios en Francia»[39]. Ás queixas sobre o terrorismo, que supostamente estaría organizándose en Lyon e nos departamentos veciños, respondeu Baraguey d'Illiers: «Eu prefiro o terror branco ao terror roxo» (*J'aime mieux la terreur pure blanche que la terreur rouge*)[40]. A Asemblea aplau-

[39] Véxase o informe da sesión da Asemblea Nacional do 19 de xuño de 1849, publicada en *Le Moniteur Universel* nº 171, do 20 de xuño de 1849 (N.dos T.).

[40] Véxase o informe da sesión da Asemblea Nacional do 7 de xullo de 1849, publicado en *Le Moniteur Universel* nº 189, do 8 de xullo de 1849 (N. dos T.).

día freneticamente cada vez que dos beizos dos seus oradores saía un epigrama contra a república, contra a revolución, contra a Constitución, a favor da monarquía, a prol da Santa Alianza. Toda violación das máis pequenas formalidades republicanas, como o tratamento dos representantes parlamentares como «cidadáns», entusiasmaba aos cabaleiros da Orde.

As segundas eleccións parisienses do 8 de xullo, feitas baixo a influencia do estado de sitio e da abstención das urnas dunha gran parte do proletariado; a toma de Roma polo exército francés, a entrada naquela cidade das «purpuradas eminencias»[41] coa Inquisición no seu séquito e o terrorismo monástico tras elas, engadiron outras tantas vitorias adicionais á vitoria de xuño, e acrecentaron a borracheira triunfal do Partido da Orde.

Finalmente, a mediados de agosto, en parte coa intención de asistiren aos consellos departamentais recentemente constituídos, en parte cansos das esmorgas de moitos meses de celebracións dos triunfos da súa tendencia, os realistas decretaron unha suspensión de dous meses das sesións da Asemblea Nacional. Como representantes da Asemblea Nacional e como vixiantes da república deixaron constituída, con visible ironía, unha comisión permanente de 25 representantes, a crema dos lexitimistas e dos orleanistas, con Molé e Changarnier á cabeza. Pero a ironía era máis fonda do que eles crían. Velaí o tremendo paradoxo: condenados pola historia a contribuír ao derrocamento da monarquía que amaban, estaban destinados, tamén pola historia, a conservar a república que odiaban.

Co aprazamento da Asemblea Lexislativa péchase o segundo período da república constitucional, o seu período de monarquismo brutal.

Volveu levantarse o estado de sitio sobre París; volveu funcionar a prensa. Durante o período da lexislación represiva e

---

[41] *Eminencias purpuradas:* unha comisión do papa Pío IX composta por tres cardinais, que, apoiados polo exército francés, despois do derrubamento da república romana, estableceron un réxime reaccionario en Roma (N. dos T.).

dos alborotos monárquicos republicanizouse *Le Siècle*[42], o vello representante literario dos pequenos burgueses monárquico-constitucionais; democratizouse *La Presse*[43], a vella expresión literaria dos reformadores burgueses; e socializouse *Le National*, o vello e clásico órgano dos burgueses republicanos.

As sociedades secretas medraron en extensión e intensidade a medida que os clubs públicos se volveron imposibles. As cooperativas obreiras da industria, toleradas como meras compañías comerciais, economicamente nulas, convertéronse economicamente tamén noutros tantos aglutinantes do proletariado. O 13 de xuño cortáralles as cabezas oficiais aos diversos partidos semirrevolucionarios; o resultado foi que as masas restantes recobraron a súa propia cabeza política. Os cabaleiros da Orde, intimidaban cos vaticinados horrores da república roxa; pero os excesos vulgares, os hiperbólicos horrores da vitoriosa contrarrevolución en Hungría, en Baden, en Roma, iluminaron a república roxa con luz propia. E as descontentas clases intermedias da sociedade francesa empezaron a preferir as promesas da «república roxa», malia os seus supostos fracasos e malos augurios, aos horrores evidentes da monarquía roxa coa súa desesperación efectiva. Ningún socialista fixo máis propaganda revolucionaria en Francia que Haynau. Ao cabo, cada un debe ser xulgado polas súas obras.

Mentres Luís Bonaparte aproveitaba as vacacións da Asemblea Nacional para facer viaxes principescas ás provincias francesas, os fogosos lexitimistas peregrinaban á cidade de Ems para adorar o neto de San Luís[44], e a masa dos amigos da Orde represen-

---

[42] *Le Siècle*. Diario, publicado en París entre 1836 e 1839. Nos anos 40 do século XIX reflexaba os puntos de vista daquela parte da pequenoburguesía que se limitaba a reclamar reformas constitucionais moderadas (N. dos T.).

[43] *La Presse*. Diario publicado en París a partir de 1836. En 1848-49 apoiou os republicanos burgueses e máis tarde os bonapartistas. Entre 1836 e 1857 Émile de Girardin foi redactor deste xornal (N. dos T.).

[44] «Neto de San Luís». O conde de Chambord (que se chamaba a si mesmo Henrique IV), pretendente ao trono de Francia, membro dunha vella rama da dinastía borbónica. Unha das residencias permanentes que o conde de Chambord posuía en Alemaña, ademais da de Wiesbaden, era a de Ems.

tantes do pobo intrigaba nos consellos departamentais, que acababan de reunirse. Tratábase de facerlles declarar o que a maioría da Asemblea Nacional aínda non ousara declarar, a moción perentoria sobre a revisión inmediata da Constitución. Segundo a Constitución mesma esta non podería ser revisada ata despois de 1852 e por medio dunha Asemblea Nacional Constituínte, convocada exclusivamente a este efecto. Porén, se a maioría dos consellos departamentais se manifestaba neste sentido, acaso non estaba obrigada a Asemblea Nacional a inmolar ante o voto de Francia a virxindade da Constitución? A Asemblea Nacional alimentaba as mesmas esperanzas destas asembleas provinciais que as monxas se alimentaban dos panduros n'*A Henriada* de Voltaire. Mais os Putifares da Asemblea Nacional, deixando a un lado algunhas excepcións, tíñanse que enfrontar con outros tantos Xosés coma provincias había en Francia. Pero unha gran maioría non quixo entender a perentoria insinuación. A revisión da Constitución foi frustrada coas mesmas ferramentas coas que debería ser realizada: mediante o voto en contra dos consellos departamentais. A voz de Francia, nomeadamente a da Francia burguesa, falara claro e fixérao contra a revisión constitucional.

A primeiros de outubro a Asemblea Nacional reuniuse de novo: *tantum mutatus ab illo!*[45] A súa fisionomía mudara por completo. O inesperado rexeitamento da revisión constitucional por parte dos consellos departamentais remitíraa de volta aos límites da Constitución e recordáralle os límites dos seus prazos de vida. Os orleanistas volvéranse desconfiados ante as visitas dos lexitimistas a Ems; os lexitimistas acubillaron sospeitas varias ante as negociacións dos orleanistas en Londres[46]; os xornais de ambas as dúas fraccións atizaran o lume calculando as contraditorias aspiracións dos seus respectivos pretendentes.

---

[45] «Quen te viu e quen te ve». O verso de Virxilio na Eneida di: «Quantum mutatus ab illo Hectore» (Eneida II, 274) (N. dos T.).

[46] En Claremont, preto de Londres, vivía Luís Filipe desde que fuxira de Francia a raíz da revolución de febreiro (N. dos T.).

Orleanistas e lexitimistas alporizábanse conxuntamente polas maquinacións dos bonapartistas, que se poñían en evidencia nas viaxes principescas de Luís Bonaparte polas provincias, nas tentativas máis ou menos transparentes de emancipación personalista do presidente, na pretensiosa linguaxe dos xornais bonapartistas. Bonaparte, á súa vez, acubillou máis e máis rancor ante unha Asemblea Nacional que só consideraba xusta a conspiración lexitimista-orleanista. Finalmente, o mesmo goberno estaba dividido sobre temas como a política da campaña en Italia, ou o novo imposto sobre a renda proposto polo ministro Passy, moi temido polos conservadores que o alcumaron de socialista.

Unha das primeiras propostas do ministerio Barrot, ante a novamente reunida Asemblea Lexislativa, era demanda de crédito de 300.000 francos para o abono da pensión de viuvez da duquesa de Orléans. A Asemblea Nacional autorizouna, engadíndolle ao rexistro de débedas da nación francesa a suma de sete millóns de francos. Mentres Luís Filipe continuaba así, con éxito, a súa interpretación do papel de *pauvre honteux*, do mendigo avergoñado, nin o ministerio mesmo ousaba solicitar o incremento da paga de Bonaparte, nin a Asemblea parecía disposta a darllo. E, coma sempre, Luís Bonaparte vacilaba ante o dilema: *aut Caesar aut Clichy*[47].

A segunda demanda de crédito do ministerio, de nove millóns de francos, para os gastos da expedición militar a Roma, multiplicou a tensión entre Napoleón cos ministros, por unha banda, e a Asemblea Nacional, pola outra. Louis Bonaparte incluíra en *Le Moniteur* unha carta ao seu oficial de ordenanza, Edgard Ney, na que sometía o goberno papal a garantías constitucionais. Pola súa parte, o papa publicara unha alocución «motu proprio»[48], na que rexeitaba calquera tipo de limitación ao seu poder restaurado.

---

[47] *Ou César ou Clichy*. Clichy era unha prisión para debedores en bancarrota ou insolventes (N. dos T.).

[48] *Motu proprio*. Por iniciativa propia. Palabras iniciais das mensaxes de carácter especial do papa que eran publicadas sen acordo previo dos cardeais e que, polo xeral, tocaban asuntos de política interna e administrativa do Estado da Igrexa. Neste caso trátase da mensaxe do papa Pío IX, do 12 de setembro de 1849 (N. dos T).

A carta de Bonaparte aireaba con indiscreción intencionada os segredos do seu gabinete para se presentar a si mesmo, aos ollos da galería, coma un xenio político ben intencionado aínda que incomprendido e encadeado na súa propia casa. Non era, por certo, a primeira vez que coqueteaba co «voo furtivo dunha alma libre»[49]. Thiers, o relator da comisión, ignorou de vez os voos por libre de Bonaparte e contentouse con traducir ó francés a alocución papal. Non foi o ministerio; foi Vítor Hugo o que tratou de salvar o presidente por medio dunha orde do día na que a Asemblea Nacional debería manifestar a súa aprobación da carta de Napoleón III: *Allons donc*!, *Allons donc!*[50]

Finalmente, a ruptura entre Bonaparte e a Asemblea Nacional acelerouse coa discusión sobre a «chamada á volta dos Orléans e dos Borbóns». A falta de Ministerio, o curmán do presidente, fillo do antigo rei de Westfalia, presentara unha demanda que pretendía rebaixar aos pretendentes lexitimistas e orleanistas ao mesmo ou inferior nivel do pretendente bonapartista que xa estaba de feito, naquela altura, no cumio do Estado.

Napoleón Bonaparte era descarado dabondo como para converter a chamada ao retorno das familias reais expulsadas do país e a amnistía dos insurxentes de xuño en partes integrantes dunha mesma solicitude. A indignación da maioría forzouno a pedir de inmediato desculpas por esta inxuriosa concatenación do sagrado e do perverso, da casta rexia e o vil proletariado, das estrelas rutilantes da sociedade e os fogos fatuos dos pantanos, e a preservarlle finalmente a cada unha das propostas o rango respectivo que lle correspondía. A Asemblea rexeitou enerxicamente a chamada á volta da familia real e Berryer, o Demóstenes dos lexitimistas, non deixou ningunha dúbida sobre o sentido deste voto. A degradación burguesa dos pretendentes, velaí o que se procura! Quéreselles roubar o halo de santidade da derradeira

[49] Dunha frase do poema de Georg Herwegh: «Aus den Bergen» (N. dos T.).
[50] *Vamos!, Vamos!* (N. dos T.).

maxestade que lles quedaba, a maxestade do exilio! Que habería que pensar, exclamou Bérrier, daquel dos pretendentes que, esquecendo a súa augusta proxenie, viñera aquí para vivir coma un simple don ninguén? Non se lle podía dicir máis claro a Luís Bonaparte que el non gañara pola súa soa presenza, que, se os realistas coligados o necesitaban en Francia como home neutral sobre a cadeira presidencial, os pretendentes serios á coroa tiñan que permanecer ocultos ás miradas do pobo na mesta brétema do exilio.

O primeiro día de novembro Luís Bonaparte respondeulle á Asemblea Lexislativa cunha mensaxe na que, con palabras dabondo rudas, anunciaba o despedimento do goberno Barrot e a creación dun novo ministerio. Deste xeito, se o ministerio Barrot-Falloux foi o goberno da coalición monárquica; o novo ministerio d'Hautpoul era o goberno do mesmo Bonaparte, o instrumento político do presidente contra a Asemblea Lexislativa, o ministerio dos militares.

Bonaparte xa non era só o simple home neutral do 10 de decembro de 1848. A propiedade do poder executivo agrupara un gran número de intereses arredor de si; a loita contra a anarquía forzou ao mesmo Partido da Orde a multiplicar a súa influencia e, se o presidente xa non era moi popular que digamos, o partido era claramente impopular. Acaso non podía esperar Bonaparte, vendo enfrontados os orleanistas e os lexitimistas, tanto pola súa rivalidade como pola súa necesidade dalgunha sorte de restauración monárquica, ser quen de podelos forzar algún día a recoñecéreno como un pretendente neutral?

O 1 de novembro de 1849 é a data de inicio do terceiro período da existencia da República constitucional, que se pecha co dez de marzo de 1850. Pero desta volta non só se inicia o xogo regular das institucións constitucionais, que Guizot admira tanto, é dicir, a ruidosa disputa entre o poder executivo e o lexislativo. Senón que ademais, ante os antollos restauradores dos orleanistas e os lexitimistas aliados, Bonaparte representa o título

do poder efectivo, a república. Fronte aos apetitos de restauración de Bonaparte, o Partido da Orde defende o título do poder común, a república. E pola súa parte, orleanistas e lexitimistas defenden, un contra outro, o mal menor do *statu quo*, a república. Todas estas fraccións do Partido da Orde, cada unha das cales ten en mente o seu propio rei e a súa propia restauración, alternándose ante as pretensións de usurpación e revolta dos seus rivais. E fan valer, contra a dominación común da burguesía, a forma política na que todas as aspiracións particulares se neutralizan e preservan: a república.

Agora ben, estes monárquicos fan coa monarquía o que Kant facía coa república; a saber: a única forma racional de goberno, un postulado da razón práctica, que nunca acadará a súa realización, pero que sempre haberá que ter como aspiración e manterse firme nas propias conviccións.

Así, a república constitucional, como fórmula ideolóxica valeira saída das mans dos republicanos burgueses, converteuse nas mans dos monárquicos coligados nunha forma viva e chea de contido. Thiers estaba mais no certo do que el mesmo pensaba cando afirmou: «Nós os monárquicos somos os verdadeiros soportes da república constitucional». A caída do goberno de coalición e a aparición do ministerio estritamente bonapartista, teñen un segundo significado: o seu ministro de finanzas chamábase Fould. Nomear a Fould como ministro de finanzas era tanto como facer entrega oficial da riqueza nacional francesa á bolsa e dispoñer a administración do patrimonio público do Estado en beneficio da bolsa. Co nomeamento de Fould a aristocracia financeira anunciaba a súa propia restauración no boletín oficial de *Le Moniteur*. Esta restauración completaba necesariamente as restantes restauracións, que constitúen outros tantos elos na cadea da república constitucional.

Luís Filipe nunca ousara facer ministro a un auténtico lobo bursátil; así como o seu reinado era o nome ideal para o dominio da alta burguesía, nos seus ministerios os intereses privilexiados

tiñan que levar nomes desprovistos de interese ideolóxico. Pola contra, a república burguesa pasou ao primeiro plano por todas partes o que as diferentes monarquías, tanto a lexitimista como a orleanista, mantiveran sempre oculto tras o veo das aparencias. A república fixo terreal o que as monarquías fixeran celestial. No canto dos nomes dos santos puxo os nomes propios civís dos intereses das clases dominantes.

Toda a nosa exposición amosou de que modo a república francesa, desde o primeiro día da súa existencia, non só non botou abaixo nada da dominación da aristocracia financeira senón que aínda por riba a consolidou. Porén, as concesións que se lle fixeron eran unha fatalidade á que escolleu someterse sen querelo buscar. Con Fould a iniciativa de goberno volveu ás mans da aristocracia financeira.

Cómpre preguntarmos: como podía a burguesía coligada soportar e tolerar o dominio das finanzas que, baixo Luís Filipe, se fundamentaba na exclusión ou no sometemento das restantes fraccións burguesas?

A resposta é sinxela. Primeiro, a mesma aristocracia financeira forma unha parte, con peso decisivo, da coalición monárquica, cuxo goberno compartido chámase república Acaso non son os voceiros e as eminencias dos orleanistas os antigos aliados e cómplices da aristocracia financeira? Non constitúe ela mesma a falanxe de ouro do orleanismo? Polo que se refire aos lexitimistas, xa baixo Luís Filipe participaran na práctica totalidade das esmorgas da especulación bursátil, mineira e ferroviaria. En xeral, a relación da gran propiedade territorial coas altas finanzas é un feito normal. Proba disto é Inglaterra e mesmo Austria.

Nun país coma Francia, no que o volume da produción nacional está nunha medida desproporcionada subordinada á dimensión da débeda nacional, no que a renda do Estado constitúe o máis importante obxecto da especulación e a bolsa é o principal mercado para colocar o capital que se quere valorizar dun xeito

improdutivo; nun país coma este ten que haber unha incalculable masa de xente de todas as clases burguesas e pequenoburguesas posuidoras de participacións na débeda do Estado, no xogo da bolsa e nas finanzas. E non atopan, por ventura, todos estes partícipes subalternos o seu apoio natural e os seus líderes naturais na fracción que defende eses intereses na súa porción mais xigantesca e mellor representa os intereses do conxunto por enteiro?

Que condiciona a entrega do patrimonio público do Estado ás altas finanzas? O crecemento incesante da débeda do Estado. E, á súa vez, de que depende o endebedamento do Estado? Do aumento continuo do déficit dos seus gastos sobre os seus ingresos, unha desproporción que constitúe, ao mesmo tempo, causa e efecto do sistema de empréstito do Estado.

Para eludir este endebedamento o Estado ten ou ben que reducir o número e volume dos seus organismos de goberno, gobernar canto menos mellor, empregar canto menos persoal poida, reducir ao mínimo posible a súa relación coa sociedade civil. Esta vía era imposible para o Partido da Orde, xa que os seus medios de represión, a súa intromisión oficial por razóns de Estado, a súa omnipresencia a través dos órganos estatais tiñan que medrar na mesma medida na que o seu dominio e as condicións de existencia da súa clase eran atacados desde moitos frontes diferentes. Non se pode reducir a xendarmería na mesma medida na que se multiplican os ataques ás persoas e ás propiedades.

A outra vía posible para o Estado pasaría por tratar de reducir as débedas e xerar un equilibrio momentáneo e transitorio no orzamento cargando impostos extraordinarios sobre as costas das clases máis ricas. E para librar a riqueza nacional da explotación na bolsa, tería o Partido da Orde que inmolar a súa propia riqueza no altar da patria? *Pas si bête!*. Tan bobo non é. Xa que logo, sen unha revolución completa do Estado francés non é posible unha revolución do orzamento do Estado. Con este

orzamento cómpre o endebedamento estatal; co endebedamento do Estado cómpre o control sobre o mercado das débedas do Estado, dos acredores do Estado, dos banqueiros, dos comerciantes en diñeiro, dos lobos da bolsa. Só unha fracción do Partido da Orde estaba directamente en contra e implicada na caída da aristocracia financeira: os fabricantes. Non falamos dos industriais medianos nin dos máis pequenos. Falamos dos rexedores do interese das fábricas, que baixo Luís Filipe constituíran a gran base da oposición dinástica. O seu interese reside, sen lugar a dúbidas, na redución dos custes de produción e, xa que logo, a redución dos impostos que gravan a produción, así como a redución da débeda pública, cuxos intereses gravan os impostos. A fracción da burguesía industrial é pois partidaria do derrocamento da aristocracia financeira.

En Inglaterra —e os máis grandes fabricantes franceses son pequenos burgueses a carón dos seus rivais ingleses— atopamos realmente os auténticos fabricantes —un Cobden, un Bright— á cabeza da cruzada contra a banca e contra a aristocracia da bolsa. Porqué non en Francia? En Inglaterra predomina a industria, en Francia a agricultura. En Inglaterra a industria precisa o *free trade*, o libre mercado, en Francia a agricultura necesita aranceis de protección. A industria francesa non domina á produción francesa. Por iso os industriais franceses non dominan á burguesía francesa. Para impoñeren o seu interese contra as restantes fraccións da burguesía non se poden poñer, coma os ingleses, á cabeza do movemento e ao mesmo tempo poñer os seus intereses de clase por riba de todo; téñense que incorporar ó curso dos acontecementos da revolución e servir a intereses encontrados cos intereses xerais da súa clase. En febreiro non comprenderan aínda a súa posición; pero febreiro aprendeulles de vez a lección. Quen está máis directamente ameazado polos traballadores ca o patrón, o capitalista industrial? Por isto en Francia o fabricante vólvese necesariamente un membro fanático do Partido da Orde. Que relevo ten unha redución da súa

ganancia pola Facenda pública, ante a supresión de toda ganancia polo proletariado?

En Francia o pequenoburgués fai o que normalmente tería que facer o industrial burgués; o traballador fai o que normalmente sería a tarefa do pequenoburgués; e a misión do traballador, quen a realiza? Ninguén. Non se efectúa en Francia. Só se proclama. Non é arranxada en ningures no interior das paredes da nación. A guerra de clases no interior da sociedade francesa transfórmase de pronto nunha guerra mundial na que as nacións se enfrontan unhas con outras. A solución comezará no intre en que, mediante unha guerra mundial, o proletariado se vexa empurrado a dirixir o país que domina o mercado mundial, isto é, a dirixir Inglaterra. Esta revolución, que atopará aquí o seu comezo, non o seu final, non será unha revolución de corto alento. A actual xeración seméllase aos xudeus que Moisés guiaba polo deserto. Non soamente ten que conquistar un mundo novo, senón que ten que perecer para facer sitio a xentes que estean á altura requirida polo novo mundo.

Mais volvamos a Fould. O 14 de novembro de 1849, Fould subiu a tribuna da Asemblea Nacional e explicou polo miúdo o seu sistema financeiro. Mantemento do imposto sobre o viño! Revogación do imposto sobre a renda creado por Passy! Pero Passy[51] non era ningún revolucionario, mesmo fora ministro de Luís Filipe. Era un puritano do talle dun Dufaure e home de confianza de Teste, chibo expiatorio da monarquía de Xullo.[52] O propio Passy tamén louvara no seu día o vello sistema fiscal e recomendado o mantemento do imposto sobre o viño, pero ao

[51] Frédéric Passy (1822-1912) economista francés, de orixe orleanista, foi un destacado pacifista fundador de varias asociacións internacionais e militante federalista e europeísta, coñecido por renunciar a un posto fixo como docente por negarse a xurar lealdade a Luís Bonaparte. En 1901 obtivo o Premio Nobel da Paz (N. dos T).

[52] O 8 de xullo de 1847 comezou diante do Tribunal dos Pares de París, o proceso contra Parmentier e o xeneral Cubières por corrupción por mor da concesión ilegal dunha mina de sal; e contra Teste, ministro de Obras Públicas naquela altura, acusado de suborno. Este último tentou suicidarse durante o proceso. Todos eles foron condenados a severas multas e Teste ademais a tres anos de cárcere (Nota de Engels á edición de 1895).

propio tempo rachara o veo que agachaba o déficit do Estado. Declarou a necesidade dun novo imposto, o imposto sobre a renda, se non se quería levar o Estado á bancarrota. Prometeu aforros cuxo misterio se desvelaría mais tarde: os gastos diminuíron en 60 millóns e a débeda flotante incrementouse en 200 millóns. Tales artimañas e escamoteos na rendición de contas ían desembocar finalmente en novos préstamos.

Con Fould no Ministerio de Facenda, a aristocracia financeira, ao sentirse observada en presenza das demais fraccións de clase da burguesía, non se atreveu a actuar dun xeito tan cinicamente corrompido como fixera baixo Luís Filipe. Pero o sistema era, así e todo, o mesmo: incremento constante das débedas, disimulación do déficit. Co tempo volveron agromar as vellas estafas da bolsa. Proba de todo isto foi a lei sobre o ferrocarril de Avignon, as misteriosas oscilacións dos valores do Estado— tema de conversa de todo París— e, ao cabo, o fracaso das especulacións de Fould e Bonaparte sobre as eleccións do 10 de marzo. Coa restauración oficial da aristocracia financeira, o pobo de Francia tiña que verse axiña abocado a un novo 24 de febreiro.

A Constituínte, nunha sorte de arrebato de misantropía contra a súa herdeira, a Asemblea Lexislativa, suprimira o imposto sobre o viño para o ano de graza de 1850. Pero ca supresión dos vellos impostos non se podían pagar as novas débedas. Creton, un verdadeiro cretino do Partido da Orde, solicitara o mantemento do imposto sobre o viño antes de que a Asemblea Lexislativa suspendera as súas sesións. Fould recolleu esa proposta no nome do ministerio bonapartista e, o 20 de decembro de 1849, no aniversario da chegada de Bonaparte á presidencia de Francia, a Asemblea nacional decretou a restauración do imposto sobre o viño.

O defensor desta restauración non foi ningún financeiro, senón o xefe dos xesuítas, Montalambert. A súa lóxica era contundentemente simple: os impostos son o peito materno do que mama o goberno da nación. O goberno son os aparellos

de represión, os órganos de autoridade, o exército, a policía, os funcionarios, os xuíces, os ministros... e os cregos. Todo ataque contra os impostos é un ataque dos anarquistas contra os sentinelas da orde, que protexen a produción material e espiritual da sociedade burguesa contra os asaltos dos vándalos proletarios. Deste xeito, o imposto vén sendo un quinto deus, xunto á propiedade, a familia, a orde e a relixión. O imposto sobre o viño é, xa que logo, un imposto, pero non un imposto calquera, senón un imposto tradicional, ateigado de respectable espírito monárquico. Así que *Vive l'impôt des boissons! Three cheers and one more!*[53]

O campesiño francés, cando quere representar o demo, debúxao coa figura do recadador de impostos. Desde o intre en que Montalambert elevou o imposto á categoría de deus, os labregos renegaron da fe, fixéronse ateos e botáronse nos brazos do diaño, isto é, en brazos do *socialismo*. Da maneira mais tonta, a relixión da orde, os xesuítas, Bonaparte o deixaron escapar das súas mans. O 20 de decembro de 1849 comprometeu de xeito irrevogable o 20 de decembro de 1848. O «sobriño do seu tío» non era o primeiro ao que derrotaba o imposto sobre o viño. Un imposto que, de crermos a Montalambert, presaxiaba a tormenta revolucionaria. O verdadeiro, o gran Napoleón, declarou, no seu desterro na illa de Santa Elena, que o restablecemento do imposto sobre o viño contribuíra á súa caída máis que calquera outra cousa, pois lle arrebatou as simpatías dos labregos do sur de Francia. Pero isto non era unha novidade, xa baixo Luís XIV este imposto xeraba a xenreira do pobo (véxanse a este respecto as obras de Boisguillebert e Vauban). Abolido pola primeira revolución Francesa, Napoleón restableceuno en 1808, baixo unha forma modificada. Cando a Restauración se impuxo en Francia, diante dela cabalgaban no soamente os cosacos, senón tamén a promesa da supresión do imposto sobre o viño. Certamente, a *gentilhommerie* non precisaba cumprir a súa pro-

53 *Viva o imposto sobre as bebidas alcohólicas ! Tres «saúde» e un máis!* (N. dos T.).

mesa á *gens taillable à merci et miséricorde*[54]. En 1830 prometeuse a abolición do imposto sobre o viño. Pero naquela altura no se adoitaba facer o que se dicía nin dicir o que se facía. En 1848 prometeuse de novo a abolición do imposto sobre o viño, como se prometeron entón tantas cousas. Por último, a Constituínte, que non prometera nada ao respecto, deixou como disposición testamentaria para a súa herdeira, a Asemblea Lexislativa, a abolición do imposto sobre o viño a partir do 1 de xaneiro de 1850. E, precisamente 10 dias antes do 1 de xaneiro, a Asemblea lexislativa volveu a restablecelo. Como ben se ve, o pobo francés persegue se tregua a este imposto, e cando o bota pola porta, coláselle de novo pola fiestra.

O odio popular contra este imposto explícase pola razón de que sintetiza en si mesmo todo o que tiña de execrable o sistema fiscal de Francia. O modo do seu pagamento é odioso e o seu modo de distribución, aristocrático, pois as taxas son as mesmas para os viños a granel que para os viños máis exclusivos. É un imposto regresivo, pois aumenta en progresión xeométrica ca pobreza do consumidor. Constitúe, ademais, un incentivo á adulteración e falsificación dos viños e provoca, xa que logo, o envelenamento masivo das clases traballadoras. Diminúe o consumo, instalando postos de cobro de taxas ás portas de todas as cidades de máis de 4.000 habitantes, e converte cada cidade nun territorio estranxeiro con aranceis protectores contra os viños franceses. Tamén os tratantes de viño, nomeadamente os máis pequenos, os *marchands de vin*, os taberneiros, cuxos ingresos dependen directamente do seu consumo, son outros tantos afervoados adversarios deste imposto. E, finalmente, ao reducir o seu consumo, o imposto sobre o viño diminúe a produción do mercado. Ao mesmo tempo que incapacita os obreiros das cidades para pagaren o prezo do viño, incapacita os labregos vitivinícolas para vendéreno. E cómpre non esquecer que Francia conta cunha

[54] Xente á que se pode gravar con impostos sen piedade. (N. dos T.).

poboación de viticultores duns doce millóns de persoas. É doado comprender, pois, a xenreira xeral e o fanatismo dos labregos en particular contra o imposto sobre o viño. Na tradición histórica campesiña, que se transmite de pais a fillos, murmúrase que todos os gobernos que queren enganar os labregos, o primeiro que fan é prometer a abolición do imposto sobre o viño, e despois manténeno ou, no seu caso, restabléceno. Por medio do imposto do viño saborea o campesiño o *bouquet* do goberno, a súa fiabilidade. Así, o restablecemento do imposto o 20 de decembro quería dicir: Luís Bonaparte é coma todos os demais. Pero non tal, Bonaparte non era coma os outros, era unha invención campesiña, e nos pregos con milleiros de sinaturas contra o imposto do viño os labregos retiraban os milleiros de votos que deran, había un ano escaso, ó «sobriño do seu tío».

A poboación labrega de Francia —máis do 75% da poboación total de Francia— está composta na súa maioría por pequenos propietarios territoriais supostamente libres. A primeira xeración, liberada sen compensación algunha das cargas feudais pola revolución de 1789, non pagara nada pola terra. Pero as seguintes xeracións tiveron que pagar baixo a forma de prezo da terra o que os seus devanceiros servos da gleba tiñan pagado en forma de rendas, décimos e prestacións persoais. Canto máis medraba a poboación e máis se acentuaba a división da terra, máis alto deviña o prezo da parcela, pois canto máis diminúe esta, máis aumenta a súa demanda. Pero na mesma proporción en que subía o prezo que o labrego pagaba pola terra, aumentaba tamén o endebedamento do campesiñado, é dicir, a hipoteca. O título da débeda que grava o chan chámase, con todo rigor, *hipoteca,* ou sexa, papeleta de empeño da terra. Do mesmo xeito que sobre as fincas medievais se acumulaban os privilexios feudais, sobre a parcela moderna amoréanse as hipotecas. Na economía parcelaria, a terra é para o seu propietario un mero medio de produción. Agora ben, conforme o chan se reparte, diminúe a súa fertilidade. A aplicación da maquinaria ao cultivo, a división do traballo, as

grandes infraestruturas para mellorar a terra, tales coma canles de drenaxe e irrigación, fanse cada vez mais imposibles en parcelas tan pequenas. Ao mesmo tempo, os gastos improdutivos do cultivo aumentan consonte aumenta a división do medio de produción. E tanto ten que o dono da parcela posúa capital como que non. Canto máis se acentúa a división dos predios, máis se converte o anaco de terra, co seu mísero inventario, no único capital do pequeno propietario campesiño. Pero máis se reduce tamén o investimento de capital sobre a terra, máis se converte a terra mesma nun ben escaso, máis carecen os labregos dos cartos e da cultura necesarios para aplicaren os progresos da agronomía e máis recúa, ao cabo, o cultivo do chan. Finalmente, o produto neto diminúe na mesma proporción en que aumenta o consumo bruto, en que toda a familia campesiña se ve imposibilitada, pola posesión da terra, para dedicarse a outras ocupacións, aínda que a agricultura non lles dea para vivir cun mínimo de dignidade.

Así pois, na mesma medida en que aumenta a poboación, e con ela a división do chan, encarécese o medio de produción, a terra, e diminúe a súa fertilidade. Na mesma medida decae a agricultura e se amorean as débedas sobre o lombo dos campesiños. Desta sorte, o que era un efecto convértese, á súa vez, en causa. Cada xeración deixa á seguinte cada vez máis endebedada, cada nova xeración comeza a súa andaina en condicións máis desfavorables e máis gravosas. As hipotecas xeran novas hipotecas e cando o labrego non pode atopar na súa parcela unha garantía para contraer novas débedas, é dicir, cando non pode gravala con novas hipotecas, cae inevitablemente nas poutas da usura, e os intereses usurarios fanse cada vez máis descomunais.

E desta maneira tense chegado a unha situación tal na que o campesiñado de Francia, baixo a forma de intereses xerados pola hipotecas que gravan a terra, baixo a forma de intereses polo adianto non hipotecarios dos usureiros, ceden aos capitalistas non soamente a renda da terra, non soamente o beneficio industrial, non soamente toda a ganancia neta, senón mesmo

unha parte do seu salario. En definitiva, ten descendido ao nivel do colono irlandés, e todo co conto de ser un propietario privado.

En Francia este proceso acelerouse pola carga fiscal continuamente crecente, e polas costas xudiciais, en boa medida xeradas polos formalismos con que a lexislación francesa envolve a propiedade territorial. Pero estas costas xudiciais resultan tamén motivadas, moi a miúdo, polos conflitos interminables que se producen entre propietarios veciños polos marcos e lindes das súas parcelas, ensarilladas unhas con outras nunha urda inextricable; e tamén pola cultura do preito tan espallada entre os campesiños, para quen o solaz da súa suposta propiedade, redúcese ao goce de facer valer fanaticamente a propiedade imaxinaria, o dereito de propiedade.

Segundo estatísticas de 1840, o produto bruto do chan francés alcanzaba os 5.237.178.000 de francos. Deste total, 3.552.000.000 se destinaban a gastos de cultivo, incluíndo o consumo dos labregos que traballan. Queda un produto neto de 1.685.178.000 francos, dos que hai que descontar: 550 millóns de intereses hipotecarios, 100 millóns para os funcionarios de xustiza, 350 millóns para impostos e 107 millóns máis para dereitos de inscrición no rexistro, timbres varios, taxas do rexistro hipotecario, etc. Fica así, do produto neto inicial, apenas unha terceira parte, 538 millóns que, repartidos entre a poboación campesiña, non tocan nin a 25 francos de produto neto por cabeza. E repárese que nesta conta non temos incluído nin a usura de índole non hipotecaria, nin os honorarios dos avogados.

Ben se entende, pois, a situación na que se atopaban os labregos franceses cando a república veu engadir novas cargas fiscais sobre as vellas. A explotación dos campesiños distínguese da explotación do proletariado industrial soamente pola forma. O explotador é o mesmo: o capital. Individualmente, os capitalistas explotan explotan os labregos por medio da hipoteca e a usura. En canto clase, os capitalistas explotan a clase campesiña mediante os impostos do Estado. O título de propiedade

do labrego é o talismán con que o capital o viña engaiolando ata agora, o pretexto do que se valía para enfrontalo co proletariado industrial. Só a caída do capital pode liberar o campesiño. Soamente un goberno anticapitalista, proletario, pode rematar ca súa miseria económica e a súa degradación social. A república constitucional non é máis que a ditadura dos seus explotadores coligados. A república socialdemócrata, a república roxa, é a ditadura dos seus aliados. E a balanza sobe ou baixa segundo os votos que os campesiños depositan nas urnas electorais. O campesiñado mesmo ten que decidir a súa sorte. Así falaban os socialistas en folletos, almanaques, calendarios e proclamas de toda índole. As diatribas que lanzou o Partido da Orde contra eles fixeron a súa linguaxe mais acaída, máis accesible ao campesiñado, grazas á súa burda esaxeración. A brutal interpretación e exposición das intencións e ideas dos socialistas foi dar precisamente coa esencia campesiña, suscitando o seu apetito do froito prohibido. Pero a linguaxe máis intelixible proviña, sen dúbida, da propia experiencia da clase labrega co seu emprego do dereito do sufraxio universal, e dos desenganos que, na vertixe do curso revolucionario, ían caendo, golpe tras golpe, na súa cabeza. *As revolucións son as locomotoras da historia*.

A progresiva simpatía dos labregos ca revolución manifestouse mediante diversos síntomas. Revelouse, por exemplo, nas eleccións da Asemblea lexislativa; revelouse, tamén, durante o estado de sitio dos cinco departamentos que rodean Lyon; revelouse, algúns meses despois do 13 de xuño, na elección no departamento da Xironda dun membro da Montaña, no canto do expresidente da *Chambre introuvable*[55]; revelouse, en fin, o 20 de decembro de 1849 na elección dun «roxo» para ocupar a vacante dun deputado lexitimista no departamento de Gard, lugar famoso pola persecucións dos republicanos en 1794 e 1795, e polos

---

[55] Cámara dos Deputados de Francia elixida en 1845, despois da segunda caída de Napoleón, de orientación fanática ultra monárquica e reaccionaria (Nota de Engels á edición de 1895).

asasinatos de protestantes e liberais durante *la terreur blanche* en 1815. Esta crecente simpatía coa revolución por parte da clase social mais estacionaria, manifestouse do xeito máis palpable despois do restabelecemento do imposto sobre viño. Durante os meses de xaneiro e febreiro de 1850, as medidas do goberno e as leis que se ditan na Asemblea se dirixen case exclusivamente contra os departamentos e os campesiños. Era a proba máis patente do seu progreso.

A circular de d'Hautpoul pola que se converte os xendarmes nos inquisidores directos dos prefectos, dos subprefectos e, sobre todo, dos alcaldes, e pola que se organiza a espionaxe ata nos recunchos da máis remota aldea; a lei contra os mestres de escola pola que estes, voceiros, educadores e intérpretes da clase labrega, resultan sometidos á arbitrariedade dos prefectos e, na súa condición de proletarios de clase culta, son expulsados dos concellos e acosados como pezas de cacería; o proxecto de lei contra os alcaldes, polo que se suspende sobre as súas cabezas a espada de Damocles da súa destitución e se lles enfronta co presidente da República e o Partido da Orde; a ordenanza pola que as 17 divisións militares de Francia se converten en catro virreinatos, e o cuartel e a tenda de campaña impóñense a todos os franceses como o salón nacional; ao cabo, a lei do ensino, ca que o Partido da Orde proclama abertamente que a ignorancia e o embrutecemento de Francia son condición necesaria para que se poida vivir cun sistema político baseado no sufraxio universal. Que eran todas estas leis máis que un intento desesperado do Partido da Orde de manter baixo o seu control os departamentos e os campesiños?

Porén, considerados como represión, estes procedementos eran lamentables, contraproducentes, verdugos da propia finalidade que perseguían. As grandes medidas, como o mantemento do imposto sobre o viño, o imposto dos 45 céntimos, ás burlas ante a petición campesiña da devolución dos 1.000 millóns etc. golpeaban a clase campesiña de cheo desde París. E as leis e

medidas enriba citadas daban unha fasquía xeral ao ataque e á resistencia ao mesmo, converténdose en tema cotián das conversas en todas as casas. Inoculaban a revolución en todas as aldeas, levábana aos máis distantes lugares e facíana campesiña.

Polo demais, estes proxectos de Bonaparte e a súa aprobación pola Asemblea Nacional non amosaban con claridade a unión existente entre os poderes da república constitucional no referente á represión da «anarquía» é dicir, de todas as clases que se rebelaban contra a ditadura burguesa? Acaso Soulouque, inmediatamente despois da súa brutal mensaxe, non aseguraba na Asemblea Lexislativa a súa devoción pola orde mediante a misiva subseguinte de Carlier, caricatura vil e miserenta de Fouché, tal e como Luís Bonaparte o era a vulgar caricatura de Napoleón?

Mentres, proseguían as colisións entre as fraccións do Partido da Orde e entre a Asemblea Nacional e Bonaparte. Á Asemblea Nacional non lle agradou que, tras o golpe de Estado, despois de ter formado un goberno de estrita obediencia bonapartista, Bonaparte chamara aos prefectos vellos inválidos da pasada monarquía e os cominase a faceren campaña de axitación anticonstitucional a prol da súa reelección á presidencia, se querían manterse no seu cargo. Tampouco lle fixo graza que Bonaparte fundase un xornal propio, *Le Napoléon*, que delataba as ambicións persoais do presidente, mentres os seus ministros tiñan que negalos na tribuna da Asemblea Lexislativa. Non estaba de acordo tampouco co mantemento obstinado do Ministerio, malia as sucesivas mocións de censura na súa contra; tampouco o intento de gañarse o favor dos suboficiais mediante un aumento da soldada de 20 céntimos diarios, nin ver como facía as beiras ao proletariado cun plaxio d'*Os misterios de París* de Eugène Sue, creando un banco para préstamos de honra. Finalmente, a Asemblea consideraba unha desvergonza que os ministros propuxeran a deportación a Alxeria dos insurrectos de xuño que aínda quedaban, para botarlle a ela a culpa de tan impopular

medida, mentres o presidente cultivaba a súa popularidade concedendo indultos individuais. Thiers mesmo deixou entrever verbas ameazadoras sobre eventuais *coups d'état* e *coups de tête*, e a Asemblea vingouse de Bonaparte rexeitando un tras outro todos os proxectos de lei que o favorecían, e adiando con visible desconfianza todos os proxectos que ían en beneficio público. Sospeitaba, con razón, que, unha vez reforzado o poder executivo, Bonaparte se faría con el de xeito unipersoal. E a Asemblea vingouse ca conspiración do desprezo.

Pola súa banda, o partido dos lexitimistas ollaba con noxo como agromaba de novo o principio de lexitimidade democrática, da man do sufraxio universal, contrapoñéndose ao seu caduco principio de lexitimidade hereditaria.

Temos visto como, uns tras outros, os labregos, os pequenos burgueses e as clases medias en xeral íanse situando a carón do proletariado, empurrados cara a unha oposición aberta á república oficial, e tratados por esta como adversarios. Rebelión contra a ditadura burguesa, necesidade dun cambio radical da sociedade, mantemento das institucións democrático-republicanas como instrumento para ese cambio, agrupación a carón do proletariado como forza revolucionaria principal. Tales son as características xerais do partido da socialdemocracia, do partido da república roxa. Este partido da «anarquía», como os seus antagonistas o alcuman, é tamén unha coalición de diferentes intereses, tanto ou máis que o Partido da Orde. Desde a reforma mínima da vella orde social ata a completa subversión do mesmo, desde o liberalismo burgués ata o terrorismo revolucionario: velaí a distancia que separa os dous extremos que constitúen o punto de partida e a meta final do partido da «anarquía».

A abolición dos aranceis protectores é o socialismo! Porque atenta contra o monopolio da fracción da burguesía industrial do Partido da Orde. «A regulación do orzamento é socialismo!» Porque atenta contra o monopolio da fracción da burguesía

financeira do Partido da Orde. A libre importación de carne e cereais do estranxeiro é socialismo! Porque atenta contra a terceira fracción burguesa do Partido da Orde, a gran propiedade terratenente. En Francia as reivindicacións do partido dos *free traders*, dos librecambistas, é dicir, do partido máis progresista da burguesía inglesa, considéranse outras tantas reivindicacións socialistas. O volterianismo é socialismo! Porque atenta contra a cuarta fracción do Partido da Orde: a Igrexa católica. A liberdade de prensa, o dereito de asociación e a instrución pública xeral son socialismo! Porque atentan contra o monopolio político do Partido da Orde.

O vieiro da revolución fixera madurar tan rapidamente a situación política, que os partidarios das reformas de todos os matices e as máis modestas pretensións das clases medias víanse na obriga de xuntarse en derredor da bandeira do partido revolucionario máis radical, da bandeira roxa. Por moi diverso que fose o socialismo dos diferentes sectores que integraban o partido da «anarquía» —debedores das condicións económicas da súa clase e das necesidades xerais revolucionarias que delas agromaban— había un postulado en que todos coincidían; a saber: proclamarse como medio para a emancipación do proletariado e proclamar esa emancipación como o seu fin. Engano intencionado para uns e ilusión para outros ao presentaren o mundo transformado de acordo aos seus intereses particulares como o mundo transformado para todos, como a realización de todas as demandas revolucionarias, e a supresión de todos os conflitos revolucionarios.

Baixo as frases socialistas xerais e de índole bastante uniforme do «partido da anarquía», agáchase o socialismo de *Le National*, *La Presse* ou *Le Siècle*, que están a prol de derrubar a dominación da aristocracia financeira e liberar a industria e o comercio dos atrancos que os atenazan a día de hoxe. Trátase do socialismo da industria, do comercio e da agricultura, cuxos representantes dentro do Partido da Orde, sacrifican os seus intereses para pri-

vilexiaren os seus monopolios privados. Distínguese deste socialismo burgués que, como toda caste de socialismo, atrae un fato de obreiros e pequenos burgueses, o peculiar socialismo pequeno burgués, o socialismo *par excellence*. O capital acosa esta clase, principalmente como acredor, polo cal esta reclama institucións de crédito. Esmágaa a competencia, por iso esixe asociacións amparadas polo Estado. Ten superioridade na loita, por mor da concentración de capital; por iso reclama impostos progresivos, restricións para as herdanzas, centralización das grandes obras nas mans do Estado e outras medidas que fomenten o crecemento do capital. E, como a pequena burguesía soña coa realización pacífica do seu socialismo —agás, quizais, unha breve repetición da revolución de Febreiro—, represéntase o progreso histórico como a aplicación práctica dos sistemas que teñen inventado os pensadores sociais, quer individual, quer colectivamente. E deste xeito convértense en eclécticos adeptos dos sistemas socialistas existentes, do socialismo doutrinario, que soamente foi a expresión histórica do proletariado mentres este non se tiña desenvolvido aínda o suficiente para converterse nun movemento histórico autónomo e de seu.

Pero a utopía, o socialismo doutrinario, subordina o movemento xeral a un só dos seus aspectos, substitúe a produción colectiva, política, pola illada actividade intelectual dun pedante desleigado. Pero sobre todo elimina, na súa fantasía, por medio de trucos varios e afervoados sentimentalismos, a loita revolucionaria de clases e os seus perentorios requirimentos. Este socialismo doutrinario, no fondo, non fai máis que idealizar a sociedade actual, facerse dela unha imaxe impoluta, sen defectos, impoñer o seu ideal a contrafío da realidade social. Este é o socialismo da pequena burguesía, non o do proletariado. As liortas entres os distintos líderes socialistas poñen de manifesto que cada un dos chamados «sistemas» resulta debedor dunha das etapas parciais da transición cara á gran transformación social en marcha. O proletariado, pola contra, vai agrupándose

cada vez máis ao redor do socialismo revolucionario, é dicir, en derredor do *comunismo,* que a mesma burguesía ten alcumado co nome de Blanqui[56]. Este socialismo postula a revolución permanente, a ditadura de clase do proletariado como etapa de transición necesaria para a supresión das diferenzas de clase en xeral. Este socialismo, en definitiva, postula a supresión de todas as relacións de produción das que agroman as clases sociais, a supresión de todas as relacións sociais que se corresponden a estas relacións de produción e a subversión de todas as ideas que xorden destas relacións sociais.

Temos visto que, así como o Partido da Orde se puxo necesariamente á cabeza da aristocracia financeira, o «partido da anarquía» puxo en primeiro plano o proletariado. E mentres as diferentes clases organizadas nunha liga revolucionaria se agrupaban en derredor do proletariado, mentres os departamentos eran cada vez menos seguros e a propia Asemblea Lexislativa se volvía cada vez máis hostil contra as pretensións do Soulouque francés, íanse achegando —tras moitos retrasos e adiamentos— as eleccións parciais para cubriren as vacantes deixadas polos deputados da Montaña, proscritos despois do 13 xuño.

O goberno, desprezado polos seus inimigos e diariamente humillado polos seus amigos, non ollaba máis que un medio para saír daquela insostible situación: o motín. En efecto, un motín en París permitiría declarar o estado de sitio e controlar desde o poder executivo o proceso electoral. Por outra parte, os amigos da orde veríanse nesta conxuntura obrigados a facer concesións ó goberno en pagamento por teren vencido a «anarquía», se non querían semellar eles mesmos transixentes ca anarquía.

---

56 Auguste Blanqui (1805-1881) socialista e revolucionario de extraordinaria traxectoria, presente nas mobilizacións de 1830, 1848 e contra o segundo Imperio. Preso, entre outras moitas ocasións na súa vida, canda a Comuna de París. De enorme influencia entre intelectuais franceses e, sobre todo, no movemento estudantil. Marx mantivo sempre unha distancia crítica ca súa visión conspirativa da revolución, a inoportunidade política dalgunha das súas accións e a súa obsesión polos atentados e a loita armada (N. dos T.).

Así, o goberno dispuxo diversas manobras de provocación. A comezos de febreiro de 1850 derrubou as árbores da liberdade. Foi en van. As árbores da liberdade perderan a vida, pero o goberno perdeu a cabeza e retrocedeu temoroso das súas propias provocacións. Pola súa parte, a Asemblea nacional recibiu con xélida desconfianza estas tentativas de reforzamento do poder persoal de Bonaparte. Tampouco tivo éxito a retirada das coroas florais da Columna conmemorativa de Xullo. Isto ocasionou que unha parte do exército fixera manifestacións revolucionarias e que a Asemblea Nacional aprobara unha velada moción de censura contra o ministerio. Foron tamén inútiles as ameazas da prensa gobernamental sobre a abolición do sufraxio universal ou a invasión dos cosacos. Tamén foron en van os retos destemidos de D'Hautpoul ás esquerdas, lanzados en plena Asemblea Lexislativa, para botárense á rúa, onde o goberno estaba presto a reprimilas. Non conseguiu máis que ser chamado á orde polo presidente da Cámara. Aínda por riba, o Partido da Orde, con elocuente silencio, permitiu que un deputado da esquerda ridiculizara as ambicións usurpadoras de Bonaparte. Ao cabo, tampouco serviu de nada a profecía dunha suposta revolución para o 24 de febreiro: o goberno fixo que o 24 de febreiro pasase ignorado para o pobo. O proletariado no se deixou provocar a ningún motín, porque se dispoñía a facer unha revolución.

Sen deixarse desviar do seu camiño polas reiteradas provocacións do goberno, que non facían máis que aumentar a carraxe xeral contra a orde vixente, o comité electoral, controlado polo movemento obreiro, presentou tres candidatos por París: De Flotte, Vidal e Carnot. De Flotte era un deportado de xuño, recentemente amnistiado mediante un daqueles xestos de Bonaparte destinados a procurarlle popularidade; amigo de Blanqui, tomara parte activa no atentado do mes maio. Vidal, ben coñecido como intelectual comunista polo seu libro *Sobre a distribución da riqueza*, fora secretario de Louis Blanc na

Comisión do Luxemburgo. Carnot, era fillo do famoso revolucionario da Convención que organizara a súa vitoria, membro pouco comprometido do partido de *Le National*, fora ministro de Educación no goberno provisorio e na Comisión executiva e representaba, polo seu democrático proxecto de lei sobre o ensino público, unha protesta vivinte contra a lei do ensino dos xesuítas. Estes tres candidatos representaban as tres clases coligadas: en primeiro lugar, o insurrecto de xuño, o representante do proletariado revolucionario; en segundo lugar, o socialista doutrinario, representante da pequena burguesía socialista; en terceiro lugar, o representante do partido burgués republicano, cuxas posicións democráticas tiñan adquirido, fronte ao Partido da Orde, unha impensable significación socialista. Tratábase, como en febreiro, dunha coalición xeral contra a burguesía e o goberno. Pero desta volta era o proletariado quen lideraba a Liga revolucionaria.

Malia todos os atrancos, venceron os candidatos socialistas. Mesmo o exército votou polo insurrecto de xuño contra La Hitte, o seu propio ministro da Guerra. O Partido da Orde ficou como partido por un raio. As eleccións departamentais tampouco lle serviron de nada, pois foron elixidos maioritariamente deputados da Montaña. As eleccións do 10 de marzo de 1850 implicaban a revogación de xuño de 1848: os asasinos e deportadores dos insurrectos e xuño volveron coitados, a vista baixa, detrás dos deportados, coméndose os seus principios. Foron tamén a revogación do 13 de xuño de 1849: a Montaña, que fora proscrita da Asemblea nacional, volveu triunfadora como voceiro da revolución, pero non xa coma o seu líder. Supuxeron, ademais, a revogación do 10 de decembro: Bonaparte foi derrotado canda o seu ministro La Hitte. Na historia parlamentaria de Francia só se produciu unha vez tamaña situación: a derrota de Haussez, ministro de Carlos X, en 1830. As eleccións do 10 de marzo de 1850 implicaron, ao cabo, a cancelación das eleccións do 13 de maio que deran o triunfo ao Partido da Orde. O 10 de marzo

foi unha revolución. Debaixo das papeletas da votación estaban as pedras da rúa.

Co 10 de marzo de 1850, a república constitucional entra nunha nova fase, a fase da súa disolución. As diferentes fraccións da maioría volveron xuntarse e, baixo Bonaparte, o seu home neutral, volven ser as salvadoras da orde. Cando se lembran do seu monarquismo orixinario é soamente porque albiscan a imposibilidade dunha república burguesa. E cando Bonaparte lembra que é un pretendente, soamente o fai porque desespera de seguir sendo presidente de Francia.

Bonaparte, por indicación do partido da Orde, responde á elección de De Flotte, o insurrecto de xuño, co nomeamento de Baroche para o Ministerio do Interior. Baroche fora o acusador de Blanqui, Barbés, Ledru-Rollin e Guinard. Á elección de Carnot, retruca a Asemblea Lexislativa ca aprobación da lei do ensino; e a elección de Vidal, coa suspensión dos xornais socialistas. O Partido da Orde procura espantar o seu propio medo cos titulares sensacionalistas da súa prensa devota. «A espada é sagrada!», berra un dos seus órganos. «Os defensores da orde deben lanzar unha ofensiva contra o partido roxo!», berra outro. «Entre o socialismo e a sociedade hai un duelo a morte, unha guerra sen tregua nin cuartel; neste duelo desesperado ten que morrer un dos dous; se a sociedade non aniquila o socialismo, o socialismo aniquilará a sociedade», canta outro galo da orde. Erguede as barricadas da orde, as barricadas da relixión, as barricadas da familia! Hai que rematar cos 127.000 electores de París. Unha noite de San Bartolomé de socialistas! E o Partido da Orde pensa, por un intre, que ten controlada a situación.

Os seus xornais vólvense fanaticamente contra os tendeiros de París. Un insurrecto de xuño elixido deputado polos tendeiros de París! Isto implica que resulta imposible un segundo 13 de xuño de 1848, que a influencia moral do capital está esgotada; que a Asemblea burguesa xa non representa a burguesía, que a

gran propiedade está perdida, porque o seu vasalo, a pequena propiedade, procura a súa salvación canda os que non teñen propiedade algunha.

O Partido da Orde volve ao seu lugar común: «Máis represión!», «Multiplicala por dez!» exclama. Pero a súa forza represiva xa non é o que era, mentres pola contra a resistencia se ten multiplicado por cen. E o Partido da Orde pronuncia a súa última palabra: «Hai que rachar o anel de ferro dunha legalidade asfixiante. A república constitucional é imposible. Temos que loitar cas nosa verdadeiras armas. Desde febreiro de 1848 vimos combatendo a revolución cas súas mesmas armas e no seu propio terreo, temos aceptado as súas institucións, a Constitución é unha fortaleza que protexe os que asedian, non os sitiados. Ao entrarmos na praza, agachados no Cabalo de Troia, non temos conquistado a cidade inimiga, como os nosos antepasados *grecs*[57], senón que temos caído nós mesmos prisioneiros».

Pero a base da Constitución é o sufraxio universal. A abolición do sufraxio universal é a derradeira palabra do Partido da Orde, da ditadura burguesa. O sufraxio universal déulles a razón o 4 de maio de 1848, o 20 de decembro de 1848, o 13 de maio de 1849 e o 8 de xuño de 1849. O sufraxio universal perdeu a súa razón de ser o 10 de marzo de 1850. A dominación burguesa, como resultado do sufraxio universal, como manifestación sobranceira da vontade soberana do pobo: velaí o sentido último da Constitución burguesa. Pero desde o momento mesmo en que o contido dese dereito de sufraxio, desa vontade soberana, deixa de ser a dominación da burguesía, que sentido ten a Constitución? Non debe arranxarse o dereito de sufraxio para que o seu resultado sexa máis razoable, é dicir, a dominación burguesa? Acaso o sufraxio universal non suprime a estabilidade precisa, facendo renacer o poder constantemente desde a vontade

---

[57] *Grecs* xoga aquí nun dobre sentido, significa «gregos», pero tamén «estafadores profesionais» (N. dos T.).

popular, non erosiona todos os poderes existentes, non ameza con lle dar autoridade á temida anarquía? Visto o 10 de marzo de 1850, quen abriga a menor dúbida ao respecto?.

A burguesía, ao rexeitar o sufraxio universal, a roupa política ca que se tiña adornado estes últimos tempos, e da que obtiña a súa omnipotencia, confesa sen complexos: «A nosa ditadura existiu ata agora pola vontade do pobo. Agora hai que consolidala contra a vontade do pobo». E, en consecuencia, xa non procura o seu apoio dentro de Francia, senón fóra das súas fronteiras, en países estranxeiros, en definitiva, na invasión.

En efecto, ca invasión, a burguesía —coma unha nova Coblenza instalada na mesma Francia— esperta contra ela todas as paixóns nacionais. Co ataque ao sufraxio universal proporciona á revolución un programa xeral, e a revolución precisaba de tal programa común. Todo motivo particular dividiría as fraccións da Liga revolucionaria e axiña agromarían as diferenzas internas. Por outra parte, a causa xeral desnorta as clases semirrevolucionarias, permítelles enganárense a si mesmas sobre a natureza da futura revolución e das consecuencias da súa propia acción.

Pero as fraccións burguesas dominantes coligadas, ao fuxiren da única forma posible de poder conxunto, da forma máis completa e mais sólida da súa dominación de clase, isto é, a república constitucional, para repregarse cara a unha forma inferior, incompleta e moito mais feble, a monarquía, ten pronunciado a súa propia sentenza de morte. Recorda o conto do vello aquel que, desexando recuperar as forza da xuventude, sacou as roupas de neno do baúl e tentou en vano de forzalas, para as poñer de novo. Aquela súa república non tiña mais ca un mérito: o de ser a estufa da revolución.

O 10 de marzo de 1850, leva fixada esta inscrición: *Aprés moi le déluge!*, «Despois de min, o diluvio!».

IV
A abolición do sufraxio universal en 1850

A partir de 1849 preséntanse en Francia os mesmos síntomas, en especial desde primeiros do ano 1850. As industrias de París traballan ao límite da súa capacidade e tamén as fábricas de algodón de Ruán e de Mulhouse funcionan moi ben, aínda que aquí, coma en Inglaterra, os elevados prezos da materia prima produciron un atranco na produción. Por outra banda, o crecemento da prosperidade en Francia foi favorecido pola ampla reforma aduaneira en España, e pola baixa das taxas aduaneiras sobre diversos artigos de luxo en México; a exportación de mercadorías francesas cara a estes dous mercados creceu de xeito significativo. O aumento dos capitais xerou en Francia unha serie de especulacións, ás que lles servía de moi acaído pretexto a explotación das minas de ouro en California. Xurdiron un gran número de sociedades cuxo baixo custo por acción e orientación tinxida de socialismo dirixíase directamente aos pequenos burgueses e aos traballadores, que acababan sen excepción caendo naquela flagrante estafa que é tan característica dos franceses e dos chineses. Unha destas sociedades estaba mesmo protexida polo goberno. Os dereitos de importación en Francia acadaron nos primeiros nove meses de 1848 os 63 millóns de francos, en 1849 os 95 millóns e en 1850 os 93 millóns; ademais, no mes de setembro de 1850 medraron en máis dun millón de francos con respecto ao mesmo mes de 1849. As exportacións medraron tamén en 1849 e aínda máis en 1850.

A proba máis contundente da recuperada prosperidade é a recuperación dos pagamentos bancarios ao contado pola lei do 6 de agosto de 1850. O 15 de marzo de 1848 o banco fora autorizado a suspender os pagamentos ao contado. A súa circulación de billetes, incluíndo os bancos provinciais, acadou naquel intre os 373 millóns de francos (14.920.000 libras esterlinas). Esta circulación acadou o 2 de novembro de 1849 482 millóns de francos ou 19.280.000 libras esterlinas, cun crecemento de

4.360.000 libras esterlinas e o 2 de setembro de 1850 4.906 millóns de francos ou 19.840.000 libras esterlinas, cun crecemento de preto de cinco millóns de libras esterlinas. Non se produciu ningunha depreciación dos billetes bancarios. Polo contrario, o aumento de circulación dos billetes veu acompañado dunha crecente acumulación de ouro e plata nos sotos do banco, ata o punto de ascenderen os depósitos no verán de 1850 a 14 millóns de libras esterlinas, suma inaudita para Francia

Que o banco fose posto na situación de elevar a súa circulación e con ela o seu capital activo en 123 millóns de francos ou cinco millóns de libras esterlinas demostra concluintemente ata que punto era correcta a nosa tese, exposta nun capítulo anterior, de que a aristocracia financeira non só non foi derrotada pola revolución, senón que mesmo saíu dela moi reforzada. Este resultado aínda se aprecia máis claramente na seguinte síntese da lexislación bancaria francesa dos últimos anos. O 10 de xuño de 1847 o banco foi autorizado a expedir billetes de 200 francos. O billete máis pequeno ata entón era o de 500 francos. Un decreto do 15 de marzo de 1848 declarou os billetes do banco de Francia moeda legal e suprimiulle á banca a obriga de cambialos por ouro e prata. A súa expedición de billetes foi limitada a 350 millóns de francos. Simultaneamente foi autorizado a expedir billetes de 100 francos. Un decreto do 22 de decembro de 1849 elevaba o tope máximo da expedición de billetes a 525 millóns de francos. Finalmente, a lei do 6 de agosto de 1850 reintroduciu a posibilidade de cambio dos billetes por moedas. Estes feitos —o crecemento permanente da circulación, a concentración de todo o crédito francés nas mans do banco e a acumulación de todo o ouro e de toda a prata nos sotos do banco— levaron ao señor Proudhon á conclusión de que agora o banco xa tiña que arrancar a súa vella pel de serpente e metamorfosearse nunha banca popular proudhoniana[58]. Nin sequera cumpría que o señor

[58] Este punto de vista foi adoptado por Proudhon na súa polémica co economista Frédéric Bastiat, que propagara os seus puntos de vista desde o xornal *La voix du peuple*,

Proudhon coñecera a historia da restrición bancaria inglesa de 1779-1819[59]; só abondaba con botar unha ollada por riba do Canal para ver que este feito, para el inaudito, na historia da sociedade burguesa, non era máis que un normalísimo acontecemento que agora se producía en Francia por primeira vez. Como ben se ve, os teóricos supostamente revolucionarios, que despois do goberno provisorio eran os grandes voceiros en París, sabían tan pouco sobre a natureza e os resultados das medidas adoptadas coma os mesmos ministros do goberno provisorio.

Malia a prosperidade industrial e comercial que Francia goza polo momento, a masa da poboación, os 25 millóns de campesiños sofre unha gran depresión. As boas colleitas dos últimos anos afundiron aínda máis os prezos dos cereais en Francia, ben máis profundamente que en Inglaterra, e a situación dos labregos endebedados, desangrados pola usura e esmagados polos impostos, non pode ser neste contexto nin moito menos brillante. Porén, a historia dos derradeiros tres anos demostrou de xeito patente que esta clase da poboación resulta absolutamente incapaz de ningunha iniciativa revolucionaria.

Así como o período de crise entrou no continente máis tarde que en Inglaterra, o mesmo sucedeu coa época de prosperidade. En Inglaterra prodúcese sempre o proceso orixinario; é o demiúrgo do cosmos burgués. No continente as diversas fases do ciclo que a sociedade burguesa sempre volve a percorrer prodúcense nunha forma secundaria e terciaria. Primeiro, o continente exportou a Inglaterra desproporcionadamente moito máis que a ningún outro país. Porén, esta exportación a Inglaterra depende á súa vez da situación neste país, en especial no que se refire ao mercado ultramarino. Pola súa parte, Inglaterra exporta aos países de ultramar desproporcionadamente moito

entre novembro de 1849 e febreiro de 1850. Esta polémica foi recollida nun folleto publicado en París en 1850 baixo o título *Gratuidade do crédito. Discusión entre os señores Bastiat e Proudhon* (N. dos T.).

[59] En 1797 o goberno inglés emitiu un documento especial sobre a restrición bancaria (N. dos T.).

máis que o continente no seu conxunto, de xeito que o volume da exportación continental a estes países de ultramar sempre depende da momentánea exportación de Inglaterra. Xa que logo, aínda que as crises xeran primeiro revolucións no continente, as súas causas sitúanse sempre en Inglaterra. Nas extremidades do corpo burgués téñense naturalmente que producir máis estoupidos sociais violentos ca no seu centro, no que a posibilidade de compensación é máis forte que naquelas. Por outra parte, o grao no que as revolucións continentais reverten sobre Inglaterra é ao mesmo tempo o termómetro no que se amosa ata que punto estas revolucións poñen realmente en cuestión as condicións de vida burguesas ou ata que punto só afectan ás súas formacións políticas.

Baixo esta prosperidade xeral, na que as forzas produtivas da sociedade burguesa se desenvolven con tanta prosperidade como resulta posible, non se pode nin falar sequera dunha verdadeira revolución. Unha revolución así soamente é posible nos períodos nos que ambos os dous factores, isto é, as forzas produtivas modernas e as relacións capitalistas de produción entran en contradición entre si. As diferentes liortas nas que se envolven e se comprometen agora os representantes de cada unha das faccións do Partido da Orde continental, moi lonxe de dar ocasión a novas revolucións, só son posibles, pola contra, porque a base das relacións é tan segura e —extremo este que a reacción ignora— tan burguesa. Nela van bater sen remedio tanto as tentativas reaccionarias de deter o desenvolvemento burgués, coma toda a indignación moral e todas as proclamacións entusiastas dos demócratas. Unha nova revolución só será posible como consecuencia dunha nova crise. Pero é tan segura coma esta.

Mais pasemos agora a Francia. A vitoria do pobo, conseguida en alianza cos pequenos burgueses nas eleccións do 10 de marzo, foi anulada polo mesmo pobo cando provocou as novas eleccións do 28 de abril. Vidal fora elixido, ademais

de en París, tamén no Baixo Rin. O comité de París, no que a Montaña e a pequena burguesía estaban fortemente representadas, moveuno a aceptar a candidatura do Baixo Rin. A vitoria do 10 de marzo deixou de ser decisiva; a data da toma de decisión foi repetidamente adiada, a tensión popular devecía: estaba afacéndose ás vitorias legais, en vez de ás verdadeiramente revolucionarias. O sentido revolucionario do 10 de marzo —a rehabilitación da insurrección de xuño— foi finalmente aniquilada por completo pola candidatura de Eugène Sue, o sentimental pequenoburgués social-fantástico, que o proletariado só podía aceptar, como moito, coma un mal chiste para lles facer graza ás meretrices. Contra esta ben intencionada candidatura, o Partido da Orde, que se volvera máis ousado pola inestable política dos seus rivais, presentou un candidato que debería representar a vitoria de xuño. Este ridículo candidato era o espartano pai de familia Leclerc, ao que entrementres a prensa lle fora arrincando do seu corpo peza a peza a súa heroica armadura e que na elección sufriu, por riba, unha brillantísima derrota. A nova vitoria electoral do 28 de abril volveu máis atrevidos á Montaña e á pequena burguesía. Aquela xa botaba foguetes ante a idea de poñer de novo ó proletariado na primeira liña por unha vía absolutamente legal e sen ter que provocar unha nova revolución, acadando así a meta dos seus desexos. Contaba firmemente con que, nas novas eleccións 1852, podería levar por medio do sufraxio universal o señor Ledru-Rollin ata a cadeira presidencial e conseguiría por riba unha sólida maioría de montañeses na Asemblea. O Partido da Orde, completamente seguro, por mor da a candidatura de Sue e polo talante amosado pola Montaña e a pequena burguesía, que ambos os dous estaban decididos a manterse tranquilos en calquera caso, respondeu a ambas as vitorias electorais coa «lei electoral» que abolía o sufraxio universal.

O goberno gardouse ben de facer esta proposta de lei baixo a súa propia responsabilidade. Fíxolle á maioría unha concesión

aparente, confiando a súa elaboración aos grandes dignitarios desta maioría, os dezasete burgraves[60]. Xa que logo, non foi o goberno o que derrotou á Asemblea; a maioría da Asemblea propúxose a si mesma a supresión do dereito de sufraxio universal.

O proxecto foi levado á Cámara o 8 de maio. Toda a prensa socialdemócrata ergueuse coma un so home para predicarlle ao pobo unha actitude digna, unha calma maxestosa, a máis absoluta pasividade e confianza nos seus representantes. Cada artigo daqueles xornais era un acto de recoñecemento de que a revolución tiña que aniquilar sobre todo a chamada prensa revolucionaria, polo que agora só se trataba da súa propia supervivencia. A prensa supostamente revolucionaria revelou de vez todo o seu segredo. Asinaba así a súa propia condena a morte.

O 21 de maio a Montaña levou a debate a cuestión previa e propuxo o rexeitamento de todo o proxecto, por canto este vulneraba a Constitución. O Partido da Orde respondeu que se violaría á Constitución cando e cantas veces fose necesario, pero que agora iso non era preciso posto que a Constitución atura con todas as interpretacións posibles e porque só a maioría resulta competente para decidir a interpretación correcta. Ós desenfreados e salvaxes ataques de Thiers e de Montalembert opúxolles a Montaña un humanismo culto e honesto; empregou requintados argumentos xurídicos. O Partido da Orde remitiuna ó terreo no que medra o dereito, a propiedade burguesa. A Montaña choromicaba: quería provocar realmente con toda a forza unha revolución? O Partido da Orde respondeu que non o collería desatento.

O 22 de maio contestouse a cuestión previa con 462 votos contra 227. Os mesmos homes que con tan festiva profundidade demostraran que a Asemblea e cada deputado concreto debía

[60] «Os dezasete burgraves». Comisión de 17 orleanistas e lexitimistas, deputados da Asemblea Lexislativa, nomeados por disposición do ministro do Interior do primeiro de maio de 1850 para redactar o borrador dunha nova lei electoral. Os membros desta comisión foron chamados «os 17 burgraves», en referencia ás infundadas aspiracións ao poder e aos afáns reaccionarios destes monárquicos. O alcume foi tomado do drama do mesmo título de Victor Hugo (N. dos T.).

dimitir cando lle deran de costas ao pobo, o seu mandatario, agarrábanse agora con forza aos seus escanos e trataron de facer actuar o pobo, en vez deles mesmos, por medio de peticións. E aínda seguían sentados nos seus escanos cando o 31 de maio a lei foi aprobada brillantemente. Trataron de vingarse cunha proposta na que levantaban acta da súa inocencia en relación coa violación da Constitución, unha protesta que nin sequera presentaron abertamente en público, senón que lla meteron subrepticiamente no peto ao presidente.

Un exército de 150.000 homes en París, o longo adiamento da decisión, o desleixo da prensa, a pusilanimidade da Montaña e dos representantes acabados de elixir, a tranquilidade maxestática dos pequenoburgueses e, sobre todo, a prosperidade comercial e industrial de Francia naquela altura, impedían toda tentativa revolucionaria por parte do proletariado.

O sufraxio universal cumprira coa súa misión. A maioría do pobo pasara pola escola de desenvolvemento, que é o único para o que o sufraxio universal pode servir nunha época revolucionaria. Tiña que ser por forza eliminado quer pola revolución, quer pola reacción.

A Montaña aínda fixo un maior gasto de enerxía nunha ocasión que se lle presentou pouco despois. O ministro da guerra d'Hautpoul, cualificara desde o alto da súa tribuna a revolución de febreiro como catástrofe funesta. Os oradores da Montaña que, coma sempre, se distinguiron polo seu balbordo de indignación moral, non foron autorizados polo presidente Dupin a tomar a palabra. Girardin propúxolle á Montaña saír inmediatamente en masa da Asemblea Nacional. Resultado: a Montaña seguiu sentada tranquilamente nos seus escanos e Girardin foi expulsado do seu, por indigno.

A lei electoral aínda precisaba outro complemento: unha nova lei de prensa, a cal non se fixo esperar moito tempo. Unha proposta do Goberno, moitas veces retocada por correccións do partido da Orde, elevou as fianzas, estableceu un imposto adicional ás novelas por entregas (en resposta á elección como

deputado do escritor Eugène Sue), gravou con taxas a todos os textos publicados por entregas semanais ou mensuais ata un certo número de follas e aínda ordenou, finalmente, que cada artigo dun xornal levase a sinatura do seu autor. As disposicións sobre a fianza acabaron de vez coa chamada prensa revolucionaria; o pobo consideraba a súa caída como unha vinganza polo seu silencio na supresión do sufraxio universal. Con todo, nin a vixencia xurídica nin o efecto político da nova lei se estendían só sobre esta parte da prensa. Mentres era anónima, a prensa xornalística foi considerada como o órgano da numerosa e anónima opinión pública. De feito, era o terceiro poder do Estado. Co asinamento obrigado de cada artigo, un xornal convertíase nunha simple colección de achegas literarias de individuos máis ou menos coñecidos. Todos os artigos degradáronse ao nivel dun anuncio. Ata ese momento circularan como o papel moeda da opinión pública. Agora disolvíanse nunha sorte de mala letra de cambio: a súa bondade e circulación non só dependían do crédito do librador, senón tamén do endosante. Coma no caso da supresión do sufraxio universal, os xornais de obediencia do Partido da Orde predicaran as máis extremas medidas contra a «mala prensa». Aínda así, mesmo a «prensa boa», co seu inquietante anonimato, resultáballe incómoda ao Partido da Orde, e aínda máis a algún dos seus representantes provinciais. So querían escritores pagos, con nome, lugar de residencia, e filiacións particulares. A «boa prensa» queixábase inutilmente da ingratitude coa que eran recompensados os seus servizos. A lei foi aprobada e a determinación da denominación afectouna sobre todo a ela. Os nomes dos xornalistas republicanos eran amplamente coñecidos. Pero as respectables firmas do *Journal des Débats*, de *L'Assemblée National*[61], de *Le Constitutionnel*[62], etc. ficaron

[61] *L'Assemblée Nationale*. Xornal diario francés de orientación monárquico-lexitimista, publicado en París (1848-1857) Defendía os puntos de vista dos partidarios dunha fusión de lexitimistas e orleanistas (N. dos T.).

[62] *Le Constitutionnel*. Xornal diario francés publicado en París (1815-1870). Representou sucesivamente os orleanistas, os burgueses realistas contrarrevolucionarios de Thiers e o bonapartismo (N.dos T.).

moi malparados coa súa solemne sabedoría de Estado, cando a misteriosa compañía se destapou de repente como unha morea de venais «pagos por peza» e de longa experiencia que, cartos mediante, defendían todo o habido e por haber, coma Granier de Cassagnac; ou vellos trapos de fregar que se autodenominaban estadistas, coma Capefigue; ou presumidos escachanoces coma o señor Lemoine do xa citado *Journal des Débats*. No debate sobre a lei de prensa a Montaña xa descendera tantos chanzos na escada da depravación moral, que se tivo que limitar a aplaudir as brillantes elucubracións dunha notabilidade *luísfilípica*, o señor Víctor Hugo.

Coa aprobación da lei electoral e a lei de prensa, o partido revolucionario e democrático retírase da escena oficial. Antes da súa retirada, pouco despois do peche da sesión, as dúas fraccións da Montaña, os demócratas socialistas e os socialistas demócratas, publicaron cadanseu manifesto, a saber, dous *testimonia pauperitatis*[63], nos que demostraban que, se ben a violencia e o éxito certamente nunca estiveron do seu lado, eles si se atoparon sempre a carón do dereito eterno e de todas as restantes verdades eternas[64].

Observemos agora o Partido da Orde. A *Neue Rheinische Zeitung* dicía no seu terceiro número, na páxina 16:

> Ante os apetitos de restauración dos orleanistas e lexitimistas, Bonaparte representa o título do seu poder efectivo, a república. Fronte aos apetitos de restauración de Bonaparte, o Partido da Orde representa o título do seu poder común: a república. Ante os orleanistas representan os lexitimistas o *statu quo* e ante os lexitimistas os orleanistas representan o mesmo *statu quo*, isto é, a república. Todas estas fraccións do Partido da Orde, das que cada unha ten *in petto* o seu propio rei e a súa

[63] «Dous testemuños de pobreza» (N. dos T.).

[64] «Dous manifestos. Informe da Montaña ao pobo», publicado no número 6 do xornal *Le Peuple de 1850* do 11 de agosto de 1850 e a proclamación «Ao pobo», publicada no número 7 do mesmo xornal do 14 de agosto de 1850 (N. dos T.).

> propia restauración, fan valer de forma alternativa, ante as ambicións usurpadoras e alporizadas dos seus rivais, o dominio común da burguesía baixo a forma na que as aspiracións particulares quedan neutralizadas e preservadas; a saber: a república...Thiers falou máis atinado do que el mesmo supoñía cando dixo: «Nós, os monárquicos, somos os verdadeiros piares da república constitucional».

Esta comedia dos republicanos *malgré eux*[65]: a repugnancia contra o *statu quo* e a súa constante consolidación; os permanentes roces de Bonaparte e a Asemblea Nacional; a reiteradamente renovada ameaza do Partido da Orde de se desintegrar nos seus compoñentes orixinarios e a continuamente repetida unidade das súas fraccións; a tentativa de cada fracción de converter cada vitoria sobre o inimigo común nunha derrota dos seus aliados; o cambiante xogo de celos, rancores, persecucións sen conta; o incansable desenvaiñar de espadas, que sempre remataba cun vergoñento *baiser-Lamourette*[66]... toda esa pouco edificante comedia de enredo, nunca se desenvolveu máis clasicamente ca nos derradeiros seis meses.

O Partido da Orde ollaba a lei electoral, ao mesmo tempo, como unha vitoria sobre Bonaparte. Non fixera, acaso, cesión dos seus poderes ao goberno deixándolle á comisión dos dezasete a redacción e a responsabilidade da súa propia proposta? Non descansaba, por ventura, o punto máis forte de Bonaparte fronte á Asemblea no feito de que fora elixido por máis de seis millóns de votos? Pola súa parte, Bonaparte trataba a lei electoral como unha concesión á Asemblea coa que el mercara a vantaxosa harmonía do poder lexislativo co executivo. Como recompensa o

---

[65] «Repubicanos contra a súa vontade» (N. dos T.).

[66] *Baiser-Lamourette* (o bico de Lamourette). Referencia a un coñecido episodio da revolución francesa. O 17 de xullo de 1792 o deputado da Asemblea Lexislativa Antoine Lamourette (1742-1794) propuxo poñer fin a todas as diferenzas entre partidos cun bico xeral de irmandade. Seguindo esta proposta, disque todos os partidos encirrados naquela altura botáronse uns nos brazos dos outros (N. dos T.).

vulgar aventureiro esixiu un incremento de tres millóns na súa lista civil. Podía permitirse a Asemblea Nacional desencadear un conflito co poder executivo nun intre no que a gran maioría dos franceses a puxera en solfa? Alporizouse a Asemblea, parecía estar disposta a chegar ata as últimas consecuencias; a súa comisión rexeitou a demanda, a prensa bonapartista ameazou e interpelou o desherdado pobo, desposuído do seu dereito de voto; mesmo tiveron lugar unha serie de ruidosas tentativas de transacción... e, finalmente, a Asemblea cedeu na cousa e ao mesmo tempo vingouse no principio. En vez do aumento anual de principio de tres millóns de francos da lista civil a Asemblea, só lle concedeu a Bonaparte 2.160.000 francos e, non satisfeita con isto, só fixo esta concesión despois de obter o apoio de Changarnier, o xeneral do Partido da Orde. Así que, en definitiva, non lle concedeu os dous millóns a Bonaparte senón a Changarnier.

Este agasallo, arrebolado de mala gana, foi aceptado por Bonaparte no sentido mesmo que lle daba o donante. Polo que, de seguido, a prensa do bonapartismo alzouse de novo contra a Asemblea Nacional. Cando, con ocasión do debate de lei de prensa, se presentou a emenda sobre o requirimento da sinatura dos artigos, dirixida en especial contra os xornais de segunda fila representantes dos intereses privados de Bonaparte, o principal diario bonapartista, *Pouvoir*[67], lanzou un aberto e violento ataque contra a Asemblea Nacional. Os ministros tiñan que distanciarse do xornal ante a Asemblea; o xerente do xornal foi citado ante o estrado da Asemblea Nacional e condenado á máis alta sanción económica, 5.000 francos. Ao día seguinte *Le Pouvoir* publicou un artigo aínda moito máis descarado contra a Asemblea e, como

[67] *Le Pouvoir*. Órgano bonapartista publicado en París entre abril de 1849 e xuño de 1850 baixo o título de *Le pouvoir, journal du dix de décembre, jounal de l'Ordre* e máis tarde baixo o título *Le pouvoir, journal du dix de décembre*, de xuño de 1850 ata xaneiro de 1851, baixo a dirección de Granier de Cassagnac (N. dos T.).

vinganza por parte do Goberno, a xustiza perseguiu tamén varios xornais por vulneración da Constitución.

Finalmente chegouse a cuestión da suspensión de sesións da cámara. Bonaparte o desexaba para poder operar discrecionalmente sen atranco algún por parte da Asemblea. O Partido da Orde desexábao, en parte, para levar adiante as súas intrigas de fracción, en parte para atender os intereses privados da cada deputado. Ambos os dous o necesitaban para consolidaren e impulsaren nas provincias as vitorias da reacción. Así, a Asemblea interrompeu as sesións desde o 11 de agosto ata o 11 de novembro. Mais, como Napoleón III non ocultaba que para el se trataba de librarse do incómodo control da Asemblea Nacional, esta imprimiulle o seu selo de desconfianza mesmo ao voto de confianza ao presidente. Así, os bonapartistas foron mantidos a distancia da comisión permanente de 20 membros, a cal permaneceu durante as vacacións como gardián das virtudes da república[68]. No lugar deles foron elixidos como membros incluso algúns republicanos de *Le Siècle* e de Le *National*, para demostrarlle ao presidente a lealdade da maioría da cámara á república constitucional.

Inmediatamente despois da suspensión das sesións da Cámara parecía que as dúas grandes fraccións do Partido da Orde, os orleanistas e os lexitimistas, se querían reconciliar, concretamente a través dunha fusión das dúas casas reais cuxas respectivas bandeiras defendían. Os xornais ían cheos de propostas de reconciliación que, se dicía, xa foran discutidas ao pé do leito de enfermo de Luís Filipe en St. Leonards, cando de pronto o seu falecemento fixo máis doada a situación. Luís Filipe era o usurpador, Henrique V a vítima do roubo e, por outra banda, o conde de París, pola falta de descendentes de Henrique V, foi o seu her-

68 Segundo o artigo 32 da constitución da República Francesa estaba prevista unha comisión permanente para o tempo de duración da Asemblea Lexislativa, composta por 25 membros electos e pola Mesa da Asemblea. Esta comisión tiña o dereito a convocar a Asemblea Lexislativa en caso de necesidade. En 1850 a comisión estaba formada *de facto* por 39 persoas: 11 membros da Mesa, tres cuestores e 25 membros electos (N. dos T.).

deiro legal. Agora desaparecera todo obstáculo á fusión de ambos os dous intereses dinásticos. Porén, precisamente agora, descubriron as dúas fraccións da burguesía que non era o fanatismo a prol dunha determinada casa real o asunto que as dividía, senón que máis ben eran os seus enfrontados intereses de clase os que mantiñan divididas as dúas dinastías. Os lexitimistas, que peregrinaran á corte de Henrique V en Wiesbaden, do mesmo xeito que os seus competidores o fixeran a St. Leonards, recibiron alí a nova da morte de Luís Filipe. Formaron inmediatamente un Ministerio[69] *in partibus infidelium*[70], que estaba formado maioritariamente por membros daquela comisión de gardiáns da virtude republicana que, coa ocasión dunha contenda xurdida no seo do partido, se presentou coa máis triunfante proclamación do dereito pola graza de Deus. Os orleanistas celebraron xubilosos o comprometedor escándalo que este manifesto levantou na prensa, sen disimularen en ningún momento a súa aberta inimizade contra os lexitimistas.

Durante a devandita supresión das sesións da Asemblea Nacional reuníronse as representacións departamentais. A maioría delas manifestouse partidaria dunha máis ou menos condicionada cláusula da revisión da Constitución. É dicir que se manifestaron favorables a unha restauración monárquica, sen aclararen moito a «solución» proposta, recoñecendo ao mesmo tempo que eran excesivamente incompetentes e covardes para atopar tal solución. A fracción bonapartista interpretou inmediatamente este desexo de revisión no sentido que lle interesaba: a prórroga dos poderes da presidencia de Bonaparte.

---

[69] Trátase dun gabinete ministerial planificado polos lexitimistas para o que estaban previstos de Lévis, de Saint Priest, de Pastoret e d'Escars. Este ministerio foi formado para o caso de que o pretendente lexitimista, o conde de Chambord, poidese chegar ao poder (N. dos T.).

[70] *In partibus infidelium* (en terras de infieis). Apéndice ao título dos bispos católicos que foron nomeados para o cargo puramente nominal de bispo en países non cristiáns. Esta expresión é aplicada a miúdo por Marx e Engels aos diferentes gobernos de inmigrantes que se formaran en terras estranxeiras, sen teren en conta a situación real do seu propio país (N. dos T.).

A solución constitucional, a renuncia de Bonaparte en maio de 1852, acompañada da elección dun novo presidente por todos os electores do país, a revisión da Constitución por unha cámara especial nos primeiros meses da nova presidencia foi claramente inadmisible para a clase dominante. O día da nova elección presidencial sería o día do encontro para todos os partidos enfrontados, os lexitimistas, os orleanistas, os republicanos burgueses, os revolucionarios. Teríase que chegar a unha decisión violenta entre as diferentes fraccións. Se mesmo o Partido da Orde lograra acadar un acordo sobre a candidatura dun home neutral, alleo ás familias dinásticas, Bonaparte volvería enfrontarse a el. No seu enfrontamento co pobo, o Partido da Orde viuse forzado a aumentar continuamente a violencia do poder executivo. Cada aumento da forza do Executivo intensificaba a forza do seu sostén, Bonaparte. Xa que logo, na mesma medida na que o Partido da Orde reforza o seu poder común, reforza tamén os recursos de poder das pretensións dinásticas de Bonaparte, é dicir, reforza a súa posibilidade de impedir o día da decisivo a solución constitucional. Contra o Partido da Orde Bonaparte non retrocederá ante un piar fundamental da Constitución, na mesma medida na que tampouco o Partido da Orde, na súa loita contra o pobo, non retrocedeu ante o outro piar, a lei electoral. Mesmo chegaría a apelar ao sufraxio universal contra a Asemblea. Nunha palabra, a solución constitucional cuestiona todo o *statu quo* político e detrás da ameaza do *statu quo* os burgueses xa non vían máis que o caos, a anarquía, a guerra civil. O cidadán ve perigar o primeiro domingo de maio de 1852 as súas adquisicións e as súas vendas, os seus cambios, os seus casamentos, os seus contratos notariais, as súas hipotecas, as súa rendas do chan, os seus alugueiros, as súas ganancias, todos os seus contratos e fontes de ingreso... e a este risco non se pode expoñer. Detrás da ameaza do *statu quo* político agáchase o perigo do esfarelamento de toda a sociedade burguesa. A única solución posible no sentido favorable á burguesía é, precisamente, o aprazamento indefinido da

devandita «solución constitucional». A burguesía só pode salvar á república constitucional violando a Constitución, prorrogando os poderes do presidente. Esta é tamén a última palabra da prensa da Orde despois dos prolongados e profundos debates sobre as posibles «solucións», ós que se entregou despois da sesión dos consellos xerais. O moi poderoso Partido da Orde viuse así, para a súa vergoña, obrigado a tomar en serio á ridícula, vulgar e para el tan odiosa persoa do seudo-Bonaparte.

Esta repugnante figura trabucouse tamén sobre as causas que, cada vez máis, o revestían co carácter do home indispensable naquela conxuntura. Mentres o seu partido tiña prudencia dabondo como para atribuírlle ás circunstancias a crecente importancia de Bonaparte, el cría que só lla debía á forza máxica do seu nome e á súa ininterrompida caricatura de Napoleón. Cada día volvíase máis emprendedor. Ás peregrinaxes a St. Leonards e a Wiesbaden opúxolles as súas xiras populares por toda Francia. Os bonapartistas tiñan tan pouca confianza no efecto máxico da súa personalidade que lle mandaban de acompañamento como claque nas súas viaxes, a onde queira que fose, xente da Sociedade do 10 de Decembro. Aquela organización armada do lumpenproletariado de París, amoreábase masivamente nos vagóns dos trens e en nas dilixencias postais para a protección de Bonaparte. Os bonapartistas poñían en boca da súa marioneta discursos que, dependendo da acollida nas diferentes cidades, proclamaban quer a resignación republicana, quer a dureza máis tenaz como consigna electoral da política presidencial. Así e todo, malia todas as manobras, estas viaxes non eran máis que desfiles triunfais.

En canto Bonaparte considerou que entusiasmara dabondo o seu pobo, púxose ao traballo de gañar para a súa causa o exército. Mandou facer na chaira de Satory, a carón de Versalles, grandes revistas militares, nas que tratou de comprar os soldados con salchichón de allo, champaña e puros. Mentres o verdadeiro Napoleón, nas penalidades das súas campañas de conquista, era

quen de estimular os seus esgotados soldados coa súa momentánea intimidade patriarcal, o segundo Napoleón pensaba que os soldados mostraban o seu agradecemento mentres berraban: *Vive Napoléon*; *vive le saucisson*!, é dicir: «Viva o salchichón!, Viva o histrión!».

Estas revistas provocaron a eclosión da discordia entre Bonaparte e o seu ministro da guerra, d'Hautpoul, por unha parte, e de Changarnier, pola outra. O Partido da Orde atopara en Changarnier o seu home realmente neutral, ao que non se podía relacionar en absoluto con aspiracións dinásticas propias. Bonaparte xa o designara como sucesor seu. Ademais, Changarnier, co seu comportamento do 29 de xaneiro e do 13 de xuño de 1849 convertérase na gran caudillo do Partido da Orde, o moderno Alexandre, cuxa brutal intervención, aos ollos do coitado cidadán, fendera o nó gordiano da revolución. No fondo tan ridículo coma Bonaparte, convertérase do xeito máis ridículo aínda nun poder fáctico e, en consecuencia, foi situado pola Asemblea Nacional en fronte do presidente para así podelo controlar. El mesmo coqueteaba, por exemplo na cuestión das dotacións da lista civil, coa protección que lle ofrecía a Bonaparte e actuaba cada vez con maior prepotencia ante este e os seus ministros. Por exemplo cando, con ocasión da lei electoral, se esperaba unha insurrección, el prohibiu aos seus oficiais acataren calquera orde proveniente dos ministros ou do presidente. A prensa aínda contribuíu a agrandar máis a figura de Changarnier: ante a carencia total de grandes personalidades no Partido da Orde, este viuse naturalmente obrigado a acumular nun só individuo toda a clase que lle faltaba e inchalo deste xeito ata crear un xigante. Foi así como xurdiu o mito de Changarnier, o «baluarte da sociedade». A presuntuosa charlatanería e a misteriosa chulería coas que Changarnier se rebaixou a levar o mundo sobre os seus ombreiros constitúen o contraste máis ridículo con respecto aos acontecementos da revista de Satory, que proban dun xeito irrefutable que abondaba cun so golpe de pluma de Bonaparte, o

infinitamente pequeno, para reducir o gran coloso Changarnier, ese enxendro fantástico do medo burgués, ás verdadeiras dimensións da súa mediocridade, e converter o famoso heroe salvador da sociedade nun mero xeneral retirado.

Bonaparte xa había moito tempo que se vingara de Changarnier cando provocara as desavinzas disciplinarias con este incómodo protector. A derradeira revista en Satory fixo rebentar finalmente o vello rancor: a indignación constitucional de Changarnier xa carecía de límites cando contemplou desfilar os rexementos de cabalaría baixo o berro anticonstitucional de «Viva o Emperador!». Para adiantarse a todos os desagradables debates arredor deste berro na inminente sesión da Cámara, Bonaparte retirou o ministro d'Hautpoul nomeándoo gobernador de Alxeria. No seu posto situou un vello e fiel xeneral da época imperial que estaba completamente á altura da brutalidade de Changarnier. Porén, para que o cesamento de d'Hautpoul non parecese máis que unha concesión a Changarnier, trasladou ao mesmo tempo o brazo dereito do gran salvador da sociedade, o xeneral Neumeyer, de París a Nantes. Fora Neumeyer quen fixera na última revista desfilar toda a infantería nun silencio glacial ante o sucesor de Napoleón. Changarnier, a quen se asestara o golpe na persoa interposta de Neumeyer, protestou e ameazou. Inutilmente. Despois de dous días de debates, o decreto de traslado de Neumeyer apareceu en *Le Moniteur* e ao heroe da Orde non lle quedou máis opción que someterse á disciplina ou presentar a súa dimisión.

A loita de Bonaparte con Changarnier é a prolongación da súa loita co Partido da Orde. Consecuentemente, a reapertura da Asemblea Nacional o 11 de setembro celébrase baixo auspicios ameazadores. Pero non será máis que unha tormenta nun vaso de auga. Esencialmente, a vella comedia ten que proseguir. Mentres tanto, a maioría do Partido da Orde, malia todos os gritos dos gardiáns dos principios das súas diferentes fraccións, verase forzada a prolongar o poder do presidente. Tamén Bonaparte,

malia todas as súas manifestacións previas, rendido xa pola falta de diñeiro, acabará aceptando esta prolongación do poder como unha simple delegación de mans da Asemblea Nacional. Así as cousas, a «solución» adíase, o *statu quo* mantense, unha fracción do Partido da Orde vese comprometida, debilitada e feita imposible pola outra. E a represión contra o inimigo común, a nación en masa, esténdese e refórzase ata que as propias condicións económicas acaden o punto de desenvolvemento no que unha nova explosión de todos estes partidos, encontrados entre si, os faga saltar polos aires coa súa república constitucional.

Para tranquilidade dos burgueses cómpre engadir aínda que o escándalo entre Bonaparte e o Partido da Orde deu como resultado a ruína dunha importante cantidade de pequenos capitalistas, cuxas fortunas pasaron aos petos dos grandes lobos da bolsa.

Viva o emperador!

O 18 DE BRUMARIO DE LUÍS BONAPARTE

Prólogo de Karl Marx á segunda edición (1869)

O meu malogrado amigo Joseph Weydemeyer propoñíase editar un semanario político en Nova York a partir do 1 de xaneiro de 1852. Convidoume a remitirlle para dita publicación a historia do *coup d'état*. Aceptei a súa invitación e escribín para el cada semana, ata mediados de febreiro, un artigo baixo o título de «O 18 de Brumario de Luís Bonaparte». Infelizmente, o plan previsto do primitivo proxecto de Weydemeyer fracasou. En compensación, na primavera de 1852 publicouno a revista mensual *Die Revolution*. O seu primeiro número consistía precisamente no meu *18 de Brumario*. Uns poucos centos de exemplares deste caderno colleron o camiño de Alemaña, onde nunca chegaron a distribuírse no mercado do libro. Un libreiro alemán, que alardeaba de radical extremista, ao que lle ofrecín a distribución do libro, rexeitou con verdadeira indignación moral tan «inoportuna como descarada pretensión».

Destes datos conclúese que a presente obra xurdiu baixo a presión inmediata dos acontecementos e que o seu contido material histórico non vai máis aló do mes de febreiro de 1852. A actual reedición débese, por unha parte, á demanda do mercado do libro e, por outra, á insistente presión dos meus amigos de Alemaña. De entre as obras que máis ou menos pola mesma época trataban o mesmo contido só dúas son merecentes de mención: *Napoléon le petit* de Víctor Hugo e *coup d'état* de Proudhon.

Víctor Hugo limítase a un ataque acedo e enxeñoso contra o autor responsable do golpe de estado. O acontecemento en si mesmo aparece no seu escrito coma un raio que caese desde un ceo claro. Nel non se ve máis que a acción violenta dun individuo illado. Non se decata de que, deste xeito, engrandece

este individuo en vez de empequenecelo, polo feito de atribuírlle unha capacidade de iniciativa persoal que non tería parangón na historia universal. Proudhon, pola súa banda, trata de presentar o golpe de Estado como resultado dunha precedente evolución histórica. Porén, sen que el se decate, a construción histórica do golpe de Estado convérteselle nunha apoloxía histórica do heroe do propio golpe de Estado. Incorre así no erro dos nosos chamados historiadores *obxectivos*. Pola contra, eu demostro como a *loita de clases* creou en Francia as circunstancias que permitiron que un personaxe mediocre e grotesco representara o papel de heroe.

Unha reelaboración da presente obra roubaríalle o seu auténtico carácter. Xa que logo, limiteime á pura e simple corrección de grallas e á eliminación de alusións que hoxe xa non serían comprensibles. A frase final da presente obra «mais se o manto imperial cae finalmente sobre os ombreiros de Luís Bonaparte, a estatua de bronce de Napoleón Bonaparte caerá ao chan desde o alto da columna da praza Vendôme», xa se fixo realidade.

O coronel Charras abriu o ataque contra o culto de Napoleón na súa obra sobre a campaña de 1815. Posteriormente, e especialmente nestes últimos anos, a literatura francesa, coas armas da investigación histórica, da crítica, da sátira e do sainete, ten acabado coa lenda napoleónica. Fóra de Francia, esta violenta ruptura coa crenza popular tradicional, esta formidable revolución espiritual, foi escasamente tida en conta e aínda menos comprendida.

Concluíndo, teño a esperanza de que a miña obra contribuirá á erradicación dese tópico chamado *cesarismo*, agora tan corrente e especialmente en Alemaña. Con esta superficial analoxía histórica esquécese o principal: na antiga Roma a loita de clases só se producía no círculo dunha minoría privilexiada, entre os libres ricos e os libres pobres mentres a gran masa produtiva da poboación, os escravos, constituía un pedestal puramente pasivo para aqueles loitadores. Esquécese a importante sentenza de

Sismondi: o proletariado romano vivía a costa da sociedade, mentres a sociedade moderna vive a costa do proletariado. Ante unha diferenza tan grande entre as condicións materiais económicas das loitas das loitas de clases antiga e moderna, tampouco poden as súas criaturas políticas teren máis en común que o arcebispo de Canterbury co sumo sacerdote Samuel.

Londres, 23 de xuño de 1869

Prólogo de Friedrich Engels á terceira edición (1885)

Que se fixese necesaria unha nova edición d'*O 18 de Brumario* trinta e tres anos despois da primeira é unha proba de que esta obra aínda non perdeu nada do seu valor. E foi verdadeiramente un traballo xenial. Despois daquel acontecemento, que colleu por sorpresa a todo o mundo político coma un raio caído dun ceo apracible, condenado por uns con berros de furiosa indignación moral e aceptado por outros como áncora de salvación coa que librarse da revolución e así castigala pola súa desnortada deriva, pero visto por todos con asombro e por ninguén comprendido, ergueuse Marx, inmediatamente despois, publicando esta breve exposición epigramática. Expuxo en poucas páxinas todo o curso da historia francesa desde as xornadas de febreiro, reducindo o milagre do 2 de decembro a unha consecuencia natural e necesaria dunha constelación de feitos, e todo isto sen recorrer a tratar o heroe do golpe de Estado co seu ben merecido desprezo. E con tanta mestría estaba trazado o cadro, que cada sucesiva nova revelación que se ía producindo non facía máis que aportar sucesivas probas da fidelidade coa que nel se reproducen os feitos reais. Esta preclara comprensión da historia viva do momento, esta penetración analítica no miolo dos acontecementos, no mesmo momento de producírense, é algo verdadeiramente único.

A isto habería que engadir tamén o coñecemento tan preciso que Marx tiña da historia de Francia, o país no que as loitas históricas de clase se disputaron sempre, máis que en ningures, ata o último e decisivo extremo; onde acadan os seus contornos máis precisos as cambiantes formas políticas, no interior das que aquelas se desenvolven e nas que os seus resultados mellor se resumen. Centro do feudalismo na Idade Media e modelo da monarquía estamental unitaria desde o Renacemento, Francia esnaquizou o feudalismo e fundou o puro poder da burguesía

baixo unha forma clásica coma ningún outra país europeo. Tamén a loita do proletariado contra a burguesía dominante cobra aquí unha forma aguda, descoñecida noutros lugares. Esta era a razón pola que Marx non só estudaba con predilección a historia antiga de Francia senón tamén seguía polo miúdo a historia contemporánea, xuntando así o material do que se serviría no futuro. Velaí a razón pola que máis tarde nunca se viu sorprendido polos acontecementos.

Pero a isto veu engadirse outra circunstancia. Foi precisamente Marx quen descubriu a gran lei que rexe a marcha da Historia, a lei segundo a cal todas as loitas históricas, xa se desenvolvan quer no terreo político, quer no terreo relixioso, filosófico ou no ideolóxico, non son, en realidade, máis que a expresión máis ou menos clara das loitas entre as clases sociais. E que a existencia, e polo tanto tamén os antagonismos entre estas clases, están condicionados polo grao de desenvolvemento da súa situación económica, que condiciona, á súa vez, a natureza do seu modo de produción e intercambio. A devandita lei, que ten para a Historia o mesmo relevo que a lei da transformación da enerxía posúe para as Ciencias Naturais, foi tamén a que lle proporcionou aquí a chave para comprender a historia da II República francesa. Esta historia serviulle de pedra de toque para verificar empiricamente a súa lei, e mesmo a día de hoxe, trinta e tres anos despois, cómpre recoñecer que a proba amosa un resultado en extremo brillante.

O 18 DE BRUMARIO DE LUÍS BONAPARTE

I

Hegel comentou nalgunha parte que todos os grandes feitos e persoeiros de dimensión histórica universal aparecen, por así dicir, dúas veces. Pero esqueceu engadir que o fan unha vez como traxedia e a outra como farsa. Caussidière por Dantón, Louis Blanc por Robespierre, a Montaña de 1848-1851 pola

Montaña de 1793-1795, o sobriño polo tío. E a mesma caricatura repítese nas circunstancias que acompañan á segunda edición d'*O 18 de Brumario*!

Os homes fan a súa propia historia, mais non a fan ao seu libre arbitrio, baixo circunstancias escollidas por eles mesmos, senón baixo aquelas circunstancias coas que se atopan directamente, xa preexistentes e herdadas do pasado. A tradición de todas as xeracións desaparecidas oprime coma un pesadelo o cerebro dos vivos. E cando estes semellan tentar transformarse a si mesmos e modificar o estado de cousas, de crear algo nunca visto, precisamente nestas épocas de crise revolucionaria é cando esconxuran, temorosos, os espíritos do pasado para poñelos ao seu servizo. Collen de prestado os seus nomes, as súas consignas de combate e as súas roupas para, con este venerable adobío e con esta fala prestada, representaren a nova escena da historia universal. Así, Lutero disfrazouse do apóstolo Paulo; a revolución de 1789-1814 cubriuse alternativamente coas roupas da república Romana e do imperio Romano; e a revolución de 1848 non foi quen de facer nada mellor que parodiar aquí a 1789 e acolá a tradición revolucionaria de 1793-1795. Do mesmo xeito o principiante que aprendeu unha nova lingua sempre a retraduce á súa lingua nai, mais só se apropia verdadeiramente do espírito da nova lingua, sendo quen de expresarse libremente nela a partir do intre no que prescinde de reminiscencia algunha, esquecendo na nova fala a súa propia lingua nativa.

Analizando aquelas conxuracións dos mortos da historia universal obsérvase de inmediato unha diferenza rechamante. Camilo Desmoulins, Dantón, Robespierre, Saint Just, Napoleón I, os heroes, así como tamén os partidos e as masas da vella revolución Francesa cumpriron, servíndose das vestimentas romanas e coas rimbombantes expresións latinas, a misión do seu tempo: romper as cadeas e instaurar a sociedade burguesa moderna. Os primeiros esnaquizaron os fundamentos do feudalismo e segaron

as cabezas feudais que medraran nel. O último creou no interior de Francia as condicións baixo as que xa se podía desenvolver a libre competencia, explotar a propiedade rural parcelada e desenvolver as forzas produtivas industriais da nación, liberada das súas cadeas. E alén das fronteiras, varreu por todas partes as relacións feudais na medida en que cumpría para fornecer á sociedade burguesa de Francia cun acaído entorno no continente europeo á altura do seu tempo. Unha vez creada a nova formación da sociedade desapareceron os colosos antediluvianos e con eles o renacido romanismo redivivo: os Brutos, os Gracos, os Publícolas, os tribunos, os senadores e ata o mesmo César. A sociedade burguesa, co seu sobrio realismo, creara os seus verdadeiros intérpretes e voceiros: Say, Cousin, Royer-Collard, Benjamin Constant e Guizot. Os seus verdadeiros caudillos estaban nas oficinas comerciais e a embobada testa de Luís XVIII era a súa cabeza política. Absorta por completo na produción de riqueza e na pacífica loita da concorrencia, esqueceu completamente que as pantasmas do tempo dos romanos velaran o seu berce. Mais, por pouco heroica que sexa a sociedade burguesa, para traela ao mundo foron necesarios o heroísmo, a abnegación, o terror, a guerra civil e as guerras entre pobos. E os seus gladiadores atoparon nas severas tradicións clásicas da república Romana os ideais e as formas artísticas, as ilusións que precisaban para ocultarse a si mesmos o limitado contido burgués dos seus combates e manter a súa paixón á altura da gran traxedia histórica. Así, un século antes, noutra fase de desenvolvemento, Cromwell e o pobo inglés tomaron emprestadas do Antigo Testamento a linguaxe, as paixóns e as ilusións para a súa revolución burguesa. En canto acadaron a súa verdadeira meta, unha vez completada a transformación burguesa da sociedade inglesa, Locke desprazou a Habacuc.

Nesas revolucións a resurrección dos mortos servía, xa que logo, para enxalzar as novas loitas e non para parodiar as antigas, para esaxerar na fantasía a misión encomendada e non para

recuar ante a súa resolución na realidade, para volver a atopar o espírito da revolución e non para poñer a vagar errante de novo o seu espectro.

En 1848-1851 o espectro da antiga revolución non parou de dar voltas, desde Marrast, o republicano en luvas amarelas que se disfrazou do vello Bailly, ata o aventureiro que oculta os seus vulgares e noxentos trazos baixo a férrea máscara mortuoria de Napoleón. Un pobo enteiro, convencido de terse dado a si mesmo coa revolución un impulso dinámico e acelerado, atópase de súpeto retrotraído a unha época xa fenecida e, para que non sexa posible ningún malentendido sobre a súa recaída, resucitan as vellas datas, o vello calendario, os vellos nomes, os vellos edictos —entregados xa desde hai moito á erudición dos anticuarios—, e os vellos esbirros, que parecían levar xa moito tempo podrecidos. A nación semellase agora a aquel inglés tolo de Bedlam que cría vivir na época dos antigos faraóns e se queixaba a diario dos traballos que tiña que facer como cavador de ouro nas minas de Etiopía, emparedado naquel cárcere subterráneo, cunha lámpada de luz amortecida suxeita á súa propia cabeza e detrás del o gardián dos escravos co seu longo látego, e nas saídas un rebumbio de mercenarios bárbaros que non son quen de entenderen os traballadores forzados das minas, nin se comprenderen entre si, porque non falan ningunha lingua común. «E todo iso —suspiraba o desnortado inglés— impuxéronmo a min, que son un cidadán inglés libre, para producir ouro para os antigos faraóns!». «Para pagar as débedas da familia Bonaparte!», suspira a nación francesa. O inglés, mentres estaba no uso da súa razón, non podía verse libre da idea fixa de obter ouro. Os franceses, mentres facían a revolución, non se podían sobrepoñer ao recordo de Napoleón, como o demostraron as eleccións do 10 de decembro. Desde a experiencia dos perigos da revolución, recordaban con nostalxia as potas de carne da campaña de Exipto e a resposta foi o 2 de decembro de 1851. Non só obtiveron a caricatura do vello Napoleón, senón o propio vello Napoleón en

caricatura, tal como ten que aparecer por forza en plena metade do século XIX.

A revolución social do século XIX non pode extraer a súa poesía do pasado senón do futuro. Non pode comezar a ocuparse de si mesma, antes de despoxarse de toda veneración supersticiosa do pasado. As revolucións precedentes precisaban remontarse aos recordos da historia universal para así atordarse sobre o seu propio contido. A revolución do século XIX ten que deixar que os mortos enterren os seus mortos, para se decatar do seu propio contido. Antes o discurso desbordaba o contido, agora o contido desborda o discurso.

A revolución de Febreiro foi un golpe de man que colleu por *sorpresa* a vella sociedade. E o pobo proclamou este *golpe de man* inesperado como unha fazaña da historia universal co que se abriría unha nova época. O 2 de decembro, a revolución de febreiro é escamoteada polo pinchacarneiro dun xogador tramposo, e o que parece derrubado non é xa a monarquía senón as concesións liberais que foran arrincadas mediante loitas seculares. Lonxe de ser a sociedade mesma a que conquista un novo contido parece como se o Estado volvera á súa forma máis antiga, á dominación descaradamente simple do sabre e da sotana. Así ao *coup de main* do 1 de febreiro de 1848 respóndelle o *coup de tête* de decembro de 1851. Apenas gañado e xa dilapidado. Non obstante isto, ese intervalo de tempo non transcorreu en van. A sociedade francesa recuperou entre os anos 1848 e 1851, cun método abreviado por ser revolucionario, as leccións e as experiencias que no caso dunha evolución regular ou, por dicilo así, máis metódica, deberían ter precedido á revolución de Febreiro se se quixera que esta fose algo máis que unha pequena conmoción superficial. Hoxe, a sociedade parece ter recuado máis alá do punto de saída. En realidade o que ocorre é que se ten que crear aínda o punto de partida revolucionario, isto é, a situación, as relacións de produción, as condicións imprescindibles e necesarias para que unha revolución moderna sexa seria e crible.

As revolucións burguesas, coma as do século XVIII, avanzan de xeito imparable dun éxito a outro; os efectos dramáticos atropélanse, a xente e as cousas semellan iluminados por fogos de artificio; a éxtase constitúe o espírito de cada día; mais estas revolucións son de vida breve; en pouco tempo acadan o seu apoxeo e xa unha longa modorra invade a sociedade, antes de que esta aprenda a facer seus os froitos da súa época agresiva e impetuosa. Por contra, as revolucións proletarias, coma as do século XIX, critícanse a si mesmas sen descanso, interrómpense continuamente no seu avance, volven ocuparse do que aparentemente xa estaba rematado para reinicialo unha vez máis, fan escarnio cruel e profundo das indecisións, fraquezas e miserias dos seus primeiros esforzos, semellan esmagar o seu inimigo só para que este tire da terra novas forzas coas que volver erguerse de novo, aínda máis xigantesco se cabe, contra aquelas revolucións, que agora recúan diante da vaga enormidade dos seus propios obxectivos, ata que se crea unha situación que fai imposible a volta atrás e as mesmas circunstancias berran:

> Hic Rhodus, hic salta!
> Velaquí a rosa, danza aquí!

Por certo, calquera observador medianamente avisado, malia non seguir paso a paso a evolución dos acontecementos en Francia, tiña que presentir que a revolución estaba ás portas de desacreditarse gravemente. Abondaba con escoitar os compracidos ouveos de vitoria cos que os señores demócratas se felicitaban reciprocamente polos efectos milagrosos que esperaban do segundo domingo de maio de 1852. Este segundo domingo de maio convertérase nas súas cabezas nunha idea fixa, nun dogma, coma para os milenaristas o día no que Cristo tería que aparecer e comezar o reino dos mil anos. A debilidade fórase refuxiar, coma sempre, na crenza no milagre. Cría vencido o inimigo con só dalo por desaparecido na súa imaxinación, perdendo así toda idea clara sobre o presente, ante a glorificación pasiva do futuro

e das fazañas que levaba *in petto* e que aínda non consideraba oportuno revelar. Aqueles heroes que trataban de refutar a súa probada incapacidade prestándose mutua compaixón e xuntándose nun apertado tropel, xa ataran o seu saco, embolsaran as súas coroas de loureiro a crédito e se dispoñían a descontar no mercado de letras de cambio as súas repúblicas *in partibus* para as que, no segredo do seu ánimo pouco esixente, xa tiñan preparado con antelación o persoal de goberno. O 2 de novembro colleunos coma a caída dun raio dun ceo sereno e os pobos, que en tempos de malhumor pusilánime adoitan deixar de boa gana que os axitadores máis alporizados afoguen o seu medo interior, teranse, posiblemente, convencido de que xa pasaron os tempos nos que o grallar dos gansos podía salvar o Capitolio.

A Constitución, a Asemblea Nacional, os partidos dinásticos, os republicanos azuis e os vermellos, os heroes de África, o tronar das tribunas, o relampar da prensa diaria, a literatura toda, os nomes políticos e os renomeados intelectuais, o dereito civil e o dereito penal, a *liberté*, *égalité*, *fraternité* e o segundo domingo de maio de 1852... todo isto ten desaparecido, coma unha fantasmagoría, polo esconxuro dun home ao que nin mesmo os seus propios inimigos recoñecen como bruxo. O sufraxio universal só pareceu sobrevivir un instante para facer o seu testamento de puño e letra e proclamar en persoa en nome do pobo: «Todo canto existe merece perecer».

Non abonda con dicir, como fan os franceses, que a súa nación foi sorprendida. Nin á nación nin á muller se lles perdoa o intre de descoido no que un aventureiro calquera as pode forzar. O enigma non se aclara con estas expresións, que non fan máis que formulalo doutro xeito. Quedaría por explicar como unha nación de 36 millóns de habitantes pode ser sorprendida por tres cabaleiros de industria e ser levada ao cativerio sen opoñer resistencia algunha.

Recapitulemos, en trazos xerais, as fases que percorreu a revolución francesa desde o 24 de febreiro de 1848 ata decembro

de 1851. Distínguense inconfundiblemente tres períodos principais: 1) o *período de febreiro*; 2) o *período de constitución da república* ou da *Asemblea Nacional Constituínte*, do 4 de maio de 1848 ó 28 de maio de 1849; e 3) o *período da república constitucional* ou da *Asemblea Nacional Lexislativa*, do 28 de maio de 1849 ao 2 de decembro de 1851.

O *primeiro período*, do 24 de febreiro ou da caída de Luís Filipe ata o 4 de maio de 1848, data da reunión da Asemblea Constituínte, o *período de febreiro* propiamente dito, pódese cualificar como o proemio da revolución. O seu carácter manifestábase oficialmente no feito de que o goberno que aquela improvisou se declaraba a si mesmo *provisorio* e do mesmo xeito que o goberno, tamén todo canto neste período se promoveu, se intentou ou se manifestou presentábase a si mesmo como *provisorio*. Nada nin ninguén ousaba reclamar para si o dereito de perdurar ou o dereito a unha acción efectiva. Todos os elementos que prepararan ou determinaran a revolución, a oposición dinástica, a burguesía republicana, a pequena burguesía democrático-republicana, mesmo os traballadores socialdemócratas consideraron provisorio o seu posto no *goberno* de febreiro.

Non podía ser doutro xeito. As xornadas de febreiro propoñíanse orixinalmente unha reforma electoral, coa que se pretendía ampliar o círculo dos privilexiados políticos no interior da mesma clase dos propietarios, e botar abaixo o dominio exclusivo da aristocracia financeira. Porén, cando estourou o verdadeiro conflito e o pobo botouse ás barricadas, a Garda Nacional non se moveu, o exército non opuxo unha resistencia seria e a monarquía fuxiu, entón, a república parecía unha evidencia inevitable en si mesma. Cada partido interpretábaa ó seu xeito. Como fora arrancada polo proletariado coas armas na man, este imprimiulle o seu selo e proclamouna *república social*, co cal se enunciaba o contido xeral da revolución moderna que, así e todo, contrastaba do xeito máis estraño con todo canto naquel momento resultaba posible poñer inicial-

mente en práctica, tendo en conta o material dispoñible, o grao de instrución acadado pola masa e baixo as circunstancias e relacións dadas. Por outra banda, as aspiracións de todos os elementos restantes que participaran activamente na revolución de febreiro foron recoñecidas co importante bocado de león que recibiron do Goberno. Por iso en ningún outro período atopamos unha mestura tan variada de frases altisonantes e inseguridade e torpeza efectivas, de aspiracións entusiásticas de renovación e dominio máis profundo da vella rutina, da máis aparente harmonía de toda a sociedade a carón do máis profundo distanciamento entre os seus elementos. Mentres o proletariado de París gozaba aínda da vista da gran perspectiva que se abrira diante del, e se entregaba seriamente a debates sobre os problemas sociais, as vellas forzas da sociedade agrupáronse e coordinaron, atopando un apoio inesperado na masa da nación, os labregos e os pequenos burgueses, que se botaron xuntos de golpe á escena política en canto caeron as barreiras da monarquía de xullo.

O *segundo período*, transcorrido entre o 4 de maio de 1848 e a fin de maio de 1849, é o período da *constitución* e *fundación da república burguesa*. Inmediatamente despois das xornadas de febreiro non só a oposición dinástica fora sorprendida polos republicanos e os republicanos polo socialistas, senón que mesmo toda Francia se viu sorprendida por París. A Asemblea Nacional saída das eleccións nacionais e reunida o 4 de maio de 1848, representaba a nación. Era unha protesta vivinte contra as pretensións das xornadas de febreiro e tiña que reconducir á escala burguesa os resultados da revolución. O proletariado de París, que comprendeu axiña o carácter desta Asemblea Nacional, tratou en van o 15 de maio, poucos días despois daquela reunión, de anular pola forza a súa existencia, de disolver ese corpo orgánico mediante o que o espírito reaccionario da nación ameazaba con descompoñelo nas súas partes integrantes. Como é sabido, o 15 de maio non tivo outro resultado que excluír

da escena pública para toda a duración do ciclo que consideramos aquí, a Blanqui e os seus camaradas, é dicir os verdadeiros xefes do partido proletario.

Despois da *monarquía burguesa* de Luís Filipe só pode vir a *república burguesa*, é dicir, se no nome do rei gobernou unha parte reducida da burguesía, agora, no nome do pobo, gobernará a totalidade da burguesía. As reivindicacións do proletariado de París son arelas utópicas, coas que hai que acabar dunha vez. O proletariado de París respondeu esta declaración da Asemblea Nacional Constituínte coa *insurrección de xuño,* o acontecemento máis colosal na historia das guerras civís europeas. Porén, a república burguesa venceu. Ao seu carón estaban a aristocracia financeira, a burguesía industrial, a clase media, os pequenos burgueses, o lumpenproletariado organizado como Garda Móbil, os intelectuais, o clero e a poboación do campo. Da parte do proletariado de París non estaba ninguén máis que el mesmo. Máis de 3.000 sublevados foron pasados a coitelo despois da vitoria e 15.000 foron deportados sen xuízo. Con esta derrota o proletariado pasa ao segundo plano da escena política. Cada vez que o movemento parece cobrar novas forzas, o proletariado esfórzase en repetidas ocasións en abrirse paso, pero progresivamente con menos enerxías e resultados máis insignificantes. Cando algunha das capas sociais superiores a el entra en axitación revolucionaria o proletariado únese a ela compartindo así todas as derrotas que os diversos partidos van sufrindo un tras outro. Mais eses golpes sucesivos van perdendo pouco e pouco forza conforme se van estendendo por toda a superficie da sociedade francesa. Os seus líderes máis importantes na Asemblea Nacional e na prensa van caendo un despois doutro vítimas dos tribunais, e no seu posto van aparecendo personaxes cada vez máis ambiguos. O proletariado entrégase en parte a *experimentos doutrinarios*, *bancos de cambio e asociacións obreiras*, *é dicir a un movemento no que renuncia a transformar o vello mundo valéndose dos grandes recursos*

que este ten e intentando, pola contra, conseguir a súa redención de xeito privado, no marco das súas limitadas condicións existenciais e, en consecuencia, fracasa necesariamente. Parece que non pode redescubrir a grandeza revolucionaria nin recuperar novas enerxías dos novos vínculos establecidos, mentres todas as clases coas que loitou en xuño xazan deitadas ao seu carón. Pero, polo menos, sucumbe coas honras do gran combate de alcance histórico universal. Non só Francia, tamén toda Europa treme ante o terremoto de xuño, mentres as inmediatas derrotas das clases máis altas son compradas a tan baixo prezo, que só a esaxeración máis descarada do partido vencedor as pode facer pasar dalgún xeito por feitos senlleiros e son tanto máis deshonrosas canto maior é a distancia entre o partido perdedor e o proletariado.

É certo que a derrota dos insurrectos de xuño preparara, achanzara o terreo sobre o que a república burguesa podía ser establecida e edificada. Mais ao mesmo tempo mostrara que en Europa se trataban máis cuestións que a tan manida de «república ou monarquía». Fixera ver que aquí *república burguesa* significaba despotismo sen límites dunha clase sobre outras. Demostrou tamén que, en países de civilización antiga, cunha formación de clases desenvolvida, con relacións modernas de produción e cunha conciencia intelectual na que todas as ideas transmitidas pola tradición se atopan diluídas por un traballo secular, *a república non é en realidade máis que a forma política de subversión da sociedade burguesa e non a súa forma conservadora de vida*, como acontece, por exemplo, nos Estados Unidos de América, onde, por mais que xa hai clases sociais diferenciadas, estas aínda non se consolidaron, senón que cambian en permanencia as súas partes constituíntes, que se ceden unhas ás outras, nun movemento continuo. Alí os medios modernos de produción, en vez de coincidiren cunha superpoboación permanente, suplen máis ben a relativa carencia de cabezas e brazos e, concluíndo, o movemento febrilmente xuvenil da produción

material, que se ten que apropiar dun mundo novo, non deixou tempo nin ocasión para acabar co vello mundo fantasmal.

Durante as xornadas de xuño todas as clases e todos os partidos uníranse nun *Partido da Orde* fronte a clase proletaria, como *partido da anarquía*, do socialismo, do comunismo. «Salvaran» á sociedade dos *inimigos da sociedade*. Déranlle ao seu exército, como consigna, os tópicos da vella sociedade: *propiedade*, *familia*, *relixión* e *orde*, mentres apelaban á cruzada contrarrevolucionaria co berro: *Baixo este sinal vencerás*! Desde este intre, tan axiña coma un calquera dos numerosos partidos que se agruparon baixo aquel signo antes os insurxentes de xuño tenta situar no palenque revolucionario o seu distintivo interese da clase, sucumbe ao berro de *propiedade*, *familia*, *relixión e orde*. A sociedade é salvada tantas veces como se vai estreitando o círculo dos seus dominadores, e un interese máis exclusivo se impón de fronte ao máis xeral. Calquera reivindicación da máis simple reforma financeira burguesa, do máis ordinario liberalismo, do máis formal republicanismo, da máis trivial democracia é simultaneamente castigado como «atentado contra a sociedade», e estigmatizada como «socialismo». Ata que, concluíndo, os sumos sacerdotes de «Relixión e Orde» son escorrentados a couces das súas cadeiras píticas, arrancados do leito ao abeiro da escuridade, embarcados en coches celulares, metidos no cárcere ou enviados ó desterro. O seu templo é arrasado, a súa boca selada, a súa pluma partida, a súa lei rachada no nome da relixión, da propiedade, da familia, da orde. Burgueses fanáticos da orde son abatidos a tiros nos seus balcóns pola bébeda soldadesca, as súas casas son bombardeadas como mero pasatempo, no nome da propiedade, da familia, da relixión e da orde. A purrela da sociedade burguesa forma, como colofón a *sagrada falanxe da orde*, e o heroe Krapülinski instálase nas Tullerías como «salvador da sociedade».

II

Retomemos o fío dos acontecementos. A historia da *Asemblea Nacional Constituínte* desde as xornadas de xuño é a *historia da dominación e da disgregación da fracción burguesa republicana*. Isto é, daquela fracción que se coñece polas denominacións de republicanos tricolores, republicanos puros, republicanos políticos, republicanos formalistas, etc.

Baixo a monarquía burguesa de Luís Filipe esta fracción constituíu a *oposición* republicana *oficial* e era, xa que logo, recoñecida como parte constitutiva do mundo político daquel tempo. Tiña os seus representantes nas Cámaras e un importante ámbito de influencia na prensa. O seu órgano en París, *Le National*, era considerado, ao seu xeito, tan respectable como o *Journal des Débats*[1]. Esta posición baixo a monarquía constitucional correspondíase co seu carácter. Non se trataba dun sector da burguesía cohesionado por grandes intereses comúns e singularizado por relacións especiais de produción. Era unha camarilla de burgueses, escritores, avogados, oficiais e funcionarios de talante republicano que exercían unha influencia que se baseaba nas antipatías de boa parte do país contra Luís Filipe, nas lembranzas da antiga *república francesa*, na fe republicana dun certo número de soñadores e, ante todo, no *nacionalismo francés* cuxa xenreira aos tratados de Viena e á alianza con Inglaterra, alentaban permanente esta fracción. Unha boa parte dos partidarios que tiña *Le National* baixo Luís Filipe, debíallos a este imperialismo recatado, que máis tarde, baixo a república, puido, por certo, facerlle fronte, como un adversario esmagador, na persoa de Luís Bonaparte. Luís Filipe combatía a aristocracia financeira, como, por outra parte, o facía o resto da oposición burguesa. A polémica contra o orzamento, que en Francia ía exactamente á par coa loita contra a aristocracia financeira, ofrecíalles aos artigos editoriais puritanos unha publicidade máis que barata e un material demasiado rico en contido como para deixalos pasar desaproveitados. A

[1] Vid. supra nota 11, páxina 139.

burguesía industrial estáballe agradecida pola súa servil defensa do proteccionista sistema alfandegueiro francés, que el, con todo, asumía por razóns máis nacionalistas que nacional-económicas. O conxunto da burguesía lle agradecía tamén as súas odiosas denuncias contra o socialismo e o comunismo. Por outra parte, o partido de *Le National* era *puramente republicano*, é dicir, esixía unha forma de poder burgués republicana en vez da monárquica e, sobre todo, reclamaba a súa parte do león neste poder. Agora ben, polo que se refire ás condicións desta transformación, non tiña en absoluto unha perspectiva clara. Pola contra, o que si tiña claro como a luz do sol, e así se declarou publicamente nos banquetes da reforma na última época do reinado de Luís Filipe, era a súa impopularidade entre os pequenos burgueses democráticos e especialmente entre o proletariado revolucionario. Estes republicanos moderados, como é propio deles, estaban xa dispostos a darse inicialmente por satisfeitos cunha rexencia da condesa de Orleáns, cando estourou a revolución de febreiro e lle asignou aos seus representantes máis coñecidos un posto no goberno provisional. Naturalmente, estes representantes dispoñían desde o comezo da confianza da burguesía e da maioría dentro da Asemblea Constituínte. Da comisión executiva, que a Asemblea Nacional creou ao reunirse, foron inmediatamente excluídos os elementos *socialistas* do goberno provisorio e o partido de *Le National* aproveitou o estoupido da insurrección de xuño para agradecer os servizos prestados á *comisión executiva*, aproveitado así a ocasión para librarse tamén do seu próximo rival, os *republicanos pequenoburgueses* ou *democráticos* (Ledru-Rollin, etc.). Cavaignac, o xeneral do partido *burgués republicano*, que dirixira a batalla de xuño, substituíu a comisión executiva por unha especie de poder ditatorial. Marrast, antigo redactor xefe de *Le National*, converteuse no presidente perpetuo da Asemblea Nacional Constituínte, e os ministerios e o resto dos postos importantes caeron en mans dos republicanos moderados.

A fracción burguesa republicana, que se viñera considerando a si mesma desde había moito tempo como a lexítima herdeira

da monarquía de xuño, viu así superado o seu ideal soñado, mais non chegou ao poder, como soñara baixo Luís Filipe, a través dunha revolta liberal da burguesía contra o trono, senón por medio dunha insurrección do proletariado contra o capital, sufocada a base de canonazos. O que ela se imaxinara como o acontecemento *máis revolucionario* resultou ser, en realidade, o *máis contrarrevolucionario*. O froito caeulle no colo, mais non caeu da árbore da vida, senón da árbore do coñecemento.

A exclusiva *dominación dos burgueses-republicanos* durou só desde o 24 de xuño ata o 10 de decembro de 1848. Resúmese en dous puntos: na *redacción dunha Constitución republicana* e na *proclamación do estado de sitio en París*. A nova Constitución non era, no fondo, máis ca unha reedición con algúns adobíos republicanos da Carta Constitucional de 1830. O censo electoral restrinxido da monarquía de xullo, que excluía da dominación política incluso unha boa parte da burguesía francesa, era incompatible ca existencia da república burguesa. A revolución de febreiro proclamou inmediatamente o sufraxio universal e directo para substituír o sufraxio censatario. Os republicanos burgueses non podían ignorar este feito. Tiveron que contentarse con engadir a condición restritiva dun domicilio mantido durante seis meses como mínimo no mesmo distrito electoral. A vella organización administrativa, municipal, xudicial, militar etc. mantívose intacta. E alí onde a Constitución a modificou, estas modificacións afectaban o índice e non o contido; o mero nome, non a cousa en si.

O ineludible Estado Maior das liberdades de 1848, liberdade persoal, liberdade de prensa, de palabra, de asociación, de reunión, de educación, de relixión, etc. recibiu un uniforme constitucional que as facía invulnerables. En efecto, cada unha destas liberdades é proclamada dereito *absoluto* do cidadán francés, se ben cun comentario adicional permanente de que esta liberdade é ilimitada *sen prexuízo* dos límites que se derivan dos *mesmos dereitos doutros cidadáns*, da *seguridade pública*, ou ben de «leis» que deben achegar precisamente esta harmonía das liberdades

individuais entre si e coa seguridade pública. Por exemplo: «Os cidadáns teñen o dereito de se asociaren, de se reuniren pacificamente e sen armas, de presentaren peticións e de expresaren as súas opinións por medio da prensa ou doutros xeitos. *O goce deses dereitos non ten ningunha outra limitación agás os dereitos por parte doutros e os requirimentos da seguridade pública*» (Cap. II da Constitución francesa, art. 8). «O ensino é libre. A liberdade de ensino exercerase baixo as condicións fixadas pola lei e baixo o control supremo do Estado.» (Ibid., art. 9). «A vivenda de todo cidadán é inviolable, *agás* nas condicións previstas pola lei» (Cap. II, art. 3). Etc., etc. Por tanto, a Constitución remítese constantemente a futuras leis *orgánicas*, que han de precisar e poñer en práctica aquel «sen prexuízo de...», e regular o exercicio destas liberdades ilimitadas de maneira que non batan entre si nin tampouco coa seguridade pública. E máis adiante estas leis orgánicas foron promulgadas polos amigos da orde e todas aquelas liberdades reguladas de maneira tal que a burguesía non tropezase no seu exercicio cos dereitos iguais das outras clases. Alí onde lles veda completamente aos «outros» estas liberdades ou só se permite o seu exercicio baixo condicións que son outras tantas celadas policiais, faino sempre pura e exclusivamente en interese da *seguridade* pública, é dicir da seguridade da burguesía, tal e como como dita a Constitución. Por iso ambas as dúas partes invocan no sucesivo, e con pleno dereito, a Constitución, tanto os amigos da orde, ao suspenderen todas aquelas liberdades, como os demócratas, que esixen a súa pronta restauración. Xa que logo, cada artigo da Constitución contén en si a súa propia antítese, as súas propias Cámaras alta e baixa. No enunciado xurídico xeral, a liberdade; no comentario adicional, a supresión desa liberdade. Deste xeito, mentres se respectase o *nome* da liberdade e só se impedise a súa execución real e efectiva —enténdese que pola vía legal— a existencia constitucional da liberdade permanecía íntegra, intacta, por moito que se matase a súa existencia *común e corrente*.

Con todo, esta Constitución, feita inviolable dun xeito tan enxeñoso tiña, como Aquiles, un punto vulnerable, non no talón neste caso, senón na cabeza, ou máis precisamente, nas dúas cabezas nas que se dividía: a *Asemblea Lexislativa*, por un lado e o *presidente* polo outro. Se repasamos a Constitución, veremos que só os artigos nos que se determina a relación do presidente coa Asemblea Lexislativa teñen o carácter de absolutos, positivos, indiscutibles e sen terxiversación posible. En efecto, neste punto, para os republicanos burgueses tratábase de asegurar a súa propia posición. Os artigos 45-70 do texto constitucional están redactados de tal xeito que a Asemblea Nacional pode eliminar constitucionalmente o presidente, mentres o presidente só pode eliminar a Asemblea Nacional inconstitucionalmente, desbotando a Constitución mesma, que neste punto, xa que logo, promove a súa propia supresión violenta. A Constitución consagraba, non só a división de poderes, como a Carta de 1830, senón que a ampliaba ata o extremo dunha contradición insostible. O *xogo dos poderes constitucionais*, como chamaba Guizot as liortas entre os poderes lexislativo e executivo, xoga na Constitución de 1848 constantemente a unha aposta de máximo risco. Por unha banda, 750 representantes do pobo, elixidos por sufraxio universal e reelixibles, que forman unha Asemblea Nacional indisoluble e indivisible. Esta última, ademais, goza dun absoluto poder lexislativo e, en última instancia, decide sobre guerra, paz e os tratados comerciais, posúe en exclusiva o dereito de amnistía e coa súa permanencia ocupa permanentemente o primeiro plano da escena política. Por outra banda, o presidente, con todos os atributos do poder monárquico, coa facultade de nomear e cesar os seus ministros, con total independencia da Asemblea Nacional, con todos os recursos do poder executivo nas súas mans, distribuíndo todos os postos e, xa que logo, decidindo en Francia a sorte dun mínimo de millón e medio de existencias, que dependen dos 500.000 funcionarios e oficiais de todos os graos. O presidente ten ademais baixo o

seu mando directo todo o poder armado, dispón do privilexio de indultar criminais individualmente, de cesar transitoriamente membros da Garda Nacional, de destituír, de acordo co Consello de Estado, os consellos nacionais, cantonais e municipais elixidos polos cidadáns. Por riba, estanlle reservados a iniciativa e a dirección de todos os tratados co estranxeiro. Mentres a Asemblea actúa sempre sobre as táboas e se expón á luz do día e a crítica pública, o presidente leva unha vida agachada nos Campos Elíseos, co artigo 45 da Constitución na ollada e no corazón, que lle recorda cada día: *Frère, il faut mourir!* O teu poder acábase o segundo domingo do fermoso mes de maio do cuarto ano da túa elección! Entón este esplendor acábase, esta peza teatral non se representa unha segunda vez e, se tes débedas, trata de pagalas a tempo cos 600.000 francos que che asigna a Constitución se non prefires ir de paseo a Clichy o segundo luns do fermoso mes de maio! Mentres a Constitución lle asigna así ao presidente o poder efectivo do Estado, procura garantirlle á Asemblea Nacional o poder «moral». Independentemente de que é imposible crear un poder moral por medio dos artigos dunha lei, aquí a Constitución vólvese anular unha vez máis, ao facer elixir ao presidente por todos os franceses a través dun sufraxio universal e directo. Mentres os votos de Francia se espallan entre os 750 membros da Asemblea Nacional, concéntranse aquí sobre *un so* individuo. Mentres que cada un dos representantes do pobo representa este ou aquel partido, esta ou aquela cidade, esta ou aquela cabeza de ponte ou mesmo representa a necesidade de elixir a un calquera que faga o número 750, sen pararse moito a pensar nin sobre a materia nin sobre o home, *el* é o elixido da nación, e o acto da súa elección é o gran triunfo que o pobo soberano se xoga unha vez cada catro anos. A Asemblea Nacional elixida atópase nunha relación metafísica coa nación, mentres o presidente elixido atópase nunha relación persoal. A Asemblea Nacional representa sen dúbida, nos seus distintos deputados, as múltiples facetas do espírito nacional,

pero no presidente encárnase este espírito. O presidente posúe fronte á Asemblea unha sorte de dereito divino, é presidente pola graza do pobo.

Tetis, a deusa do mar, profetizáralle a Aquiles que ía morrer na flor da súa xuventude. A Constitución, que, como Aquiles, ten o seu punto fraco, tamén tiña, como Aquiles, o presentimento de que tería que perecer de morte madrugadora. Ós republicanos puros constituíntes abondáballes con botaren desde o bretemoso ceo da súa república ideal unha ollada sobre o mundo profano para comprenderen como, a medida que se ía achegando a culminación da súa grande obra de arte lexislativa, a soberbia dos monárquicos, dos bonapartistas, dos demócratas, dos comunistas e o seu propio descrédito medraban cada día, sen que por iso Tetis tivese que emerxer do océano e revelarlles o seu terrible segredo. Trataron de esquivar a fatalidade cunha argucia constitucional, a través do artigo 111 da norma, segundo o cal toda proposta de *revisión da Constitución* debe ser votada en tres debates sucesivos, entre os que ten que haber sempre un mes enteiro de intervalo, por tres cuartos dos votantes presentes e sempre que, ademais, non voten menos de 500 deputados da Asemblea. Con isto, non facía máis que o triste intento de exercer como minoría —condición na que profeticamente xa se vían convertidos— un poder que naquel intre, no que dispoñían da maioría parlamentaria e de todos os medios do poder executivo, ía escapando cada día máis das súas febles mans.

Finalmente, nun artigo melodramático, a Constitución encoméndase á «vixilancia e ao patriotismo de todo pobo francés e de cada cidadán concreto», despois de que noutro artigo precedente xa confiara os «vixilantes» e «patriotas» ás tenras e altamente criminais atencións do Tribunal Supremo, creado expresamente por ela. Esta era a Constitución de 1848, que non foi derrubada o 2 de decembro de 1848 por unha cabeza, senón polo roce cun simple chapeu; certamente, ese chapeu era un tricornio napoleónico.

Mentres os republicanos burgueses se ocupaban na Asemblea Nacional en cavilar sobre esta Constitución, en discutila e votala, Cavaignac mantiña fóra dela o *estado de sitio sobre París*. O estado de sitio de París foi a parteira da Constituínte nas súas dores republicanas de parto. Se máis tarde a Constitución foi derrogada polas baionetas, non se debe esquecer que tamén polas baionetas, agora voltas contra o pobo, foi protexida no útero materno e que foi traída ao mundo polas baionetas. Os antepasados dos «republicanos honestos» fixéranlle dar voltas por Europa ao seu símbolo, a bandeira tricolor. Pero tamén crearon outro invento que axiña se abriu paso a través de todo o continente, retornando a Francia, con amor sempre renovado, ata adquirir carta de cidadanía na metade dos seus departamentos: o *estado de sitio*. Excelente invento, en efecto, aplicado periodicamente en cada unha das crises que se sucederon no curso da revolución Francesa! O cuartel e o campamento militar foron postos así periodicamente por riba da cabeza da sociedade francesa, para esmagarlle o cerebro e facer dela un lugar tranquilo; sabre e mosquete, foron postos unha e outra vez a xulgar e a administrar, a exercer tutela e a censurar, a facer servizos de policía e de vixilante nocturno. Velaí como o bigote e a guerreira se pregoaban como a suprema sabedoría e os reitores da sociedade francesa. Acaso non tiñan todos eles —o cuartel e o campamento, o sabre e o mosquete, o bigote e a guerreira— que chegar finalmente á conclusión de que era mellor salvaren a sociedade dunha vez por todas, proclamando o seu propio réxime como o máis elevado de todos e descargando completamente á sociedade burguesa da preocupación de gobernarse a si mesma? Cuartel e campamento, sabre e mosquete, bigote e guerreira tiñan por forza que ter esta ocorrencia, tanto máis canto mellor era o pagamento que podían agardar polo seu meritorio servizo, mentres que unicamente cos sucesivos estados de sitio e as transitorias salvacións da sociedade, por encargo dunha ou doutra fracción da burguesía, pouca ganancia tiraban en limpo, agás algúns mortos e feridos e ocasionais acenos amigables dos cidadáns. Por que non podían

os militares xogar por fin, dunha vez, ao estado de sitio no seu propio interese e polo seu propio beneficio e sitiar ao mesmo tempo as bolsas burguesas? Por outra parte, non se esqueza, dito sexa de pasada, que o *coronel Bernard*, o mesmo presidente da comisión militar que, baixo Cavaignac, colaborou na deportación, sen xuízo, de 15.000 insurxentes, neste intre estaba á cabeza das comisións militares que funcionaban en París.

Aínda que os republicanos honestos, puros, co estado de sitio en París plantaron o viveiro no que debían criarse os pretorianos do 2 de decembro de 1851, merecen en cambio louvanza porque, en vez de esaxerar coma nos tempos de Luís Filipe o sentimento nacionalista, agora, cando dispoñen do poder nacional, arrástranse ante o estranxeiro e, en vez de liberar a Italia, deixan que austríacos e napolitanos a volvan a ocupar. A elección de Luís Bonaparte como presidente, o 10 de decembro de 1848 puxo fin á ditadura de Cavaignac e á Constituínte.

No artigo 44 da Constitución dise: «O Presidente da República Francesa non deberá ter perdido nunca a súa condición de cidadán francés». Pois ben, o primeiro presidente da República Francesa, L. N. Bonaparte, non só tiña perdida a súa condición de cidadán francés, e non só fora axente especial da policía inglesa, senón que aínda por riba era naturalizado suízo.

Xa expuxen n'*As loitas de clases en Francia* o significado das eleccións do 10 de decembro[2]. Non vou volver aquí sobre elas. Abonda con observar agora que se tratou dunha *reacción dos campesiños*, que tiveran que pagar o custo da revolución de febreiro, contra as demais clases da nación, *unha reacción do campo contra a cidade*. Esta reacción atopou grande eco no exército, ao que os republicanos de *Le National* non lle deran sona nin aumento de paga; entre a gran burguesía, que saudaba en Bonaparte unha ponte cara á monarquía; entre os proletarios e os pequenos burgueses, que o saudaban coma unha azoute para

[2] Vid. *supra* p. 251 e ss.

Cavaignac. Máis adiante hei de ter oportunidade dabondo para analizar polo miúdo o papel dos labregos na revolución Francesa.

A época que vai do 20 de decembro de 1848 ata a disolución da Constituínte en maio de 1849 abrangue a historia da caída dos republicanos burgueses. Despois de fundaren unha república para a burguesía, de teren expulsado do campo de loita o proletariado revolucionario e de reduciren provisoriamente ao silencio á pequena burguesía democrática, atópanse eles mesmos marxinados pola masa da burguesía, que con razón embarga esta república como *propiedade* de seu. Mais esta masa burguesa era *monárquica*. Unha parte dela, os grandes propietarios de terras, mandara baixo a *Restauración* e, xa que logo, era *lexitimista*. A outra, os aristócratas financeiros e os grandes industriais, dominara baixo a monarquía de Xullo e era, polo tanto, *orleanista*. Os grandes dignitarios do exército, da universidade, da Igrexa, do foro, da academia e da prensa repartíanse entre ambos os dous campos, aínda que en proporcións ben desiguais. Aquí, na *república burguesa*, que non levaba o nome *Borbón* nin o nome *Orleáns*, senón o nome de *capital*, atoparan a forma de goberno na que podían gobernar *conxuntamente*. Xa a insurrección de xuño os xuntara nas filas do Partido da Orde. Agora, a súa prioridade era eliminar a banda dos republicanos burgueses, que aínda ocupaban os escanos da Asemblea Nacional. E aquela brutalidade coa que estes republicanos puros abusaran da forza física fronte ao pobo, volveuse agora covardía, pusilanimidade, timidez, incapacidade de loitar para manteren o seu republicanismo e o seu pulo de lexisladores fronte ao poder executivo e ós realistas. Non teño por que referir aquí a ignominiosa historia do seu esfarelamento. Foi unha desaparición, non unha caída. As súa historia acabouse definitivamente; no período seguinte só figuran, dentro ou fóra da Asemblea, como meros recordos; lembranzas que semellan revivir de novo en canto se trata do simple nome da república, e tan pronto o conflito revolucionario ameaza con descender ata o nivel máis baixo. Observo de pasada

que o xornal que lle dou o seu nome ao partido —*Le National*— pasouse aos socialistas no período seguinte.

Antes de pechar este período, aínda temos que botar unha ollada retrospectiva sobre os dous poderes, un dos cales anulou o outro o 2 de decembro de 1851, mentres desde o 20 de decembro de 1848 ata a disolución da Constituínte viviron en tenra relación marital. Referímonos, dunha parte, a Luís Bonaparte e, da outra, ao partido dos realistas coligados, o Partido da Orde e da gran burguesía. Ao tomar posesión da súa presidencia, Bonaparte formou inmediatamente un ministerio do Partido da Orde, poñendo á súa fronte a Odilon Barrot, nótese ben, o antigo líder dos liberais da fracción máis liberal da burguesía parlamentaria. O señor Barrot botáralle a gadoupa, finalmente, á carteira de ministro cuxo espectro lle perseguía desde 1830 e, máis aínda, á presidencia do Goberno. Pero non como o imaxinara baixo Luís Filipe, como o xefe máis avanzado da oposición parlamentaria, senón coa misión de liquidar un parlamento e como aliado de todos os seus inimigos mortais, os xesuítas e os lexitimistas. Logrou finalmente casar coa noiva, mais só despois desta ser prostituída. Polo que respecta a Bonaparte, eclipsouse totalmente só en aparencia. Aquel partido traballaba para el.

Xa no primeiro consello de ministros aprobouse a expedición a Roma, acordada ás costas da Asemblea Nacional e despois de decidir arrancarlle a esta, con falsos pretextos, os medios para o seu financiamento. Así comezou todo, cunha estafa á Asemblea Nacional e cunha conspiración secreta cos poderes absolutos estranxeiros contra a república revolucionaria romana. Bonaparte preparou do mesmo xeito e coas mesmas manobras o seu golpe do 2 de decembro contra a Asemblea Lexislativa realista e a súa república constitucional. Non esquezamos que o mesmo partido que o 20 de decembro de 1848 formaba o ministerio de Bonaparte, dispuña o 2 de decembro de 1851 da maioría na Asemblea Nacional Lexislativa.

A Constituínte acordara en agosto disolverse só despois de seren elaboradas e aprobadas por ela unha serie de leis orgánicas complementarias da Constitución. O Partido da Orde presentoulle o 6 de xaneiro de 1849 a través do deputado Rateau a proposta de deixar pasar as leis orgánicas e acordar máis ben a súa *propia disolución*. Non só o ministerio, co señor Odilon Barrot á cabeza, senón todos os membros monárquicos da Asemblea Nacional fixéronlle saber imperativamente neste momento que a súa disolución era necesaria para restablecer o crédito, para a consolidación da orde, para acabar con aquela provisionalidade indefinida, e para poñer as bases dun estado de cousas definitivo. Tamén se lle dixo que trababa a produtividade do novo goberno e que só tentaba prolongar a súa existencia por rancor, que o país estaba farto dela. Bonaparte tomou boa nota de todas estas invectivas contra o poder lexislativo, aprendeunas de memoria e o 2 de decembro de 1851 mostroulles ós realistas parlamentarios o resultado da súa aprendizaxe. Repetiu contra eles os seus propios tópicos.

O ministerio Barrot e o Partido da Orde foron máis alá. Promoveron en toda Francia *peticións á Asemblea Nacional*, nas que se lle solicitaba moi amablemente que se disolvese. Lanzaron así á batalla ás masas desorganizadas contra a Asemblea Nacional, a expresión constitucionalmente organizada do pobo. Ensináronlle a Bonaparte a apelar ao pobo contra as asembleas parlamentarias. Finalmente, o 29 de xaneiro de 1849 chegara o día no que a Constituínte debía decidir sobre a súa disolución. A Asemblea Nacional encontrouse co edificio no que se debía reunir ocupado polos militares. Changarnier, o xeneral do Partido da Orde, que concentraba nas súas mans o mando supremo da Garda Nacional e das tropas de liña, celebrou en París unha gran revista de tropas, como en vésperas dunha batalla e os realistas coligados cominaron á Constituínte coa ameaza de que, se non se amosaba submisa, se empregaría a forza contra ela. Consentiu con submisión e apenas foi quen de regatear para

si mesma un brevísimo prazo de vida. Que outra cousa foi o 29 de xaneiro senón o golpe de Estado do 2 de decembro de 1851 coa única particularidade de que foi executado polos realistas e con Bonaparte contra a Asemblea Nacional republicana? Aqueles señores monárquicos non se decataron ou non querían decatarse de que Bonaparte instrumentalizou o 29 de xaneiro para facer desfilar ante el por diante das Tullerías unha parte das tropas, e de que aproveitou avidamente esta primeira manifestación pública de poder militar contra o poder parlamentario para aludir a Calígula. O certo é que eles non vían máis que o seu Changarnier.

O motivo que incentivou especialmente o Partido da Orde a recortar pola violencia a duración de vida da Constituínte foron as leis *orgánicas,* complementarias da Constitución, como a lei do ensino, a lei de cultos, etc. Os realistas aliados tiñan un grande interese en redactaren eles mesmos estas leis, impedindo que o fixesen os desconfiados socialistas. Entre estas leis orgánicas figuraba tamén unha lei sobre a responsabilidade do presidente da República. En 1851 estábase ocupando a Asemblea Lexislativa xustamente coa redacción dunha lei homónima, cando Bonaparte se adiantou a este *coup* co seu propio *coup* do 2 de decembro. Que non terían dado os realistas coligados, na súa campaña parlamentaria de inverno de 1851, se tivesen atopado xa rematada a lei de responsabilidade e, ademais, redactada por unha Asemblea desconfiada, rancorosa e republicana!

Despois de o 29 de xaneiro de 1849 a Constituínte romper a súa última arma, o ministerio Barrot e os amigos da Orde acosárona á morte, sen deixar sen tentar nada que puidese humillala, e arrincaron a súa debilidade e falta de confianza en si mesma leis que lle custaron o seu último resto de confianza ante o público. Bonaparte, ocupado coa súa idea fixa napoleónica, era ousado dabondo como para explotar publicamente esta profanación do poder parlamentario. Así, cando a Asemblea Nacional, o 8 de maio de 1849, lle presenta unha moción de

censura ao Goberno a causa da ocupación de Civitavecchia por Oudinot e dá a orde de que se reduza a expedición romana á súa orixinaria finalidade, Bonaparte publica en *Le Moniteur*, esa mesma tarde, unha carta a Oudinot na que lle desexa sorte nas súas heroicas fazañas e se presenta xa, en contraste cos pedantes parlamentarios, como o magnánimo protector do exército. Ante isto os realistas sorrían, pensando que o tiñan enganado. Finalmente, cando Marrast, presidente da Constituínte, considerou por un momento que a seguridade da Asemblea Nacional estaba ameazada e, apoiándose na Constitución, requiriu un coronel co seu rexemento, o coronel negouse a obedecer, invocando a súa disciplina e remitindo a Marrast a Charnier, que o despediu sarcasticamente, dicíndolle que non lle gustaban as *baïonnettes intélligentes*. En novembro de 1851, cando os realistas coligados querían iniciar o combate decisivo contra Bonaparte, trataron, co seu tristemente célebre *Proxecto de lei sobre os cuestores*, lograr que se adoptara o principio da requisición directa das tropas polo presidente da Asemblea Nacional. Un dos xenerais, Le Flô, asinara o proxecto de lei. Foi inútil que Changarnier votase a favor da proposta e que Thiers rendese homenaxe á circunspecta sabedoría da antiga Constituínte. O ministro da guerra St. Arnaud respondeulle do mesmo xeito que Changarnier respondera a Marrast, e baixo os atronadores aplausos da Montaña!

Así foi como o mesmo Partido da Orde, cando aínda non dominaba a Asemblea Nacional, cando só posuía o poder executivo, estigmatizou o *réxime parlamentario*. E berra agora abraiado cando, o 2 de decembro de 1851, este réxime é desterrado de Francia!

Desexámoslle unha feliz viaxe!

III

O 28 de maio de 1849 reuniuse a Asemblea Nacional Lexislativa. O 2 de decembro de 1851 foi pechada pola forza. Este período abrangue a duración da *república constitucional* ou *parlamentaria*.

Na primeira revolución Francesa o dominio dos *constitucionais* foi seguido polo dos *xirondinos*, e posteriormente polo dos *xacobinos*. Cada un destes partidos apóiase sobre o que vai diante. En canto xa impulsou a revolución ata o punto de non podela proseguir por máis tempo, e aínda menos dirixila, cada partido é arrombado a un lado polo seguinte e enviado á guillotina. A revolución Francesa de 1789-1793 moveuse, así, nunha liña ascendente.

O caso da revolución de 1848 é o oposto. O partido proletario aparece como un apéndice do pequenoburgués-democrático, que o traizoa e deixa caer o 16 de abril, o 15 de maio e nas xornadas de xuño. Pola súa parte, o partido democrático apóiase sobre os ombreiros do republicano-burgués. En canto se cren consolidados, os republicanos burgueses despréndense dos seus molestos camaradas e apóianse no lombo do Partido da Orde. O Partido da Orde encolle os ombreiros, sacudíndose de enriba os republicanos burgueses, e brinca á súa vez sobre o carrelo do poder armado. E aínda pensa que segue sentado sobre estes ombreiros, cando unha boa mañá se decata de que aqueles ombreiros estaban inzados de baionetas. Cada partido malla nos que seguen na poxa e estáncase de fronte contra os que empurran cara a atrás. Non é de estrañar que nesta postura cómica o partido perda o equilibrio e se derrube polo chan en medio de estraños pinchacarneiros, despois de facer os inevitables e patéticos acenos. Deste xeito, a revolución móvese nunha liña descendente. E aínda se atopa neste movemento de retroceso antes de que sexa retirada a última barricada de febreiro e de que a primeira autoridade revolucionaria estea constituída.

O período que temos diante abrangue a mestura máis variada de escandalosas contradicións: constitucionais que conspiran abertamente contra a Constitución, revolucionarios que confesan

abertamente seren constitucionais; unha Asemblea Nacional que quere ser todopoderosa e non deixa nunca de ser parlamentaria; unha Montaña que atopa a súa misión na máis resignada quietude e para os golpes dos seus fracasos presentes co anuncio profético de vitorias futuras; realistas que veñen sendo os *patres conscripti*[3] da república, e se ven forzados pola situación a manter no estranxeiro as casas reais inimigas, das que son partidarios, mentres en Francia aturan unha república que odian; un poder executivo, que atopa na propia debilidade a súa forza e a súa respectabilidade no desprezo que inspira; unha república que non é máis que a suma da infamia de dúas dinastías, a da Restauración e a da monarquía de xullo, baixo un rótulo imperial; alianzas, das que a primeira cláusula é a separación; loitas das que a primeira lei é a indecisión; no nome da calma, unha axitación sen control e baleira; no nome da revolución as máis solemnes prédicas da tranquilidade; paixóns sen verdade; verdades sen paixón; heroes sen heroicidades; historia sen acontecementos; un proceso evolutivo cuxa única forza propulsora semella ser o calendario, abafante pola continua repetición das mesmas tensións e distensións; antagonismos que só parecen exaltarse periodicamente para truncarse e derrubarse sen se poderen resolver; esforzos pretensiosamente exhibidos e espantos burgueses ante o perigo da fin do mundo, mentres, ao mesmo tempo, os salvadores deste representan as máis mesquiñas intrigas e comedias palacianas, que no seu *laisser aller* recordan máis os tempos da Fronda que o Xuízo Final; o xenio colectivo oficial de Francia deshonrado pola necidade ladina dun só individuo; a vontade colectiva da nación, tantas veces como se expresa mediante o sufraxio universal, buscando a súa expresión equivalente nos inimigos prescritos dos intereses da masa, ata que finalmente a atopa na teima dun filibusteiro. Se existe algunha pasaxe histórica pintada en gris sobre fondo gris, é esta. Homes e acontecementos aparecen coma

[3] Senadores (N. dos T.).

un Schlemihl, como un pobre demo invertido, coma sombras errantes que acabaron perdendo os seus corpos. A mesma revolución paraliza os seus propios portadores e só dota de violencia apaixonada aos seus adversarios. E cando finalmente aparece o «espectro roxo», constantemente evocado e anatematizado polos contrarrevolucionarios, non o fai co anarquista gorro frixio na cabeza senón co uniforme da orde, en *zaragolas vermellas*.

Vimos que o goberno que Bonaparte instalou o 20 de decembro de 1848, o día da súa ascensión, era un goberno do Partido da Orde, da coalición lexitimista e orleanista. Este Ministerio Barrot-Falloux sobrevivira á Constituínte republicana, á que lle recortara máis ou menos violentamente a duración, e aínda termaba nas mans o leme da situación política. Changarnier, o xeneral dos realistas coligados, seguía concentrando na súa persoa o comando xeral da primeira división militar e da Garda Nacional de París. Finalmente, as eleccións xerais aseguráranlle ao Partido da Orde a gran maioría na Asemblea Nacional. Aquí, os deputados e os pares de Luís Filipe atopáronse cun santo tropel de lexitimistas para os que moitas das papeletas electorais da nación se transformaran en entradas de butaca para a escena política. Os representantes populares dos bonapartistas eran ben poucos para poderen formar un partido parlamentario independente. Só eran vistos como *mauvaise queue*[4] do Partido da Orde, de modo que este último tiña nas súas mans o goberno, o exército e o corpo lexislativo, en suma, a totalidade dos poderes do Estado. E estaba ademais moralmente fortalecido polos resultados das eleccións xerais, que fixeron patente a súa dominación como vontade do pobo, á que se unía a vitoria simultánea da contrarrevolución en todo o continente europeo. Nunca un partido abriu a campaña electoral con medios máis abundantes nin baixo mellores auspicios.

Os naufragados *republicanos puros* encontráronse reducidos na Asemblea Nacional a un bando duns 50 homes cos xenerais

---

4 Apéndice molesto (N.dos T.).

africanos Cavaignac, Lamoricière e Baudot á cabeza. Mais o gran partido da oposición formouno a *Montaña*. Este era o nome de pía parlamentario que se dera o partido *socialdemócrata,* que dispoñía de máis de 200 dos 750 votos da Asemblea Nacional e, xa que logo, era polo menos tan poderoso coma calquera das tres fraccións do Partido da Orde, consideradas independentemente. A súa minoría relativa con respecto a toda a coalición realista parecía estar compensada por circunstancias especiais. As eleccións departamentais puxeron de manifesto que este partido gañara simpatías considerables entre a poboación rural. Contaba ademais coa case totalidade dos deputados de París; o exército, coa elección de tres suboficiais, fixera unha profesión de fe democrática e o xefe da Montaña, Ledru-Rollin, a diferenza de todos os representantes do Partido da Orde, fora elevado ao rango da membro da Cámara parlamentaria co apoio de cinco departamentos, que concentraran os seus votos na súa persoa. Xa que logo, o 28 de maio de 1849, ante os inevitables choques internos entre os realistas e a totalidade do Partido da Orde con Bonaparte, a Montaña parecía dispoñer de todos os ingredientes do éxito. Porén, catorce días despois perdérao todo, a honra incluída.

Antes de continuar coa historia parlamentaria, resulta preciso facer algunhas observacións para evitar os malentendidos habituais sobre o carácter xeral da época que aquí nos ocupa. Segundo o modo de ver dos demócratas, durante o período da Asemblea Nacional Lexislativa o problema é o mesmo que o do período da Asemblea Constituínte, é dicir a simple loita entre republicanos e monárquicos. Porén, o movemento en si mesmo resúmeno nun tópico: «reacción», a noite na que todos os gatos son pardos e lles permite salmodiar os seus tópicos de vixilante nocturno. E, por certo, a primeira vista, o Partido da Orde semella unha urda de diversas faccións realistas, que non só intrigan unhas contra as outras para elevaren ó trono o seu propio pretendente e excluíren o candidato do partido oposto, senón que

todas elas se unen na común xenreira e nos ataques colectivos contra a «república». A Montaña, pola súa parte, en contraste con esta conspiración realista, amósase como representante da «república». O Partido da Orde aparece constantemente ocupado cunha «reacción» que, nin máis nin menos como en Prusia, se volve contra a liberdade de prensa, o dereito de asociación, etc. e realiza, tamén coma en Prusia, brutais inxerencias policiais na burocracia, na xendarmería e nos tribunais. A Montaña, pola súa banda, ocúpase constantemente, con outro tanto de celo, en rexeitar estes ataques, defendendo así os «eternos dereitos humanos», coma todo partido que se chame popular leva facendo desde máis ou menos cento cincuenta anos. Con todo, ante un exame máis de preto da situación e dos partidos esváese esta aparencia superficial, que vea e oculta a *loita de clases* e a verdadeira fisionomía subxacente deste período.

Lexitimistas e orleanistas conformaban, como queda dito, as dúas grandes fraccións do Partido da Orde. Que aferraba estas fraccións aos seus pretendentes e as mantiña alternativamente separadas? Acaso serían tan só as flores de lis e a bandeira tricolor, a casa de Borbón e a casa de Orleáns, matices diferentes do monarquismo, ou máis ben era realmente a súa común profesión de fe monárquica? Baixo os Borbóns gobernara a *gran propiedade territorial*, cos seus cregos e os seus lacaios; baixo os Orleáns a alta finanza, a grande industria, o gran comercio, é dicir o *capital,* co seu séquito de avogados, profesores e retóricos. A monarquía lexítima borbónica non era máis que a expresión política da dominación herdada dos señores da terra, do mesmo xeito que a monarquía de xullo orleanista non era máis que a expresión política da dominación usurpada dos arribistas burgueses. Xa que logo, o que separaba estas faccións non era ningún dos seus chamados principios políticos; eran as condicións materiais de existencia, dous tipos diferentes de propiedade; era o vello antagonismo entre cidade e campo, a rivalidade entre capital e propiedade do chan. Ninguén nega, así e todo, que

ao mesmo tempo existían vellos recordos, inimizades persoais, temores e esperanzas, prexuízos e ilusións, simpatías e antipatías, conviccións, artigos de fe e principios que os mantiñan xunguidos a unha ou a outra casa real. Sobre as diversas formas de propiedade e sobre as condicións sociais de existencia érguese toda unha superestrutura enteira de sentimentos, ilusións, xeitos de pensar e concepcións do mundo e vida diversos e plasmados dun xeito peculiar. Créaos a clase enteira ao tempo que lles dá forma a partir dos seus fundamentos materiais e desde as relacións sociais correspondentes. O individuo illado, ao que se lle inculcan pola tradición e a educación, pode imaxinar que son os verdadeiros fundamentos determinantes e a base de partida da súa acción. Pero aínda que os orleanistas, os lexitimistas ou cada fracción tratase de convencerse a si mesma e de convencer a outra de que o que as separaba era a lealdade ás dúas diferentes dinastías, os feitos amosaron máis adiante que foron máis ben os seus intereses de clase contrapostos os que impedían a unión das dúas casas reais. E, así como na vida privada debemos distinguir entre o que unha persoa pensa e conta de si mesma e o que el ou ela verdadeiramente é e fai, o mesmo acontece tamén cas disputas históricas. Aquí é preciso diferenciar aínda máis os relatos e as figuracións dos partidos, do seu organismo efectivo e dos seus verdadeiros intereses. Cómpre separar con claridade, en definitiva, o que imaxinan ser do que realmente son. Orleanistas e lexitimistas atopáronse na república uns a carón dos outros e coas mesmas aspiracións. Se cada parte quería impoñer de fronte á outra a *restauración* da súa *propia* casa real, iso só significaba unha cousa: que cada un dos dous grandes intereses *nos* que a burguesía se divide —a propiedade do chan e o capital— aspiraba a restaurar a súa propia supremacía e a impoñer o sometemento do outro. Repárese en que falamos aquí de dous intereses da *burguesía*, xa que a gran propiedade do chan, malia a súa coquetería feudal e o seu vello orgullo de caste, se tiña aburguesado completamente co desenvolvemento da sociedade moderna.

Así, tamén os *tories* de Inglaterra fixéronse durante moito tempo a idea ilusoria de entusiasmárense coa Coroa, a Igrexa e as fermosuras históricas da vella Constitución inglesa, ata que chegou o día do perigo inminente e lles arrancou a confesión de que eles, en realidade, só se entusiasmaban coa *renda do chan*.

Os realistas coligados intrigaban uns contra outros na prensa, en Ems, en Claremont fóra do parlamento. Nun segundo plano volvían vestir as súas vellas libreas orleanistas e lexitimistas e retomaban os seus vellos torneos de antano. Porén, na escena pública, nas súas actuacións políticas e estatais, como o gran partido parlamentario que eran, despachaban as súas respectivas casas reais con simples reverencias formais e adiaban ata a eternidade a estauración da monarquía. Levaban adiante o seu verdadeiro cometido como *Partido da Orde*, ou sexa, baixo un título *social* e non baixo un título *político*, como representantes da orde social burguesa, non como cabaleiros de princesas ambulantes, isto é, como clase burguesa de fronte a outras clases, e non como realistas contra republicanos. E, como *partido da orde*, exercían sobre as outras clases da sociedade unha dominación aínda máis ilimitada e máis dura do que nunca fora posible baixo a restauración ou baixo a monarquía de xullo, como único modo posible de exercer a dominación baixo a forma dunha república parlamentaria, pois só baixo esta forma política se podían unir as dúas grandes fraccións da burguesía francesa e, xa que logo, poñer na orde do día o dominio da súa clase en vez do particular dunha sección privilexiada da mesma. Se, malia todo iso, tamén como partido da orde, insultaban a república e manifestaban aversión contra ela, non o facían unicamente polas súas evocación realistas. O instinto ensináballes que a república culminara o seu dominio político, pero que ao mesmo tempo socavara a súa base social, pois agora enfrontábanse ás clases sometidas, coas que tiñan que loitar sen intermediarios, sen a tapadeira da Coroa, sen poderen desviar o interese da nación mediante as súas subordinadas loitas internas e as que, á súa vez, tiñan

coa monarquía. Era unha sensación de debilidade, que os facía recuar tremendo ante as condicións puras da súa dominación de clase e levábaos a recordar con saudade as formas máis incompletas, menos desenvolvidas e, xa que logo, menos perigosas da súa antiga dominación. Por contra, cada vez que os realistas coligados tropezan co pretendente que teñen diante, con Bonaparte, cada vez que cren que o executivo pon en perigo o seu omnímodo poder, por tanto cada vez que teñen que exhibir o título político da súa dominación, comparecen públicamente como *republicanos* e non como realistas. Desde o orleanista Thiers, que lle advirte á Asemblea Nacional de que a república é o que menos os separa; ata o lexitimista Berryer, que o 12 de decembro de 1851, cinxido coa banda tricolor, arengaba, como tribuno, no nome da república, o pobo diante da casa do concello do décimo distrito de París . Por certo que o eco respondíalle, choqueiro: «Henrique V! Henrique V!».

Fronte á burguesía coligada xuntárase unha coalición de pequenoburgueses e traballadores, o denominado *partido social-demócrata*. Os pequenoburgueses víronse mal recompensados despois das xornadas de xuño de 1848, sentíronse ameazados pola contrarrevolución nos seus intereses materiais e nas garantías democráticas que lles deberían asegurar a salvagarda dos mesmos. En consecuencia, achegáronse aos traballadores. Por outra banda, os seus representantes parlamentarios, a Montaña, que durante a ditadura dos republicanos burgueses foran marxinados, tiñan recuperado na segunda metade de existencia da Constituínte, grazas á súa loita contra Bonaparte e os ministros realistas, a súa popularidade perdida. Pecharon, despois, unha alianza cos líderes socialistas. En febreiro de 1849 celebráronse banquetes de reconciliación. Trazouse un proxecto de programa común, creáronse comités electorais comúns e proclamáronse candidatos comúns. Ás esixencias sociais do proletariado limóuselle a punta social e déuselle unha orientación democrática; ás demandas democráticas da pequena burguesía mudóuselles a

súa forma puramente política e afiouse a súa punta socialista. Foi así como naceu a *socialdemocracia*. A nova Montaña, resultado desta combinación, contiña, deixando a un lado algúns figurantes da clase traballadora e algún sectarios socialistas, os mesmos elementos que a vella Montaña, só que agora en maior número. Mais no curso do seu desenvolvemento cambiara coa clase que representaba. O carácter propio da socialdemocracia resumíase na esixencia de institucións democrático-republicanas, non como medio para a supresión de dous extremos, capital e traballo asalariado, senón como expediente para debilitar o seu antagonismo e transformalo en harmonía. Por moito que se diferencien as medidas propostas para acadar este fin, e por moito que se decore con concepcións máis ou menos revolucionarias, o seu contido seguirá sendo sempre o mesmo. Este contido é a modificación da sociedade pola vía democrática, pero unha modificación dentro dos límites da pequena burguesía. Que ninguén imaxine, así e todo, o absurdo de que a pequena burguesía queira por principio impoñer con mesquindade o seu particular interese de clase; ela cre, máis ben, que as condicións *especiais* da súa liberación son as condicións *xerais* baixo as que, e só baixo elas, a sociedade moderna pode ser salvada e a loita de clases evitada. Tampouco se pode crer que os representantes democráticos son todos tendeiros ou admiradores seus. Poden estar, pola súa cultura ou pola súa situación persoal, a mundos de distancia deles. O que fai deles representantes da pequeno-burguesía como clase é que intelectualmente non van máis alá, pola súa mentalidade, do que estes van no seu modo de vida; e que, xa que logo, resultan teoricamente impulsados cara aos mesmos problemas e solucións cara ás que o interese material e a situación social conducen na práctica ao pequenoburgués. Esta é, en xeral, a relación entre os *representantes políticos* e os *literarios* dunha clase coa clase que representan.

Despois de toda esta exposición resulta evidente que, se a Montaña segue a loitar co Partido da Orde pola república e os

chamados dereitos humanos, nin a república nin tampouco os dereitos humanos son o seu último obxectivo, do mesmo xeito que un exército ao que se quere desarmar e que se dispón para a defensa, non se bota ao terreo de combate só para manter a propiedade das propias armas.

En coincidencia coa reunión da Asemblea Nacional, o Partido da Orde provocou á Montaña. A burguesía sentía agora a necesidade de acabar cos demócratas pequenoburgueses, con tanta claridade como un ano antes comprendera a necesidade de acabar co proletariado revolucionario. Pero a situación do inimigo agora era ben distinta. A forza do partido proletario estaba na rúa, a dos pequenoburgueses estaba no mesmo Parlamento. Tratábase, xa que logo, de atraelos da Asemblea Nacional para que saíran á rúa e de que eles mesmos destruíran a súa forza parlamentaria antes de que o tempo e a ocasión lla puidesen consolidar. A Montaña correu presta cara á trampa, a renda solta.

O cebo que lle botaron foi o bombardeo de Roma polas tropas francesas. Esta acción violaba o artigo V da Constitución, que lle prohibe á República Francesa empregar as súas forzas militares contra as liberdades doutro pobo. Ademais, o artigo 54 prohibía toda declaración de guerra polo poder executivo sen a aprobación expresa da Asemblea Nacional. A propia Constituínte, co seu acordo do 8 de maio, desautorizara a expedición a Roma. Sobre a base destas razóns Ledru-Rollin presentou o 11 de xuño de 1849 unha acta de acusación contra Bonaparte e os seus ministros. Irritado polas picaduras de avespa de Thiers, deixouse arrastrar ata o extremo da ameaza de que estaban dispostos a defender a Constitución por todos os medios, mesmo coas armas na man. A Montaña ergueuse coma un só home e repetiu esa chamada ás armas. O 12 de xuño, a Asemblea Nacional desbotou a acta de acusación e a Montaña abandonou o parlamento. Os acontecementos do 13 de xuño son ben coñecidos: a proclamación dunha parte da Montaña pola que Bonaparte e os seus ministros son declarados «fóra da Constitución». A manifestación polas rúas

dos membros demócratas da Garda Nacional, que, ao iren desarmados, espalláronse a fume de carozo cando se atoparon fronte ás tropas de Changarnier, etc., etc. Unha parte da Montaña fuxiu ao estranxeiro, outra foi enviada ao alto tribunal de Bourges, e un regulamento parlamentario someteu os restantes á vixilancia de mestre de escola do presidente da Asemblea Nacional. París foi posto de novo baixo o estado de sitio, e a parte democrática da Garda Nacional foi disolta. Quebrábase así a influencia da Montaña no parlamento e o poder dos pequenos burgueses en París. Tamén en Lyon, onde o 13 de xuño se deu o sinal para un alzamento obreiro, declarouse o estado de sitio que se fixo extensivo aos cinco departamentos da súa contorna, o e que se mantén ata o día de hoxe.

O groso da Montaña deixara na estacada a súa vangarda porque se negara a asinar aquela proclamación. A prensa desertara; só dous xornais ousaron publicar o pronunciamento. Os pequenos burgueses traizoaron os seus representantes ao se ausentaren os Gardas Nacionais ou, alí onde fixeron acto de presenza, impediron a construción de barricadas. Os representantes tomáranlle o pelo aos pequenos burgueses, pois os supostos aliados no exército non apareceron por ningures. Finalmente, en vez de obter un suplemento de forza do proletariado, o partido democrático contaxiárao coa súa propia debilidade e, como adoita pasar coas fazañas democráticas, os xefes tiveron a satisfacción de poderen acusar o seu «pobo» de deserción, e o pobo de acusar de engano os seus desleigados xefes.

Rara vez se anunciara unha acción con máis rebumbio que a inminente campaña da Montaña. Poucas veces fora proclamado ao son das trompetas un acontecemento con máis seguridade e con máis anticipación que o inevitable triunfo da democracia. Certamente, os demócratas cren nas trompetas: os seus toques derribaran as murallas de Xericó. E sempre que se enfrontan coas murallas do despotismo tratan de repetir o milagre. Se a Montaña quería vencer no parlamento, non debía chamar ás armas. E, se

chamaba ás armas no parlamento, non debía comportarse nas rúas ao estilo parlamentario. Se ben a manifestación pacífica era un proxecto serio, foi unha lixeireza non prever que ía ser recibida belicosamente. Se se proxectaba unha loita aberta, foi unha idea ben peregrina a de depoñer as armas cas que se tería que librar. Mais as ameazas revolucionarias dos pequenos burgueses e dos seus representantes democráticos son, as máis das veces, simples intentos de intimidación do adversario. E cando se ven metidos nunha rúa sen saída, cando xa se tiñan comprometido dabondo como para se veren obrigados a executar as súas ameazas, fano dun xeito equívoco, esquivando sobre todo os medios que levan ao fin e axexando todos os pretextos posibles para sucumbiren. En canto hai que abrir o fogo, a estrepitosa obertura que anuncia o combate desfaise nun pusilánime murmurio, os actores deixan de tomar o seu papel en serio e a acción derrúbase baleirada coma un balón cheo de aire que alguén pica cunha navalla.

Ningún partido esaxera máis para si mesmo os seus recursos co partido democrático, ningún se engana con máis lixeireza sobre a situación política. Cando unha parte do exército votou ao seu favor, a Montaña estaba convencida de que tamén o exército se sublevaría con ela. E con que motivo? Por un motivo que desde o punto de vista das tropas non tiña o máis mínimo sentido: que os revolucionarios tomaran partido, na campaña de Roma, a prol dos soldados italianos en Roma, contra os soldados franceses. Por outra parte, os recordos de xuño de 1848 aínda estaban frescos de máis como para non sentir o proletariado unha aversión profunda contra a Garda Nacional, e os xefes das sociedades secretas unha desconfianza total contra os mandos demócratas. Para compensar estas diferenzas era preciso que estiveran en xogo grandes intereses comúns. A violación dun artigo abstracto da Constitución non podía proporcionar este interese. Non fora acaso xa violada a Constitución repetidas veces, como dicían os mesmos demócratas? Non a estigmatizaran xa os xornais máis populares coma un amaño contrarrevolucionario? Mais o demó-

crata, como representa a pequena burguesía, é dicir unha *clase de transición,* na que os intereses de dúas clases se neutralizan un ao outro, pensa estar por riba do antagonismo das clases en xeral. Os demócratas recoñecen que teñen fronte a si unha clase privilexiada, pero que eles, con todo o resto da nación que os rodea, forman o *pobo*. O que eles representan é, pois, o *dereito do pobo*; o que lles interesa a eles é o *interese do pobo.* Por iso, cando se prepara unha loita non precisan comprobar os intereses e posicións das distintas clases. Non necesitan ponderar con excesiva precisión os seus propios medios. Só teñen que dar o sinal para que o *pobo*, con todos os seus inesgotables recursos, caia de xeito masivo sobre os *opresores.* E se, ao poñeren en práctica a cousa, os seus intereses resultan non interesar e o seu poder resulta pura impotencia, a culpa téñena quer os sofistas perniciosos, que escinden o *pobo indivisible* en varios campos inimigos, quer o exército, excesivamente embrutecido e cegado para ver nos fins puros da democracia o mellor para a institución armada. Ou ben, finalmente, fallou todo por un mero erro de detalle na execución ou xurdiu unha casualidade imprevista, que malogrou infelizmente a partida por esta vez. En todo caso, o demócrata sae da derrota máis ignominiosa tan inmaculado como inocente entrou nela, coa convicción reafirmada de quen ten necesariamente que vencer, e non de que el mesmo e o seu partido teñen que abandonar a súa vella posición. Pola contra, ao seu ver, son as condicións as que teñen que madurar para se acomodaren a el.

Xa que logo, non temos que pensar que unha Montaña decimada, esnazquizada e humillada polo novo regulamento do Parlamento estea nunha situación desesperada. Se o 13 de xuño eliminara os seus xefes, por outra banda failles sitio a talentos de segundo nivel, ós que esta nova posición atraía. Se por un lado, a súa fraqueza no parlamento era innegable, por outro pasou a limitar as súas intervencións a meras exhibicións de indignación moral e a declamacións afervoadas. Que o Partido da Orde aparentase ver neles, como derradeiros representantes oficiais da

revolución, todos os horrores da anarquía, permitíalles na práctica actuar con maior trivialidade e modestia. Polo que se refire ao 13 de xuño consolábanse con esta profunda reviravolta retórica: «Pero se ousan tocar o sufraxio universal, ai deles! Ímoslle deixar claro quen somos nós! *Xa veremos*!» (*Nous verrons*).

Polo que se refire aos «montañeses» fuxidos ó estranxeiro, abonda con dicir que Ledru-Rollin, comprobando como fora quen de arruinar sen remedio, en menos de dúas semanas, o poderoso partido que capitaneaba, creuse chamado a formar un goberno francés *in partibus*. A súa figura parecía gañar en talle coa distancia, afastada do terreo da acción, e na medida en que o nivel da revolución baixaba e as grandes figuras oficiais se ían volvendo ananas. Mesmo conseguiu figurar como pretendente republicano para 1852 e remitiu circulares periódicas aos valacos e a outros pobos, nas que se ameaza os déspotas de Europa coas súas accións e as dos seus aliados. Acaso estaba completamente errado Proudhon, cando lles berrou a estes suxeitos: «Vostedes non son máis que uns fanfurriñeiros!».

O 13 de xuño o Partido da Orde non só quebrara a Montaña senón que impuxera *o sometemento da Constitución aos acordos da maioría da Asemblea Nacional*. E así entendía este partido a república: que a burguesía goberna con formas parlamentarias, sen encontrar un valado no poder de veto do poder executivo ou no dereito de disolver o parlamento, coma na monarquía. Esta era a famosa *república parlamentaria*, como a chamaba Thiers. Mais, cando o 13 de xuño a burguesía asegurou a súa omnipotencia no seo do Parlamento, acaso non condenaba a este a unha debilidade incurable fronte ao poder executivo e ao pobo, o rexeitar a parte máis popular da Asemblea? Ao entregar sen máis cerimonias numerosos deputados á requisición dos tribunais, anulaba de feito a súa propia inmunidade. O humillante regulamento que lle impuxo á Montaña elevaba o rango do presidente da República na mesma proporción na que rebaixaba o de cada un dos representantes do pobo. Ao

estigmatizar a insurrección en defensa do réxime constitucional como un movemento anárquico encamiñado a subverter a sociedade, a burguesía cortábase a si mesma o camiño da chamada á insurrección no momento en que o poder executivo violase a Constitución contra ela. E a ironía da historia quixo que o 2 de decembro de 1851, o xeneral que bombardeou Roma por orde de Bonaparte, dando orixe ao motín constitucional do 13 de xuño —o xeneral Oudinot—, tería que ser proposto polo Partido da Orde ao pobo, en ton implorante pero en van, como o xeneral da Constitución fronte a Bonaparte. Outro heroe do 13 de xuño, Vieyra, que desde a tribuna da Asemblea Nacional colleitara louvanzas sen conto polas atrocidades cometidas por el nos locais de xornais democráticos, á cabeza dunha banda de gardas nacionais pertencentes ás altas finanzas, este mesmo Vieyra estaba no segredo da conspiración de Bonaparte e contribuíu decisivamente a cortarlle á Asemblea Nacional, nas súas horas de agonía, toda axuda de parte da Garda Nacional.

O 13 de xuño tiña aínda outro significado. A Montaña quixera conseguir que Bonaparte fose entregado aos tribunais. A súa derrota era por tanto unha vitoria directa de Bonaparte, o seu triunfo persoal sobre os seus inimigos demócratas. O Partido da Orde pelexara e conseguira esta vitoria e Bonaparte non tiña que facer máis que gardala no peto. Así o fixo. O 14 de xuño puido lerse unha proclama nos muros de París, na que o presidente, como se fose sen a súa participación, resistíndose e obrigado pola pura forza dos acontecementos, sae do seu refuxio claustral, quéixase, como a virtude ofendida, das calumnias dos seus adversarios e, cando parecía identificar a súa persoa coa causa da orde, identifica máis ben a causa da orde coa súa persoa. Por outra banda, a Asemblea Nacional aprobara *a posteriori* a expedición contra Roma, baixo a iniciativa de Bonaparte. Despois de repoñer no Vaticano o gran sacerdote Samuel, podía esperar entrar nas Tullerías como o rei David. Deste xeito, gañárase, de vez, aos cregos.

O motín do 13 de xuño limitárase, como xa vimos, a unha pacífica manifestación polas rúas. Contra el non se podían gañar loureiros militares. Non obstante, naquela época tan pobre en heroes e en acontecementos, o Partido da Orde converteu esta batalla incruenta nun segundo Austerlitz. Os tribunos e a prensa enxalzaron o exército como poder da orde contra as masas populares, presentadas como a impotencia da anarquía, e a Changarnier como o «baluarte da sociedade». Unha mistificación na que el mesmo acabou crendo. Pero, baixo corda, foron desprazados de París os corpos de exército que parecían dubidosos, de Francia a Alxeria; as cabezas inquedas entre as tropas foron destinadas a unidades de castigo e, finalmente, foi sistematicamente executado o pechamento dos cuarteis contra a prensa e o seu illamento da sociedade civil.

Acadamos aquí a viraxe crítica e decisiva na historia da Garda Nacional francesa. En 1830 a Garda decidira a caída da Restauración. Baixo Luís Filipe fracasaran todos os motíns nos que a Garda estivo ao lado das tropas. Cando nos días de febreiro de 1848 se mantivo en actitude pasiva de fronte á insurrección e equívoca fronte a Luís Filipe, este deuse por perdido, e tal foi o que aconteceu. Así foi arraigando a convicción de que a revolución non podía triunfar *sen* a Garda Nacional nin o exército *contra* ela. Era a fe supersticiosa do exército na omnipotencia civil. Os días de xuño de 1848 nos que a Garda Nacional ao completo, canda as tropas regulares, botou abaixo a insurrección, consolidaran aquela crenza. Despois da entrada de Napoleón na presidencia a posición da Garda Nacional descendeu en certa medida pola súa fusión anticonstitucional do seu mando co mando da primeira división militar na persoa de Changarnier.

Así como o mando da Garda Nacional aparecía aquí como un atributo do alto mando militar, a Garda Nacional deviña un apéndice das tropas regulares. Finalmente, o 13 de xuño foi tronzada. E non só pola súa disolución parcial, que desde aquel momento se repetiu periodicamente en todos os puntos de Francia e só

deixou en pe as ruínas da vella Garda Nacional. A manifestación do 13 de xuño foi, sobre todo, unha manifestación dos gardas nacionais democráticos. Os gardas non enfrontaran o exército con armas senón cos seus uniformes, mais precisamente nestes uniformes estaba o talismán. O exército convenceuse de que aquel prestixioso uniforme era un trapo tecido de la, coma outro calquera. O encanto esvaeuse. Nas xornadas de xuño de 1848 a burguesía e a pequena burguesía estaban unidas, en calidade de Garda Nacional, contra o proletariado; o 13 de xuño de 1849 a burguesía fixo dispersar polo exército a Garda Nacional pequenoburguesa; o 2 de decembro de 1851 desaparecera a Garda Nacional da mesma burguesía e Bonaparte limitouse a constatar este feito ao asinar, despois de se producir, o seu decreto de disolución. Así rompeu a mesma burguesía a súa derradeira arma contra o exército, malia non ter máis alternativa que rompela desde o momento mesmo en que a pequena burguesía xa non estaba como vasalo atrás dela, senón como rebelde diante dela. Como tamén tivo que destruír cas súas propias mans, dende o momento en que ela mesma se fixo absolutista, todos os seus medios de defensa contra o absolutismo.

Namentres, o Partido da Orde celebraba a reconquista dun poder, que en 1848 só parecía perdido, para volvelo encontrar en 1849 libre das súas trabas, con invectivas contra a república e a Constitución, maldicindo todas as revolucións futuras, presentes e pasadas, incluíndo as que fixeran os seus propios dirixentes, e con leis que amordazaban a prensa, destruían a liberdade de asociación e regulaban o estado de sitio como institución orgánica e cotiá. Despois, a Asemblea Nacional suspendeu a súa actividade desde mediados de agosto ata mediados de outubro, nomeando previamente unha comisión permanente para o lapso da súa ausencia. Durante estas vacacións os lexitimistas intrigaron con Ems e os orleanistas con Claremont; Bonaparte realizou viaxes populares principescas por toda Francia e os consellos departamentais multiplicaron as reunións sobre a revisión da

Constitución. Casos que se repiten regularmente no curso das vacacións periódicas da Asemblea Nacional e que tratarei en canto se convertan en acontecementos. Unha última observación: a Asemblea Nacional actuou impoliticamente cando desapareceu da escena durante longos intervalos de tempo e permitiu que sobre o escenario político só se vise *unha* figura, aínda que lamentable: a de Luís Bonaparte. Mentres, o Partido da Orde, para escándalo público, se descompoñía nos seus integrantes realistas e se entregaba aos seus enfrontados apetitos de restauración. En canto enmudecía no curso desas vacacións o ruído enxordecedor do Parlamento, e o seu corpo se disolvía na nación, a ninguén lle podía pasar desapercibido que faltaba *unha cousa* para completar a verdadeira imaxe desta república: facer dunha vez permanentes as súas vacacións e substituír o seu célebre lema de: *Liberté, égalité, fraternité*, por estas palabras inequívocas: *Infanterie, cavalerie, artillerie!*

IV

A mediados de outubro de 1849 reiniciou as súas sesións a Asemblea Nacional. O 1 de novembro Bonaparte sorprendeuna cunha mensaxe na que anunciaba a destitución do goberno Barrot-Falloux e a formación dun novo ministerio. Nunca foron botados do posto lacaios con menos cerimonias que as que Bonaparte practicou cos seus ministros. As couces destinadas á Asemblea Nacional recibíanas, polo momento, Barrot e compañía.

O goberno Barrot estaba composto, como vimos, por lexitimistas e orleanistas, un cabal ministerio do Partido da Orde. Bonaparte necesitárao para disolver a Constituínte republicana, poñer en obra a expedición contra Roma e romper o partido democrático. El mesmo eclipsárase aparentemente detrás deste ministerio, deixara o poder nas mans do Partido da Orde e puxera a careta de modestia que baixo Luís Filipe levaba o xerente responsable da prensa, a máscara dos homes de palla. Agora tirou a máscara, que xa non era a lixeira cortina detrás da

que el podía agachar a súa fisionomía, senón a máscara de ferro que lle impedía mostrar unha fisionomía propia. Empregara o ministerio Barrot para rebentar, no nome do Partido da Orde, a Asemblea Nacional republicana; destituírao para declarar o seu propio poder independente da Asemblea Nacional do Partido da Orde.

Non faltaban escusas plausibles para esta destitución. O ministerio Barrot descoidaba mesmo as formas de decoro que poderían ter feito aparecer o presidente da república coma un poder a carón da Asemblea Nacional. Durante as vacacións parlamentarias, Bonaparte publicou unha carta dirixida a Edgar Ney na que parecía desaprobar a actuación liberal do papa. Tamén publicara, en oposición á Constituínte, unha carta na que louvaba a Oudinot polo seu ataque contra a república romana. E agora, cando se votaba na Asemblea Nacional o orzamento da expedición a Roma, Víctor Hugo, desde un suposto liberalismo, sacou á discusión o tema desta carta. O partido da Orde afogou a ocorrencia, entre exclamacións incrédulas, coma se as ocorrencias de Bonaparte non tiveran relevo algún. Ningún ministro recolleu a luva no seu favor. Noutra ocasión, Barrot, co seu coñecido patetismo baleiro, deixou caer desde a tribuna palabras de indignación contra as «abominables manobras» nas que, segundo o seu testemuño, estaban envoltas persoas moi próximas ao presidente. Finalmente, por se fora pouco, o ministerio, mentres lograba que a Asemblea Nacional lle acordase unha xenerosa renda de viuvez á condesa de Orleáns, rexeitaba unha tras outra todas as propostas de aumento da lista civil da presidencia. E en Bonaparte o pretendente imperial fundíase tan intimamente co cabaleiro de fortuna arruinado, que unha grandiosa idea, a de que tiña a misión de restaurar o Imperio, sempre se completaba con outra, non menos grande: a de que o pobo francés estaba chamado a saldar as súas débedas persoais.

O ministerio Barrot-Falloux foi o primeiro e derradeiro *goberno parlamentario* que creou Bonaparte. Por iso, a súa destitución

marca un cambio decisivo. Con el o Partido da Orde perdeu, para non o reconquistar nunca máis, un posto indispensable de cara á consolidación do réxime parlamentario, o soporte do poder executivo. Compréndese inmediatamente que nun país como Francia, no que o poder executivo dispón dun exército de funcionarios de máis de medio millón de individuos e, xa que logo, ten constantemente baixo a súa dependencia máis incondicional unha morea inmensa de intereses e existencias; onde o Estado ten atada, controlada, regulada, vixiada e tutelada á sociedade civil, desde as súas manifestacións máis xerais de vida ata as súas emocións máis insignificantes, desde as modalidades mais xenéricas de existencia ata a vida máis privada dos individuos; onde este corpo parasitario logra, a través dunha centralización extraordinaria, unha ubicuidade, unha omnisciencia, unha acelerada capacidade de movemento, unha elasticidade que só encontran o seu análogo na máis desamparada dependencia, na caótica confusión do verdadeiro corpo social... compréndese, diciamos, que nun país así a Asemblea Nacional, ao perder a disposición sobre os postos ministeriais perdía toda influencia real se ao mesmo tempo non simplificaba a Administración do Estado, non reducía na medida do posible o exército de funcionarios e, finalmente, non deixaba que a sociedade burguesa e a opinión pública creasen os seus propios órganos independentes do poder do goberno. Porén, o *interese material* da burguesía francesa está intimamente entretecido co mantemento daquela ampla e ramificada maquinaria estatal. Nela coloca á súa poboación sobrante e incrementa en forma de soldos do Estado o que non pode acadar en forma de beneficios, intereses, rendas e honorarios. Por outra banda, o seu *interese político* forzouna a multiplicar a represión, é dicir a aumentar diariamente os medios e o persoal do aparato do poder do Estado, ao tempo que tiña que manter unha guerra permanente contra a opinión pública e contra os elementos dinámicos e independentes da sociedade, alí onde non lograba amputalos por completo. Xa que logo, a burguesía víase obrigada pola súa situación de clase,

por unha parte, a destruír as condicións de existencia do poder parlamentario incluído o seu propio poder e, por outra, a facer irresistible o poder executivo que lle era adverso.

O novo goberno chamábase o ministerio d'Hautpoul, non porque o xeneral d'Hautpoul obtivese o rango de presidente do consello. Con Barrot, Bonaparte suprimira tamén esta dignidade que, por certo, condenaba o presidente da república á nulidade dun mero rei constitucional, aínda que dun rei constitucional sen trono e sen coroa, sen cetro e sen espada, sen o poderoso atributo da inmunidade, sen a posesión imprescritible da máis alta dignidade do Estado e, o que resultaba máis fatal de todo, sen lista civil. O ministerio d'Hautpoul só tiña un home de sona parlamentaria, o prestamista *Fould*, un dos membros das altas finanzas con peor sona. Tocoulle en sorte a carteira de Facenda. Consúltense as cotizacións da Bolsa de París e verase que, desde o primeiro de novembro de 1849, os fondos franceses soben e baixan coas subas e baixadas das accións bonapartistas. Mentres Napoleón encontraba un aliado coma este na bolsa, apoderouse ao mesmo tempo da policía co nomeamento de Carlier como prefecto de policía de París.

Así e todo, as consecuencias do cambio de ministros só se podían manifestar conforme as cousas ían cambiando. Inicialmente só dera un paso adiante para logo ter que recuar con claridade aínda maior. A súa aceda mensaxe foi seguida pola máis servil declaración de sometemento á Asemblea Nacional. Cando os ministros ousaban facer un tímido intento de presentar os seus caprichos persoais como proxectos de lei, eles mesmos parecían verse obrigados a cumpriren contra a súa vontade unha sorte de mandato grotesco, do que estaban convencidos de antemán que remataría en fracaso. Cada vez que Bonaparte, ás costas dos seus ministros, soltaba a lingua revelando as súas ambiciosas intencións e xogando coas súas *idées napoléoniennes*, os seus propios ministros desautorizábano desde o alto da tribuna da Asemblea Nacional. Era como se seus apetitos usurpadores se

fixesen sonoros para non cesaren as risadas malignas dos seus adversarios. Comportábase coma un xenio ignorado ao que todo o mundo ten por parvo. Nunca tan claramente foi obxecto do desprezo de todas as clases coma neste período; nunca a burguesía dominou máis incondicionalmente, nunca, tampouco, fixo unha exhibición máis xactanciosa dos sinais da súa dominación.

Non me propoño escribir aquí a historia da súa actividade lexislativa, que durante este período se resume en dúas leis: a lei que reintroducía o *imposto sobre o viño* e a *lei do ensino*, que suprimía a incredulidade relixiosa. Se, por unha parte, se lles poñía máis difícil aos franceses beberen viño, a cambio ofrecíaselles con máis abundancia o don da auga da vida eterna. Se mediante a lei sobre o imposto do viño a burguesía declaraba intanxible o odioso sistema fiscal francés, coa lei do ensino trataba de asegurar o vello estado de ánimo das masas, que permitía soportalo. Un asombrábase vendo os orleanistas, a burguesía liberal, os vellos apóstolos do volterianismo e da filosofía ecléctica confiándolles aos seus inimigos hereditarios, os xesuítas, a administración do espírito francés. Pero orleanistas e lexitimistas, malia discreparen no que se refería ao pretendente da Coroa, tiñan claro que a súa dominación conxunta esixía unir os medios de opresión de dúas épocas, e que os medios de opresión da monarquía de xullo tiñan que completarse e fortalecerse cos medios de sometemento da Restauración.

Os labregos, defraudados en todas as súas esperanzas, máis oprimidos ca nunca, dunha parte, polos baixos prezos dos cereais e pola outra pola carga das contribucións e polas débedas hipotecarias, cada día maiores, empezaron a axitarse nos departamentos. Contestóuselles cunha persecución encarnizada dos mestres de escola, dos cregos, mesmo dos alcaldes que foron subordinados aos prefectos, e cun sistema de espionaxe ao que foron sometidos todos. En París e nas grandes cidades a reacción mesma presenta a fisionomía da súa época e provoca máis do que reprime en realidade. No campo, pola contra, faise

baixa, vulgar, mesquiña, abafante, vexatoria; nunha palabra: o xendarme. Compréndese ata que punto tres anos de réxime do xendarme, bendicido polo réxime do crego, tiñan que desmoralizar as masas incultas.

Por máis grande que fose a suma de paixón e declamación que o Partido da Orde empregou desde a tribuna da Asemblea Nacional contra a minoría, o seu discurso era monosilábico como o do cristián co seu obrigado «si, si, non, non». Monosílabos desde o alto da tribuna e monosílabos na prensa. Case coma unha adiviña da que se coñece a solución de antemán. Que se tratase do dereito de petición ou de impostos sobre o viño, da liberdade da prensa ou do libre mercado, dos clubs ou do regulamento municipal, da protección da liberdade persoal ou da regulación do orzamento do Estado, a consigna repítese sempre, o tema é sempre o mesmo, o fallo está sempre preparado de antemán e reza invariablemente: *socialismo*! Mesmo o liberalismo burgués preséntase como socialismo, como socialista a Ilustración burguesa, como socialista a reforma financeira burguesa. Era socialista construír un ferrocarril onde xa existía un canal e era socialista defenderse cun fungueiro cando un era agredido cun sabre.

Isto non era pura retórica, moda ou táctica de partido. A burguesía tiña a conciencia correcta de que todas as armas que forxara contra o feudalismo se volvían contra ela mesma, de que todos os medios de cultura que creara se rebelaban contra a súa propia civilización, de que todos os deuses que creara a tiñan, naquela altura, abandonado. Comprendía que todas as chamadas liberdades civís e órganos de progreso atacaban e ameazaban a súa *dominación de clase* ao mesmo tempo na base social e nos cumios da política, é dicir: volvéranse «socialistas». Nesta ameaza e neste ataque a burguesía vía con razón o segredo do socialismo, do cal entendía o sentido e a finalidade con máis precisión coa que se sabe xulgar a si mesmo o chamado «socialismo». Por iso, este último non pode comprender como a bur-

guesía se pecha obstinadamente contra el, tanto se xeme emocionado sobre os sufrimentos da humanidade, como se anuncia ao xeito cristián o reino milenario e a fraternidade universal, ou cando chochea de xeito humanista falando de espírito, cultura, liberdade, ou elabora doutrinalmente un sistema de conciliación e benestar de todas as clases da sociedade moderna. O que a burguesía non concibía era a consecuencia de que o *seu propio réxime parlamentario*, de que a súa *dominación política* en xeral tiña que caer tamén agora, baixo a sentenza de condenación xeral, alcumada de «socialista». Mentres a dominación da clase burguesa non se organizase completamente, non adquirise a súa pura expresión política, tampouco o antagonismo das outras clases se podía manifestar claramente. E alí onde se manifestase non podía coller o xiro perigoso que fai de toda loita contra o poder do Estado unha loita contra o capital. Cando en cada sinal de vida da sociedade vía unha ameaza para a «tranquilidade», como podía porfiar por manter á cabeza da sociedade o *réxime da intranquilidade*, o seu propio réxime, o *réxime parlamentario*, aquel réxime que, segundo a expresión dun dos seus oradores, vive da loita e para a loita? O réxime parlamentario vive da discusión: como vai prohibir que se discuta? Todo interese, toda institución social é transformada aquí en ideas xerais, ventílanse baixo a forma de ideas: de que maneira, entón, un interese, unha institución, se van situar sobre o pensamento e impoñerse como un artigo de fe? A loita dos oradores na tribuna provoca as loitas dos plumíferos da prensa, o club de debates do Parlamento compleméntase necesariamente cos clubs de debate nos salóns e nas tabernas. Os representantes que apelan continuamente á opinión do pobo, facilitan ao propio pobo expresar en forma de demandas o seu verdadeiro parecer. O réxime parlamentario confíao todo ás decisións das maiorías; como non van querer decidir as grandes maiorías de fóra do Parlamento? Cando tocades o violín no cumio do Estado, que outra cousa esperades se non que os de embaixo bailen?

Xa que logo, cando a burguesía anatematiza por *socialista* o que antes louvaba por *liberal*, recoñece que o seu propio interese lle ordena evitar o perigo do seu propio *autogoberno*, que para impoñer a tranquilidade no país ten ante todo que impoñerlla ao seu parlamento burgués, e que para manter intacto o seu poder social ten que prescindir do seu poder político; que os individuos burgueses só poden seguir explotando as outras clases e gozando tranquilamente da súa propiedade, da súa familia, da relixión e da orde baixo a condición de que a súa clase sexa condenada, xunto coas demais clases sociais, á mesma nulidade política; que, para salvar a súa bolsa ten que renunciar á Coroa, e que a espada que a debía protexer como clase ten que ser pendurada agora, como a espada de Damocles, sobre a súa cabeza.

No terreo dos intereses xerais da cidadanía, a Asemblea Nacional amosouse tan estéril, que, por exemplo, os debates sobre o ferrocarril París-Aviñón, que se iniciaran en 1850, aínda estaban lonxe de concluírse o 2 de decembro de 1851. Cando non se trataba de opresión ou de reacción, estaba irremediablemente sentenciada a unha esterilidade incurable.

Mentres o ministerio de Bonaparte tomaba a iniciativa de leis no espírito do Partido da Orde, excedéndose aínda máis na súa severidade á hora de executalas e aplicalas, o propio Bonaparte intentaba gañar popularidade con propostas puerís e necias, exhibir o seu antagonismo coa Asemblea Nacional e insinuar o plan secreto de abrir ao pobo francés os seus tesouros ocultos, plan que, infelizmente, só as circunstancias impedían transitoriamente executar. Velaí, por exemplo, a proposta de decretar un aumento diario de catro *sous* no soldo dos suboficiais, ou a proposta de crear un banco de créditos de honra para os traballadores. Diñeiro regalado e diñeiro fiado, tal era a perspectiva coa que quería engaiolar á xente. Regalar e dar prestado, a isto reducíase a ciencia financeira do lumpenproletariado, tanto o do distinguido coma o do común. Nisto resumíanse os resortes que

Bonaparte era quen de mobilizar. Nunca un presidente especulou máis vulgarmente coa vulgaridade das masas.

A Asemblea Nacional acendeuse en moitas ocasións en cólera ante estes intentos manifestos de gañar popularidade á súa costa, ante o risco crecente de que este aventureiro, ao que as débedas estimulaban e ao que non detiña ningunha perda de reputación posible, tentase un golpe desesperado. As desavinzas entre o Partido da Orde e o presidente tiñan acadado xa un carácter ameazador cando un acontecemento inesperado botou a este, arrepentido, unha vez máis nos brazos daquel. Referímonos ás *eleccións parciais do 10 de marzo de 1850*. Estas eleccións celebráronse para cubrir os postos de representantes que estaban vacantes por encarceramentos ou exilio desde o 13 de xuño. París elixiu exclusivamente candidatos socialdemócratas e mesmo concentrou a maior parte dos votos nun insurrecto de xuño de 1848, De Flotte. Deste xeito vingábase a pequena burguesía parisina, aliada co proletariado, da súa derrota do 13 de xuño de 1849. Semellaba que no momento do perigo só desaparecese do campo de batalla para volvelo pisar, ao se presentar a ocasión propicia, cunha masa maior de forzas de combate baixo unha consigna de guerra aínda máis ousada. Unha circunstancia parecía acrecentar o perigo deste triunfo electoral. O exército votou en París a favor dos insurxentes de xuño e contra La Hitte, ministro de Bonaparte e nos departamentos votou en gran parte polos «montañeses», que tamén alí superaron os seus rivais, aínda que non tan claramente coma en París.

Bonaparte viuse de pronto unha vez máis enfrontado á revolución. Coma o 29 de xaneiro de 1849 e o 13 de xuño de 1849, desapareceu o 10 de marzo, agachado detrás do Partido da Orde. Inclinouse, pediu perdón, ofreceuse a nomear calquera goberno que decidise a Asemblea Nacional, mesmo lles suplicou aos xefes de partido dos orleanistas e dos lexitimistas, Thiers, Berryer, Broglie, Molé, nunha palabra, aos chamados *burgraves*, empuñaren coas súas propias mans o leme do Estado. O

Partido da Orde non soubo aproveitar este momento único. No canto de facerse con audacia co poder que se lle ofrecía, nin sequera obrigou a Bonaparte a repoñer o ministerio destituído o 1 de novembro. Deuse por satisfeito con humillalo por medio do perdón e con incorporar ao ministerio d'Hautpoul ao señor *Baroche*. Este Baroche, como acusador público, vomitara furia no seu día, primeiro contra os revolucionarios do 15 de maio e despois contra os demócratas do 13 de xuño, ante os xulgados de Bourges, ambas as dúas veces por atentado contra a Asemblea Nacional. Ningún dos ministros de Bonaparte contribuiría máis a desprestixiar a Asemblea Nacional e despois do 2 de decembro de 1851 volvémolo atopar, ben instalado e ben remunerado, como vicepresidente do Senado. Cuspíralles na sopa aos revolucionarios para que despois a comese Bonaparte.

Pola súa banda, o partido socialdemócrata só parecía estar ao axexo de fútiles pretextos para poñer en dúbida a súa propia vitoria e gafala de vez. Un dos recentemente elixidos representantes de París, un tal Vidal, fora ao mesmo tempo elixido en Estrasburgo. Convencérono de rexeitar a acta de París e decidirse pola de Estrasburgo. Deste xeito, en vez de darlle á súa vitoria no terreo electoral un carácter definitivo, forzando así o Partido da Orde a discutirlla inmediatamente no Parlamento, en vez de forzar así o adversario á loita no momento de maior entusiasmo popular e aproveitando o estado de espírito favorable do exército, o partido democrático aburriu a París ao longo dos meses de marzo e de abril cunha nova campaña de axitación electoral. Permitiu así que as paixóns populares excitadas se extenuasen neste reiterado xogo de contenda electoral, que a enerxía revolucionaria se fartase de pequenas intrigas, de declamacións e movementos baleiros, que a burguesía se unise e tomase as súas medidas e, finalmente, que a significación das eleccións de marzo atopase na elección parcial de abril, coa elección de Eugène Sue, un atenuante comentario sentimental. Nunha palabra, gastoulle ó 10 de marzo unha broma do 1 abril.

A maioría parlamentaria decatouse da debilidade do seu adversario. Os seus 17 burgraves —aos que Bonaparte entregara a dirección e a responsabilidade do ataque— elaboraron unha nova lei electoral. Ao Sr. Faucher, que solicitara para si ese honor, confióuselle a elaboración do proxecto. O 8 de maio presentou a lei, pola que se abolía o dereito de sufraxio universal e impoñía ao elector a condición dunha residencia mínima de tres anos no lugar do voto e, finalmente, aos traballadores facíaselles depender a proba deste domicilio do testemuño do seu patrón.

Os demócratas, que durante a loita electoral constitucional se axitaran nun ambiente de excitación revolucionaria, predicaban agora, no canto de probar coas armas na man a seriedade dos seus éxitos electorais, a orde, a calma maxestosa, o respecto da lei, ou sexa a submisión mais cega á vontade da contrarrevolución, que se impoñía con fachenda como única lei. No curso do debate a Montaña avergoñou o Partido da Orde, facendo valer contra o seu apaixonamento revolucionario a actitude desapaixonada do home de ben, que se mantén no terreo da legalidade, fulminándoo co espantoso reproche de que o seu comportamento era revolucionario. Mesmo os deputados acabados de elixir trataban de demostrar, coa súa actitude correcta e reflexiva, o ignorantes que eran os que os difamaban como anarquistas, ó tempo que interpretaban a súa elección coma unha vitoria da revolución. O 31 de maio a nova lei foi aprobada. A Montaña conformouse con meterlle de contrabando no peto ó presidente un escrito de protesta. A lei electoral foi seguida por unha nova lei de prensa, pola que toda a prensa diaria revolucionaria foi suprimida. Merecera, sen dúbida, o seu destino. *Le National* e *La Presee*, dous órganos burgueses, quedaron despois deste diluvio como os avanzados máis extremos da revolución.

Vimos máis arriba que os xefes democráticos en marzo e abril fixeron todo o posible para involucrar o pobo de París nun combate ficticio e como, despois do 8 de maio, fixeron todo o que puideron para mantelo a distancia da loita real. Por outro lado,

non debemos esquecer que o ano 1850 foi un dos máis brillantes de prosperidade industrial e comercial, é dicir que o proletariado parisino tiña algún posto de traballo na súa totalidade. Mais a lei electoral do 31 de maio de 1850 excluíao de toda participación no poder político. Illábao mesmo do seu propio campo de loita. Precipitaba de novo os traballadores na situación de parias na que se atopaban antes da revolución de febreiro. Ao deixárense guiar polos demócratas ante un acontecemento coma este e esqueceren o interese revolucionario da súa clase por un benestar momentáneo, renunciaron á honra de ser unha potencia conquistadora, sometéronse ao seu destino e demostraron que a derrota de xuño de 1848 os incapacitara para loitar durante anos e que, polo momento, o proceso histórico aínda tiña que volver pasar *sobre* as súas cabezas. Polo que se refire á democracia pequenoburguesa, que o 13 de xuño berrara: «Ai, se lle tocan ao sufraxio universal! Entón..!», consolábase agora con que o golpe contrarrevolucionario que a alcanzara non fora un golpe e con que a lei do 31 de marzo non era unha lei. No segundo domingo do mes de maio de 1852 comparecerá todo francés na mesa electoral, nunha man a papeleta de voto e na outra a espada. Con esta profecía dábase a si mesmo unha satisfacción. Finalmente, o exército volveu ser castigado polos seus superiores para as eleccións de marzo e abril de 1850, como o fora para as do 29 de maio de 1849. Mais desta vez díxose a si mesmo con decisión: «A revolución non nos vai enganar unha terceira vez!».

A lei de 31 de maio de 1850 era o *golpe de Estado* da burguesía. Todas as súas anteriores vitorias sobre a revolución só tiñan un carácter provisional. Eran postas en dúbida en canto unha Asemblea Nacional se retiraba da escena, dependían da eventualidade dunha nova elección xeral. E a historia das eleccións a partir de 1848 demostraba indiscutiblemente que na mesma proporción na que se desenvolvía o dominio efectivo da burguesía, o seu poderío moral sobre as masas diminuía. O 10 de marzo o sufraxio universal pronunciouse directamente

contra a dominación da burguesía; e a burguesía respondeu coa prohibición do sufraxio universal. Xa que logo, a lei do 31 de maio era unha das necesidades impostas pola loita de clases. Por outra banda, a Constitución esixía, para ser válida a elección do presidente da República, un mínimo de dous millóns de votos. Se ningún dos candidatos acadaba este mínimo, a Asemblea Nacional debía elixir o presidente entre os tres candidatos con máis apoio electoral. No momento no que a Constituínte ditou esta lei, había dez millóns de electores no censo electoral. Ou sexa que a xuízo da Constituínte abondaba cos votos dun quinto do censo para que a elección do presidente fose válida. A lei do 31 de maio suprimiu do censo electoral polo menos tres millóns de electores, reducindo así o número de posibles votantes a sete millóns, mantendo aínda o mínimo legal de dous millóns para a elección do presidente. Xa que logo, elevou o mínimo legal dunha quinta parte a case un terzo do censo; é dicir, fixo todo canto puido para escamotear a elección do presidente das mans do pobo, poñéndolla nas mans á Asemblea Nacional. Parecía así que o partido da Orde coa lei electoral do 31 de maio consolidara dobremente a súa dominación, ao entregar a elección da Asemblea Nacional e a do presidente da República á parte máis estacionaria da sociedade.

V

Unha vez superada a crise revolucionaria e abolirse o sufraxio universal, estourou inmediatamente un novo enfrontamento entre a Asemblea Nacional e Bonaparte. A Constitución fixara a remuneración de Bonaparte en 600.000 francos. Menos dun ano despois conseguiu elevar esta suma o dobre. Odilon Barrot arrincoulle á Asemblea Constituínte un suplemento anual de 600.000 francos para os chamados gastos de representación. Despois do 13 de xuño, Bonaparte manifestara outra demanda similar, pero desta volta Barrot non respondeu. Agora, despois do 31 de maio, o presidente aproveitou inmediatamente a ocasión propicia

e ordenou aos seus ministros solicitaren na Asemblea Nacional unha lista civil de tres millóns. Unha longa e aventureira vida de vagabundo dotárao das antenas máis eficientes para detectar os momentos de fraqueza nos que lles podía sacar os cartos aos seus burgueses. Tratábase dunha chantaxe en toda regra. A Asemblea Nacional deshonrara a soberanía do pobo coa súa axuda e a súa conivencia. El, pola súa parte, ameazou con denunciar o delito da Asemblea ante o tribunal do pobo se aquela non afrouxaba a bolsa e compraba o seu silencio con tres millóns de francos anuais. A Asemblea roubara a tres millóns de franceses o seu dereito de voto. Bonaparte esixía por cada francés politicamente desvalorizado un franco en moeda de curso legal, exactamente tres millóns de francos. El, que fora elixido por seis millóns de votos, esixía unha indemnización polos votos que lle estafaran na súa elección. A comisión da Asemblea Nacional rexeitou semellante descaro. A prensa bonapartista ameazou. Pero acaso podía a Asemblea Nacional romper co presidente da República nun intre no que xa tiña roto de xeito fundamental e definitivo coa masa enteira da nación? A Asemblea rexeitou, iso si, a lista civil anual, pero concedeulle a Napoleón un único suplemento de 2.160.000 francos. Con isto facíase culpable dunha dobre debilidade: conceder o diñeiro deixando ver ao mesmo tempo, coa súa irritación, que o concedía en contra do seu criterio. Veremos máis adiante para que necesitaba Bonaparte este diñeiro. Despois deste molesto epílogo que seguiu case inmediatamente á supresión do sufraxio universal, e no que Bonaparte cambiou a humilde actitude que adoptara durante a crise de marzo e abril por un desafiante cinismo de fronte ao parlamento usurpador, a Asemblea Nacional suspendeu as súas sesións por tres meses, do 11 de agosto ao 11 de novembro, deixando no seu posto unha comisión permanente integrada por 28 membros e na que non había ningún bonapartista anque si algúns republicanos moderados. A comisión permanente do ano 1849 só contara con homes do Partido da Orde e os bonapartistas. Pero

naquela altura o Partido da Orde declarábase permanentemente contrario á revolución. Agora era a república parlamentaria a que se declaraba permanentemente contraria ao presidente. Despois da lei do 31 de maio o Partido da Orde xa non tiña ante si máis rival ca este.

Cando a Asemblea Nacional volveu reunirse en novembro de 1850, parecía que, en vez das súas mesquiñas liortas anteriores co presidente, se fixera inevitable unha gran loita, a vida ou morte, entre ambos os dous poderes. Como sucedera no ano 1849, durante as vacacións de verán daquel ano o Partido da Orde esfarelárase nas súas varias fraccións, cada unha delas ocupada coas súas propias intrigas restauradoras, que se reactivaran despois da morte de Luís Filipe. O pretendente lexitimista Henrique V mesmo nomeara un ministerio formal, con residencia en París, formado por membros da comisión permanente. Isto permitiu que Bonaparte se sentise autorizado para poñerse a facer xiras polos departamentos franceses e deixar ver, discreta ou abertamente, dependendo do ambiente da cidade á que agasallaba coa súa presenza, os seus propios proxectos de restauración, gañando votos para a súa causa persoal. Nesas xiras populares por provincias, que o gran *Moniteur* oficial e os pequenos monitores privados de Bonaparte tiñan que celebrar naturalmente como triunfos, o presidente ía continuamente acompañado por afiliados da *Sociedade do 10 de Decembro*. Esta sociedade data do ano 1849. Baixo o pretexto de crear unha sociedade de beneficencia, o lumpenproletariado de París foi organizado en seccións secretas, cada unha delas dirixida por un axente bonapartista. Á cabeza da organización estaba un xeneral bonapartista. A carón de falcatrueiros arruinados, con equívocos medios de vida e de dubidosa procedencia, a carón de fillos dexenerados da burguesía, ían vagabundos, soldados licenciados, presidiarios liberados, fuxidos de galeras, estafadores, saltimbanquis, *lazzaroni*, carteiristas, rateiros, xogadores, alcaiotes, propietarios de bordeis, mozos de

corda, plumíferos fracasados, organilleiros, trapeiros, afiadores, caldeireiros, mendigos... nunha palabra, toda esa masa informe, difusa, errante que os franceses chaman *la bohème*. Con estes elementos tan afíns a el mesmo, Napoleón formou a cerna da *Sociedade do 10 de Decembro*. «Sociedade de beneficencia», na estrita medida en que todos os seus membros sentían, como Bonaparte, a necesidade de «beneficiarse» a costa da nación traballadora. Este Bonaparte que se erixe en *xefe do lumpen-proletariado*, que só aquí atopa, a escala masiva, os intereses que el mesmo persegue; que neste detrito, refugallo e escoura de todas as clases recoñece a única clase na que se pode apoiar incondicionalmente, é o verdadeiro Bonaparte, o Bonaparte sen adobíos. Vello raposo e descarado ladino, concibe a existencia histórica dos pobos e os grandes actos de goberno e de Estado como una comedia no sentido máis ordinario, como unha mascarada, na que os grandes disfraces, as palabras e os xestos só serven de tapadeira aos intereses máis mesquiños e miserentos. Así pode comprobarse, por exemplo, na súa expedición a Estrasburgo, na que o voitre amestrado suízo representaba o papel da aguia imperial napoleónica. Para a súa incursión en Boulogne embute uns poucos lacaios londinenses dentro de uniformes franceses; eles representan o exército. Na súa Sociedade do 10 de Decembro xuntou 10.000 mortos de fame e purrela do lumpen, que ían representar o pobo, coma Nick Bottom[5] representaba o león. Nun intre no que a mesma burguesía representaba a comedia máis perfecta, pero coa maior seriedade do mundo, sen violar ningunha das pedantescas esixencias da etiqueta dramática francesa, e obrando ela mesma entre enganada e convencida da solemnidade da súa actuación e representación dramática, tiña que vencer forzosamente o aventureiro que tomase a comedia simplemente polo que é: comedia.

5 Nick Bottom: personaxe d'*O soño dunha noite de verán (A Midsummer Night´s Dream)* de William Shakespeare (N. dos T.).

Só despois de eliminar o seu solemne rival, cando el mesmo toma en serio o seu papel como emperador e cre representar coa súa máscara napoleónica o verdadeiro Napoleón, é vítima da súa propia visión do mundo, o bufón serio que xa non toma a historia universal como unha comedia, senón a súa particular comedia pola historia universal. O que para os traballadores socialistas eran os talleres nacionais, o que para os republicanos burgueses eran os *gardes mobiles*[6], iso era para Bonaparte a Sociedade do 10 de Decembro: a súa propia forza de combate, o brazo armado do seu partido. Cando el se desprazaba por Francia, as seccións desta forza, «empaquetadas» no tren, organizan seccións da mesma para improvisar un público, representar o entusiasmo popular, berrar *vive l'Empereur!* e insultar e mallar nos republicanos, naturalmente baixo a protección da policía. Nas súas viaxes de volta a París, debían formar a vangarda, adiantarse ás manifestacións de protesta da oposición e dispersalas. A Sociedade do 10 de Decembro pertencíalle, era a *súa* obra, a súa idea máis intimamente persoal. Todo o resto do que se apropia, proporciónallo a forza das circunstancias; todo o que fai resulta debedor das circunstancias ou ben se limita a copiar os feitos doutros. Mais o Bonaparte que se presenta ao público, ante os cidadáns, coas frases oficiais da orde, da relixión, da familia, da propiedade e detrás del a sociedade secreta dos Schufterle e dos Spiegelberg, a sociedade da desorde, da prostitución e do roubo, é o verdadeiro Bonaparte como autor orixinal e a historia da Sociedade do 10 de Decembro é a súa propia historia.

Dérase o caso excepcional de que representantes do pobo pertencentes ao Partido da Orde foran mallados a fungueirazos polos decembristas. Máis aínda. O comisario de policía Yon, ads-

---

6 *Gardes mobiles* ou *Garde Nationale Mobile*: *Les mobiles*. Garda nacional móbil composta por homes novos que quedaran exentos do servizo militar, creada en xaneiro de 1868 con funcións auxiliares do exército. Tiña previsto chegar a ter ata 400.000 homes (N. dos T.).

crito á Asemblea Nacional, encargado da súa seguridade, denunciou ante a Comisión Permanente, sobre a base do testemuño dun certo Alais, que unha sección dos decembristas acordara asasinar o xeneral Changarnier e a Dupin, presidente da Asemblea Nacional e que xa foran designados os individuos que executarían o acordo. Compréndese o pánico de monsieur Dupin. Parecía ineludible unha comisión de investigación parlamentaria sobre a Sociedade do 10 de Decembro ou, o que vén sendo o mesmo, a profanación do mundo secreto de Bonaparte. Precisamente, antes de que volvera reunirse a Asemblea Nacional, Bonaparte disolveu por precaución a devandita Sociedade, naturalmente só sobre o papel, xa que aínda a finais de 1851 o prefecto de policía Carlier, tratou inutilmente, nunha extensa memoria, de movelo a disolver efectivamente os decembristas.

A Sociedade do 10 de Decembro había de seguir sendo o exército particular de Bonaparte mentres este non lograse converter o exército francés nunha sorte de Sociedade do 10 de Decembro. Bonaparte fixo a súa primeira tentativa de levala a cabo pouco despois do adiamento da Asemblea Nacional, e fíxoo ademais co diñeiro que viña de extorsionarlle a esta. Como fatalista que é, vive na convicción de que existen certos poderes superiores aos que o home e especialmente o soldado non poden opoñer resistencia. Entre estes poderes inclúe os cigarros e o *champagne*, as aves frías e o salchichón ao allo. Por iso, nos salóns do palacio do Elíseo, empeza obsequiando inicialmente a oficiais e suboficiais con puros e *champagne*, con aves frías e con salchichón ao allo. O 3 de outubro repite esta manobra coa masa da tropa na revista de St. Maur, e o 10 de outubro vólvea repetir, a unha escala aínda maior, na exhibición militar de Satory. O seu tío, Napoleón, acordábase das campañas de Alexandre o Magno en Asia; o sobriño lémbrase das campañas de conquista triunfais de Baco na mesma terra. Alexandre era certamente un semideus, mais Baco era un deus completo e, aínda por riba, o deus protector da Sociedade do 10 de Decembro.

Despois da revista do 3 de outubro, a comisión permanente convocou a comparecer ante ela o ministro da guerra, d'Hautpoul, que prometeu que non se volverían repetir aquelas violacións da disciplina. É ben sabido de que maneira Napoleón cumpriu o 10 de outubro coa palabra dada por d'Hautpoul. En ambas as dúas revistas levara o mando Changarnier, como comandante supremo do exército de París. Este último, que era a un tempo membro da comisión permanente, xefe da Garda Nacional, o «salvador» do 29 de xaneiro e do 13 de xuño, o «baluarte da sociedade», candidato do Partido da Orde para a dignidade presidencial, o presunto Monk[7] de dúas monarquías, non se recoñecera nunca ata entón como subordinado ao ministro da Guerra, mofárase sempre abertamente da Constitución republicana, e perseguira a Bonaparte cunha arrogante e equívoca protección. Agora defendía celosamente a disciplina contra o ministro da Guerra e o respecto da Constitución contra Bonaparte. Mentres o 10 de outubro unha parte da cabalaría fixo resoar o berro «Viva Napoleón! Vivan os salchichóns!», Changarnier organizou que polo menos a artillaría, que desfilaba baixo o mando do seu amigo Neumayer, gardase naquela ocasión nun silencio ominoso. Como castigo, o ministro da Guerra, baixo a presión de Bonaparte, destituíu a Neumayer do seu posto en París co pretexto de entregarlle o alto mando das divisións números XIV e XV. Neumayer rexeitou o cambio de destino e, en consecuencia, tivo que solicitar o retiro. Pola súa banda, Changarnier publicou o 2 de novembro unha orde de praza na que prohibía ás tropas toda clase de manifestacións políticas mentres estivesen baixo as armas. Os xornais bonapartistas atacaron a Changarnier, os xornais do Partido da Orde a Bonaparte; a comisión permanente multiplicaba as súas xuntanzas secretas, nas que se solicitaba reiteradamente declarar a patria en perigo; o exército parecía estar dividido en dous campos enfrontados, con dous estados

7 Monk, célebre xeneral inglés (N. dos T.).

maiores enfrontados, un no Elíseo, a carón de Bonaparte e o outro nas Tullerías, onde residía Changarnier. Parecía faltar só o reinicio das sesións da Asemblea Nacional para soar o sinal de batalla. O público francés xulgaba estas tensións entre Bonaparte e Changarnier coma aquel xornalista inglés que os caracterizou con estas palabras: «As criadas políticas de Francia barren a lava ardente da revolución con vellas vasoiras e rifan entre si mentres fan o seu traballo».

A continuación, Bonaparte cesou de inmediato o ministro da guerra d'Hautpoul, ao cal enviou precipitadamente a Alxeria, nomeando no seu posto o xeneral Schramm. O 12 de novembro remitiulle á Asemblea Nacional unha mensaxe de prolixidade norteamericana, sobrecargada de detalles, que cheiraba a orde, con fame de reconciliación, ateigada de resignación constitucional, na que se trataba de todo o divino e o humano agás dos temas candentes do momento. Como de pasada, deixaba caer a frase de que, segundo as disposicións expresas da Constitución, só o presidente era o comandante supremo do exército. A mensaxe pechábase con estas altisonantes palabras:

> Francia esixe ante todo tranquilidade… Son o único vinculado por un xuramento, movereime dentro dos estreitos límites que este me trazou… Polo que a min se refire, elixido polo pobo e non debendo máis que a el o meu poder, sometereime sempre á súa vontade legalmente expresada. Se acordades neste período de sesións parlamentares a revisión da Constitución, entón unha Asemblea Constituínte regulará a posición do poder executivo. Noutro caso, o pobo declarará solemnemente a súa decisión en 1852. Mais, sexan cales fosen as solucións do futuro, cheguemos a un entendemento, para que nunca máis a paixón, a sorpresa ou a forza decidan sobre a fortuna dunha gran nación… O que reclama ante todo a miña atención non é saber quen gobernará Francia en 1852, senón como empregar o tempo que está á miña disposición de xeito que o período intermedio transcorra sen axi-

> tación nin perturbación algunha. Eu abrinvos o meu corazón con sinceridade e vos responderedes á miña franqueza coa vosa confianza, o meu bo desexo coa vosa colaboración, e Deus fará o resto.

Esta linguaxe cortés, hipocritamente temperada, virtuosamente inzada de lugares comúns da burguesía, revela o seu sentido máis profundo na boca do autócrata da Sociedade do 10 de Decembro e do heroe das merendas de St. Maur e Satory. Os burgraves do Partido da Orde non se enganaron nin un instante sobre a confianza que merecía tanta efusión cordial. En canto aos xuramentos, xa había moito tempo que estaban fartos; entre eles había veteranos, virtuosos do perxurio político, aos que non lles pasara desapercibida a referencia ao exército. Notaron con desagrado que a mensaxe, na detallada e inacabable enumeración das leis ultimamente publicadas, silenciaba irónica e afectadamente a lei máis importante, a lei electoral. Aínda máis, para o caso de non revisión da Constitución, deixábase ao arbitrio do pobo a elección do presidente para 1852. A lei electoral era a bóla de chumbo encadeada aos pés do Partido da Orde que lle impedía andar e xa non digamos pasar ao ataque. Amais disto, coa disolución oficial da Sociedade do 10 de Decembro e o cesamento do ministro da guerra D'Hautpoul Napoleón sacrificara no altar da patria os chibos expiatorios coa súa propia man. Tronzáralle a punta á colisión que se esperaba. Finalmente, o mesmo Partido da Orde trataba atemorizado de lidar, quitarlle mecha ou disimular con precaución calquera conflito decisivo co poder executivo. Por medo a perder as súas conquistas sobre a revolución, permitiu aos seus rivais gozaren dos seus froitos: «Francia esixe ante todo tranquilidade». Así lle levaba berrando o Partido de Orde, desde febreiro, á revolución. E así lle berrou Napoleón, á súa vez, ao partido da Orde: «Francia esixe ante todo tranquilidade». Bonaparte emprendeu accións que ían dirixidas á usurpación, mais o Partido da Orde cometía «desorde» se armaba ruído arredor destes actos e os interpretaba de xeito

hipocondríaco. Os salchichóns de Satory estaban quedos coma mortos e ninguén falaba deles. «Francia esixe ante todo tranquilidade». En consecuencia, Napoleón esixía que lle deixasen facer tranquilamente o que quería e o partido parlamentario estaba paralizado por un dobre medo: polo temor a provocar de novo a axitación revolucionaria, e polo medo de aparecer como instigador da revolta aos ollos da súa propia clase, é dicir, aos ollos da burguesía. Por tanto, como Francia esixía ante todo tranquilidade, o Partido da Orde non ousou, despois de Napoleón falar de «paz» na súa mensaxe, de retrucar con «guerra». O público, que xa se relambía pensando en grandes escenas escandalosas na apertura da Asemblea Nacional, viuse defraudado nas súas expectativas. Os deputados da oposición, que esixían as actas da comisión permanente sobre os sucesos de outubro, víronse silenciados polos votos da maioría. Evitáronse por principio todos os debates que podían provocar conflito. Os traballos dos meses de novembro e decembro de 1850 da Asemblea Nacional careceron do menor interese. Finalmente, contra a fin de decembro empezou unha guerra de guerrillas sobre prerrogativas concretas do parlamento. O movemento empantanouse en minúsculos enredos xurídicos sobre as prerrogativas dos dous poderes, despois de que a burguesía, coa abolición do sufraxio universal, se desfixera polo momento da loita de clases.

Contra Mauguin, un dos representantes do pobo, executárase unha sentenza xudicial por un asunto de débedas. A instancias do presidente do tribunal, o ministro de Xustiza, Rouher, declarou que se podía ditar sen máis trámites unha orde de detención contra o debedor. Mauguin foi, por tanto, recluído no cárcere para debedores. Ao coñecer os feitos, a Asemblea Nacional montou en cólera. Non só deu orde de que o preso fose inmediatamente posto en liberdade, senón que aquela mesma tarde mandou o seu uxier para sacalo pola forza de Clichy. Por outro lado, para testemuñar a súa fe na santidade da propiedade privada e coa segunda intención de abrir en caso de necesidade

un asilo para «montañeses» conflitivos, declarou válida a prisión por débedas dos representantes do pobo previa autorización da Asemblea Nacional, esquecendo, iso si, decretar que tamén o presidente podería ser encarcerado por un delito de débedas, destruíndo así a última aparencia de inviolabilidade que envolvía os membros da súa propia corporación.

Lémbrese que o axente de policía Yon denunciara a unha sección dos decembristas, baseándose na declaración dun tal Alais, os plans do asasinato de Dupin e Changarnier por parte dunha sección de decembristas. Xa na primeira sesión presentaron os cuestores en relación con este caso a proposta de crear unha policía parlamentaria, financiada co orzamento privado da Asemblea Nacional e completamente independente do prefecto de policía. O ministro do Interior, Baroche, protestara contra esta inxerencia no seu departamento. Ante isto pechouse un compromiso miserable, segundo o cal o comisario de policía da Asemblea sería pagado polo orzamento privado da mesma e debería ser nomeado e destituído polos seus cuestores pero só previo acordo co ministro do Interior. Namentres Alais foi perseguido xuridicamente polo goberno e resultou fácil presentar as súas declaracións como falsas e proxectar, por boca do fiscal, un resplandor de suma ridiculez sobre Dupin, Changarnier, Yon e, de paso, sobre toda a Asemblea Nacional. Agora, o 19 de decembro, o ministro Baroche escríbelle unha carta a Dupin na que lle esixe a posta en liberdade de Yon. A mesa da Asemblea Nacional acorda manter a Yon no seu posto, pero a Asemblea Nacional, asustada pola súa violencia no caso Mauguin e habituada a recibir dous golpes por resposta cada vez que lle propinaba un o poder executivo, non sancionou o seu acordo. Despide a Yon en recompensa polo celo con que a servira, e prívase a si mesma dunha prerrogativa parlamentaria indispensable contra un presidente que non decide pola noite para executar polo día, senón que decide polo día e executa pola noite.

Xa temos comentado que a Asemblea Nacional durante os meses de novembro e decembro, en grandes e decisivas ocasións, evitou a confrontación co poder executivo. Agora vémola forzada a aceptar esta loita polos motivos máis ruins. No asunto Mauguin confirma en principio a posibilidade de prisión por débedas dos representantes da nación dos representantes do pobo, reservándose a posibilidade de aplicala só aos representantes que non sexan do seu agrado e pelexa por este infame privilexio co ministro de Xustiza. En vez de aproveitar o suposto plan de asasinato para así abrir unha investigación sobre a Sociedade do Dez de Decembro e poñer definitivamente en evidencia a Bonaparte ante Francia e ante Europa, presentándoo coa súa verdadeira face como cabeza do lumpenproletariado de París, a Asemblea permite que a colisión vaia baixando de relevo político, ata o punto de que xa non se trata máis que de ventilar entre ela e o ministro do Interior de quen posúe a titularidade da competencia sobre nomeamento e o cesamento dun comisario de policía. Así vemos o Partido da Orde forzado ao longo de todo este período forzado, por mor da súa ambigua toma de posición, malgastar a súa confrontación co poder executivo en mesquiñas diferenzas por competencias, enredos, minucias xurídicas, litixios por lindes, asumindo como contido das súas actividades as máis inanes cuestións de forma. Non é quen de afrontar o choque no intre no que este ten unha significación de principio, no que o poder executivo se atopa verdadeiramente comprometido e a causa da Asemblea Nacional sería a causa da nación enteira. Así, daría á nación unha orde de marcha, pero o seu maior medo é que a nación se mova. Por iso, nestas ocasións decisivas, desbota todas as propostas da Montaña e pasa ao seguinte punto da orde do día. Abandona así as grandes dimensións da cuestión en litixio e o poder executivo agarda con tranquilidade o intre no que a poida retomar por razóns banais e insignificantes, cando só ofreza un interese parlamentario, por dicilo así, puramente local. Entón estoupa o xenio contido

do Partido da Orde, entón racha o pano que oculta os bastidores, entón denuncia o presidente, entón declara á república en perigo. Mais para entón tamén o seu patetismo parece volverse inocuo e o motivo da loita semella perder todo o seu valor, coma un pretexto hipócrita e indigno de ser tido en conta. A tormenta parlamentaria vólvese unha tormenta nun vaso de auga, a loita devén intriga e a confrontación en mero escándalo. Mentres a alegría maliciosa das clases revolucionarias se ceba na humillación da Asemblea Nacional —pois aquelas entusiásmanse co esas prerrogativas parlamentarias tanto coma a Asemblea coas liberdades públicas—, a burguesía de fóra do parlamento non comprende como a burguesía de dentro do parlamento pode perder o tempo así en miserentas querelas e comprometer a tranquilidade por tan mesquiñas rivalidades co presidente. Confúndea por completo unha estratexia que sela a paz nuns intres nos que todo o mundo espera batallas e que pasa á ofensiva nun intre no que todo o mundo cre que se asinou a paz.

O 20 de decembro Pascal Duprat interpela o ministro do Interior sobre a lotaría dos lingotes de ouro. Esa lotaría era unha «filla do Elíseo». Bonaparte trouxéraa ao mundo cos seus leais e o prefecto de policía, Carlier, puxéraa baixo a súa protección oficial, a pesar de que a lei francesa prohíbe todas as lotarías coa excepción dos sorteos feitos con fins benéficos. Sete millóns de números, co valor de cadanseu franco e a ganancia destinada, segundo se explicou, ao embarque de vagabundos franceses para California. Por un lado esperábase que os soños dourados do proletariado parisino desprazasen os seus soños socialistas e a sedutora esperanza do premio gordo desprazase o dereito teórico ao traballo. Os traballadores parisinos non recoñeceron naturalmente no relucir das barras de ouro californianas os deslucidos francos que se lles sacaran do peto con enganos. Pero, no fondo, tratábase dunha estafa directa. Os vagabundos que querían abrir minas de ouro californianas sen se molestaren en saír de París eran o mesmo Bonaparte e os cabaleiros da mesa

redonda roída polas débedas. Os tres millóns de francos autorizados pola Asemblea foran malgastados; a caixa tiña que ser enchida de novo dunha maneira ou doutra. Bonaparte abrira sen éxito unha subscrición nacional para construír unhas chamadas «cidades obreiras». El mesmo figuraba á cabeza desta iniciativa achegando unha suma considerable de cartos. Os insensibles burgueses agardaron a que Bonaparte desembolsase o capital subscrito e como, naturalmente, o tal desembolso non se produciu, a especulación sobre aqueles castelos socialistas no ar veuse vulgarmente á terra. Os lingotes de ouro deron mellor resultado. Bonaparte e socios non se deron por satisfeitos con se embolsaren unha parte do remanente dos sete millóns de billetes sobre as barras de ouro en xogo; fabricaron billetes falsos, imprimiron co mesmo número dez, quince e ata vinte billetes: velaí as altas operacións financeiras no espírito da Sociedade do 10 de Decembro! Aquí a Asemblea Nacional non tiña en fronte o ficticio presidente da República senón o propio Bonaparte en carne e óso! Aquí podíao coller coas mans na masa por vulnerar non xa a Constitución, senón o código penal. Se ante unha interpelación de Duprat a Asemblea pasou ao punto seguinte da orde do día, non o fixo só porque a emenda de Girardin de declararse «satisfeito» lle recordaba ao Partido da Orde a súa corrupción sistemática. O burgués, e sobre todo o burgués enchido como estadista, complementa a súa vilanía práctica cunha grandilocuencia teórica. Como estadista vólvese, o mesmo que o poder do Estado que ten en fronte, un ser superior que só pode ser combatido dun xeito máis elevado, solemne e cerimonial.

Bonaparte, que xustamente como bohemio, na súa condición de lumpenproletariado principesco, avantaxaba o vilán burgués en que podía pelexar con medios rastreiros, decatouse agora, despois de que a mesma Asemblea o obrigara a cruzar da súa man o chan esvaradío dos banquetes militares, das revistas, da Sociedade do 10 de Decembro e, finalmente, do código penal, que chegara o momento no que podía pasar da defensiva

aparente á ofensiva máis destemida. Pouco o incomodaban as pequenas derrotas que de cando en vez sufrían o ministro de Xustiza, o da Guerra, o da Mariña ou o de Facenda, coas que a Asemblea Nacional manifestaba o seu descontento ruín. Non só lles impedía aos seus ministros dimitiren, e recoñeceren o sometemento do executivo ao parlamento, senón que agora puido realizar a obra que iniciara durante as vacacións da Asemblea Nacional, a saber, arrebatarlle ao parlamento o poder militar e *destituír a Changarnier* .

Un xornal afín ao bonapartismo publicou unha orde de praza, dirixida no mes de maio, ao parecer, á primeira división do exército, é dicir, procedente de Changarnier, na que se recomendaba aos oficiais que, no caso dunha insurrección, non se dese cuartel aos traidores de dentro das propias filas, que se fusilasen de inmediato e se lle negasen á Asemblea Nacional as tropas, caso do seu requirimento por parte desta última. O 3 de xaneiro de 1851 o gabinete foi interpelado sobre esta orde de praza. Este pediu inicialmente tres meses para examinar esta cuestión, despois unha semana e finalmente vinte catro horas de reflexión. A Asemblea esixe unha explicación inmediata. Changarnier ponse en pé e declara que aquela orde de praza nunca existira. Engade aínda que se apurará en todo momento a atender os requirimentos da Asemblea Nacional e que esta, en caso de colisión, pode contar con el. A Asemblea acolle a súa declaración con indicibles aplausos e concédelle un voto de confianza. A Asemblea resigna os seus poderes, decretando a súa propia impotencia e a omnipotencia do exército ao poñerse baixo a protección privada dun xeneral. Mais o xeneral erra poñendo á disposición da Asemblea, contra Bonaparte, un poder que só ten como precaria concesión do propio Bonaparte, confiando pola súa parte en contar coa protección deste Parlamento, é dicir esperando protección de parte do seu propio e indefenso protexido. Mais Changarnier cre no poder misterioso co que a burguesía o dotou desde o 29 de xaneiro de 1849; considérase o terceiro poder a carón dos

outros dous poderes do Estado. Comparte a sorte dos demais heroes ou máis ben santos desta época, cuxa grandeza consiste precisamente na grande opinión interesada que o seu partido se forma deles, e caen sen remedio na mediocridade en canto as circunstancias os convidan a faceren milagres. A incredulidade é sempre o inimigo mortal destes heroes supostos e santos verdadeiros. De aquí a súa nobre indignación moral ante os bromistas e burlóns carentes de entusiasmo.

Aquela mesma tarde os ministros foron convocados ao palacio do Elíseo. Bonaparte porfía para que sexa destituído Changarnier; cinco ministros néganse a asinar a destitución do xeneral, *Le Moniteur* anuncia unha crise ministerial e a prensa da Orde ameaza coa formación dun exército parlamentario baixo o comando de Changarnier. O Partido da Orde tiña a competencia para dar ese paso. Chegáballe con nomear a Changarnier presidente da Asemblea Nacional e requirir un volume calquera de tropas para a súa seguridade, cousa que podía facer con tanta maior seguridade en canto Changarnier aínda estaba realmente á fronte do exército e da Garda Nacional de París e só esperaba o intre de ser requirido xuntamente co seu exército. A prensa bonapartista non ousaba sequera poñer en dúbida o dereito da Asemblea Nacional a requirir directamente as tropas, escrúpulo xurídico que non prometía ningún resultado favorable naquelas circunstancias. Probablemente o exército tería obedecido as ordes da Asemblea Nacional, se temos en conta que Bonaparte tivo que buscar en todo París durante oito días ata que finalmente atopou dous xenerais —Baraguay d'Hilliers e St. Jean d'Angely— que se declarasen dispostos a referendar a destitución de Changarnier. Porén, era moito máis dubidoso que o Partido da Orde atopase nas súas propias ringleiras e no parlamento o número de votos necesarios para unha decisión coma esta, se temos en conta que oito días máis tarde separáronse del 286 votos e que a Montaña rexeitou unha proposta semellante aínda en decembro de 1851, na derradeira hora da decisión. Con todo, pode que os burgraves

aínda lograsen arrastrar a masa do seu partido a un acto heroico que consistía en sentirse seguros detrás dun bosque de baionetas e en aceptar os servizos dun exército que desertara o seu campo. En vez de faceren isto, os señores burgraves dirixíronse na tardiña do 6 de xaneiro ao Eliseo para faceren desistir a Bonaparte, mediante xiros e reparos de pretendida astucia política, da destitución de Changarnier. Cando un trata de convencer alguén, ao facelo recoñéceo como o dono da situación. Bonaparte, confiado por este paso en falso, o 12 de xaneiro nomea un novo Ministerio, no que se manteñen os dous xefes do anterior, Fould e Baroche. St. Jean d'Angely é nomeado novo ministro da Guerra. *Le Moniteur* publica o decreto de cesamento de Changarnier. O seu mando é repartido entre Baraguay d'Hilliers, ao que atribúe a primeira división militar, e Perrot, que se fai cargo da Garda Nacional. O «baluarte da sociedade» é cesado sen miramento algún e, se ningunha pedra caeu dos tellados por iso, subiron polo contrario as cotizacións da bolsa.

O Partido da Orde ao rexeitar o exército, que se pon ao seu dispor na persoa de Changarnier, pasándollo irrevogablemente á autoridade do presidente, pon en evidencia que a burguesía perdera a vocación de gobernar. Xa non había un goberno parlamentario. Ao perder agora tamén a agarradoira do exército e da Garda Nacional, que instrumento de poder lle restaba para consolidar a un tempo o usurpado poder do parlamento sobre o pobo e o seu poder constitucional contra o presidente? Ningún. Só lle quedaba aínda a apelación a aqueles principios inermes que el mesmo sempre interpretara como meras normas xerais que se lle aplican a terceiros para poderse mover con máis liberdade. Coa destitución de Changarnier, co paso do poder militar a Bonaparte, remata a primeira parte do período que estamos considerando, o período da loita entre o Partido da Orde e o poder executivo. A guerra entre ambos os dous poderes declárase agora de modo aberto, líbrase sen disimulos, pero infelizmente só despois de que o Partido da Orde perdese armas e soldados. Sen ministerio,

sen exército, sen pobo, sen opinión pública, mesmo sen ser xa, desde a súa lei electoral do 31 de maio, o representante da nación soberana, sen ollos, sen oídos, sen dentes, sen nada, a Asemblea Nacional vaise volvendo aos poucos un *antigo parlamento francés* que debe facer entrega da acción ao goberno, e conformarse pola súa parte con gruñidos de recriminación *post festum*.

O Partido da Orde recibe o novo ministerio cunha avalancha de indignación. O xeneral Badeau evoca a calma da comisión permanente durante as vacacións e a excesiva consideración coa que aquela renunciara á publicación das actas das súas sesións. Pola súa banda, o ministro do Interior insiste na publicación destas actas, que xa se volveron inermes, coma auga estancada, non revelan ningún feito novo nin producen o máis mínimo efecto sobre un público xa farto e aburrido. Por proposta de Rémusat, a Asemblea Xeral retírase ás súas oficinas e nomea un «Comité de Medidas Extraordinarias». París non sae dos carrís da súa orde cotiá, con tanta maior razón canto neste momento o comercio prospera, as manufacturas teñen traballo, os prezos do trigo están baixos, os alimentos non escasean e as caixas de aforros rexistran novos depósitos cada día. As «medidas extraordinarias» que o parlamento anunciara con tanto estrépito, quedan reducidas o 18 de xaneiro a un voto de desconfianza contra os ministros, sen que se mente tan sequera o nome do tal xeneral Changarnier. O Partido da Orde viuse forzado a darlle ao seu voto este xiro para garantirse os votos dos republicanos, xa que de todas as medidas extraordinarias do ministerio estes só aprobaban a destitución de Changarnier, mentres o Partido da Orde, pola súa parte, non podía censurar as actas ministeriais que el mesmo ditara.

O voto de desconfianza do 18 de xaneiro decidiuse por 415 votos contra 286. Xa que logo, só puido saír adiante por medio dunha *coalición* dos decididos lexitimistas e orleanistas cos republicanos puros e a Montaña, co que se demostrou, xa que logo, que o Partido da Orde non só perdera o ministerio e o exér-

cito, senón que, polos seus conflitos con Bonaparte, perdera a súa maioría parlamentaria independente, que un tropel de representantes desertara do seu campo polo fanatismo desaforado de arranxos e componendas sen conto, por medo ante o combate, por cansazo, por consideracións derivadas dos emolumentos do Estado percibidos, por especulación con vacantes ministeriais (Odilon Barrot), en fin, por ese típico e ruín egoísmo co que o burgués corrente propende sempre a sacrificar o interese xeral da súa clase por este ou aquel motivo privado. Desde o primeiro momento os deputados bonapartistas só se uniron ó Partido da Orde na súa loita contra a revolución. O xefe do partido católico, Montalambert, xa puxera naquela altura a súa influencia ó servizo de Bonaparte porque dubidaba da capacidade de supervivencia do partido parlamentario. Finalmente, os xefes deste partido, Thiers e Berryer, o orleanista e o lexitimista, víronse obrigados a proclamarse abertamente republicanos, a confesar que o seu corazón era monárquico pero a súa cabeza acubillaba ideais republicanos e que a república parlamentaria era a única forma posible para o dominación de toda a burguesía. Víronse así obrigados a condenar como unha intriga perigosa e enlouquecida, ante os ollos da clase burguesa, os proxectos de restauración que eles mesmos, impertérritos, seguían argallando ás costas do Parlamento.

Deste xeito, o voto de desconfianza do 18 de xaneiro foi un golpe contra os ministros e non contra o presidente. Pero non fora o ministerio, senón o presidente o que cesara a Changarnier. Iría o Partido da Orde poñer o mesmo Bonaparte en situación de acusado? Polas súas veleidades de restauración, quizais? Estas non eran máis que o complemento das súas propias. Pola súa conspiración nas revistas militares e na Sociedade do 10 de Decembro? Había xa moito que se botara terra sobre estes temas baixo simples ordes do día. Pola destitución do heroe do 29 de xaneiro e do 13 de xuño, do home que en maio de 1850 ameazaba en caso de revolta con pegarlle lume a París polos

catro costados? Os seus aliados da Montaña e Cavaignac non lle permitían sequera soster o caído «baluarte da sociedade» mediante unha manifestación oficial de condolencia. Eles mesmos, o Partido da Orde, non lle podían discutir ao presidente a facultade constitucional de destituír un xeneral. Só se alporizaban porque fixera un uso non parlamentario do seu dereito constitucional. Pero acaso non fixeran eles continuamente un uso inconstitucional da súa prerrogativa, por exemplo, con ocasión da abolición do sufraxio universal? Xa que logo, estaban obrigados a se moveren estritamente dentro das fronteiras parlamentarias. E situábase dentro destas aquela peculiar doenza que desde 1848 levaba facendo estragos por todo o continente, a saber: o *cretinismo parlamentario*, que encadea como por meigallo os contaxiados nun mundo imaxinario, roubándolles todo os sentidos, toda memoria, toda cabal comprensión do mundo exterior. Este cretinismo parlamentario era necesario para que os que, en loita con outras clases, destruíran coas súas propias mans, e tiñan por forza que facelo, e liquidaran todas as condicións do poder parlamentario, considerasen aínda como triunfos os seus triunfos parlamentarios e cresen petar sobre o lombo do presidente cando mallaban nos seus ministros. O único que facían era darlle ó presidente unha oportunidade para humillar unha vez máis á Asemblea Nacional ante os ollos da nación. O 20 de xaneiro, *Le Moniteur* publicou que fora aceptada a dimisión de todo o ministerio. Co pretexto de que xa ningún grupo parlamentario posuía a maioría, como o demostraba a votación do 18 de xaneiro, froito da coalición entre a Montaña e os monárquicos, e, esperando a formación dunha nova maioría, Bonaparte procedeu a nomear o que chamou goberno de transición, no que ningún membro pertencía ao parlamento e no que todos os compoñentes eran individuos completamente descoñecidos e irrelevantes, un ministerio de simples caixeiros e oficinistas. O Partido da Orde podía agora desgastarse no xogo con estas marionetas; o poder executivo non considerou

que pagara a pena sequera estar seriamente representado na Asemblea Nacional. Bonaparte concentrou aínda máis visiblemente na súa persoa o poder executivo. Canto máis comparsas fosen os seus ministros, tanto máis podía concentrar Napoleón na súa persoa todo o poder executivo e, en consecuencia, tanto maior era o espazo libre do que dispoñía para aproveitalo no seu propio interese.

O Partido da Orde, coligado coa Montaña, desquitouse desbotando a dotación presidencial de 1.800.000 francos que o xefe da Sociedade do 10 de Decembro obrigara a presentar aos seus recadeiros ministeriais. Nesta ocasión decidiu unha maioría de só 102 votos, é dicir que desde o 18 de xaneiro caeran outros 27 votos e a disolución do Partido da Orde seguía o seu curso imparable. Para que en ningún momento puidera trabucarse o sentido da súa coalición coa Montaña, o Partido da Orde desprezou tomar tan sequera en consideración unha proposición asinada por 108 deputados da Montaña dirixida a lograr a amnistía xeral dos delincuentes políticos. Abondou con que o ministro do Interior, un tal Vaïsse, declarase que a calma só era aparente e que en segredo reinaba unha grande axitación, que sociedades omnipresentes se organizaban secretamente, que os xornais democráticos daban a entender que querían reaparecer, que os informes dos *départements* eran desfavorables, que os emigrados de Xenebra dirixían, a través de Lyon, unha conspiración por todo o sur de Francia, que Francia estaba á beira dunha crise industrial e comercial, que os fabricantes de Roubaix reduciran a xornada de traballo, que os presos de Belle-Île se sublevaran. Abondou con que mesmo o tal Vaïsse conxurase o espectro vermello para que o Partido da Orde rexeitase, sen mesmo chegar a discutila, unha proposición que lle tería que valer á Asemblea Nacional unha enorme popularidade e tería forzado a Bonaparte a botarse de novo nos seus brazos. En vez de deixarse intimidar polo poder executivo ante a perspectiva de novos disturbios a Asemblea debería, ao contrario, deixarlle á loita de clases

unha pequena marxe de manobra para facer dependente dela o executivo. Mais o Partido da Orde non se sentiu á altura dunha política de xogar co lume.

Mentres o chamado «Ministerio de transición» seguiu vexetando ata o mes de abril. Bonaparte cansou, deulle o chasco á Asemblea Nacional con constantes combinacións ministeriais. De pronto parecía crear un ministerio republicano con Lamartine e Billault, e pouco máis adiante outro parlamentario, co inevitable Odilon Barrot, un nome que non pode faltar cando se precisa un inxenuo, ou un ministerio lexitimista con Vatimesnil e Benoist d'Azy ou ben outro orleanista con Maleville. Mentres mantén así en tensión as diferentes fraccións enfrontadas do Partido da Orde, amedrentándoas aínda todas coa perspectiva dun ministerio republicano e coa restauración, naquel intre ineludible, do sufraxio universal, xera na burguesía a convicción de que os seus esforzos verdadeiros por lograr un ministerio parlamentario tropezan coa actitude irreconciliable das fraccións realistas. Porén, a burguesía berraba aínda máis estridentemente por un «goberno forte»; parecíalle tanto máis imperdoable deixar a Francia «sen Administración», tanto máis canto semellaba estarse xerando unha crise comercial que nas cidades traballaba a prol do socialismo, como o facía no campo o ruinoso baixo prezo do trigo. O comercio decaía dun día para outro, os brazos desocupados multiplicábanse visiblemente, en París había un mínimo de dez mil traballadores sen pan, en Ruán, Mulhouse, Lyon, Roubaix, Tourcoing, St. Étienne, Elbeuf, etc., moitas fábricas pararan. Baixo estas circunstancias Bonaparte puido ousar restaurar o 11 de abril o ministerio do 18 de xaneiro cos señores Rouché, Rouher, Fould, Baroche, etc, reforzados co Sr. Léon Faucher, ao que a Asemblea Constituínte, nos seus últimos días, coa única excepción de cinco ministros, estigmatizara cun voto de desconfianza pola difusión de telegramas falsos. Xa que logo, a Asemblea Nacional lograra o 18 de xaneiro unha vitoria sobre o ministerio, loitara durante tres meses contra Bonaparte para que,

ao cabo, o 11 de abril Foyuld e Baroche puidesen acoller na súa alianza ministerial o puritano Faucher.

En novembro de 1849 Bonaparte dérase por satisfeito cun goberno *non parlamentario* e en xaneiro de 1851 cun goberno *extraparlamentario*. O 11 de abril sentiuse forte dabondo como para formar un goberno *antiparlamentario*, que xuntaba en si harmonicamente os votos de desconfianza das dúas Asembleas, da Constituínte e da Lexislativa, da republicana e da monárquica. Esta escalada de ministerios era o termómetro no que o Parlamento podía medir o descenso imparable da súa propia calor vital. Nos remates de abril esta descendera tanto que Persigny puido invitar a Changarnier, no curso dun encontro persoal, a pasarse ao campo do presidente. Bonaparte, aseguroulle, consideraría a influencia da Asemblea Nacional totalmente destruída e xa tería disposta a proclama que se debería publicar despois do *coup d'état*, sempre proxectado pero accidentalmente, unha vez máis, adiado. Changarnier comunicoulles aos xefes do Partido da Orde a nota necrolóxica; mais quen cre que a mordedura das chinches mata? E o parlamento, tan derrotado, tan descomposto, tan corrompido como estaba, non se podía resistir a ver no desafío do grotesco xefe da Sociedade do 10 de Decembro outra cousa que o duelo cunha chinche. Craso erro: Bonaparte respondeulle ao Partido da Orde coma Axesilao ao rei Axis: «Agora parézoche un rato, pero un día serei un león».

VI

A coalición coa Montaña e os republicanos puros, á que o Partido da Orde se vía condenado nos seus estériles esforzos por reter o control do poder militar e recobrar a dirección suprema do poder executivo, demostraba irrefutablemente que perdera a súa *maioría parlamentaria propia*. A mera forza do calendario, a agulla do reloxo, deu o 28 de maio o sinal para a súa completa disolución. Co 28 de maio iniciábase o derradeiro ano de vida da Asemblea Nacional, que agora se tiña que decidir entre seguir

mantendo intacta a Constitución ou revisala. Porén, revisión da Constitución non significaba só dominación da burguesía ou da democracia pequenoburguesa, democracia ou anarquía proletaria, república parlamentaria ou Bonaparte, senón que tamén quería dicir: Orleáns ou Borbón! Con isto botouse a rodar no medio do Parlamento a mazá da discordia, que por forza tiña que acender abertamente a resistencia dos intereses que separaban as dúas fraccións opostas dentro do Partido da Orde, que era una amalgama de substancias sociais heteroxéneas. A cuestión da revisión constitucional creou a temperatura política necesaria para a que o Partido da Orde se disgregara de novo nos seus compoñentes orixinarios.

O interese dos bonapartistas pola revisión era sinxelo. Para eles tratábase, sobre todo, de derrogar o artigo 45, que prohibía a reelección de Bonaparte, e da prórroga do seu mandato. Non parecía menos sinxela a posición dos republicanos, que rexeitaban incondicionalmente calquera revisión constitucional, na que vían unha conspiración urdida desde todos os lados contra a república. E como dispoñían de *máis dun cuarto dos votos* da Asemblea Nacional, e constitucionalmente eran necesarias tres cuartas partes para acordaren validamente a revisión e convocaren unha Asemblea Constituínte para executala, abondáballes con contar os seus votos para estaren seguros da vitoria. E estaban ben seguros de triunfar.

Fronte a estas posicións tan claras, o Partido da Orde atopábase inmerso nunha espesa urda de contradicións inextricables. Se rexeitaba a revisión, poñía en perigo o *statu quo* e non lle deixaba a Bonaparte máis que unha saída, a da violencia. Entregaban así a Francia, o segundo domingo de maio de 1852, no momento decisivo, á anarquía revolucionaria, cun presidente que perdera a súa autoridade, cun parlamento que había xa moito tempo que non a tiña e cun pobo que aspiraba a reconquistala. Se votaba pola revisión constitucional, sabía que votaba en van, e que os seus votos fracasarían necesariamente ante o veto consti-

tucional dos republicanos. Se, inconstitucionalmente, declaraba válida a maioría simple de votos, só podía esperar dominar a revolución someténdose incondicionalmente ás ordes do poder executivo e convertía a Bonaparte no dono da Constitución, da revisión constitucional e do mesmo Partido da Orde. Unha revisión unicamente parcial, que prorrogase o mandato do presidente, abríalle o camiño á usurpación imperial. Unha revisión xeral, que acortase a vida da república, levaría as aspiracións dinásticas a un conflito inevitable, xa que as condicións para una restauración borbónica e as condicións para unha restauración orleanista non só eran distintas, senón que se excluían reciprocamente.

A *república parlamentaria* era máis que o territorio neutral no que dúas fraccións da burguesía francesa, os lexitimistas e os orleanistas, a gran propiedade da terra e a burguesía industrial, podían convivir en igualdade de condicións. Era a condición inevitable para súa dominación *conxunta*. A única forma de Estado na que o seu común interese de clase sometía simultaneamente ás aspiracións das súas fraccións internas e as das restantes clases da sociedade. Como monárquicos recaeron na súa vella rivalidade, na loita pola supremacía da propiedade da terra ou do diñeiro. A grande expresión desta rivalidade, a súa personificación, eran os reis mesmos, as súas dinastías. De aí a oposición do Partido da Orde contra a *chamada á volta dos Borbóns*.

O deputado orleanista Creton presentara periodicamente, en 1849, 1850 e 1851 a proposición de derrogar o decreto de desterro contra as familias reais. O parlamento ofrecía, tamén periodicamente, o espectáculo dunha asemblea de monárquicos que se obstinan en pecharlles aos seus reis desterrados as portas polas que poderían volver á casa. Ricardo III asasinara a Henrique VI co argumento de que este era bo de máis para este mundo cruel e o seu verdadeiro lugar estaba no ceo. Os monárquicos proclamaron a Francia ruín de máis como para ter de novo os seus reis. Obrigados pola forza das circunstancias, volvéranse

republicanos, aprobando así repetidamente a decisión do pobo de expulsar de Francia os seus reis.

A revisión da Constitución (as circunstancias obrigaban a tela en conta) poñía en cuestión, xunto coa república, a dominación conxunta das dúas fraccións da burguesía e, coa posibilidade da restauración da monarquía, resucitaba a rivalidade entre intereses antagónicos no seo da mesma e a loita pola supremacía dunha fracción sobre a outra. Os diplomáticos do Partido da Orde crían poderen dirimir a loita fundindo as dúas dinastías a través dunha suposta *fusión* dos partidos realistas e das súas respectivas casas reais. En realidade, a verdadeira fusión da Restauración e da monarquía de xullo era a república parlamentaria, na que se diluían as cores orleanistas e as lexitimistas e as diferentes variedades de burguesía desaparecían no burgués sen máis, na especie xeral do burgués. Pero agora tratábase de que o orleanista se volvese lexitimista e de que o lexitimista se volvese orleanista. Pretendíase que a realeza, na que se encarnaba o seu antagonismo, pasase a encarnar a súa unidade, que a expresión dos seus exclusivos intereses de fracción se volvese expresión dos seus comúns intereses de clase, que a monarquía fixese que o que só podía facer a república: a abolición de dúas monarquías. Esta era a pedra filosofal, cuxa febril procura lles rompía a cabeza aos doutores do Partido da Orde. Coma se a monarquía lexítima puidese devir algunha vez na monarquía do burgués industrial ou a realeza burguesa se puidese converter na monarquía da aristocracia tradicional da terra! Como se a propiedade da terra e a industria se puidesen irmandar baixo *unha* mesma Coroa, cando a Coroa só pode cinguir unha cabeza, a do irmán máis vello ou a do máis novo! Como se a burguesía industrial se puidese avir nunca cos propietarios territoriais, mentres a propiedade da terra non se decidise a industrializarse! Se Henrique V morrese mañá mesmo, o conde de París non se convertería por iso en rei dos lexitimistas, salvo que deixase de selo dos orleanistas. Con todo, os filósofos da fusión, que se

oufanaban conforme a cuestión da revisión ía gañando peso, que co xornal *Asemblée Nationale* crearan un órgano oficial diario e que nesa altura (febreiro de 1852) volven activarse politicamente, vían a explicación de todo o problema na resistencia e na rivalidade de ambas as dúas dinastías. As tentativas de reconciliar a familia Orleáns con Henrique V, iniciadas despois da morte de Luís Filipe, pero que, coma todas as intrigas dinásticas, só se representaban, polo xeral, no período de vacacións da Asemblea Nacional, nos entreactos, entre bambolinas, máis por coquetería sentimental coa vella superstición que como propósito serio, volvéronse agora accións dramáticas, representadas polo Partido da Orde na escena pública e non, como ata agora, nun mero teatro de afeccionados. Os correos voaban de París a Venecia, de Venecia a Claremont, de Claremont a París. O conde de Chambord publica un manifesto no que, «coa axuda de todos os membros da súa familia» anuncia non a súa restauración, senón a «restauración nacional». O orleanista Salvandy bótase aos pés de Henrique V. Os xefes lexitimistas Berryer, Benoist d'Azy, St. Priest peregrinan sen éxito a Claremont, a convencer os Orleans. Os fusionistas decátanse tarde de máis de que os intereses de ambas as dúas fraccións burguesas non perden en exclusivismo nin gañan en transixencia por agudizárense baixo a forma de intereses de familia, de intereses de dúas casas reais. Aínda que Henrique V recoñecera o conde de París como sucesor (único éxito que esta fusión podía obter, no mellor dos casos) a casa de Orleáns non gañaba ningún dereito que lle garantise xa a carencia de fillos de Henrique V, e en cambio perdía todos os dereitos que obtivera na revolución de xullo. Renunciaba aos seus dereitos orixinarios, a todos os títulos que lle arrincara, nunha loita case secular, á rama máis antiga da casa Borbón, e trocou a súa prerrogativa histórica, a prerrogativa da monarquía moderna, polas prerrogativas da súa árbore xenealóxica. Xa que logo, a fusión non era máis que unha abdicación voluntaria da casa de Orleáns, a súa resignación

lexitimista, a volta arrepentida da Igrexa protestante á católica. Unha resignación que, ademais, nin sequera o levaría ao trono que perdera, senón aos chanzos do trono no que nacera. Os vellos orleanistas, os ministros Guizot, Duchâtel e demais, que tamén correron cara a Claremont, a defender a fusión, só representaban de feito a modorra que deixara a revolución de xullo, a falta de fe na monarquía burguesa e na monarquía dos cidadáns, a crenza supersticiosa na lexitimidade como último amuleto contra a anarquía e a desorde. Créndose mediadores entre os Orleáns e os Borbóns, non eran en realidade máis que orleanistas apóstatas, e como tales os recibiu o príncipe de Joinville. Por contra, o sector viable e loitador dos orleanistas, Thiers, Baze, etc. convenceu con facilidade a familia de Luís Filipe de que, se toda a Restauración monárquica inmediata presupoñía a fusión das dúas dinastías, esta á súa vez requiría a abdicación da casa de Orleáns. En cambio, correspondía enteiramente á tradición dos seus antepasados o recoñecemento provisional da república, agardando ata os acontecementos o permitiren, transformar a cadeira presidencial nun trono monárquico. A candidatura de Joinville á presidencia foi difundida pola vía do rumor, mantendo en suspense a opinión pública e uns meses máis tarde, en setembro, despois de se rexeitar a revisión constitucional, foi publicamente proclamada.

Deste xeito non só fracasara a tentativa dunha fusión realista entre orleanistas e lexitimistas; rachouse tamén a súa *fusión parlamentaria*, a súa forma común republicana ao esgazar de novo o Partido da Orde nos seus compoñentes dinásticos orixinarios. Pero canto máis medraba o distanciamento entre Claremont e Venecia, canto máis medraban as súas desavinzas e a axitación en favor de Joinville se foi espallando por toda Francia, tanto máis urxentes e serias se volveron as negociacións entre Faucher, o ministro de Bonaparte, e os lexitimistas.

A disolución do Partido da Orde non se detivo nos seus elementos fundadores. Cada unha das dúas grandes fraccións

dividiuse internamente de novo. Era como se todas as vellas particularidades que antigamente se combateran no interior de cada un dos dous campos, o lexitimista e o orleanista, renacesen, como lles sucede aos infusorios secos en contacto coa auga; como se recuperasen forzas dabondo para formar grupos propios e antagonismos independentes. Os lexitimistas víanse levar en soños ás vellas polémicas entre as Tullerías e o pavillón Marsan, entre Villèle e Polignac. Os orleanistas, á súa vez, revivían a idade de ouro dos torneos entre Guizot, Molé, Broglie e Odilon Barrot.

O sector revisionista do Partido da Orde, aínda discordando tamén sobre os límites da revisión constitucional, composto polos lexitimistas do grupo de Barrier e Falloux, por unha parte, e, pola outra, por La Rochejacquelein e os orleanistas cansados de loitar baixo Molé, Broglie, Montalembert e Odilón Barrot, acordou cos representantes bonapartistas a seguinte vaga e ampla proposición: «Os deputados abaixo asinantes, coa finalidade de restituír á nación o pleno exercicio da súa soberanía, presentan a moción de que a Constitución sexa revisada».

Non obstante, ao mesmo tempo, declaraban unanimemente, a través do seu voceiro, Tocqueville, que a Asemblea Nacional non tiña dereito a solicitar a *abolición da república*, xa que este dereito só lle correspondía á cámara encargada da revisión. Que, ademais, a Constitución só podía ser modificada pola *vía legal*, por tanto só cando contase coas tres cuartas partes dos votos da cámara os constitucionalmente previstos. Despois de seis días de alporizados debates, o 19 de xullo, a revisión constitucional, tal como era previsible, foi rexeitada. Votaron a favor 446, pero en contra 278. Os orleanistas máis decididos, Thiers, Changarnier etc., votaron cos republicanos e a Montaña.

Deste xeito, a maioría do parlamento declarábase en contra da Constitución, mais a Constitución mesma lexitimaba, pola súa parte, a posición da minoría e declaraba o seu acordo vinculante. Pero acaso non supeditara o Partido da Orde a Constitución á

maioría parlamentaria o 31 de maio de 1850 e o 13 de xuño de 1849? Non repousaba toda a súa política precedente no sometemento da letra dos artigos constitucionais aos acordos parlamentarios da maioría? Non lles deixara aos demócratas a superstición veterotestamentaria da letra da lei para despois castigalos por ela? Mais naquel momento a revisión constitucional non significaba outra cosa que a continuación do poder presidencial, do mesmo xeito que a persistencia da Constitución implicaba a destitución de Bonaparte. Velaí o paradoxo: o Parlamento declarárase a favor do presidente, pero a Constitución declarárase contra o Parlamento. Bonaparte actuou, pois, no sentido do parlamento cando vulnerou a Constitución, e no sentido da Constitución cando disolveu o Parlamento.

O Parlamento declarara a Constitución e con ela a súa propia dominación como «fóra da maioría»; coa súa decisión derrogara a Constitución e, ao mesmo tempo, prorrogara os poderes presidenciais, declarando coa mesma que nin aquela podía morrer nin estes poderes vivir mentres el mesmo persistise. Os que deberían de enterralo estaban diante da porta. Mentres o parlamento debatía sobre a revisión constitucional, Bonaparte retiroulle ao xeneral Baraguay d'Hilliers, que se amosaba indeciso, o mando da primeira división, nomeando para substituílo o xeneral Magnan, o vencedor de Lyon, o heroe das xornadas de decembro, unha das súas criaturas, que xa baixo Luís Filipe se comprometera con el no asunto da expedición de Boulogne.

O Partido da Orde demostrou co seu acordo sobre a revisión constitucional que non era quen de gobernar nin de servir, nin de vivir nin de morrer, nin de apoiar a república nin de afundila, nin de manter en pé a Constitución nin de acabar con ela, nin de cooperar co presidente nin de rematar con el. De quen esperaba, entón, a solución de todas as contradicións?: do calendario, da marcha dos acontecementos. O partido deixou de intervir politicamente nos acontecementos. Desafiou os acontecementos a que se lle impuxesen pola forza, retando así o poder

presidencial, ao que na súa loita contra o pobo lle fora cedendo un atributo tras doutro, ata que el mesmo se viu na impotencia máis absoluta, desprovisto de poder algún. Para que o xefe do poder executivo puidese deseñar o plan de ataque contra el con maior comodidade, reforzar os seus medios de ataque, escoller as súas armas, consolidar as súas posicións, o partido acordou, xustamente neste crítico momento, retirarse da escena e suspender as sesións da Asemblea durante tres meses, do 10 de agosto ao 4 de novembro.

O partido parlamentario non só se desdobrara en dúas gran*des fraccións, cada unha das cales se esfarelou á súa vez, senón que o Partido da Orde dentro* do Parlamento estaba enfrontado ao partido da Orde de *fóra* do Parlamento. Os voceiros e os plumíferos da burguesía, as súas tribunas e a súa prensa, nunha palabra, os ideólogos da burguesía e a mesma burguesía, os representantes e os representados, xa non se comunicaban nin se entendían entre si.

Os lexitimistas das provincias, co seu limitado horizonte e o seu apoucado entusiasmo, culpaban os seus líderes parlamentarios, Berrier e Falloux, de deserción ao campo bonapartista e da caída de Henrique V. O seu entendemento de flor de lis cría no pecado orixinal e non na diplomacia. Incomparablemente máis funesta e máis decisiva era a ruptura da burguesía comercial cos seus políticos, aos que lles reprochaba, non coma os lexitimistas aos seus, teren abandonado os principios senón, ao contrario, térense mantido fieis a principios que tornaran inútiles.

Xa aludín máis arriba a que, desde a entrada de Fould no Mministerio, a fracción da burguesía comercial que collera a parte do león do poder de Luís Filipe, se convertera na *aristocracia financeira* bonapartista. Fould non só representaba os intereses de Bonaparte na bolsa, senón que representaba ao mesmo tempo os intereses da bolsa a carón de Bonaparte. A posición da aristocracia financeira é descrita do xeito máis concluínte nunha cita do seu órgano europeo, o *The Economist*

londiniense. No seu número do 1 de febreiro de 1851 publica a seguinte noticia de París:

> Agora constatamos en todos os círculos que Francia precisa ante todo tranquilidade. O presidente declárao na súa mensaxe á Asemblea Lexislativa, a tribuna nacional faise eco, os xornais asegúrano todos os días, tamén é proclamado desde o púlpito, demóstrano a sensibilidade dos valores do Estado ante a máis pequena expectativa de desorde e a súa firmeza en canto triunfa o poder executivo.

No seu número do 29 de novembro de 1851 o mesmo *The Economist* declara no seu propio nome: «En todas as bolsas de Europa recoñécese agora o presidente de Francia como o gardián da orde».

Xa que logo, a aristocracia financeira condenaba a loita parlamentaria do Partido da Orde contra o poder executivo, precisamente, como unha *alteración da orde* e celebraba cada vitoria do presidente sobre os supostos representantes daquel. Por aristocracia financeira hai que entender aquí non só os grandes empresarios prestamistas e os especuladores en valores do Estado, dos que se comprende inmediatamente que o seu interese coincide co interese do poder público. Todo o negocio pecuniario moderno, toda a economía bancaria está intimamente entretecida co crédito público. Unha parte deste capital activo invístese en valores do Estado, que dan bos réditos e resultan facilmente convertibles. Os seus depósitos, o capital posto á súa disposición e distribuído por eles entre os comerciantes e os industriais provén en parte dos dividendos dos rendistas do Estado. Se en todas as épocas a estabilidade do poder público é a garantía básica para todo o mercado monetario e os seus sacerdotes, como non vai selo hoxe en día, cando un diluvio ameaza con arrasar os vellos Estados canda as vellas débedas dos Estados?

Tamén á *burguesía industrial*, no seu fanatismo pola orde, a irritaban as querelas do partido parlamentario da orde co poder

executivo. Despois do seu voto do 18 de xaneiro con motivo da destitución de Changarnier, Thiers, Anglès, Sainte-Beuve, etc. recibiron correctivos públicos, procedentes precisamente dos seus máis importantes representantes dos distritos industriais, nos que se criticaba sobre todo a súa coalición coa Montaña como un delito de alta traizón contra a orde. Se por unha parte vimos que os alardes de presunción, as mesquiñas intrigas, en que se manifestaba a loita do Partido da Orde contra o presidente non merecían que se lles prestara máis atención, por outra banda era este partido burgués o que lles esixía aos seus representantes deixaren transitar, sen opoñeren resistencia algunha, o poder militar das mans do seu propio Parlamento ás mans dun pretendente aventureiro. Non estaba á altura nin sequera das intrigas que se malgastaban no seu interese. Demostraba co seu comportamento que a loita en defensa do seu interese *público*, do seu propio *interese de clase*, do o seu poder *político*, na medida que era unha perturbación do seu negocio privado, só lle proporcionaba molestias e desgustos.

Polo demais, os dignitarios burgueses das cidades departamentais, os maxistrados, os xuíces de comercio, etc., recibían a Bonaparte durante as súas xiras presidenciais, practicamente sen excepción, do xeito máis servil, mesmo como cando en Dijon atacou sen miramentos a Asemblea Nacional e en especial ao Partido da Orde.

Cando o comercio prosperaba, como era o caso aínda a primeiros de 1851, a burguesía comercial manifestaba a súa xenreira contra todo canto fose loita parlamentaria, non fose ser que o comercio perdese o seu alento. Cando lle ía mal ao comercio, como foi permanentemente o caso desde finais de febreiro de 1851, culpaba as loitas parlamentarias de seren as causantes do estancamento, clamando para que baixase o ton do alporizamento e o comercio se puidese relanzar. Os debates sobre a revisión constitucional coincidiron xusto neste mal intre. Como se trataba do ser ou non ser da existente forma de goberno, a

burguesía sentiuse máis autorizada aínda para esixir aos seus representantes a fin daquela atormentada situación provisional e o mantemento a toda costa do *statu quo*. Non se trataba de ningunha contradición. Por «poñer fin a aquela situación provisional» a burguesía entendía xustamente a súa perpetuación no poder, ou sexa o adiamento da toma de decisión ata un futuro remoto. O *statu quo* só se podía manter por dúas vías: mediante o prolongamento do poder de Bonaparte ou mediante a dimisión constitucional deste e a elección de Cavaignac. Unha parte da burguesía desexaba a segunda solución e non viu mellor consello que dicirlles aos seus representantes que calasen, sen tocaren o punto candente. Se os seus representantes non falasen, pensaban eles, Bonaparte non actuará. Querían un Parlamento avestruz, que agachase a cabeza para seguir sendo invisible. Outra parte da burguesía desexaba que Bonaparte, xa que estaba sentado na cadeira presidencial, seguise sentado nela para que non cambiase nada. Poñíaos fóra de si que o seu Parlamento non violase abertamente a Constitución e non dimitise sen máis voltas.

Os consellos xerais dos departamentos, outras tantas representacións provinciais da gran burguesía, que se reuniron durante as vacacións da Asemblea Nacional a partir do 25 de agosto, declaráronse case unanimemente favorables á revisión constitucional e, xa que logo, contra o Parlamento e a favor de Bonaparte.

Aínda máis inequivocamente que o desencontro cos seus *representantes parlamentarios*, a burguesía proxectou a súa ira sobre os seus representantes literarios, sobre a súa propia prensa. As condenas a multas exorbitantes e a desvergoñadas penas de prisión coas que os xurados burgueses castigaban todo ataque dos xornalistas burgueses contra os apetitos usurpadores de Bonaparte, todo intento da prensa de defender os dereitos políticos da burguesía contra o poder executivo, deixaron atónita non só a Francia, senón a Europa enteira.

Como xa teño dito, o *Partido parlamentario da Orde*, cos seus berros esixindo tranquilidade, se condenaba a si mesmo

á inacción se declaraba a dominación política da burguesía incompatible coa seguridade, destruíndo coa súa propia man, na loita contra as outras clases da sociedade, todas as condicións do seu propio réxime de dominación, do réxime parlamentario. Pola súa parte, a *masa extraparlamentaria da burguesía*, co seu servilismo cara ao presidente, cos seus insultos ao Parlamento, co trato brutal á súa propia prensa, empurraba a Bonaparte a oprimir, a aniquilar os seus voceiros e escritores que defendían pola palabra ou pola escrita os seus intereses, os seus políticos e os seus plumíferos, a súa tribuna e a súa prensa, para así poder entregarse en total confianza, baixo a protección dun goberno forte e absoluto, á atención dos seus negocios privados. En definitiva, declaraba inequivocamente que ardía en desexos de liberarse do seu propio poder político, para desfacerse das penas e os perigos do poder.

E esta burguesía, que se rebelara xa contra a loita puramente parlamentaria e literaria en interese da dominación da súa clase, e traizoara os líderes desta loita, atrévese agora a acusar *a posteriori* o proletariado por non se ter alzado con ela á loita cruenta, á loita a vida ou morte! Ela, que en todo momento sacrificou o seu interese xeral de clase, é dicir o seu interese político polo máis ruín e miserento interese privado, esixíndolle aos seus representantes un sacrificio igual, ela… quéixase agora de que o proletariado sacrificase os intereses políticos ideais da burguesía ante os intereses materiais da clase obreira. Compórtase coma unha alma cándida, á que o proletariado, desnortado polos socialistas, no soubo comprender e deixou abandonada no intre decisivo. E atopa un eco xeneralizado no mundo burgués. Non me refiro, naturalmente, aos políticos de salón e ideólogos de taberna alemáns. Refírome, por exemplo, ao mesmo *The Economist* que aínda o 29 de novembro de 1851, é dicir catro días antes do golpe de Estado, proclamara a Bonaparte «gardián da orde», declarara a Thiers e Berryer «anarquistas», e xa o 27 de novembro de 1851, despois de que Bonaparte reducira á calma a aque-

les «anarquistas», berra contra a traizón que terían cometido as «ignorantes, incultas e estúpidas masas proletarias contra o enxeño, os coñecementos, a disciplina, a influencia espiritual, os recursos intelectuais e o peso moral das capas medias e elevadas da sociedade francesa». A única masa estúpida, ignorante e vil, naquela altura, non foi outra que a propia masa burguesa.

É certo que en 1851 Francia vivira unha especie de pequena crise comercial. A finais de febreiro deixouse notar unha redución do volume de exportacións con respecto a 1850; en marzo resentiuse o comercio e comezaron a pechar fábricas; en abril a situación dos departamentos industrializados parecía tan desesperada como a que seguiu ás xornadas de febreiro; en maio os negocios aínda non se recuperaran; aínda o 28 de xuño a carteira do Banco de Francia, co seu enorme crecemento dos depósitos e o seu non menos grande descenso dos descontos de letras, revelaba o estancamento da produción e ata a metade de outubro non se volveu producir unha mellora progresiva nos negocios. A burguesía francesa vía a explicación deste estancamento do comercio en razóns puramente políticas, a saber, na loita entre o Parlamento e o poder executivo, na falta de estabilidade dunha forma de goberno só provisoria, coa perspectiva pavorosa do segundo domingo de maio de 1852. Non é a miña intención negar que todas estas circunstancias pesaban gravemente sobre algún sectores empresariais en París e nos departamentos. Mais, en calquera caso, a influencia das circunstancias políticas exercíase a escala meramente local e tivo escasa importancia. Será precisa máis proba que o feito de que a mellora se produciu precisamente a mediados de outubro, no intre no que a situación política empeoraba, o horizonte político se escurecía e en todo momento se esperaba que caese un raio do Elíseo? O burgués de Francia, cuxo «enxeño, coñecementos, penetración espiritual e recursos intelectuais» non van máis alá do que alcanza o seu nariz, podía por certo darse de narices, durante o tempo que durou a Exposición Industrial de Londres, contra a verdadeira

causa da súa miseria comercial. Mentres en Francia se pechaban as fábricas, en Inglaterra proliferaban as bancarrotas comerciais. Mentres en abril e maio o pánico industrial acadaba o seu punto álxido en Francia, o pánico comercial acadaba o seu apoxeo en Inglaterra. A industria da la inglesa pasábao tan mal como a francesa. Outro tanto pasaba nos dous países coa industria da seda. E se as factorías algodoeiras inglesas seguían traballando, non o facían co mesmo proveito que en 1849 e 1850. A diferenza era só que a crise en Francia era industrial e en Inglaterra comercial; que mentres en Francia as fábricas pechaban, en Inglaterra ampliábanse, aínda que baixo condicións máis desfavorables que nos anos precedentes; que mentres en Francia foi a exportación a que sufriu os golpes máis fortes, en Inglaterra sufriunos a importación. A causa común, que, naturalmente, non se ten que procurar dentro dos límites do horizonte político francés, era manifesta. Os anos 1849 e 1850 eran anos da maior prosperidade industrial e dunha sobreprodución que só se manifestou como tal en 1851. A primeiros deste ano aínda se fomentou de modo especial con vistas á Exposición Industrial de Londres. Hai que engadir como circunstancias peculiares, primeiro, a mala colleita de algodón de 1850 e 1851, despois a seguridade dunha colleita algodoeira máis grande do que se esperaba; primeiro a suba e despois a caída brusca: nunha palabra, as oscilacións do prezo do algodón. A colleita da seda en bruto aínda fora, polo menos en Francia, máis baixa da media. Finalmente, a manufactura da la estendérase tanto desde 1848, que a produción non lle podía dar abasto e o prezo da la en bruto subiu desproporcionadamente en relación co prezo dos artigos de la industriais. Xa que logo, na materia prima —algodón, la e seda— de tres industrias clave do mercado mundial temos xa un triplo motivo para o estancamento do comercio. Deixando a un lado estas condicións especiais, a crise aparente do ano 1851 non era máis que unha fase da *crise comercial xeral*, un alto no camiño que recorre o ciclo industrial enxergado pola sobreprodución e a sobreespeculación, para logo

acumular enerxías coas que percorrer febrilmente o derradeiro tramo do ciclo e volver de novo ao punto de partida. Nestes intervalos da historia do comercio, estalan en Inglaterra bancarrotas comerciais, mentres en Francia se paraliza a industria mesma, en parte pola cada vez máis insoportable competencia inglesa en todos os mercados e en parte por ser unha industria de luxo, sensible preferentemente ás consecuencias de calquera paralización dos negocios. Así, Francia atravesa ademais das crises xerais a súa propia crise comercial, que, con todo, está moito máis determinada polo estado xeral do mercado mundial que polas influencias locais francesas. Non deixará de ser interesante contrastar o prexuízo do burgués francés co xuízo do burgués inglés. Unha das máis grandes casas de Liverpool escribe na súa memoria comercial anual de 1851:

> Poucos anos sorprenderon máis os prognósticos feitos ao seu inicio ca este que acaba de pasar; en vez da gran prosperidade, que se prevía case unanimemente, revelouse coma un dos anos máis penosos do último cuarto de século. Isto vale, naturalmente, para as clases mercantís e non para as industriais. E, con todo, ao inicio do ano había sen dúbida razóns para pensar o contrario: as reservas de mercadorías eran escasas, o capital abundante, as subsistencias baratas, un outono próspero estaba asegurado; había unha paz ininterrompida no continente e ausencia de problemas políticos ou comerciais no país. Efectivamente, as ás do comercio nunca tan libres se viran para voar… A quen atribuír, entón, este resultado desfavorable? Nós cremos que ao exceso de comercio, tanto en importacións como en exportacións. Se os nosos comerciantes non poñen por si mesmos límites máis estreitos á súa actividade, nada nos poderá manter sobre os carrís máis que unha crise de pánico cada tres anos.

Imaxinemos agora o burgués de Francia, no medio deste pánico dos negocios co seu cerebro doente polo comercio, torturado,

atordado polos rumores de golpe de Estado e de restablecemento do sufraxio universal, pola pelexa entre o Parlamento e o poder executivo, pola guerra da Fronda dos orleanistas e dos lexitimistas, polas conspiracións comunistas do sur de Francia e as supostas *jacqueries*[8] dos departamentos da Nièvre e do Cher, polos reclamos dos distintos candidatos á presidencia, polas consignas sensacionalistas dos xornais, polas ameazas dos republicanos de defenderen coas armas na man a Constitución e o sufraxio universal, polos evanxeos dos heroes emigrados *in partibus*, que anunciaban a fin do mundo para o segundo domingo de maio de 1852... e comprenderemos as razóns polas que o burgués, nesta indicible e enxordecedora confusión, revisión, prorrogación, constitución, coalición, emigración, usurpación e revolución lle berra coma un tolo á súa república parlamentaria: «Antes un fin terrible que un terror sen fin!».

Bonaparte comprendeu perfectamente este berro. A súa capacidade de comprensión viuse aguzada pola crecente presión dos seus acredores, que en cada solpor que ía achegando ao día do vencemento, o segundo domingo de maio de 1852, vían unha protesta no movemento dos astros contra as súas letras de cambio terreais. Volvéranse auténticos astrólogos. A Asemblea Nacional frustráralle a Bonaparte a esperanza dunha prórroga constitucional do seu poder, a candidatura do príncipe de Joinville non permitía seguir calando a boca.

Se nalgunha ocasión houbo un acontecemento que deitase ante si unha sombra moito tempo antes de se producir, foi o golpe de Estado de Bonaparte. Xa o 29 de xaneiro e 1849, un mes escaso despois da súa elección, fíxolle unha proposta neste sentido a Changarnier. O seu propio primeiro ministro, Odilon Barrot, denunciara polo baixo no verán de 1849 e Thiers o fixera abertamente no inverno de 1850, a política de golpe de Estado.

[8] *Jacquerie*: revolta dos campesiños. Referencia á *jacquerie* do século XIV en Francia no marco da guerra dos Cen Anos. A *jacquerie* rematou en 1358 coa matanza de milleiros de labregos ás mans da nobleza (N. dos T.).

En maio de 1851, Persigny tratara unha vez máis de gañar a Changarnier para o golpe, negociacións que foron feitas públicas polo *Messager de l'Assamblée*. Os xornais bonapartistas ameazaban cun golpe de Estado con cada liorta parlamentaria e, canto máis se achegaba a crise, máis se elevaba o seu ton. Nas orxías que Bonaparte celebraba cada noite coa *swell mob*[9] masculina e feminina, en canto a media noite se achegaba e as copiosas libacións ceibaban as linguas e facían ferver a fantasía, apalabrábase o golpe de Estado para o día seguinte. Desenvaiñábanse as espadas, tintinaban os vasos, os deputados saían voando polas fiestras e o manto imperial caía sobre os ombreiros de Bonaparte ata que a mañá seguinte escorrentaba a pantasma e o asombrado París informábase, pola boca de vestais pouco reservadas e de indiscretos paladíns, do perigo do que unha vez máis se librara. No curso dos meses de setembro e outubro amoreábanse os rumores dun *coup d'état*. Ao mesmo tempo, a sombra ía cobrando cor, coma un daguerrotipo iluminado. Se se repasan as edicións de setembro e outubro dos órganos da prensa diaria europea, encontraranse textualmente noticias deste perfil: «París está inzada de rumores dun golpe de Estado. Dise que a capital se encherá de tropas durante a noite e que a mañá seguinte traerá consigo decretos de disolución da Asemblea Nacional, declarando o departamento do Sena en estado de sitio, restaurando o sufraxio universal e apelando ao pobo. Dise que Bonaparte busca ministros para levar adiante a execución destes decretos ilegais». Os correspondentes que facilitan esas novas, rematan sempre fatalmente coa palabra *adiado*. O golpe de Estado foi sempre a idea fixa de Bonaparte. Con esta idea na cabeza volvera pisar o chan de Francia. Estaba tan posuído por ela que a revelaba e lle escapaba en conversas continuamente. Era tan feble que tamén a volvía a desbotar en cada ocasión. A sombra do golpe de Estado fixéraselles tan familiar aos parisi-

9 Chusma de estafadores (N. dos T.).

nos como unha pantasma que, cando finalmente se apareceu en carne e óso diante deles, non querían crer nela. Así pois, non foi a hermética discreción do xefe da Sociedade do 10 de Decembro, nin o insospeitado asalto da Asemblea Nacional o que fixo triunfar o golpe de Estado. Se triunfou, fíxoo a pesar da clamorosa indiscreción *daquel* e co coñecemento previo *desta*, como o resultado necesario e inevitable do proceso precedente.

O 10 de outubro Bonaparte comunicou aos seus ministros a decisión de reinstaurar o dereito de sufraxio universal, o 16 estes presentaron a súa dimisión e o 26 París decatouse de súpeto da formación do ministerio Thoringy. O prefecto de policía, Carlier, foi cesado ó mesmo tempo e substituído por Maupas; o xefe da primeira división militar, Magnan, concentrou na capital os rexementos máis fieis. O 4 de novembro a Asemblea Nacional reanudou as súas sesións. Xa non tiña outra cousa que facer que repetir brevemente as sucintas leccións que lle aprenderan no curso que tiña rematado e demostrar que fora enterrada só despois de morrer.

O primeiro posto que perdera na súa loita contra o poder executivo fora o ministerio. Tivo que recoñecer solemnemente esta perda, aceptando como plenamente válido o fantasmal ministerio Thorigny. Ao mesmo tempo a comisión permanente acollera con risas o señor Giraud cando este se presentou no nome dos novos ministros. Un ministerio feble dabondo para medidas tan severas como a restauración do sufraxio universal! Mais tratábase precisamente de non sacar nada adiante *no* parlamento, senón de impoñelo *contra* o Parlamento.

Xa o primeiro día da súa reapertura, a Asemblea Nacional recibiu a mensaxe na que Napoleón lle esixía a restauración do sufraxio universal e a derrogación da lei do 31 de maio de 1850. Os seus ministros presentaron o mesmo día un decreto neste sentido. A Asemblea rexeitou inmediatamente a solicitude urxente dos ministros e, o 13 de novembro, o proxecto de lei por 355 votos contra 348. Deste xeito a Asemblea rachou unha

vez máis o seu mandato, volveu confirmar que deixara de ser a representación libremente elixida do pobo para transformarse no Parlamento usurpador dunha clase, confesando, unha vez máis, que ela mesma tronzara pola súa propia man os músculos que unían a cabeza parlamentaria co corpo da nación.

Se o poder executivo, propoñendo a restauración do sufraxio universal, apelaba á Asemblea Nacional, ao pobo, o poder lexislativo, co seu proxecto de lei sobre os cuestores, apelaba do pobo ao exército. Esta lei dos cuestores debería fixar o dereito da Asemblea á requisición directa de tropas, á creación dun exército parlamentario. Erixindo así o exército en árbitro entre ela e o pobo, entre ela e Bonaparte, recoñecendo o exército como o poder decisivo do Estado, tiña necesariamente que confirmar, por outra parte, que xa moito tempo antes renunciara á súa aspiración a mandar sobre o exército. Cando, en vez de requirir inmediatamente as tropas, debateu sobre o dereito de requisición, puxo en evidencia as dúbidas que abrigaba sobre o seu propio poder. Ao rexeitar a lei dos cuestores, confesaba abertamente a súa impotencia. Esta lei caeu cunha minoría de 108 votos; foi decisivo o voto da Montaña, que se atopaba así na situación do asno de Buridán, non precisamente entre dous sacos de grao, tendo que decidir cal deles prefire, senón entre dúas sobas de fungueirazos, ignorando cal delas sería a que máis mancaba. Por un lado o medo a Changarnier e polo outro o medo a Bonaparte. Hai que recoñecer que a situación non era nada heroica.

O 18 de novembro propúxose unha emenda á lei sobre as eleccións municipais presentada polo Partido da Orde, na que se dispoñía que en vez de tres abondaría cun único ano de domicilio para o exercicio do dereito de voto. A emenda foi rexeitada por un so voto, que despois se demostrou que fora produto dun erro. O Partido da Orde, esnaquizado en fraccións inimigas entre si, perdera desde había moito tempo a súa propia maioría parlamentar e agora facía ver que no Parlamento xa non existía maioría

algunha. A Asemblea Nacional era, así, *incapaz de tomar acordos*. Os seus compoñentes atomísticos xa non se mantiñan unidos por ningunha forza cohesiva, consumira o seu derradeiro hálito de vida; estaba morta.

Finalmente, a masa extra parlamentaria da burguesía ía confirmar solemnemente unha vez máis, uns poucos días antes da catástrofe, o seu divorcio coa burguesía dentro do Parlamento. Thiers, como heroe parlamentario, contaxiado coa doenza incurable do cretinismo parlamentario, xa maquinara despois da morte do Parlamento unha nova manobra parlamentaria co Consello de Estado: unha lei de Responsabilidade, que debería manter o presidente dentro dos límites da Constitución. Do mesmo xeito que o 15 de setembro, na festa de colocación da primeira pedra do novo mercado de París, Bonaparte deixara fascinadas ás *dames des Halles*, ás pescas, coma un segundo *Masaniello* (aínda que é evidente que unha soa destas peixeiras valía, en forza efectiva, por 17 burgueses); do mesmo xeito que, despois de presentada a lei sobre os cuestores, entusiasmaba os tenentes agasallados no Elíseo; tamén agora, o 25 de novembro, arrastrou consigo a burguesía industrial reunida no circo para recibir das súas mans as medallas dos premios da Exposición Industrial de Londres. Reproducirei a continuación a parte mais significativa do seu discurso, tomada do *Journal des Débats*.

> Con éxitos tan inesperados, síntome autorizado para repetir ata que punto sería grande a República Francesa se lle fose consentido defender os seus intereses reais e reformar as súas institucións, en vez de verse constantemente perturbada, dun lado, polos demagogos e, do outro, polas alucinacións monárquicas (grandes, atronadores e repetidos aplausos desde todas as partes do anfiteatro). As alucinacións monárquicas impiden todo progreso e todo desenvolvemento industrial serio. En vez de progreso só achegan loita. Vense homes que antes eran os máis celosos apoios

> da autoridade e das prerrogativas reais e que hoxe son partidarios dunha Convención só para debilitar a autoridade xurdida do exercicio do sufraxio universal (grandes e reiterados aplausos). Vemos homes que sufriron máis ca ninguén por causa da revolución e que máis ca ninguén a lamentaron e que despois provocaron unha nova, sen máis obxectivo que encadear a vontade da nación… Eu prométovos tranquilidade para o porvir, etc., etc. (Bravo!, Bravo! Atronadores aplausos).

Así lle aplaude a burguesía industrial coa súa aclamación máis servil ao golpe de Estado do 2 de decembro, a aniquilación do Parlamento, o afundimento da súa propia dominación, á ditadura de Bonaparte. A tempestade de aplausos do 25 de novembro tivo a súa resposta na descarga de artillaría do 4 de decembro, e a maioría das bombas foron estourar na casa do señor Sallandrouce, en cuxa garganta tamén resoaran a maior parte das aclamacións na Asemblea.

Cando Cromwell disolveu o Parlamento Longo[10] dirixiuse so ao centro do salón de sesións, sacou o seu reloxo para que aquel non existise un só minuto máis aló do prazo que el mesmo lle fixara e foi botando do salón os deputados, un por un, con insultos ocorrentes e humorísticos. Napoleón, de menor envergadura que o seu modelo, o 18 de Brumario acudiu polo menos ao corpo lexislativo e leu, aínda que con voz entrecortada, a súa sentenza de morte. O segundo Bonaparte, que por certo dispoñía dun poder executivo moi diferente do de Cromwell ou Napoleón, buscou o seu prototipo non nos anais da historia universal senón nos da Sociedade do 10 de Decembro, é dicir, nos anais da historia criminal. Róuballe ao Banco de Francia 25 millóns de francos, compra o xeneral Magnan por un millón, os soldados un por un

[10] *Long Parliament* (outubro 1640-abril 1660). Denominación do quinto parlamento convocado por Carlos I de Inglaterra. A súa autodisolución foi forzada por Monk o 16 de abril de 1660. O rei xa fora decapitado en Londres o 30 de xaneiro de 1649 (N. dos T.).

con 15 francos e augardente, xúntase de noite ás agachadas cos seus cómplices, e coma un ladrón manda asaltar as casas dos parlamentarios máis perigosos, sacándoos das súas camas a punta de baioneta, a Cavaignac, Lamoricière, Le Flô, Changarnier, Charras, Thiers, Baze, entre outros. Finalmente, ordena ocupar as principais prazas de París e o edificio do Parlamento con tropas e pegar pola mañá en todas as paredes da capital carteis propagandísticos, nos que se proclama a disolución da Asemblea Nacional e do Consello de Estado, a restauración do sufraxio universal e a declaración do estado de sitio no departamento do Sena. Pouco despois insire no *Moniteur* un documento falso, segundo o cal influentes persoeiros parlamentarios se terían congregado arredor del nun Consello de Estado.

Os restos do Parlamento congregados na casa do concello do décimo distrito de París, composto principalmente por lexitimistas e orleanistas, entre berros de «Viva a república!», acordan a destitución de Bonaparte, arengan infrutuosamente á masa de papamoscas miróns congregados diante do edificio e, finalmente, escoltados por tiradores de elite africanos, son levados á forza ao cuartel de Orsay. Máis tarde, amoreados en coches celulares, son conducidos aos cárceres de Mazas, Ham e Vincennes. Foi así como acabaron de vez o Partido da Orde, a Asemblea Lexislativa e a revolución de febreiro. Antes de concluír, velaquí o esquema da súa historia:

Primeiro período. Do 24 de febreiro ao 4 de marzo de 1848. Período de febreiro. Prólogo. Farsa de fraternidade xeral.

Segundo período. Período da constitución da República e da Asemblea Nacional Constituínte.

4 de maio a 25 de xuño de 1848. Loita de todas as clases contra o proletariado. Derrota do proletariado nas xornadas de xuño.

25 de xuño a 10 de decembro. Ditadura dos republicanos burgueses puros. Redacción do proxecto da Constitución. Declaración do estado de sitio sobre París. O 10 de decembro é eliminada a ditadura burguesa coa elección de Bonaparte como presidente.

20 de decembro de 1848 ata 28 de maio de 1849. Loita da Constituínte con Bonaparte e co Partido da Orde coligado con el. Caída da Constituínte. Derrota da burguesía republicana.

Terceiro período. Período da *república constitucional* e da *Asemblea Nacional Lexislativa*.

28 de maio de 1849 ao 13 de xuño de 1849. Loita dos pequenos burgueses contra a burguesía e contra Bonaparte. Derrota da democracia pequenoburguesa.

Do 13 de xuño de 1849 ao 31 de marzo de 1850. Ditadura parlamentaria do Partido da Orde. Coroa a súa dominación coa abolición do sufraxio universal.

Do 31 de maio de 1850 ao 2 de decembro de 1851. Loita entre a burguesía parlamentaria e Bonaparte.

Do 31 de maio de 1850 ao 12 de xaneiro do 1851. O Parlamento perde o alto mando sobre o exército.

Do 12 de xaneiro ao 11 de abril de 1851. O Parlamento fracasa nas súas tentativas por volver facerse co poder administrativo. O Partido da Orde perde a súa maioría parlamentaria. Coalición do Partido da Orde cos republicanos e a Montaña.

Do 11 de abril ao 9 de outubro de 1851. Tentativas de revisión, de fusión, de prórroga de poderes. O Partido da Orde descomponse nos seus elementos orixinarios. Ruptura definitiva do Parlamento burgués e da prensa burguesa coa masa da burguesía.

Do 9 de outubro ao 2 de decembro de 1851. Ruptura franca entre o Parlamento e o poder executivo. O Parlamento consuma a súa defunción e sucumbe, abandonado pola súa propia clase, polo exército e polas demais clases. Afundimento do réxime parlamentario e da dominación burguesa. Triunfo de Bonaparte. Parodia de restauración imperial.

VII

A *república social* apareceu como frase, como profecía, no limiar da revolución de febreiro. Nas xornadas de xullo de 1848 foi afogada no sangue do proletariado de París. Porén, aparece nos restantes actos do drama como unha pantasma. Anúnciase a *república democrática*. Esfúmase o 13 de xuño de 1849, cos seus pequenos burgueses fuxidíos, que, aínda así, na súa fuxida van deixando tras de si reclamos dobremente célebres. A *república parlamentaria*, coa súa burguesía á fronte, aprópiase de toda a escena, apura a súa vida en total plenitude, mais o 2 de decembro de 1851 dálle sepultura baixo o berro angustioso dos monárquicos coligados: Viva a república!

A burguesía francesa que se rebelaba contra a dominación do proletariado, levou o lumpenproletariado ao poder, co xefe da Sociedade do 10 de Decembro á cabeza. A burguesía mantiña a Francia no afogo dun medo permanente dos futuros espantos da anarquía vermella; Bonaparte aforroulle este porvir cando o 4 de decembro fixo que o exército da Orde, estimulado pola augardente, tirotease aos distinguidos burgueses do bulevar Montparnasse e do bulevar dos Italianos, que estaban asomados ás súas fiestras. A burguesía fixo a apoteose do sabre e o sabre mandou sobre ela. Aniquilou a prensa revolucionaria e agora ve pechada a súa propia prensa. Ela puxo as asembleas populares baixo o control da policía; agora mesmo os seus salóns están sometidos a vixilancia policial. A burguesía disolveu a Garda Nacional democrática; e a súa propia Garda Nacional foi pouco despois disolvida. Decretou o estado de sitio contra o pobo e o estado de sitio foi decretado contra ela. Suplantou os xurados con comisións militares; e os seus propios xurados foron suplantados por comisións militares. Someteu a educación do pobo aos cregos e o clero someteuna a ela ao seu ensino católico. Fixo deportacións sen xuízo previo, e ela mesma é agora deportada sen xuízo previo. Afogou todo movemento da sociedade co poder do Estado,

e o poder do Estado afoga na actualidade todos os movementos da sociedade. Levada polo entusiasmo da súa bolsa, rebelouse contra os seus propios políticos e intelectuais; os seus políticos e intelectuais foron sacados do medio; porén, a súa bolsa é saqueada despois de que a súa boca fose amordazada e a súa pluma esgazada. A burguesía berrábaIle sen parar á revolución tal e como san Arsenio lles berraba aos cristiáns: *fuge!*, *tace!*, *quiesce!*, fuxe, cala, acouga! E agora é Bonaparte quen lle berra á burguesía: *fuge*!, *tace*!, *quiesce*! Fuxe, cala, acouga!

Había moito tempo que a burguesía francesa resolvera o dilema de Napoleón I: «Dans cinquante ans l'Éurope sera republicaine ou cosaque!»... decantándose finalmente por unha *république cosaque*. Ningunha Circe desfigurou co seu maligno encanto a obra de arte da república burguesa facendo dela un monstro. Esa república unicamente perdeu a súa aparencia de respectabilidade. A Francia actual xa estaba integramente contida na república parlamentaria. Abondaba coa picada dunha baioneta para que a vexiga rebentase e o monstro agachado nela saltase á vista.

Por que o proletariado de París non se ergueu despois do 2 de decembro? A caída da burguesía acababa de ser decretada; o decreto non fora executado. Calquera revolta seria do proletariado teríaa reavivado inmediatamente, dándolle novo alento, reconciliándoa co exército e asegurándolles aos traballadores unha segunda derrota de xuño.

O 4 de decembro o proletariado foi aguilloado á loita polos burgueses e os tendeiros de París. Á noitiña dese día varias lexións da Garda Nacional prometeron comparecer no lugar da loita armadas e uniformadas. Burgueses e tendeiros decatáranse de que Bonaparte, nun dos seus decretos do 2 de decembro, suprimira o voto secreto e ordenara anotar, nos rexistros oficiais, un *si* ou un *non* detrás do nome de cada elector. A resistencia do 4 de Nadal atemorizou a Bonaparte, que deu orde de fixar durante a noite en todas as esquinas das rúas de

París cartaces nos que se daba a coñecer a restauración do voto secreto. Burgueses e tendeiros pensaron que acadaran o seu obxectivo. Os que non apareceron na mañá seguinte foron o tendeiro e o burgués.

O proletariado de París fora privado dos seus guías, dos seus xefes das barricadas por un golpe de man de Bonaparte durante a noite do 1 ao 2 de decembro. Un exército sen oficiais, ao que os recordos de xuño de 1848, de 1849 e de maio de 1850 fixeran reticente á loita baixo a bandeira dos montañeses, deixou nas mans da súa vangarda, as sociedades secretas, a salvación da honra insurreccional de París. A burguesía entregouna tan mansamente á soldadesca, que Napoleón se puido permitir máis tarde desarmar en Garda Nacional co sardónico pretexto de que tiña medo de que as súas armas fosen abusivamente empregadas polos anarquistas contra a mesma garda.

C'est le triomphe complet et définitif du socialisme! Así definiu Guizot o 2 de decembro. Porén, se a caída da república parlamentaria contén en si o xerme do triunfo da revolución proletaria, o seu resultado máis próximo e tanxible era a vitoria de Bonaparte sobre o Parlamento, do poder executivo sobre o poder lexislativo, ou sexa, da forza sen frases sobre a forza das frases. No Parlamento, a nación elevaba a súa vontade xeral a lei, é dicir elevaba a lei da clase dominante á súa vontade xeral. Ante o poder executivo renuncia a toda vontade propia e sométese aos comandos despóticos do estraño, da autoridade. O poder executivo, en oposición ao lexislativo, expresa a heteronomía da nación en oposición á súa autonomía. Xa que logo, Francia só parece fuxir do despotismo dunha clase para recaer no despotismo dun individuo, concretamente, baixo a autoridade dun individuo sen autoridade. A loita semella decidida no sentido de que todas as clases se prostran de xeonllos igualmente impotentes e mudas ante a culata do fusil.

Pero a revolución é radical. Aínda esta pasando polo purgatorio. Fai a súa tarefa con método. Ata o 2 de decembro de 1851

tiña rematado a metade do seu labor preparatorio; agora remata a outra metade. Leva primeiro á perfección o poder parlamentario, só para poder derrocalo despois. Agora, conseguido isto, leva ata a perfección o poder executivo, redúceo á súa máis pura expresión, íllao, enfróntase a el, coma un único obxectivo contra o que concentra todas as súas forzas de destrución. E cando a revolución teña levado a cabo esta segunda parte do seu labor preliminar, Europa enteira erguerase e berrará con xúbilo: Ben tes furado, vella toupa!

Este poder executivo, coa súa inmensa organización burocrática e militar, coa súa ambiciosa e artificiosa maquinaria estatal, cunha caste de medio millón de funcionarios xunto cun exército doutro medio millón de homes, este espantoso corpo parasitario que se enrosca coma unha serpe no corpo da sociedade francesa e lle tupe todos os poros, xurdiu na época da monarquía absoluta, coa decadencia do feudalismo, que este mesmo organismo contribuíu a acelerar. Os privilexios señoriais dos terratenentes e das cidades volvéronse outros tantos atributos do poder do Estado; os dignitarios feudais convertéronse en funcionarios retribuídos; e o polícromo mostrario das fragmentadas soberanías medievais en pugna, transformouse no plan regulamentado dun poder estatal, cuxa tarefa está dividida e centralizada coma nunha fábrica. A primeira revolución Francesa, coa súa tarefa de esfarelamento de todos os vellos poderes locais, territoriais, urbanos e provinciais, necesaria para crear a unidade cívica da nación, tiña que desenvolver o que a monarquía absoluta iniciara: a centralización. Mais tamén ampliou a dimensión, os atributos e o número de servidores do poder do goberno. Napoleón perfeccionou esta maquinaria estatal. A monarquía da Restauración e a monarquía de Xullo non engadiron máis que unha nova división do traballo, que medraba na mesma medida en que a división do traballo no interior da sociedade burguesa creaba novos grupos de interese e, xa que logo, novo material para a Administración do Estado. Cada interese *común* era inmediatamente separado da sociedade,

contraposto a esta como interese *xeral* e superior. Resultaba así arrincado da actividade particular dos membros da sociedade e convertido en obxecto da actividade do goberno desde a ponte, a casa da escola e os bens comunais dun concello rural ata os ferrocarrís, a riqueza natural e as universidades nacionais francesas. Finalmente, a república parlamentaria, na súa loita contra a revolución, viuse obrigada a reforzar, canda as medidas puramente represivas, os medios e a centralización do poder do Estado. Todas as revolucións perfeccionaban esta maquinaria estatal en vez de esnaquizala. Os partidos que loitaban alternativamente polo poder vían na apropiación deste inmenso edificio estatal o principal botín do vencedor.

Porén, tanto baixo a monarquía absoluta, como no curso da primeira revolución e mesmo baixo Napoleón, a burocracia só era o medio para a preparación da dominación de clase da burguesía. Baixo a Restauración, baixo Luís Filipe, baixo a república parlamentaria a burocracia era o instrumento da clase dominante, por moito que ela aspirase tamén a un poder propio e absoluto.

Foi soamente baixo o segundo Bonaparte cando o Estado parece ter acadado unha completa autonomía. A maquinaria do Estado consolidouse de tal xeito fronte á sociedade burguesa que abonda con que á súa fronte estea o xefe da Sociedade do 10 de Decembro, un adventicio cabaleiro de industria, elevado sobre o pavimento por unha soldadesca bébeda, comprada con augardente e salchichón e á que ten que seguir botándolle constantemente de comer e beber. De aí a apoucada desesperación, a vergoñenta sensación da máis xigantesca humillación e degradación que oprime o peito de Francia e paraliza o seu alento. Francia séntese como deshonrada.

Pero, así e todo, o poder do Estado non está flotando no ar. Bonaparte representa a unha clase, que é con moito a clase máis numerosa da sociedade francesa: os *campesiños parcelarios*. Así como os Borbóns eran a dinastía dos grandes terratenentes e os Orleáns a das finanzas, os Bonaparte son a dinastía dos campesi-

ños, é dicir da masa do pobo francés. O elixido polos campesiños non é o Bonaparte aquel que se sometía ao Parlamento burgués, senón o Bonaparte que o disolveu. Durante tres anos, as cidades lograron falsificar o sentido da elección do 10 de decembro de 1848 e escamotear aos campesiños a restauración do Imperio. A elección do 10 de decembro de 1848 non se consumou ata o golpe de Estado do 2 de decembro de 1851.

Os campesiños parcelarios compoñen unha masa inmensa, cuxos individuos viven nunha mesma situación, mais sen que entre eles haxa unha relación intensa. O seu xeito de produción íllaos uns dos outros, en vez de poñelos nunha relación mutua. O illamento resulta fomentado polos deficientes medios de comunicación franceses e pola pobreza desta xente. O seu terreo de produción, a parcela, non permite no seu cultivo ningunha división do traballo nin a aplicación algunha do progreso técnico; xa que logo, non facilita unha multiplicidade de desenvolvementos, nin a diversidade de talentos, nin riqueza de relacións sociais. Cada familia campesiña bástase practicamente a si mesma, produce directamente ela mesma a maior parte do que consome, obtendo así os seus recursos materiais de existencia máis ben do intercambio coa natureza que do contacto coa sociedade. A parcela, o campesiño e a súa familia; á súa beira outra parcela, outro campesiño e outra familia. Unha manchea destas unidades familiares fai un lugar e uns cantos lugares constitúen un departamento. Así fórmase a gran masa da nación francesa: por simple adición de cantidades homónimas, do mesmo xeito que, por exemplo, as patacas dun saco forman un saco de patacas. Na medida na que millóns de familias viven baixo condicións económicas de existencia que as distinguen doutras clases polo seu xeito de vivir, polos seus intereses e pola súa cultura e se opoñen a estas dun xeito hostil, forman unha clase. Pero na medida en que entre os campesiños parcelarios só existe unha cohesión puramente local e a identidade dos seus intereses non crea entre eles ningunha comunidade, ningunha unión nacional e ningunha organización

política, *non* constitúen unha clase. Por iso son incapaces de facer valer o seu interese no seu propio nome, sexa por medio dun Parlamento ou sexa por medio dunha convención. Non se poden representar a si mesmos; teñen que ser representados por outros. O seu representante ten que aparecer a un tempo como o seu señor, como unha autoridade por riba deles, como un ilimitado poder de goberno que os protexa das outras clases e que lles manda desde o alto a choiva e o bo tempo. Xa que logo, a influencia política dos campesiños parcelarios atopa a súa derradeira expresión no feito de que un forte poder executivo someta baixo a súa dominación a sociedade.

As crenzas milagreiras do campesiño francés fixéronlle crer que un home chamado Napoleón lle devolvería o esplendor pasado. E velaí un individuo que se fai pasar por este home, posto que leva o nome de Napoleón, por certo, grazas ó código de Napoleón, que ordena: «prohíbese a investigación da paternidade». Despois de vinte anos de vagabundaxe e dunha serie de peripecias grotescas, cúmprese a lenda e este home convértese en emperador dos franceses. A idea fixa do sobriño de Napoleón faise realidade porque coincide coa idea fixa da máis populosa clase dos franceses.

Mais, obxectaráseme, e os levantamentos de labregos en media Francia, as batidas do exército contra os campesiños e os encarceramentos e deportacións masivas de labregos? Desde Luís XIV, Francia non viviu unha persecución parella de labregos «por manexos demagóxicos». Máis enténdase ben: a dinastía dos Bonaparte non representa o campesiño revolucionario, senón o conservador. Non representa o campesiño que loita por saír da súa condición existencial social, a parcela, senón, pola contra, aquel que a quere consolidar. Non representa a poboación campesiña, que coa súa propia enerxía e asociada ás cidades quere derrubar a vella orde, senón a que, pola contra, desde o seu escuro retraemento nesta vella orde, se quere ver salvada e atendida coa súa parcela, polo espectro do Imperio. Non representa a

ilustración senón a superstición dos campesiños; non o seu xuízo senón o seu prexuízo; non o seu porvir senón o seu pasado; non as súas Cévennes modernas, senón a súa moderna Vandée.

Os tres anos de dura dominación da república parlamentaria liberaran unha parte dos campesiños franceses da súa ilusión napoleónica e, aínda que só superficialmente, revolucionáraos. Porén, a burguesía empurraba violentamente cara a atrás cada vez que aqueles se poñían en movemento. Baixo a república parlamentaria a conciencia moderna dos campesiños franceses loitaba contra a tradicional. O proceso foi avanzando baixo a forma dunha loita sen tregua entre os mestres de escola e o clero. A burguesía venceu os mestres de escola. Os campesiños fixeron, por primeira vez, esforzos por adoptar unha actitude independente fronte á actividade do goberno, como se manifestou no permanente conflito dos alcaldes cos prefectos. A burguesía destituíu os alcaldes. Finalmente, durante o período da república parlamentaria, os campesiños de diversos lugares, alzáronse contra o seu propio fillo, o exército. A burguesía castigounos con estados de sitio e execucións masivas. A mesma burguesía berra agora contra a estupidez das masas, a vil multitude, que a traizoara fronte a Bonaparte. Fora ela mesma a que consolidara violentamente o imperio bonapartista sobre a clase campesiña; ela foi a que mantivo celosamente amarrado o estado das cousas que conforman o berce desta relixión labrega. Claro está que a burguesía ten que temer a imbecilidade das masas mentres estas sigan sendo conservadoras, e temer a súa intelixencia en canto se volvan revolucionarias.

Nos levantamentos que seguiron ao golpe de Estado, unha parte dos campesiños franceses protestou coas armas na man contra o seu propio voto do 10 de decembro de 1848. As leccións aprendidas desde 1848 abríranlles os ollos, mais entregaran á súa alma ás forzas infernais da historia e a historia colleulles a palabra. A maioría estaba aínda tan confundida que precisamente nos departamentos máis roxos a poboación campe-

siña votou abertamente por Bonaparte. Para eles, a Asemblea Nacional impedíralle a Napoleón camiñar, e agora el non tería feito outra cousa que rachar as ataduras que as cidades lle puxeran á vontade do campo. Nalgúns sitios chegaron a concibir a grotesca idea de poñer xunto a un Napoleón unha convención.

Despois de que a primeira revolución convertera os servos campesiños en pequenos propietarios libres da terra, Napoleón consolidou e regulamentou as condicións baixo as que poderían explotar sen interferencias o chan de Francia que se lles viña de asignar, satisfacendo así a súa infantil ilusión da propiedade. Mais o que hoxe afunde na ruína o labrego francés é a súa propia pequena parcela, a división infinita do chan, a forma de pequena propiedade campesiña que Napoleón consolidou en Francia. Foron precisamente as condicións materiais as que fixeron do servo da gleba feudal un labrego parcelario e converteron a Napoleón nun emperador. Abondou con dúas xeracións para xerar este inevitable resultado: empeoramento progresivo da agricultura e endebedamento extremo do labrador. A forma «napoleónica» de propiedade, que a primeiros do século XIX era a condición para a liberación e o enriquecemento da poboación rural francesa, converteuse no curso do século na lei da súa escravitude e do seu empobrecemento. E precisamente esta lei é a primeira das vellas ideas napoleónicas que o segundo Bonaparte ten que defender. Se comparte aínda cos campesiños a ilusión de buscar a causa da súa ruína non na mesma propiedade parcelaria senón fóra dela, na influencia de circunstancias secundarias, entón os seus experimentos agrarios esnafraranse coma pompas de xabón contra as relacións de produción vixentes na actualidade.

O desenvolvemento económico da propiedade parcelaria inverteu radicalmente a relación dos campesiños coas restantes clases da sociedade. Baixo Napoleón a pequena parcela do chan agrícola complementaba a libre concorrencia e a grande industria incipiente nas cidades. A clase labrega de pequenos

propietarios campesiños era unha «protesta» omnipresente contra a recentemente derribada aristocracia terratenente. As raíces que a propiedade parcelaria botou no chan francés quitáronlle ó feudalismo toda a súa substancia nutritiva. Os seus marcos de deslinde parcelario conformaban un baluarte natural contra calquera golpe de man dos seus antigos señores. Mais no decorrer do século XIX o usurario urbano pasou a ocupar o posto dos señores feudais e a propiedade territorial aristocrática foi substituída polo capital burgués. A parcela do campesiño xa non era máis ca o pretexto que lle permite ao capitalista extraer da terra ganancia, intereses e renda; e deixa ao campesiño a tarefa de ver de onde tira a paga polo seu traballo. A débeda hipotecaria que pesa sobre o campo francés imponlles aos campesiños de Francia un interese equivalente aos intereses anuais de toda a débeda nacional británica. A propiedade parcelaria, nesta escravitude baixo o capital á que leva inevitablemente o seu desenvolvemento, converteu a masa da nación francesa en trogloditas. Dezaseis millóns de campesiños (incluíndo mulleres e nenos) viven en chozas das que unha gran parte só ten unha abertura, outras soamente dúas e as privilexiadas, tres. As fiestras son para unha casa o que os cinco sentidos son para a cabeza. A orde burguesa, que a primeiros do século puxo ao Estado de sentinela da parcela acabada de crear e aboouna con loureiros, volveuse un vampiro que lle zuga o sangue e os miolos, e a bota na caldeira alquimista do capital. O código civil, o *Code Napoléon* non é máis que o código da execución, dos desafiuzamentos e da expropiación forzosa. Aos catro millóns (incluíndo nenos) de pobres oficiais, vagabundos, delincuentes, criminais e prostitutas cos que conta Francia, súmanse os cinco millóns que penden do abismo da morte e que viven no mesmo campo ou desertan de seguido cos seu farrapos e os seus fillos do campo á cidade, e da cidade ao campo. O interese dos campesiños xa non está en sintonía, como nos tempos de Napoleón I, senón en aberta contraposición cos intereses da burguesía, co capital. Por iso os campesiños ato-

pan o seu aliado e guía natural no proletariado urbano, que ten por misión o derrubamento da orde burguesa. Porén, o goberno forte e absoluto —e esta é a segunda *idée napoleonienne* que o segundo Napoleón, o sobriño, vén de poñer en práctica— está chamado a defender pola violencia esta orde «material». E esta orde material é tamén o tópico de referencia en todas as proclamas de Bonaparte contra os campesiños rebeldes.

A carón da hipoteca que o capital lle impón, pesan sobre a parcela os impostos, que son a fonte de vida da burocracia, do exército, dos cregos e da corte, nunha palabra de todo o aparato do poder executivo. Goberno forte e impostos elevados son cousas idénticas. Pola súa natureza, a propiedade parcelaria préstase para servir de fundamento a unha burocracia omnipotente e innumerable; crea un nivel uniforme das relacións e das persoas en toda a extensión do país. Tamén proporciona a posibilidade de influír uniformemente desde un centro superior en todos os puntos desta masa uniforme. Destrúe as escalas aristocráticas intermedias entre a masa do pobo e o poder do Estado. Provoca, xa que logo, desde todos os lados a inxerencia directa deste poder estatal e a interposición dos seus órganos inmediatos. Finalmente, crea un exceso de poboación desempregada que non atopa sitio nos campos nin nas cidades e que, en consecuencia, bota man dos cargos públicos coma dunha esmola e provoca a nova creación de cargos públicos. Napoleón, cos novos mercados que abriu a punta de baioneta e co saqueo do continente, devolveu con intereses os impostos forzosos, que eran unha aguillada para a industria do campesiño, mentres agora privan a súa industria dos seus derradeiros recursos e acaban por expoñelo, indefenso, ao pauperismo. De todas as *idées napoléoniennes*, a que soñaba cunha enorme burocracia, ben xerarquizada e ben mantida, é a que máis lle agrada ao segundo Bonaparte. Como podería ser doutro xeito se el se ve obrigado a crear, a carón das clases auténticas da sociedade, unha caste artificial para a cal o mantemento do seu réxime é unha mera cuestión de supervi-

vencia, de coitelo e garfo? Por iso unhas das súas primeiras operacións financeiras foi a de subirlles unha vez máis a paga aos funcionarios ata o seu antigo nivel, e a de crear novas sinecuras.

Outra *idée napoléonienne* é a dominación dos cregos como medio de goberno. Mais, se a parcela acabada de crear, na súa harmonía coa sociedade, na súa dependencia das forzas da natureza e no seu sometemento á autoridade que a protexía desde o alto era relixiosa por natureza, agora, esfarelada polas débedas, divorciada da sociedade e da autoridade e forzada a saír dos seus propios horizontes limitados, vólvese naturalmente irrelixiosa. O ceo era un engadido moi fermoso ao pequeno anaco de terra recentemente adquirido, tanto máis canto del veñen o sol e a choiva, mais vólvese insulto tan axiña como se quere impoñelo en troco pola parcela. Neste caso o crego xa só aparece como o unxido can rastrexador da policía terreal. Velaí outra *idée napoléonienne*. A próxima vez, a expedición contra Roma farase na mesma Francia, mais en sentido oposto á do señor Montalembert.

Finalmente, o punto culminante das *idées napoléoniennes* é a supremacía do *exército*. O exército era o *point d´honneur* dos campesiños parcelarios franceses. Eran eles mesmos convertidos en heroes defendendo a nova propiedade cara ao inimigo exterior, glorificando a súa flamante nacionalidade, saqueando e revolucionando o mundo. O uniforme era o seu propio traxe de cerimonia, a guerra era a súa poesía, a parcela, idealizada e requintada na fantasía, era a súa patria; e o patriotismo era a forma ideal do sentido da propiedade. Mais os inimigos contra os que o campesiño francés ten agora que defender a súa propiedade non son os cosacos, senón os axentes executivos do fisco. A parcela xa non está situada no que chaman patria, senón no rexistro hipotecario. O mesmo exército xa non é a flor da xuventude campesiña, senón a flor do pantano do lumpenproletariado labrego; está composto maiormente por substitutos, do mesmo xeito que o segundo Bonaparte non é máis que un *remplaçant*, un substituto

de Napoleón I. As súas heroicas fazañas consisten agora en cacerías e batidas contra os campesiños, no servizo de xendarmería e, se as contradicións internas do seu sistema lanzan o xefe da Sociedade do 10 de Decembro ao outro lado da fronteira francesa, despois dalgunhas fazañas de bandidaxe, o exército non recollerá precisamente loureiros, senón malleiras e paus.

Como se ve, todas as *idées napoléoniennes* son ideas debedoras da parcela inicial de antano, mais constitúen un contrasentido para a parcela caduca de arestora. Non son máis que as alucinacións do seu combate coa morte, palabras feitas frases baleiras e espíritos convertidos en pantasmas. Mais a parodia do Imperio era indispensable para liberar a masa da nación francesa do peso da tradición e lograr que se destacase nidiamente a contraposición entre o Estado e a sociedade. A medida que avanza a ruína da propiedade parcelaria, vaise esfarelando tamén o edificio do Estado construído sobre ela. A centralización do Estado, que a sociedade moderna necesita, só se ergue sobre as ruínas da máquina burocrático-militar de goberno que fora forxada en oposición ao feudalismo.

[O esfarelamento da maquinaria do Estado non poñerá en perigo á centralización. A burocracia só é a mais degradada e brutal forma dunha centralización que aínda está contaminada co seu opoñente, o feudalismo. Desesperando da restauración napoleónica, o campesiño francés abandonará a súa fe na parcela, o edificio enteiro do Estado derrubarase e a revolución proletaria obterá aquel coro sen o cal a súa canción se converte en canto fúnebre en todas as nacións campesiñas][11].

As condicións dos campesiños franceses descóbrennos o misterio das eleccións xerais do 20 e 21de decembro, que levaron o segundo Bonaparte ao monte Sinaí, non para recibir leis, senón para dalas. A burguesía non tiña agora manifestamente máis

[11] Texto da primeira edición de 1852 suprimido por Marx nas edicións seguintes da obra (N. dos T.).

opción que elixir a Bonaparte. Cando no concilio de Constanza os puritanos se queixaban da vida licenciosa dos papas e esixían entre lamentos a reforma dos costumes, o cardeal Pierre d'Ailly dixo con voz tronante: «Cando só o demo en persoa pode salvar a Igrexa católica, vós pedides anxos!» A burguesía francesa exclamou tamén, despois do golpe de Estado: Só o xefe da Sociedade do 10 de Decembro pode xa salvar a sociedade burguesa! Xa só o roubo pode salvar a propiedade, o perxurio a relixión, o bastardo a familia e o desorde a orde!

Bonaparte, como poder executivo convertido nunha forza autónoma, séntese chamado a garantir a «orde burguesa». Mais a forza desta orde burguesa radica na clase media. Por iso el se cre representante da clase media e promulga decretos neste sentido. Mais, se el é algo, só o é grazas a ter rachado e rachar a diario o poder político desta clase media. Xa que logo, afírmase como opoñente da forza política e intelectual da clase media. Porén, ao defender o poder material desta, devólvelle de novo a súa forza política. Trátase de manter viva a causa, mais suprimindo o efecto alí onde este se manifeste. Pero isto non é posible sen pequenas confusións de causa e efecto, xa que, ao influíren unha sobre o outro e viceversa, ambos os dous perden as súas características diferenciais. Novos decretos que borran a liña divisoria. Ao mesmo tempo, fronte á burguesía Bonaparte recoñécese como representante dos campesiños e do pobo en xeral que quere facer felices dentro da sociedade burguesa. Novos decretos que estafan por adiantado aos «socialistas verdadeiros» a súa sabedoría de gobernantes. Mais Bonaparte vese a si mesmo ante todo como xefe da Sociedade do 10 de Decembro, representante do lumpenproletariado ao que el mesmo pertence coa súa contorna, o seu goberno e o seu exército e ao que, ante todo, lle interesa beneficiarse a si mesmo e sacar premios da lotaría californiana do Tesouro Público de Francia. E confírmase como xefe da Sociedade do 10 de Decembro con decretos, sen decretos e malia os decretos.

A contraditoria misión deste home explica as contradicións do seu goberno, o embarullado dubidar que procura atraer agora unha e despois outra clase, unhas veces para gañala e outras para humillala, co que, ao cabo, as pon a todas contra si. Coa súa inseguridade práctica proporciona un contraste altamente cómico co estilo imperioso e categórico dos seus actos de goberno, submisamente copiado do seu tío.

A industria e o comercio, é dicir os negocios da clase media, teñen que florecer como planta de viveiro baixo un goberno forte. Outórganse concesións ferroviarias sen conta. Porén, o lumpenproletariado bonapartista tense que enriquecer. En consecuencia: agroman as falcatruadas especulativas coas concesións ferroviarias na bolsa por parte de xente avisada de antemán. Mais non aparece ningún diñeiro para o ferrocarril. Obrígase ao banco a adiantar o diñeiro a conta das accións ferroviarias. Porén, ao mesmo tempo cómpre explotar persoalmente o banco e, xa que logo, agasallalo. Exímese ao banco do deber de publicar semanalmente o seu informe. Contrato leonino do banco co goberno. Hai que darlle traballo ao pobo. Ordénase efectuar obras públicas. Mais as obras públicas do Estado fan subir a carga fiscal do pobo. Xa que logo, rebaixa nos impostos a través dun ataque contra os rendistas, convertendo as rendas ao cinco por cento en rendas ao catro e medio por cento. Mais haille que dar un pouco de mel á burguesía. Entón duplícase o imposto sobre o viño para o pobo, que o bebe ao por menor e rebáixase un 50 % para a clase media, que o bebe ao por maior. Disólvense as asociacións obreiras existentes, prometendo ao mesmo tempo milagres asociativos para o futuro. Hai que axudar aos campesiños: créanse bancos hipotecarios que aceleren o seu endebedamento e a concentración da propiedade. Porén, eses bancos hainos que utilizar para sacar diñeiro dos bens confiscados á casa de Orleáns. Mais ningún capitalista acepta esta condición, que non figura no decreto e o banco hipotecario quédase reducido a mero decreto, etc.

Bonaparte quixera aparecer como o benfeitor patriarcal de todas as clases. Mais non lle pode dar a unha sen quitarlle a outra. E, así coma nos tempos da Fronda se dicía do duque de Guisa que era o home máis *obligéant* [servicial] de Francia, porque convertera todas as súas fincas en obrigacións dos seus partidarios, para con el mesmo, así tamén quixera Bonaparte ser o home máis *obligéant* de Francia e converter toda a propiedade, todo o traballo de Francia, nunha obrigación persoal para con el mesmo. Gustaríalle roubar a Francia enteira para regalarlla a Francia ou, máis ben, para mercar de novo a Francia con diñeiro francés, pois como xefe da Sociedade do 10 de Decembro ten por forza que mercar o que lle debe pertencer. E todas as institucións do Estado convértense en institucións de suborno, o Senado, o Consello de Estado, o Corpo Lexislativo, a Lexión de Honra, a medalla do soldado, os lavadoiros, os edificios públicos, os ferrocarrís, o estado maior da Garda Nacional sen soldados rasos, os bens confiscados á casa de Orleáns. En flagrante medio de suborno convértense tamén todos os postos no exército e na maquinaria do goberno. Pero o máis importante neste proceso no que se lle quita a Francia para darllo a ela mesma, son as porcentaxes que no curso da operación de cambio se embolsa o xefe e os membros da Sociedade do 10 de Decembro. O chiste no que condesa L, amante do señor de Morny, caracterizaba a confiscación dos bens orleanistas: *C'est le premier vol de l'aigle* «É o primeiro voo da aguia», pódese aplicar a todos os vós desta ave rapaz, que máis que aguia vén sendo un corvo. El mesmo e os seus partidarios bérranse diariamente, coma aquel cartuxo italiano ao avaro que contaba fachendoso os bens que habería de gozar durante longos anos: *Tu fai conto sopra i beni; bisogna prima fare il conto sopra gli anni*[12]. Aquí, para non se trabucar nos anos botan as contas en minutos. Na Corte, nos ministerios, no cumio da administración e do exército acumúlanse unha

[12] «Botas contas sobre os bens, deberías botar contas sobre os anos» (N. dos T.).

morea de arribistas; do mellor de entre eles pódese dicir que non se sabe de onde vén. Unha *bohéme* ruidosa, sospeitosa e ávida de saqueo, que se arrastra embutida nas súas casacas galonadas coa mesma solemnidade que os grandes dignitarios de Soulouque. Un pódese representar plasticamente esta alta capa da Sociedade do 10 de Decembro facéndose á idea de que Véron-Crevel[13] é o seu predicador de moral, e Granier de Cassagnac o seu cerebro pensante. Cando o ministro Guizot botou man deste Granier nun xornal contra a oposición dinástica, adoitaba louvalo con esta expresión: «É o rei dos bufóns». Sería inxusto lembrar a propósito da corte e da tribo de Luís Bonaparte á Rexencia ou a Luís XV, pois «Francia xa ten vivido moitas veces un goberno de favoritas, máis aínda nunca un goberno de proxenetas».[14]

Acosado polas esixencias contraditorias da súa situación e ó mesmo tempo obrigado coma un prestidixitador a atraer sobre si, valéndose de sorpresas continuas, as miradas do público, é dicir, a executar cada día un golpe de Estado en miniatura, Bonaparte leva o caos a toda a economía burguesa, bótalle a man a todo canto á revolución de 1848 lle parecera intanxible, fai a uns pacientes coa revolución e a outros ansiosos dela, creando anarquía no nome da Orde. Ao mesmo tempo arráncalle a toda a maquinaria do Estado o seu halo de santidade, profanándoa, volvéndoa a un tempo noxenta e ridícula. Reedita en París o culto da Santa Túnica de Tréveris, na forma de culto ao manto imperial de Napoleón. Mais se o manto imperial cae finalmente sobre os ombreiros de Luís Bonaparte, a estatua de bronce de Napoleón caerá ao chan desde o alto da columna da praza Vendôme.

[13] Na súa obra *La Cousine Bette*, Balzac presenta en Crevel, personaxe inspirado no doctor Véron, propietario do xornal *Constitutionnel*, o tipo de filisteo mais libertino de París (N. de Marx).

[14] Palabras de madame de Girardin (N. de Marx).

A GUERRA CIVIL EN FRANCIA

MANIFESTO DO CONSELLO XERAL DA ASOCIACIÓN INTERNACIONAL DOS TRABALLADORES

Introdución

Aos membros da Asociación en Europa e nos Estados Unidos

I

O 4 de setembro de 1870, cando os traballadores de París proclamaron a República, aclamada case no mesmo intre en toda Francia sen unha soa voz discordante, unha cuadrilla de intrigantes avogados arribistas, con Thiers como estadista e Trochu como xeneral, tomou posesión do Concello. Aquela xente estaba entón tan imbuída dunha convicción fanática na misión de París para representar a Francia en todos as conxunturas de crises históricas, que, como xustificación dos títulos usurpados de gobernantes de toda a nación, pareceulles que abondaba con exhibiren os seus caducados mandatos de deputados por París. No noso segundo manifesto sobre a pasada guerra diciámosvos quen eran eles. Aínda así, na confusión creada pola sorpresa, cando os auténticos xefes dos traballadores aínda estaban presos nos cárceres de Bonaparte e cos prusianos xa en plena marcha sobre París, a cidade tolerou a súa toma do poder do Estado, mais só baixo a condición expresa de que este poder estatal só podería servir exclusivamente para a defensa da nación. Porén, non era posible defender París sen armar a clase traballadora, facendo dela unha forza militar efectiva e adestrando as súas ringleiras para a guerra mesma. Mais París en armas quería dicir revolución en armas. A vitoria de París sobre o agresor prusiano tería sido unha vitoria do traballador francés sobre o

capitalista francés e os seus parasitos dentro do Estado. Neste dilema entre o deber nacional e o interese de clase, o goberno da defensa nacional non dubidou nin un só intre en converterse nun goberno de traizón nacional. O primeiro que fixo foi mandar a Thiers de viaxe por todas as cortes de Europa coa misión de mendigar a súa mediación, coa proposta de trocar a república por unha monarquía. Catro meses despois do comezo do asedio de París, cando parecía que chegara o intre de empezar a falar dunha capitulación ante o exército prusiano, Trochu, en presenza de Jules Favre e doutros membros do goberno, dirixiuse aos alcaldes de distrito de París nestes termos:

> A primeira cuestión que me formularon os meus colegas na mesma noite de 4 de setembro foi a seguinte: pode París resistir con algunha probabilidade de éxito un asedio do exército prusiano? Eu non dubidei en dar unha resposta negativa. Moitos dos meus colegas aquí presentes responderán da veracidade das miñas palabras e da firmeza da miña opinión. Con estas palabras díxenlles que, tal como parecía estar a situación, o intento de defender París contra o sitio do exército prusiano sería unha loucura, engadindo: seguramente unha loucura heroica e iso sería todo... Os acontecementos [dirixidos por el mesmo, K.M] non teñen desmentido *a miña predición*.

Esta fermosa e breve alocución de Trochu foi publicada máis adiante por un dos alcaldes presentes, o señor Corbon. Xa que logo, na mesma noite na que foi proclamada a república en Francia, os colegas de Trochu sabían que o «plan» deste consistía na capitulación de París. Se a defensa nacional fose algo máis ca unha simple tapadeira do poder persoal de Thiers, Favre e compañía, os arribistas do 4 de setembro terían abdicado o día 5, terían posto ao corrente o pobo de París sobre o «plan» de Trochu ao que invitarían a renderse de contado ou ben a tomar o seu destino nas súas propias mans.

En vez de facer isto, os infames impostores decidiron curar a «heroica loucura» de París cun tratamento a base de fame e cabezas ensanguentadas e, mentres tanto, enganalo con manifestos grandilocuentes, deste teor: «Trochu, o gobernador de París, nunca capitulará» e Jules Favre, o ministro de Asuntos Exteriores, «non cederá nin unha polgada do noso territorio, nin unha soa pedra das nosas fortificacións» O propio Jules Favre recoñece nunha carta dirixida a Gambetta que aquilo contra o que eles se «defendían» non eran os soldados prusianos, senón os *traballadores de París*. Durante todo o tempo que durou o sitio, os matóns bonapartistas, aos que Trochu fixera entrega do mando do exército da cidade, non paraban de facer chistes insultantes na súa correspondencia confidencial sobre a ben coñecida burla da defensa. Véxase, por exemplo, a correspondencia de Alphonse Simon Guiod, comandante supremo da artillaría do exército de París, Gran Cruz da Lexión de Honor, con Susane, xeneral de división de artillería, publicada no *Journal Officiel*[1] da Comuna. Finalmente, o 28 de xaneiro de 1871 os impostores quitaron a careta. Con todo o valor heroico da máis extrema abxección, tras capitular ante os prusianos, convertéronse no *goberno de Francia formado polos prisioneiros de Bismarck,* un papel tan miserento que ata o mesmo Luís Napoleón, en Sedan, retrocedeu ante el. Despois do 18 de marzo, na súa desbandada cara a Versalles, os *capituladores* deixaron en París a proba documental da súa traizón. Para destruílas, como dixo a Comuna na súa proclama ás provincias, «estas xentes non dubidarán en converter París nunha morea de escombros bañados por un mar de sangue».

Ademais, para producir este desenlace, moitos dos principais membros do goberno da defensa tiñan moitas e moi especiais razóns de índole persoal. Pouco despois de selado o armisticio,

[1] *Journal Officiel de la République Française*, órgano do goberno da Comuna, publicado en París entre o 19 de marzo e o 24 de maio de 1871 (N. dos T.).

Millière, deputado por París na Asemblea Nacional, fusilado máis tarde por orde expresa de Jules Favre, publicou unha serie de documentos xudiciais auténticos. Nestes próbase que Favre, que vivía en concubinato coa muller dun borracho residente en Alxer, lograra por medio das máis ousadas falsificacións cometidas no curso dunha longa ringleira de anos, facerse, no nome dos fillos nacidos do seu adulterio, cunha grande herdanza e converterse así nun home rico. E que, por riba, nun preito presentado polos herdeiros lexítimos, só se librara do escándalo gracias á especial conivencia dos tribunais bonapartistas. Visto que estes elocuentes documentos xudiciais non se podían descartar sen máis por moita forza que empregase no intento, Jules Favre, calou a boca, por primeira vez na súa vida, agardando con toda tranquilidade a eclosión da guerra civil para os denunciar, enchido de rabia, ante o pobo de París coma unha banda e presidiarios fuxidos e abertamente sublevados contra a familia, a relixión, a orde e a propiedade. E apenas este mesmo falsario, non ben chegou ao poder, puxo en liberdade, por simpatía con eles, a Pic e a Taillefer, que xa foran condenados baixo o Imperio por falsificación en relación co escandaloso asunto do xornal *L'Étendard*[2]. Un destes cabaleiros, Taillefer, tivo o atrevemento de volver a París baixo a Comuna, sendo encarcerado de inmediato. Entón Jules Favre proclamou desde a tribuna da Asemblea Nacional, e para todo o mundo, que os parisinos estaban poñendo en liberdade todos os seus presidiarios.

Ernest Picard, o Karl Vogt[3] do goberno da defensa nacional, que se auto designara ministro de Facenda da República, despois de pretender sen éxito ser ministro do Interior do Imperio, é irmán dun tal Arthur Picard, que fora expulsado da bolsa por tramposo (v. informe da prefectura de policía do 13 de xullo de 1867) e autor convicto e confeso dun roubo de 300.000

---

[2] *L'Étendard*, xornal bonapartista publicado en París entre 1868 e 1888, foi suspendido por financiamento ilegal (N. dos T.).

[3] Demócrata burgués alemán que foi axente de Napoleón III (N. dos T.).

francos cando era xerente dunha sucursal da Société Générale da rue Palestro, nº 5 (v. informe da prefectura de Policía do 11 de decembro de 1868). A este Arthur Picard nomeárao Ernest Picard redactor do seu xornal *L'Électeur Libre*. Mentres a clase común dos especuladores da bolsa eran desorientados polas mentiras oficiais desta folla financeira ministerial, Arthur Picard andaba constantemente dun lado para o outro entre o ministerio de Facenda e a bolsa, onde convertía as derrotas do exército francés en proveitoso beneficio propio. Toda a correspondencia financeira desta parella de honestos irmáns caeu nas mans da Comuna.

Jules Ferry, que ata o 4 de setembro era un avogado morto de fame, logrou como alcalde de París durante o asedio, defraudar para si unha fortuna a conta da fame da cidade. O día no que teña que dar contas dos seus desgobernos será tamén o día da súa condena.

Como pode comprobarse, estes homes só podían encontrar os seus *tickets of leave*[4] nas ruínas de París. Eles eran precisamente o tipo de homes que precisaba Bismarck. Un pouco de prestidixitación e Thiers, ata había pouco inspirador secreto do goberno, aparece agora como presidente, cos *tickets of leave men* en postos de ministros.

Thiers, ese anano monstruoso, tivo enfeitizada durante máis de medio século a burguesía francesa, por constituír a máis lograda expresión intelectual da súa propia corrupción de clase. Xa antes de facerse estadista demostrara o seu talento para a mentira como historiador. A crónica da súa vida pública é a historia dos infortunios de Francia. Asociado aos republicanos desde 1830, atrapou baixo Luís Filipe unha carteira ministerial, traizoando o seu protector, Laffitte. Gañou a simpatía do rei a

[4] En Inglaterra era habitual darlles aos criminais comúns, despois da expiación da maior parte da súa pena, un documento de liberdade condicional co que eran postos en liberdade e baixo o control da policía. Estes documentos chamábanse *tickets of leave* (N. dos T.).

base de instigar motíns do populacho contra o clero —no curso das cales foron saqueados a igrexa de Saint Germain l'Auxerroi e o pazo arcebispal— comportándose como o fixo contra a duquesa de Bérry, isto é, facendo ao mesmo tempo o papel de espía do ministro e de parteira carceraria. Foron *obra súa* tanto a matanza dos republicanos na rúa Transnonain, como as posteriores e infames leis de setembro contra a liberdade de prensa e contra o dereito de asociación. En marzo de 1840, cando reapareceu como presidente do consello de ministros, asombrou a Francia co seu proxecto de fortificación de París. Aos republicanos, que atacaron este plan coma un pérfido complot contra as liberdades cívicas, respondeulles na Cámara dos Deputados:

> Como? Cren vostedes que as obras de fortificación poderían algún día ameazar a liberdade? Ante todo calumnian vostedes a calquera goberno posible, dando por suposto que ese goberno podería tentar algún día manterse no poder valéndose dun bombardeo de París... Un goberno así sería, despois da súa vitoria, cen veces máis imposible que antes.

Efectivamente, ningún goberno ousaría nunca bombardear París desde os fortes... agás o goberno que previamente entregara estes fortes aos prusianos.

Cando o *rei Bomba*[5] o tentou en xaneiro de 1848 con Palermo, Thiers, que daquela xa había tempo que non era ministro, ergueuse unha vez máis na cámara dos deputados:

> Todos vostedes, señores, coñecen o que está pasando en Palermo. Todos vostedes treman horrorizados (no sentido parlamentario da palabra) cando oen que unha gran cidade sufriu un bombardeo de corenta e oito horas. Por quen? Por un inimigo exterior, que aplica as leis da guerra? Non, as súas señorías, non: polo seu propio goberno! E por que? Porque esta desafortunada cidade esixía os seus dereitos e, só

5 Fernando II, rei das Dúas Sicilias (N. dos T.).

> por esixir os seus dereitos, sufriu corenta e oito horas de bombardeo. Permítanme apelar á opinión pública europea. Significa facerlle un servizo á humanidade poñerse en pe aquí, quizais a máis grande tribuna de Europa e deixar resoar algunhas palabras (sí!, certo!, palabras!) de indignación contra actos coma este. Cando o rexente Espartero, que servira dabondo o seu país [o que Thiers, por certo, nunca fixo, K.M.], tratou de bombardear Barcelona para afogar a súa insurrección, de todas as partes do mundo ergueuse un clamor xeral de indignación.

Dezaoito meses máis tarde, o señor Thiers contábase entre os máis desaforados defensores do bombardeo de Roma por un exército francés. O fallo do *rei Bomba* debeu efectivamente consistir en que limitou o seu bombardeo a corenta horas.

Poucos días antes da revolución de febreiro, alporizado polo longo período de xaxún de cargos e pitanza ao que o condenara Guizot e venteando o estoupido dunha mobilización popular, Thiers, naquel seu estilo supostamente heroico que lle valeu o alcume de «mosca de Mirabeau» (*Mirabeaumouche*), expoñía ante o Parlamento:

> Eu pertenzo ao partido da revolución non só de Francia, senón tamén de Europa. Eu desexo que o goberno da revolución saia das mans dos homes moderados. Mais, se este goberno chegase a caer nas mans de xente exaltada, mesmo dos máis radicais, non por iso abandonarei a miña causa. Eu pertencerei sempre ao partido da revolución.

Namentres, chegou a revolución de Febreiro. En vez de trocar o ministerio Guizot polo ministerio Thiers, tal como soñara este homiño, a revolución substituíu a monarquía de Luís Filipe por unha república. O primeiro día da vitoria, mantívose coidadosamente oculto, esquecendo que o desprezo por parte dos traballadores o protexía da súa xenreira. Porén, co seu proverbial valor, mantívose lonxe da escena pública ata que as matanzas

de xuño de 1848 lle deixaron expedito o camiño para a súa actuación mais característica. Thiers converteuse na cabeza reitora do Partido da Orde e da súa república parlamentaria, aquel goberno provisorio anónimo no que todas as diferentes fraccións rivais da clase dominante conspiraban xuntas para a represión do pobo e, á vez, unha *contra* as outra, cada unha delas co obxectivo de restaurar a súa propia monarquía. Entón, coma hoxe, Thiers denunciou os republicanos como o único atranco contra a restauración da república; daquela coma agora dirixíase á república coma o verdugo a don Carlos: «Heite de asasinar, mais será polo teu propio ben». Agora coma entón terá que proclamar o día despois da súa vitoria: *L'Empire est fait!* (*O Imperio está feito*). Malia as súas hipócritas prédicas sobre as «verdades necesarias» e a súa xenreira persoal contra Luís Bonaparte, que o instrumentalizara para se desfacer do Parlamento (fóra de cuxa atmosfera artificial o noso homiño redúcese, como el ben sabe, á nada máis absoluta), pois ben, a pesar de todo isto, atopamos a súa man en todas as infamias do segundo Imperio. Desde a ocupación de Roma polas tropas francesas ata a guerra con Prusia, que el instigou coas súas fortes invectivas contra a unidade alemá, non porque a considerase unha careta do despotismo prusiano, senón como unha intromisión no dereito herdado por Francia de manter desunida a Alemaña. Mentres os seus brazos de anano brandían de boa gana ante a face de Europa a espada do primeiro Napoleón, do que el acababa sendo o limpabotas histórico, a súa política exterior concluíu sempre coa máis grande humillación de Francia, desde a Convención de Londres de 1841 ata a capitulación de París de 1871 e a actual guerra civil, na que el mesmo, coa alta autorización de Bismarck, lanzou contra a capital os presos de Sedan e de Metz. Malia a versatilidade do seu talento e a variabilidade dos seus obxectivos, este home estivo toda a súa vida encadeado á rutina máis fósil. Está claro que as correntes profundas da sociedade moderna lle tiñan que permanecer

eternamente descoñecidas. Porén mesmo as máis manifestas modificacións superficiais da sociedade lle repugnaban a un cerebro que concentraba toda a súa enerxía na lingua. Por iso nunca cansou de denunciar coma un sacrilexio toda desviación do proteccionista e anticuado sistema aduaneiro de Francia. Como ministro de Luís Filipe tratou de botar abaixo a berros os ferrocarrís coma unha quimera demencial; na oposición baixo Luís Bonaparte descualificaba coma unha profanación toda tentativa de reforma do podrecido sistema militar francés. Nunca, na súa longa carreira política, tivo que acusarse nin da máis mínima medida de utilidade práctica. Thiers só era coherente na súa ambición de riqueza e na súa xenreira contra a xente traballadora que a produce. Entrou no seu primeiro ministerio, baixo Luís Filipe máis pobre ca un rato. E saíu del millonario. Cando o seu último ministerio, baixo o mesmo rei, lle supuxo na Cámara (o 1 de marzo de 1840) varias acusacións públicas de malversación, contentouse con responder con bágoas, mercadoría que manexa con tanta prodigalidade coma Jules Favre ou outro crocodilo calquera. En Burdeos, en 1871, o seu primeiro paso para a salvación de Francia da ameazante ruína financeira foi o de dotarse a si mesmo con tres millóns de francos anuais. Esta sería a primeira e derradeira palabra daquela «república aforradora» que el lles presentara aos electores de París en 1869. Un dos seus antigos colegas do Parlamento de 1830, o señor Beslay, el mesmo capitalista e, aínda así, membro abnegado da Comuna de París, dirixíase recentemente a Thiers nun cartel mural:

«A escravitude do traballo polo capital foi en todo momento a pedra angular da súa política e, desde o intre no que vostede viu a república restaurada no concello de París, non parou de berrarlle a Francia: *Mirade para eses criminais!*».

Mestre en raposeiras pillarías gobernamentais, virtuoso do perxurio e da traizón, experto en toda caste de mesquiñas estrataxemas, era inigualable nas arteiras manobras e ruíns perfidias da loita partidaria no Parlamento. Sempre disposto e sen escrú-

pulos para atizar unha revolución cando foi expulsado do poder, e para afogala en sangue en canto está no goberno; ateigado de prexuízos de clase en vez de ideas; con vaidade en vez de corazón; cunha vida privada tan infame como indigna era a súa vida pública. Mesmo hoxe en día, cando representa o papel dun Sila francés, non pode facer outra cousa que non sexa suliñar o abominable dos seus actos co ridículo da súa presunción.

A capitulación de París, que entregaba a Prusia non só París senón toda Francia, pechou a lonxeva serie de intrigas traizoeiras co inimigo que os usurpadores do 4 de setembro que, como recoñeceu o mesmo Trochu, empezaran aquel mesmo día. Por outro lado, esta capitulación deu inicio á guerra civil, que agora tiñan que facer coa axuda de Prusia contra a república e contra París. Xa na letra da capitulación estaba disposta a trampa. Naquel intre mais dun terzo do país estaba baixo o poder do inimigo coa capital illada das provincias e todas as comunicacións sumidas nun estado caótico. Baixo estas circunstancias era imposible elixir unha representación real de Francia sen dispor de todo o tempo necesario para a súa preparación. Precisamente por iso o pacto de capitulación poñía como condición que se elixise unha Asemblea Nacional no prazo de oito días, co que en moitas partes de Francia a nova de que se tiña que proceder a unhas eleccións non chegou ata a véspera destas. Ademais, segundo unha cláusula expresa da capitulación, a Asemblea tiña que ser elixida coa única finalidade de decidir entre paz ou guerra e, no seu caso, acordar un tratado de paz. A poboación tiña que percibir que os termos do armisticio facían imposible a continuación da guerra e que, para confirmaren a paz imposta por Bismarck, as peores persoas de París eran precisamente as mellores. Mais, non satisfeito Thiers aínda con estas medidas de precaución, xa antes de que o segredo do armisticio lles fose comunicado aos parisinos, saíu de viaxe electoral polas provincias para resucitar e galvanizar nelas o partido lexitimista, que agora tiña que ocupar, xunto cos orleanistas, a praza deixada

vacante polos bonapartistas, que de pronto se volveran inelixibles. Thiers non temía os lexitimistas, imposibilitados para gobernar a Francia moderna e, xa que logo, depreciables como competidores. Que partido se prestaba mellor como instrumento da reacción que aquel que, nas propias palabras de Thiers na Cámara dos Deputados o 5 de xaneiro de 1833, «sempre limitara a súa acción a estes tres recursos de axuda: invasión estranxeira, guerra civil e anarquía?».

Eles, os lexitimistas, crían verdadeiramente no advento do seu retrospectivo reino milenario. Alí estaban os calcaños da invasión estranxeira que esmagaban a Francia contra o chan; alí estaba a caída dun imperio e a prisión dun emperador. E alí estaban eles mesmos, unha vez máis. A roda da historia retrocedera visiblemente ata a *Chambre introuvable*[6] de 1816 (a cámara dos prefectos e da nobreza real). Nas Asembleas da república de 1848 a 1851 foran representados polos seus instruídos, cultos e adestrados líderes parlamentarios, mais agora irrompían na escena os soldados rasos do partido, todos os Pourceaugnacs[7] de Francia.

En canto esta Asemblea de rurais[8] se xuntou en Burdeos, Thiers expúxolles con claridade que tiñan que aprobar inmediatamente os preliminares da paz, mesmo sen a confirmación honorífica dun debate parlamentario, como única condición baixo a cal Prusia lles permitiría iniciaren unha guerra contra a república e a súa praza forte de París. A contrarrevolución non tiña tempo que perder. O segundo Imperio duplicara a débeda do Estado e sumira todas as grandes cidades nun gravoso endebe-

---

6 A *chambre introuvable*: alcume da Cámara dos Deputados elixida o 7 de outubro de 1815, ultramonárquica, clerical e defensora do Antigo Réxime. Disolta por Luís XVIII o 5 de outubro de 1816 (N. dos T.). Véxase tamén a nota de Engels (nota 55, páx. 229 desta edición).

7 *Pourceaugnac*: personaxe dunha comedia-ballet de Molière que encarna ao pequeno propietario campesiño (N. dos T.).

8 Asemblea Nacional que iniciou as súas sesións en Burdeos, por mor da invasión prusiana de Francia, o 19 de febreiro de 1871, e estaba integrada fundamentalmente por propietarios territoriais monárquicos, alcumados por Marx como «os rurais» (N. dos T.).

damento. A guerra acrecentara terriblemente as cargas da nación e esquilmara desconsideradamente os seus recursos. E, para completar a ruína, alí estaban o Shylock[9] prusiano coa súa factura polo sustento de medio millón de soldados seus en territorio francés, coa súa indemnización de guerra de cinco mil millóns e intereses do 5 % dos seus pagamentos aprazados. Quen ía pagar esta conta? Só derribando pola violencia a república podían esperar os posuidores da riqueza cargar sobre os ombreiros dos traballadores os custos dunha guerra que eles desencadearan. Así, a incalculable ruína de Francia estimulaba estes patrióticos representantes a prolongaren ante os ollos e a alta protección do conquistador estranxeiro a guerra contra o invasor cunha guerra civil, cunha rebelión dos escravistas.

Pero esta conspiración atopouse cun grande obstáculo no seu camiño: París. O desarmamento de París era a primeira condición para o éxito e, xa que logo, Thiers cominouno a entregar as armas. Ademais, París estaba exasperado polas frenéticas manifestacións da asemblea dos fidalgos «rurais» de Burdeos e polas equívocas declaracións do mesmo Thiers sobre a integridade política da república; pola ameaza de decapitar e descapitalizar París; polo nomeamento de representantes orleanistas; polas leis de Dufaure sobre as letras de cambio e os alugueiros vencidos que ameazaban con arruinar o comercio e a industria da cidade; polo novo imposto de dous céntimos sobre cada exemplar de calquera tipo de impreso; polas sentenzas de condena a morte contra Blanqui e Flourens; pola represión e peche dos xornais republicanos; polo traslado da Asemblea Nacional a Versalles; pola prórroga do estado de sitio proclamado por Palikao e ao que puxo fin o 4 de setembro; polo nomeamento de Vinoy, o *heroe de decembro*, como gobernador de París; de Valentín, o xendarme bonapartista, como prefecto de policía; e de d'Aurelle de Paladines, o xeneral xesuíta, como comandante en xefe da Garda Nacional parisina.

---

9 *Shylock*. Usureiro d'*O mercader de Venecia* de W. Shakespeare (N. dos T.).

E agora imos facerlle unha pregunta ao señor Thiers e aos señores da Defensa Nacional, os seus recadeiros. É sabido que Thiers, por mediación do seu ministro de Facenda M. Pouyer-Quertier, solicitou un empréstito de dous mil millóns de francos inmediatamente pagables. Agora ben, é certo ou non:

1. Que este negocio se acordou de xeito que garantise unha comisión de varios centos de millóns de francos para os petos particulares de Thiers, Jules Favre, Ernest Picard, Pouyer Quertier e Jules Simon ?

2. Que non habería que efectuar ningún pagamento ata *despois* da «pacificación» de París?

En calquera caso, tiña que tratarse dun asunto moi urxente, xa que Thiers e Jules Favre solicitaron sen ningún tipo de reparo, en nome da Asemblea de Burdeos, a ocupación de París polas tropas prusianas. Porén, isto non encaixaba no xogo de Bismarck, tal como declarou el mesmo con ironía e sen adobíos á súa volta a Alemaña ante os asombrados filisteos de Frankfurt.

II

París en armas era o único obstáculo serio que se albiscaba no camiño da conspiración contrarrevolucionaria. Xa que logo, París tiña que ser desarmada. Polo que se refire a este punto, a asemblea de Burdeos era a personificación da sinceridade. Por se o frenético bruar destes seus «rurais» non o tivesen pregoado dabondo, a entrega de París por Thiers nas mans do triunvirato —Vinoy, o asasino de decembro, Valentín, o xendarme bonapartista, e Aurelle de Paladines, o xeneral e xesuíta— tería feito disipar ata a derradeira dúbida. Mais os conxurados, ao mesmo tempo que expoñían descaradamente o verdadeiro obxectivo de desarmamento, esixíanlle a París entregar as armas cun pretexto que era a máis descarada das mentiras. Thiers argumentaba que a artillaría da Garda Nacional era propiedade do Estado francés e tiña que serlle devolta. Os feitos eran estes: desde o mesmo

día da capitulación, cando prisioneiros de Bismarck lle fixeron entrega de Francia a este, reservándose, con todo, unha importante *garda de corps* coa clara intención de manter o control de París, a cidade púxose en garda. A Garda nacional reorganizouse confiando a súa dirección suprema a un Comité Central, elixido por todos os seus compoñentes coa única excepción dalgunhas seccións da vella garda bonapartista. Na véspera da entrada dos prusianos en París, o comité central organizou o transporte a Montmartre, la Villette e Belleville dos canóns e das metralladoras que os *capitulards* deixaran traizoeiramente dentro ou a carón dos barrios que debían ser ocupados polos prusianos. Esta artillaría fora adquirida polas achegas, mediante subscrición aberta, da mesma Garda Nacional, propiedade que lle fora oficialmente recoñecida na capitulación do 28 de xaneiro e, xa que logo, excluída da entrega xeneralizada ao vencedor prusiano das armas propiedade do Estado. Deste xeito Thiers carecía de calquera tipo de pretexto, mesmo do máis nimio, para iniciar un conflito con París e tivo que botar man da descarada mentira de que a artillaría da Garda Nacional era propiedade do Estado.

A confiscación da artillaría debía, evidentemente, ser o preludio do desarmamento total de París e, xa que logo, da revolución do 4 de setembro. Pero esa revolución convertérase agora na forma legal do Estado francés. A súa obra, a república, foi recoñecida polo vencedor no texto da capitulación. Despois da capitulación foi recoñecida por todas as potencias estranxeiras. E no seu nome foi convocada a Asemblea Nacional de Burdeos. A revolución obreira de París do 4 de setembro era naquela altura o único título xurídico da Asemblea Nacional reunida en Burdeos e do seu poder executivo. Sen o 4 de setembro a Asemblea Nacional deberíalle ter dado inmediatamente paso ao corpo lexislativo elixido en 1869 por sufraxio universal, baixo o poder francés e non baixo o alemán, e violentamente disolto pola revolución. Thiers e os seus homes do *ticket of leave* deberían ter negociado un salvoconduto asinado por Luís Bonaparte para se

libraren dunha viaxe gratis a Cayenne[10]. A Asemblea Nacional, cos seus plenos poderes para concretar con Prusia as condicións da paz, non era máis ca un simple episodio daquela revolución da que o París en armas seguía sendo a verdadeira encarnación; o mesmo París que fixera esta revolución, que por ela sufrira un asedio de cinco meses cos seus horrores de fame e que na súa prolongada resistencia, malia o «plan» de Trochu, sentara as bases dunha teimuda guerra de resistencia nas provincias. E agora París tiña que escoller entre dous camiños. Ou ben depoñer as armas seguindo as denigrantes ordes dos escravistas amotinados en Burdeos, e recoñecer que a súa revolución do 4 de setembro non era máis que o simple traspaso de poder de Luís Bonaparte aos seus rivais monárquicos. Ou ben elixir dar un paso adiante e seguir loitando como o abnegado campión de Francia, que non podía ser abandonada á ruína e cuxa rexeneración deviña imposible se non se derribaban por medio da revolución as condicións políticas e sociais que lle deran vida ao segundo Imperio, baixo cuxa custodia protectora se desenvolveran ata o máis extremo grao de corrupción. Pero París, aínda que extenuado despois de cinco meses de fame, non dubidou nin un instante. Decidiu heroicamente facerlle fronte a todos os riscos da resistencia contra os conspiradores franceses, mentres os canóns prusianos seguían axexando ameazadoramente entre as súas propias fortificacións urbanas. Mais por iso, pola súa aversión á guerra civil á que París sería empuxado, o Comité Central mantiña aínda teimosamente a súa actitude defensiva, malia as provocacións da Asemblea, as inxerencias do poder executivo e as ameazantes concentracións de tropas en París e na súa contorna.

Foi o mesmo Thiers o que iniciou a guerra civil ao enviar a Vinoy, á fronte dunha agrupación de sarxentos da policía e dal-

[10] Capital da Guayana francesa, lugar de deportación e presidio do Estado francés (N. dos T.).

gúns rexementos de liña nunha operación nocturna de pillaxe contra Montmartre, para sorprender a Garda Nacional e roubarlle a súa artillaría. Operación que, como é sabido, rematou en fracaso ante a resistencia ofrecida pola Garda Nacional e pola empatía das tropas co pobo de París. D'Aurelle de Paladines xa imprimira por adiantado o seu relato da vitoria e Thiers xa tiña preparados os carteis murais que debían anunciar por todo París as súas medidas de *golpe de Estado*. Ambos os dous carteis tiñan que ser distribuídos agora polos chamamentos nos que Thiers daba a coñecer a súa magnánima decisión de permitirlle á Garda Nacional a posesión das súas armas; non tiña ningunha dúbida, dixo el, de que as irían usar para se uniren ao goberno contra os rebeldes. Dos 300.000 gardas nacionais só trescentos responderon a esta invitación do pequeno Thiers a sumarse a el contra si mesmos. A gloriosa revolución dos traballadores do 18 de marzo fíxose indiscutiblemente dona de París. O Comité Central constituíuse como o seu goberno provisional. Europa pareceu dubidar por un intre se aquelas recentes e sensacionais accións políticas e militares tiñan unha existencia real ou non eran máis que soños dun pasado perdido no tempo.

Desde o 18 de marzo ata a entrada das tropas de Versalles en París a revolución proletaria estivo tan libre de calquera clase de actos violentos, dos que están inzadas as revolucións e aínda máis as contrarrevolucións das «clases superiores», que os seus adversarios non puideron denunciar máis sucesos que a execución dos xenerais Lecomte e Clément Thomas e os acontecementos da praza Vendôme.

Un dos oficiais bonapartistas que participaron na tentativa nocturna contra Montmartre, o xeneral Lecomte, déralle catro veces orde ao 81º rexemento de liña de que fixese fogo sobre a multitude desarmada na praza de Pigalle e, ao se negaren as tropas, insultounas, fóra de si. Porén, en vez de dispararen sobre as mulleres e os nenos, os seus propios homes dispararon sobre el. Os costumes enraizados que se lles imbúen aos soldados na

súa educación militar, impostos polos inimigos dos traballadores, non desaparecen naturalmente no mesmo intre no que estes soldados se pasan á causa dos traballadores. Estas mesmas xentes executaron tamén a Clément Thomas.

O «xeneral» Clément Thomas, un antigo sarxento primeiro de cabalería, enrolárase no último tempo do reinado de Luís Filipe, na redacción do xornal *Le National,* no que exercía simultaneamente a función de «home de palla» (xerente responsable, que asumiu o cumprimento das penas de cárcere) e de espadachín-duelista deste moi combativo xornal. Cando, despois da revolución de febreiro, os señores de *Le National* recuperaron a dirección, transformaron este vello sarxento primeiro de cabalaría en xeneral. Isto sucedeu na véspera da matanza de xuño, que el mesmo, como tamén Jules Favre, contribuíra a maquinar e na que asumiu as máis viles funcións de verdugo dos sublevados. Mais adiante desapareceu co seu xeneralato durante un longo tempo para reaparecer o 1 de novembro de 1870. Na véspera, o goberno de «defensa», prometéralles solemnemente na casa do concello a Blanqui, a Flourens e a outros representantes dos traballadores dimitir do seu usurpado poder e poñelo nas mans dunha comuna parisina de nova e libre elección. En vez de faceren honor á súa palabra, lanzaron sobre París os bretóns de Trochu, que viñan relevar os corsos de Bonaparte. Só o xeneral Tamisier se negou a manchar o seu nome cunha violación de palabra coma a aquela, dimitindo do seu posto de comandante en xefe da Garda Nacional. Substituíuno Clément Thomas, que recuperaba así o grao de xeneral. Durante todo o tempo do seu comando supremo guerreou, aínda que non contra os prusianos senón contra a Garda Nacional parisina, impedindo o seu armamento completo; instigou os batallóns burgueses contra os batallóns obreiros; eliminou os oficiais opostos ao «plan» Trochu e disolveu, baixo o estigma da súa suposta covardía, os batallóns de traballadores, os mesmos batallóns proletarios que polo seu valor heroico acababan de gañar a admiración dos

seus máis encarnizados inimigos. Clément Thomas alardeaba de ter acadado a súa vella preeminencia de xuño como inimigo persoal da clase traballadora de París. Aínda poucos días antes do 18 de marzo lle presentara ao ministro de guerra, Le Flô, o seu propio plan para o «exterminio da flor e nata da canalla de París». Despois da derrota de Vinoy so podía aparecer no campo de batalla como espía afeccionado. O Comité Central e os traballadores eran tan responsables do fusilamento de Clément Thomas e Lecomte, como a princesa de Gales o é da sorte das persoas que morreron esmagadas na aglomeración da xente que se produciu con ocasión da súa entrada en Londres.

A suposta matanza de cidadáns desarmados na praza Vendôme é un conto que Thiers e os fidalgos rurais calaron teimosamente na Asemblea de Burdeos, confiando a súa difusión exclusivamente á turba dos criados do xornalismo europeo.

As «xentes de orde», os reaccionarios de París, arrepiaron ante o triunfo do 18 de marzo. Para eles tratábase do sinal da vinganza popular finalmente chegada. Ante eles erguéronse as pantasmas das vítimas asasinadas polas súas mans desde as xornadas de xuño de 1848 ata o 22 de xaneiro de 1871. Mais o seu terror foi o seu único castigo. Mesmo os funcionarios de policía, en vez de seren desarmados e encarcerados, como tiña que ser, atoparon as portas de París abertas de par en par para escaparen a Versalles. Non foi só que non se perseguise a xentes de orde, senón que se chegou a permitirlles que se volvesen concentrar e ocupasen máis dun punto forte no mesmo centro de París. Esta tolerancia por parte do Comité Central e esta xenerosidade dos traballadores armados, tan chocante con respecto aos hábitos do Partido da Orde, foron erradamente interpretadas por este como sinais dun sentimento de debilidade. De aí o seu absurdo plan de volver a tentar, baixo aparencia dunha manifestación de xente desarmada, o que Vinoy non puidera acadar cos seus canóns e as súas metralladoras. O 22 de marzo púxose en movemento desde os barrios acomodados unha comitiva de «señores finos»,

incluíndo moitos elegantes petimetres e á súa cabeza os famosos habituais do Imperio: os Heeckeren, os Coëtlogon, Henri de Péne, etc. Baixo a tapadeira dunha manifestación pacífica, homes secretamente equipados coas armas do asasino profesional, puxeron en marcha o cortexo, maltratando e desarmando os vixilantes e ás patrullas da Garda Nacional cos que se ían atopando ao seu paso. Cando entraban pola rúa da Paz, na praza Vendôme, baixo os berros de «Abaixo o Comité Central!», «Abaixo os asasinos!», «Viva a Asemblea Nacional!» intentaron abrir unha brecha no cordón de gardas alí apostado, coa intención de tomar despois por sorpresa o cuartel xeral da Garda Nacional situado nas proximidades. En resposta aos seus disparos de revólver fixéronselles os avisos previstos pola lei e, ao estes non causaren efecto algún nos amotinados, o xeneral ao mando da garda deu orde de facer fogo. Unha salva espallou en caótica fuga a aqueles estúpidos mequetrefes que contaban con que a simple exhibición do seu «distinguido porte» exercería o mesmo efecto sobre a revolución de París que o que as trompetas de Xosué exerceron no seu día sobre as murallas de Xericó. Deixaron detrás de si dous gardas nacionais mortos, nove gravemente feridos (entre eles un membro do Comité Central) e todo o escenario da súa fazaña cuberto de revólveres, puñais e estoques como proba do carácter «desarmado» da súa pacífica manifestación. Cando o 13 de xuño de 1849 a Garda Nacional fixo unha manifestación verdadeiramente «pacífica» en protesta contra o depredador ataque das tropas francesas sobre Roma, Changarnier, naquela altura xeneral do Partido da Orde, foi aclamado pola Asemblea Nacional e particularmente por Thiers, como salvador da sociedade, xa que lanzara as súas tropas desde todos os lados contra aquela xente desarmada para matala a tiros, puñaladas e baixo os cascos dos seus cabalos. Naquela ocasión París foi posto en estado de sitio. Dufaure instigou e obtivo da Asemblea a aprobación de novas leis represivas e volveu a haber novas detencións, novo desterros e comezou unha nova época de terror.

Mais as «clases baixas» fan as cousas doutro xeito ben distinto. O Comité Central de 1871 puxo simplemente en liberdade os heroes da «manifestación pacífica», que dous días máis tarde foron quen de xuntarse baixo a dirección do almirante Saisset naquela manifestación *armada* que rematou coa coñecida fuxida a Versalles. Na súa resistencia a aceptar a guerra civil iniciada co asalto nocturno de Thiers contra Montmartre, esta vez o Comité Central cometeu o decisivo fallo de non marchar inmediatamente contra, a naquel intre totalmente indefensa, Versalles, poñendo fin así ás conspiracións de Thiers e dos seus fidalgos rurais. En cambio, permitíuselle ó Partido da Orde que probase unha vez máis a súa forza nas urnas nas eleccións da Comuna do 26 de marzo. Ese día nas alcaldías dos distritos de París os «homes da Orde» cruzaron ben intencionadas palabras de reconciliación cos seus excesivamente xenerosos vencedores, mentres para os seus adentros remoían o voto solemne de tomar unha vinganza cruenta cando o momento chegase.

E agora botádelle unha ollada á outra cara da moeda. Thiers abriu a súa segunda campaña contra París a primeiros de abril. A primeira columna de prisioneiros parisinos conducida a Versalles foi tratada dun xeito cruel e desapiadado. Mentres, Ernest Picard, coas mans nos petos do seu pantalón, paseaba por diante deles escarnecéndoos e as mulleres de Thiers e Favre, rodeadas polas súas damas de honor, aplaudían desde os balcóns as aldraxes do populacho de Versalles aos prisioneiros. A continuación, os soldados regulares detidos foron fusilados sen máis. O noso valoroso amigo, o xeneral Duval, o fundidor de ferro, foi asasinado sen ningunha formalidade. Galliffet, o chulo da súa dona, tan famosa pola desvergonzada exhibición do seu corpo nas orxías do segundo Imperio, gabábase con fachenda nunha proclama de ter dado a orde de asasinar xuntamente co seu capitán e o seu tenente algúns gardas nacionais sorprendidos e desarmados pola súa cabalaría. Vinoy, o fugado, foi nomeado por Thiers para a Gran Cruz da Lexión de Honor

como premio á orde do día na que mandaba fusilar todos os soldados de liña capturados á Comuna. O xendarme Desmaret foi condecorado polo traizoeiro asasinato do magnánimo e cabaleiroso Flourens, esnaquizado en cachos á maneira dun carniceiro, o mesmo Flourens que o 31 de outubro de 1780 lle salvara a cabeza aos membros do goberno da Defensa. Os «alentadores detalles» deste asasinato foron expostos polo miúdo por Thiers ante a Asemblea Nacional con evidente satisfacción. Coa inflada vaidade dun anano parlamentario ao que se lle promete representar o papel dun Tamerlán, negoulles aos rebelados todos os dereitos da guerra civilizada, incluíndo o da neutralidade para os seus puntos de atención a feridos. Non hai nada máis terrible que ese mono, xa presentido por Voltaire, ao que se lle permite, durante un curto espazo de tempo, ceibar os seus instintos de tigre.

Aínda despois de que a Comuna dese a orde, por decreto do 7 de abril, de exercer represalias, declarando que era o seu deber «protexer París contra as fazañas canibalescas dos bandidos de Versalles, esixindo ollo por ollo e dente por dente», Thiers non parou o tratamento cruel dos prisioneiros, insultándoos mesmo nos seus boletíns deste xeito: «Nunca a mirada aflixida de homes honrados se viu obrigada a pousarse sobre tan degradadas caras dunha democracia tan deturpada». Xente honrada, precisamente, coma o mesmo Thiers e os seus presidiarios licenciados oficiando de ministros. Malia iso, os fusilamentos de prisioneiros pararan por algún tempo. Porén, en canto Thiers e os seus xenerais decembristas se decataron de que aquel decreto da Comuna sobre as represalias só era unha ameaza inocua, de que lles respectaba a vida ata aos seus xendarmes espías detidos en París con disfraces de Gardas Nacionais, mesmo a gardas municipais sorprendidos con granadas incendiarias, entón retomáronse os fusilamentos masivos de prisioneiros, continuando xa sen interrupción ata o final da Comuna. As casas nas que se refuxiaran Gardas Nacionais eran rodeadas por xendarmes,

remolladas con petróleo (que aquí fai a súa primeira aparición nesta guerra) e despois incendiadas. Os carbonizados cadáveres foron extraídos máis tarde pola ambulancia do hospital da prensa de Les Ternes. Catro Gardas Nacionais que se renderan o 25 de abril cerca de Bel-Épine, ante un grupo do rexemento de Cazadores a cabalo, foron inmediatamente fusilados un despois doutro por orde dun capitán, digno discípulo de Galliffet. Un dos catro fusilados, Scheffer, que fora dado por morto, chegou arrastrándose ata os postos avanzados de París e deu testemuño deste feito ante unha comisión da Comuna. Cando Tolain interpelou na Asemblea Nacional ao ministro da Guerra en relación co informe desta comisión, os berros dos fidalgos rurais afogaron a súa voz. Prohibíronlle a Le-Flô responder á interpelación. Tería sido unha «afrenta» para o seu «glorioso» exército que se falase destas súas heroicas fazañas. O impertinente ton co que os informes de Thiers comunicaron a matanza dos Gardas Nacionais, sorprendidos en pleno sono preto de Moulin-Saquet e os fusilamentos masivos en Clamart, feriron mesmo os nervios do *Times* de Londres que non peca, por certo, de exceso de sensibilidade.

Mais hoxe sería grotesco pretender enumerar aínda que só fose as atrocidades da primeira hora cometidas polos que bombardearon París e provocaron unha rebelión de escravistas baixo o acubillo do conquistador estranxeiro. No medio de todos estes horrores, Thiers esquece as súas salmodias parlamentarias sobre a terrible responsabilidade que pesa sobre os seus ombreiros de anano, e gábase nos seus boletíns de que «l'Asemblée siège paisiblement», de que a Asemblea delibera placidamente. E coas súas continuas paparotas, un día cos militares decembristas, outro con príncipes alemáns, demostra que a súa dixestión non se ve alterada o máis mínimo, nin sequera polos espectros de Lecomte e Clément Thomas.

III

Na mañanciña do 18 de marzo de 1871 París foi espertado polo berros atronadores de «Viva a Comuna!». Agora ben, que é a Comuna, esa esfinxe que tanto atormenta o entendemento dos burgueses?

«Os proletarios de París —dicía o Comité Central no seu manifesto do 18 de marzo—, no medio das derrotas e das traizóns das clases dominantes, comprenderon que chegou a hora de salvar a situación collendo nas súas propias mans a dirección dos asuntos públicos... decatáronse de que é o seu supremo deber e o seu dereito indiscutible facérense donos dos seus propios destinos e tomar o poder».

Mais a clase obreira non se pode limitar simplemente a posesionarse da máquina do Estado tal como está e poñela ao servizo dos seus propios fins. O poder estatal centralizado, cos seus órganos omnipotentes: o exército permanente, a policía, a burocracia, o clero e a maxistratura, órganos creados seguindo un plan de división sistemática e xerárquica do traballo, procede dos tempos da monarquía absoluta e serviulle á sociedade burguesa nacente de arma poderosa na súa loita contra o feudalismo. Así e todo, o seu desenvolvemento víase obstaculizado por todo tipo de lixo medieval, dereitos señoriais sobre a terra, privilexios locais, monopolios urbanos e gremiais e lexislacións provinciais. A xigantesca vasoira da revolución Francesa do século XVIII varreu todos estes cascallos de tempos pasados, limpando así ao mesmo tempo o chan da sociedade das derradeiras trabas que se erguían ante a superestrutura do edificio do Estado moderno, erixido no tempo do primeiro Imperio que, á súa vez, fora creado polas guerras de coalición da vella Europa tardo-feudal contra a Francia moderna. No curso das seguintes formas de poder o goberno foi posto baixo o control do Parlamento, é dicir baixo o control directo das clases posuidoras. Por outra banda, o goberno desenvolveuse posteriormente ata converterse nun viveiro de débedas colosais do Estado e de esmagadores impostos. Tamén

evolucionou pola irresistible forza de atracción da súa autoridade, cargos, choios e empregos de xeito que o reparto das súas funcións volveuse a mazá da discordia para as fraccións rivais e para os aventureiros das clases dominantes. O seu carácter político mudou cos cambios económicos da sociedade. Na mesma medida en que o avance da industria moderna desenvolvía, ampliaba e afondaba o antagonismo de clase entre capital e traballo, nesa mesma medida o poder do Estado foi adquirindo progresivamente o carácter de poder público para a opresión do capital sobre o traballo, é dicir, o carácter dunha máquina política de dominación de clase. Despois de cada revolución, que marca un progreso na loita de clases, percíbese con máis claridade o carácter puramente represivo do poder do Estado. A revolución de 1830, traspasou o goberno das mans dos propietarios da terra ás dos capitalistas, é dicir, desde os máis remotos aos máis directos inimigos dos traballadores. Os republicanos burgueses, que se fixeron co leme do Estado no nome da revolución de febreiro, empregárono para provocar as matanzas de xuño, para demostrarlle á clase traballadora que a república «social» xa non significa máis que a súa submisión social por parte da República. E para demostrarlle á masa monárquica dos burgueses e terratenentes que se lles poden deixar tranquilamente as preocupacións e as vantaxes económicas do goberno aos «republicano» burgueses. Porén, despois da súa primeira e heroica fazaña de xuño, aos republicanos burgueses non lles quedou outra opción máis que retroceder do primeiro ao derradeiro chanzo do «partido da Orde», unha coalición formada por todas as fraccións e faccións concorrentes da clase apropiadora no seu antagonismo, agora abertamente declarado, coas clases produtoras. A forma axeitada do seu goberno conxunto era a república parlamentaria, con Luís Bonaparte como presidente, un goberno de franco terrorismo de clase e de ofensa deliberada á «vil multitude». Se a república parlamentaria, como dicía o señor Thiers, era «a forma de Estado que menos dividía» as fraccións da clase dominante, por outra

banda abría un abismo entre a clase e o conxunto da sociedade, que vivía fóra das súas magras filas. As restricións que baixo gobernos anteriores impuxeran as divisións internas daquela clase ao poder do Estado, caeran agora grazas á súa unión e, ante a ameaza dun alzamento do proletariado, servíronse sen piedade con ostentación do poder do Estado, como se fose unha máquina nacional para a guerra do capital contra o traballo. Porén, esta ininterrompida cruzada contra as masas produtoras obrigábaos non só a dotaren o poder executivo de facultades de represión cada vez máis amplas, senón, ao mesmo tempo, a espiren o seu propio baluarte parlamentario —a Asemblea Nacional— un por un, de todos os medios de defensa contra o poder executivo ata que este, na persoa de Luís Bonaparte, os puxo a todos na rúa. Así, o froito natural da república do Partido da Orde foi o segundo Imperio.

O Imperio, co *coup d'état* como fe de bautismo, o sufraxio universal como sanción e o sabre como cetro, declaraba sosterse sobre os campesiños, ampla masa de produtores pequenos propietarios non directamente implicada na loita entre o capital e o traballo. Dicía que salvaba a clase obreira destruíndo o parlamentarismo e con el a descarada submisión do goberno ás clases podentes. Dicía que salvaba as clases podentes sostendo a súa supremacía económica sobre a clase traballadora. Finalmente pretendía unir todas as clases resucitando para todos a ilusoria quimera da gloria nacional perdida. En realidade, esta era a única forma de goberno posible nun intre no que a burguesía xa perdera a capacidade de gobernar o país e a clase obreira aínda non a adquirira. Todo o mundo o aclamou o segundo Imperio como o salvador da sociedade. Baixo a súa éxida a sociedade burguesa, libre xa de toda preocupación política, acadou un nivel de desenvolvemento que nin ela mesma esperaba. A súa industria e o seu comercio expandíronse en proporcións inconmensurables; a especulación financeira celebrou esmorgas cosmopolitas; a cegadora miseria das masas despregouse por

riba da ostentación desvergonzada dun luxo suntuoso, recargado e envilecido. O poder do Estado, que semellaba pairar aló nas alturas sobre a sociedade, era en realidade o seu maior escándalo e ao mesmo tempo a incubadora de toda a súa podremia. A súa corrupción e a corrupción da sociedade que o Imperio salvara foron postas en evidencia pola baioneta prusiana, que tamén ambicionaba mover a sede suprema deste réxime de París a Berlín. O imperialismo é a forma máis prostituída e tamén definitiva daquel poder estatal que a nacente sociedade burguesa desenvolvida acabou transformando nunha ferramenta para escravización do traballo polo capital.

A Comuna era a antítese directa do Imperio. O berro de «república social!», co que foi anunciada a revolución de febreiro polo proletariado de París, non facía máis que expoñer o impreciso anhelo dunha república que non só puxese fin á forma monárquica da dominación de clase, senón á propia dominación de clase. A Comuna era a forma positiva desta república.

París, eixo e sede do antigo poder gobernamental, e ao mesmo tempo centro de gravidade social da clase traballadora francesa, erguérase en armas contra a tentativa de Thiers e dos seus fidalgos «rurais» da Asemblea Nacional de restauraren e perpetuaren aquel antigo poder que herdaran do Imperio. París só puido exercer resistencia porque, coma consecuencia do asedio, se desfixera do exército, que substituíu por unha Garda Nacional formada principalmente por traballadores. Agora tratábase de facer desta situación de feito unha institución permanente. Esta é a razón pola que o primeiro decreto da Comuna foi o da supresión do exército permanente e a súa substitución polo pobo en armas.

A Comuna estaba composta polos conselleiros municipais elixidos por sufraxio universal nos diversos distritos da cidade. Eran responsables ante os seus electores e revogables en todo momento. Loxicamente, a maior parte deles eran traballadores ou representantes recoñecidos da clase traballadora. A Comuna non debía ser un organismo parlamentario senón unha corporación

de traballo, executiva e lexislativa ao mesmo tempo. A policía, ata entón un instrumento de goberno estatal, foi inmediatamente despoxada de todas as súas atribucións políticas e transformada en ferramenta da Comuna, ante a que era responsable ante ela en todo momento revogable. O mesmo foi feito cos funcionarios do resto da Administración. Desde os membros da Comuna ata os cargos menores todo servizo público tiña que ser prestado con *salarios de traballador*. Os intereses adquiridos e os gastos de representación dos altos dignitarios do Estado desapareceron cos seus titulares. Os cargos públicos deixaron de ser propiedade derivada dos testaferros e peóns do goberno central. Non só a Administración municipal foi posta nas mans da Comuna, senón tamén todo tipo de iniciativas ata entón exercidas polo Estado.

Suprimidos o exército permanente e a policía, ferramentas da forza física do antigo goberno, a Comuna pasou inmediatamente a ocuparse da destrución do instrumento de represión espiritual, o poder do clero, decretando a separación da Igrexa e do Estado e a expropiación de todas as igrexas na medida en que se trataba de corporacións propietarias. Os cregos foron devoltos ao retiro da vida privada, a viviren das esmolas dos fieis coma os seus antecesores os apóstolos. Todas as institucións de ensino foron abertas gratuitamente para o pobo e depuradas ao mesmo tempo de toda intromisión do Estado e da Igrexa. Deste xeito, non só se poñía ao alcance de todos os cidadáns, senón que a mesma ciencia se ceibaba das trabas ás que a tiñan atada os prexuízos de clase e o poder do goberno.

Os funcionarios de xustiza perderon aquela independencia aparente que só servira para disimularen o seu abxecto sometemento aos sucesivos gobernos que, un detrás doutro, prestaran un xuramento de fidelidade que despois romperon. Coma todo o resto dos funcionarios públicos, os maxistrados e xuíces tamén tiñan que ser elixidos, responsables e revogables.

Como é lóxico, a Comuna de París debería servir de modelo a todos os grandes centros de produción de Francia. Unha vez

establecido en París e nos centros secundarios intermedios o réxime da Comuna, o antigo goberno centralista tamén tería que cederlles aquí paso ao goberno dos produtores polos produtores. Na breve descrición da organización nacional, que a Comuna non tivo o tempo de desenvolver máis amplamente, dise textualmente que a Comuna debería ser a forma política mesmo da aldea máis pequena e que nos distritos rurais o exército permanente debería ser substituído por unha milicia popular cun prazo de servizo moi curto. Os concellos rurais de cada distrito deberían administrar os seus asuntos colectivos a través dunha asemblea de delegados na capital do distrito e estas asembleas de distrito deberían, á súa vez, remitir delegados á Delegación Nacional de París. Os delegados deberían ser revogables en todo momento e deberíanse en todo ás instrucións do mandato imperativo dos seus electores. As poucas, pero importantes, funcións que aínda quedarían para o Goberno Central non se deberían suprimir, como foi intencionada e falsamente dito, senón ser transferidas a funcionarios comunais, é dicir estritamente responsables. Non se trata de destruír a unidade da nación, senón, por contra, de organizala a partir da Constitución Comunal, que se convertería nun feito real a través da destrución do poder estatal que se presentaba como a encarnación daquela unidade independente, que pretendía estar por riba da nación e do seu corpo, pero do que, en realidade, non era máis que unha excrecencia parasitaria. Mentres se trataba de amputar os órganos puramente represivos do vello poder estatal, as súas funcións lexítimas tíñanlle que ser arrancadas das mans a un poder que aspiraba a estar por encima da sociedade, para restituírllas aos seus servidores responsables. En vez de decidir unha vez cada tres ou cada seis anos qué membros da clase dominante deben representar e esmagar o pobo no Parlamento, o sufraxio universal tería que servir ao pobo constituído en comunas, do mesmo xeito que o sufraxio individual lles serve aos patróns que buscan traballadores, vixilantes, e contables para os seus negocios. É

algo sobradamente sabido que tanto as sociedades coma os particulares, cando de trata de verdadeiros negocios, normalmente saben atopar a persoa mais acaída e, se unha vez erran, axiña corrixen o seu erro. Por outra banda, nada podería ser máis alleo ao espírito da Comuna que trocar o dereito ao sufraxio universal por unha investidura xerárquica.

É o destino habitual das innovacións históricas seren tomadas por copias ou mesmo por formas desaparecidas da vida social á que dalgún xeito se asemellan. Así, esta nova Comuna, que creba o poder estatal moderno, foi considerada como unha revivificación das comunas medievais, que primeiro antecederon este Estado moderno e despois lle serviron de base. A constitución comunal foi erroneamente considerada como unha tentativa de construír unha federación de pequenos estados, tal como Montesquieu e os xirondinos a soñaban, no canto daquela unidade de grandes nacións que, malia orixinalmente lograda polo emprego da forza, hoxe se volveu un poderoso factor da produción social. O antagonismo entre a Comuna e o poder do Estado foi considerado de xeito equívoco como unha forma esaxerada da vella loita contra o exceso de centralismo. É posible que circunstancias históricas especiais impedisen nalgúns países o desenvolvemento clásico da reforma burguesa do goberno, tal como se produciu en Francia e que poidan ter permitido, como en Inglaterra, que os grandes órganos centrais do Estado se complementasen nas cidades con corruptas asembleas parroquiais, concelleiros concusionarios, feroces administradores da beneficencia, e no campo con xuíces de paz que de feito acaban sendo hereditarios. Por contra, a constitución comunal teríalle devolto ó corpo social todas as enerxías que ata entón viña absorbendo o Estado parasito, que zuga o zume da sociedade impedíndolle o seu libre movemento. Só con este feito, se tería iniciado a rexeneración de Francia.

A clase media provincial de Francia vía na Comuna unha tentativa de restauración do dominio que tivera sobre o campo

baixo Luís Filipe e que, baixo Luís Bonaparte, fora suplantado polo suposto predominio do campo sobre a cidade. Mais, en realidade, a constitución da Comuna tería sometido os produtores do campo á dirección ideolóxica das capitais de distrito, ofrecéndolles así na clase dos traballadores urbanos os representantes naturais dos seus intereses. A soa existencia da Comuna implicaba, como algo evidente, un réxime de autonomía local, aínda que agora xa non como contrapeso a un poder estatal que se volvera superfluo. Só se lle podía ocorrer a un Bismarck, que, cando non está metido nas súas intrigas de sangue e ferro, gusta de volver á súa antiga ocupación, que tan ben lle cadra ao seu calibre mental, de colaborador do *Kladderadatsch*[11]. Só nunha cabeza coma esta podía caber achacarlle á Comuna de París a nostálxica aspiración de reproducir aquela caricatura da organización municipal francesa de 1791 que é a organización municipal de Prusia, onde a administración das cidades queda rebaixada ao papel de simple engrenaxe secundario da maquinaria policial do Estado prusiano.

A Comuna converteu en realidade ese tópico de todas as revolucións burguesas: o «goberno barato», ao acabar coas dúas grandes fontes de gastos: o exército permanente e a burocracia do Estado. A súa soa existencia presupoñía a non existencia da monarquía, que, cando menos en Europa, nesta altura, é o lastre normal e o pretexto indispensable da dominación de clase. A Comuna dotou a república cunha base de institucións realmente democráticas. Porén, nin o «goberno barato» nin a «verdadeira república» constituían o seu obxectivo final: non foron máis que dous fenómenos coincidentes.

A multitude de interpretacións ás que foi sometida a Comuna e a infinita variedade de intereses que se recoñeceron nela proban que era unha forma política profundamente elástica, mentres as formas de goberno precedentes foran esencialmente

[11] Revista satírica ilustrada de Berlín (1848-1944) (N. dos T.).

represivas. O seu verdadeiro segredo era este: na súa esencia era un *goberno da clase traballadora,* o resultado da loita da clase produtora contra a clase apropiadora, a forma política finalmente descuberta baixo a que se podía finalmente realizar a emancipación económica do traballo. Sen esta última condición o sistema político comunal resultaría imposible e enganoso. A dominación política dos produtores é incompatible coa perpetuación da súa escravitude social. Por esta razón a Comuna tiña que facer de panca para extirpar os alicerces económicos sobre os que descansa a existencia das clases e a dominación de clase. Unha vez emancipado o traballo, todo ser humano convértese en traballador e o traballo deixa de ser un atributo de clase.

É un feito estraño. Malia todo o que se leva falado e malia o inmenso volume de publicacións dos últimos sesenta anos sobre a emancipación do traballo, en canto nun sitio calquera os obreiros toman as cousas nas súas propias mans, volve soar inmediatamente a fraseoloxía apoloxética dos voceiros da sociedade actual cos seus dous polos: capital e escravitude asalariada (actualmente o terratenente xa non é máis que o socio comanditario do capitalista). Como se a sociedade capitalista se atopase aínda no estado da máis profunda inocencia virxinal, cos enganos aínda encubertos, cos seus antagonismos aínda sen desvelar, coa súa prostituída realidade aínda sen destapar. Berran: a Comuna quere suprimir a propiedade, que é a base de toda civilización! Pois si, señores. A Comuna aspiraba a suprimir aquela propiedade de clase que converte o traballo de moitos na riqueza duns poucos. A Comuna pretendía a expropiación dos expropiadores. Quería facer da propiedade individual unha realidade a través da transformación dos medios de produción, da terra e do capital, que agora son os medios de escravización e de explotación do traballo, en simples instrumentos do traballo libre e asociado. Mais iso é comunismo, o «irrealizable» comunismo! Non obstante, os individuos das clases dominan-

tes que son intelixentes dabondo como para se decataren da imposibilidade de que o sistema actual subsista —e non son poucos— convertéronse nos apóstolos pesados e berróns da produción cooperativa. Con todo, se a produción cooperativa quere ser algo máis que impostura e elucubración, se quere substituír o sistema capitalista, se a totalidade das cooperativas regulan a produción nacional segundo un plano común acolléndoa baixo a súa propia dirección e poñéndolle fin á anarquía permanente e as convulsións periódicas, que son o destino inevitable da produción capitalista, que sería isto, meus señores, senón comunismo, comunismo «realizable»?

A clase traballadora non agardaba da Comuna ningún milagre. Os obreiros non teñen ningunha utopía lista para ser implantada por decreto do pobo. Saben que para acadaren a súa propia emancipación, e con ela aquela forma superior de vida cara á que a sociedade actual tende irremisiblemente polo seu propio desenvolvemento económico, terán que pasar por longas loitas, por toda unha serie de procesos históricos que transforman completamente os homes e as súas circunstancias. A clase traballadora non ten que realizar ningúns ideais, senón simplemente ceibar os elementos que se desenvolveron no seo da vella sociedade burguesa agonizante. Plenamente consciente da súa misión histórica e heroicamente decidida a actuar ca dignidade que aquela require, a clase traballadora pode mofarse dos groseiros insultos dos lacaios da prensa, e tamén da pedantesca protección dos ben intencionados doutrinarios burgueses que verten as súas vulgaridades e as súas fantasías sectarias cun ton de sibilina infalibilidade científica.

Cando a Comuna de París tomou nas súas propias mans a dirección da revolución, por primeira vez na historia uns simples obreiros ousaron violar o privilexio de gobernar dos seus «superiores naturais», os propietarios. E, baixo circunstancias dunhas dificultades sen parangón, executaron o seu traballo con modestia, en conciencia e con eficacia, por salarios dos que o máis

elevado representaba, segundo unha alta autoridade científica[12], un quinto do nivel máis alto do soldo mínimo do secretario dun consello escolar de Londres. O vello mundo retorceuse entre iradas convulsións de xenreira ante a visión da bandeira vermella, que, como símbolo da República do Traballo, ondeaba enriba da casa do Concello de París.

E, aínda así, esta era a primeira revolución na que a clase traballadora foi abertamente recoñecida como a única clase que aínda era capaz de iniciativa social, recoñecida mesmo pola gran masa da clase media parisina —pequenos comerciantes, artesáns, tendeiros—, coa única excepción dos capitalistas ricos. A Comuna salváraos mediante unha sagaz solución da fonte de discordias constantes no seo da clase media, o conflito entre os debedores e os acredores[13]. Porén, non era este o único motivo da súa adhesión aos traballadores. Sentían que, naquela altura, había unha única escolla: Comuna ou Imperio. Tanto ten baixo que rótulo se presentase agora este último. O Imperio arruinara economicamente esta clase media coa súa dilapidación da riqueza pública, coas grandes estafas financeiras que alimentou e co seu apoio á artificialmente acelerada centralización do capital, que levara aparellada a expropiación dunha gran parte desta clase media. Oprimíraos politicamente; decepcionáraos moralmente coas súas orxías; ferira o seu volterianismo ao confiar a educación dos seus fillos aos *Frères Ignorantins*[14], co que provocara a sublevación do espírito nacional dos franceses ó lanzalos de cabeza a unha guerra que só deixou unha alternativa para a desfeita que el provocara: a aniquilación do Imperio. En efecto, despois da fuxida de París das bandas da «alta bohemia» de bonapartistas e capitalistas, o auténtico Partido da Orde da

[12] O profesor Huxley (N. dos T.).

[13] A Comuna decretou, o 18 de abril de 1871, a prórroga de tres anos no pagamento das débedas (N. dos T.).

[14] *Frères Ignorantins*. Orde relixiosa de Reims á que Luís Bonaparte lle confiara a educación dos nenos (N. dos T.).

clase media xurdiu baixo a forma da *Unión Republicana*[15], que se colocou baixo a bandeira da Comuna, á que se puxo a defender axiña contra as malévolas deformacións de Thiers. O tempo dirá se a gratitude desta gran masa da clase media resistirá as duras probas destes tempos.

A Comuna tiña toda a razón cando lles dicía aos campesiños: «O noso triunfo é a vosa única esperanza». De entre todas as falsidades urdidas en Versalles e propagadas polos famosos mercenarios da prensa europea, unha das máis tremendas era a de que os fidalgos rurais representaban o campesiñado francés. Imaxínese o amor dos campesiños franceses pola xente á que, desde 1815, lles tiña que pagar mil millóns de francos de indemnización! Aos ollos dos labregos franceses a soa existencia dun gran terratenente equivale á unha usurpación das súas conquistas de 1789. En 1848 a burguesía gravou a parcela de terra do labrego cun imposto adicional de 15 céntimos por franco, mais entón fíxoo no nome da revolución. En cambio, agora fomentaba unha guerra civil contra a revolución para cargarlles aos labregos o maior peso dos cinco mil millóns de francos de indemnización de guerra concedidos aos prusianos. Por contra, a Comuna declarara xa nunha das súas primeiras proclamacións que os verdadeiros responsables da guerra tamén deberían cargar cos seus custos. A Comuna tería redimido o campesiño da contribución de sangue; teríalle dado un goberno barato; tería convertido os que hoxe son os seus vampiros —o notario, o avogado, o axente executivo e outros dignitarios xudiciais que lle chuchan o sangue— en funcionarios municipais asalariados, elixidos polo mesmo campesiño e responsables ante el. Teríao librado tamén da tiranía do garda xurado, do xendarme e do prefecto. En vez do embrutecemento polo cregos tería accedido á ilustración da man do mestre de escola. O campesiño francés é ante todo un home

[15] *Union Républicaine*, Liderado por Gambetta, o grupo acubilla a republicanos de varia índole como Louis Blanc, Victor Hugo, Garibaldi, Edgar Quinet, Émile Littré ou Gustave Courbet. (N. dos T.).

calculador. Teríalle parecido extremadamente razoable que a paga do crego, en vez de serlle arrincada a el polo recadador das contribucións, dependese exclusivamente dos sentimentos relixiosos dos fregueses. Estes eran os beneficios que o dominio da Comuna, e só el, lles ofrecía como algo inmediato aos campesiños franceses. Xa que logo, é inútil pararse a estudar os problemas máis complicados, aínda que vitais, que só a Comuna era quen de resolver —e ao mesmo tempo estaba obrigada a resolver— en beneficio dos campesiños; a saber: a débeda hipotecaria que cargaba coma un pesadelo sobre a parcela; o proletariado do campo, que ía aumentando cada día e o proceso da súa expropiación que, cunha velocidade en permanente crecemento, se ía impoñendo a cousa do proceso de desenvolvemento da moderna economía agraria e da competencia da produción agrícola capitalista.

Os campesiños franceses elixiron a Luís Bonaparte como presidente da República, pero foi o Partido da Orde o que creou o Imperio. O que realmente querían os labregos comezou a demostrarse en 1849 e 1850, cando opuxeran os seus alcaldes ao prefecto do Goberno, os seus mestres de escola aos cregos do goberno, e á súa propia persoa aos xendarmes do goberno. Pois ben, todas as leis promulgadas polo Partido da Orde en xaneiro e febreiro de 1850 foron medidas descaradamente dirixidas contra os campesiños. Os labregos fixéronse bonapartistas porque a gran revolución Francesa, con todos os beneficios que lles tiña achegado, personificábase para eles na figura de Napoleón. Pero esta quimera, que se ía esvaendo con rapidez no segundo Imperio, este prexuízo do pasado, como sería quen facer fronte á apelación da Comuna aos intereses vitais e ás necesidades mais perentorias dos labregos?

Os «rurais», os representantes dos terratenentes que dominaban a Asemblea Nacional de Burdeos, sabían —e tal era, en realidade, a súa meirande preocupación— que tres meses de comunicación libre da Comuna de París coas provincias abondaría para desencadear unha sublevación xeral campesiña. Velaí

as razóns do seu apresuramento en bloquear policialmente París para impedir que se propagase a epidemia.

A Comuna era, xa que logo, a verdadeira representación de todos os sectores sans da sociedade francesa, o seu auténtico goberno nacional. Agora ben, en canto goberno proletario e destemido campión da emancipación da clase traballadora, era tamén un goberno internacional no mais estrito sentido da expresión. Ante a ollada do exército prusiano, que anexionara dúas provincias francesas[16] a Alemaña, a Comuna anexionou a Francia á clase obreira do mundo enteiro.

O segundo Imperio fora o xubileo da estafa cosmopolita; os rufiáns de todos os países acudiran prestos á súa chamada para participaren nas súas esmorgas e no saqueo do pobo francés. Aínda a día de hoxe Ganesco, o langrán valaco, é man dereita de Thiers. E Markovski, un espía ruso, segue sendo a súa man esquerda. A Comuna outorgou, pola contra, a todos os estranxeiros a honra de morrer por mor dunha causa inmortal. Entre a guerra exterior con Prusia, perdida pola súa traizón, e a guerra civil, iniciada pola súa conspiración co invasor estranxeiro, a burguesía francesa atopaba tempo dabondo para dar mostras de patriotismo, organizando persecucións policiais contra os alemáns refuxiados en Francia. A Comuna nomeou un obreiro alemán ministro de Traballo. Thiers, a burguesía, o segundo Imperio, enganaran unha e outra vez a Polonia con falsas mostras de simpatía, mentres a traizoaban en favor de Rusia, á que prestaban os seus máis ruíns servizos. A Comuna, pola súa parte, honrou os heroicos fillos de Polonia, poñéndoos á fronte dos defensores de París. E, para sinalar con claridade a nova era histórica que inauguraba, a Comuna, ante os ollos dos invasores prusianos dunha banda, e do exército bonapartista mandado por xenerais bonapartistas doutra, derrubou aquel símbolo xigantesco da gloria militar napoleónica que era a columna da praza Vendôme[17].

16 Alsacia e Lorena (N. dos T.).

17 Vid *supra* ilustración da páxina 57 (N. dos T.).

A gran medida social da Comuna foi a súa propia existencia, a súa actuación. As súas medidas concretas expresaban a liña de conduta dun goberno do pobo polo pobo. Entre elas atópanse a abolición do traballo nocturno para os panadeiros e a prohibición, baixo severas penas, da práctica tan estendida entre os patróns de rebaixar o salario dos traballadores impoñéndolles multas co mais nimio pretexto; procedemento este último en que os patróns se arrogaban as funcións de lexisladores, xuíces e axentes executivos, ademais, por suposto, de embolsárense os cartos correspondentes. Outra medida desta índole tomada pola Comuna foi a entrega ás asociacións obreiras, previa indemnización, das fábricas e talleres pechados. E tanto tiña se os seus patróns respectivos fuxiran ou decidiran cancelar o negocio.

As medidas financeiras da Comuna, salientables pola súa habelencia e moderación, tiveron que axustarse, por causa de forza maior, ás limitadas posibilidades dunha cidade sitiada polas tropas inimigas. Tendo en conta os xigantescos investimentos realizados na cidade de París polas grandes empresas financeiras e os construtores baixo a éxida do barón Hausmann, a Comuna tiña títulos dabondo para confiscar os seus bens, mesmo moi superiores aos que no seu día tiña Luís Napoleón para confiscar os da familia de Orleáns. Os Hohenzollern e os oligarcas ingleses, boa parte de cuxa fortuna procedía do saqueo da Igrexa, puxeron o grito no ceo cando a Comuna obtivo da secularización 8.000 miserentos francos.

Mentres o goberno de Versalles, apenas recobradas as súas forzas, xa empregaba contra a Comuna as medidas mais brutais; mentres afogaba a liberdade de expresión por toda Francia, ata o extremo de prohibir as asembleas de delegados das grandes cidades; mentres sometía a París e a toda Francia a unha espionaxe que facía palidecer á do segundo Imperio; mentres na Asemblea Nacional de Burdeos os máis tímidos xestos de intervir en favor de París eran afogados cuns ouveos que superaban os da *Chambre introuvable* de 1816; mentres se compaxinaba

a guerra salvaxe fóra de París coa corrupción e conspiración internas... mentres acontecía todo isto, podía acaso a Comuna, sen traizoar dolosamente a súa causa, gardar as formas e requirimentos do liberalismo, como se gobernara en tempos de paz serea? Se o goberno da Comuna se parecera ao Sr. Thiers, non tería o máis mínimo escrúpulo en prohibir en París os xornais do Partido da Orde, como se pecharan en Versalles os xornais partidarios da Comuna.

Foi verdadeiramente indignante para os representantes terratenentes do Parlamento de Burdeos e os seus acólitos que, no preciso momento en que eles pregoaban o retorno da Igrexa católica como único remedio para a salvación de Francia, a incrédula Comuna puxera ao descuberto os misterios do convento das monxas de Picpus e da igrexa de Saint Laurent. E foi tamén unha burla para Sr. Thiers que, mentres el condecoraba a esgalla con cruces ao mérito militar, os xenerais bonapartistas como premio á súa mestría na arte de perder batallas, asinar capitulacións ante o inimigo e liar cigarros en Wilhelmshöhe[18], a Comuna destituía e arrestaba os seus xenerais ao menor indicio de sospeita de neglixencia no cumprimento do seu deber. Medidas tomadas pola Comuna, como a expulsión inmediata da mesma, e a posterior detención con cargos, dun dos seus membros por ter empregado un nome falso e ser arrestado seis días en Lyon por quebra punible, non constituía un verdadeiro insulto para o falsificador Jules Favre, aínda naquela altura ministro de Asuntos Exteriores de Francia, que seguía vendendo o país a Bismarck e ditando ordes a aquel incomparable goberno de Bélxica? O certo é que a Comuna renunciara desde o comezo ás pretensións de infalibilidade que se atribúen sen excepción todos os gobernos tradicionais. Publicaba coa maior transparencia os seus feitos e daba a coñecer ao público todos os seus erros.

[18] *Wilhelmshöhe*: castelo dos reis de Prusia no que estivo prisioneiro Napoleón III, preso polos prusianos na batalla de Sedán, desde o 5 de setembro de 1870 ata o 10 de marzo de 1871, antes do seu exilio a Inglaterra (N. dos T.).

En todas as revolucións, á carón dos revolucionarios auténticos, agroman homes de natureza ben diferente. Algúns deles son superviventes de revolucións pasadas, que manteñen unha devota fixación con elas, sen decatárense das achegas do movemento presente, mais manteñen aínda en boa medida a súa influencia sobre as masas populares, quer por mor da súa recoñecida honestidade e valentía, quer por forza do costume. Outros son meros charlatáns que, a base de repetir unha e outra vez as mesmas declaracións sistemáticas contra o goberno establecido, teñen gañado unha falsa sona como revolucionarios de pura cepa. Despois do 18 de marzo agromaron tamén en París xente desta caste e, algúns deles, conseguiron desempeñar papeis de primeira orde no curso dos acontecementos. Na medida en que a súa influencia o permitía, entorpeceron a auténtica mobilización da clase traballadora, do mesmo xeito que outros coma eles xa dificultaran no seu día o desenvolvemento doutras revolucións. Constitúen un mal inevitable e co tempo se lles aparta. Pero a Comuna, infelizmente, non dispuxo do tempo preciso.

Foi realmente marabilloso o cambio social e político introducido pola Comuna de París. Do París prostituído do segundo Imperio non quedou rastro algún. Xa non era aquela vila de terratenentes ingleses, absentistas irlandeses, escravistas e novos ricos norteamericanos, señores feudais rusos e boiardos de Valaquia. Xa non había cadáveres na *morgue*, nin asaltos nocturnos, nin apenas roubos. Por vez primeira, desde febreiro de 1848, se podía pasear con seguridade pola rúas de París, por máis que non houbera policía algún de servizo. «Xa non se escoita falar —dicía un membro da Comuna— de asasinatos, roubos e atracos; é como se a policía levara canda si a Versalles todos os seus amigos conservadores». As prostitutas seguiran as pegadas dos seus protectores, fuxidíos homes de familia, da relixión e da propiedade. No seu lugar volveron aparecer as auténticas mulleres de París, heroicas, nobres e loitadoras como as da antigüidade. París enteiro traballaba e pensaba, loitaba e daba a súa vida,

fervente de entusiasmo pola súa iniciativa histórica, dedicado por enteiro a forxar unha sociedade nova. Porén, esquecíase dos caníbales que tiña axexando ás súas portas.

Fronte a este novo mundo de París, erguíase o vello mundo de Versalles. Aquela asemblea de lexitimistas e orleanistas, vampiros de todos os réximes defuntos, ávidos de devorar os detritos da nación, coa súa ringleira de republicanos antediluvianos, que lexitimaban coa súa presenza na Asemblea Nacional o motín dos tradicionalistas. Confiaban o mantemento da súa república parlamentaria á vaidade do vello saltimbanqui que a presidía, e caricaturizaban a revolución de 1789 coa celebración das súas sesións de espectros no Jeu de Paume. Así era esta Asemblea, representación de todo o morto que había en Francia, mantida artificialmente nunha aparencia de vida polos sabres dos xenerais bonapartistas. Naquela altura, París era todo verdade, e Versalles todo mentira, unha mentira que saía sen cesar dos beizos de Thiers.

«Doulles a vostedes a miña palabra, á que xamais teño faltado», dicía Thiers a unha comisión de alcaldes de barrio de Seine et Oise. «Esta é a Asemblea máis libremente elixida e máis liberal que nunca houbo en Francia», dicíalle á Asemblea Nacional. «Sodes a admiración do mundo e o mellor exército da historia de Francia», berrábaslle á urda da súa bébeda soldadesca. Mesmo chegou a afirmar ás provincias francesas que o bombardeo de París, ordenado por el mesmo, non era máis que un mito: «Se se ten feito uso da artillaría, non foi por parte do exército de Versalles, senón dalgúns insurxentes para simularen que loitan, cando en realidade non se atreven a asomar os fociños». Cómpre lembrar a súa cínica frase a este respecto: «A artillaría de Versalles non bombardeou París, simplemente disparou algúns canóns». Díxolle ao arcebispo de París que as pretendidas execucións sumarias e represalias eran puras mentiras. Tratou, ao cabo, de convencer a París de que só tiña unha arela: «Liberalo dos terribles tiranos que a oprimen» e que a Comuna, en realidade, «non é máis ca un fato de criminais».

O París de Thiers non era o verdadeiro París do «vil populacho», senón unha cidade pantasma, o París dos fuxidos, o París masculino e feminino dos bulevares, o París rico, capitalista, o París dourado, o París ocioso que agora corría en desbandada cara a Versalles, Saint-Denis, Rueil ou Saint-Germain, cos seus lacaios, os seus arribistas, a súa bohemia literaria e a súas meretrices. Isto é, o París para o que a guerra civil non era máis que un divertido pasatempo, que vía as loitas a distancia e con anteollos, que escoitaba o ruído dos canóns e xuraba pola súa honra que aquel espectáculo era moito mellor que os que se representaban en Porte Saint-Martin. Alí, os que morrían eran mortos verdadeiros, os berros dos feridos eran tamén de verdade e aínda por riba, todo era, en verdade, «tan intensamente histórico!». Este era o París do señor Thiers, tal e como no seu día o mundo dos «emigrados» en Coblenza[19] era a Francia do señor Calonne.

IV

A primeira tentativa da conspiración dos tradicionalistas para tomar París, logrando a súa ocupación polo exército prusiano, fracasou pola negativa de Bismarck. A segunda tentativa, a do 18 de marzo, rematou coa derrota do exército bonapartista pola Comuna, a fuxida a Versalles do goberno e a retirada de todo o aparello administrativo do Estado na capital, que acompañou ao goberno na súa fuxida.

Mediante a simulación de negociacións de paz con París, Thiers gañou tempo para organizar a guerra contra a capital. Agora ben, onde conseguiría un exército para tal fin? Os rexementos regulares eran escasos en número de homes e faltos de moral de combate. O seu chamamento desesperado ás provincias para acudiren en axuda de Versalles cos seus Gardas Nacionais

[19] Koblenz: esta cidade alemá foi un importante punto de concentración de *emigrés*, nobles contrarrevolucionarios fuxidos durante a revolución Francesa, nomeadamente a partir de 1792 (N. dos T.).

atopouse cunha rotunda negativa. Soamente Bretaña enviou un fato de *chouans*[20] baixo a bandeira branca da monarquía e un Sagrado Corazón de Xesús bordado no peito, ao berro de *Vive le Roi!* Thiers viuse na obrigar de axuntar unha urda mesta de mariñeiros, soldados de infantería de mariña, zuavos pontificios, xendarmes de Valentín, gardas municipais e confidentes policiais de Pietri. Pero este exército tería sido ridículo sen as achegas de prisioneiros de guerra imperiais que Bismarck foi entregando a prazos, en cantidade suficiente para manter viva a guerra civil en Francia e someter o goberno francés en vergoñenta dependencia respecto a Prusia. Durante a guerra, a policía de Versalles tiña que vixiar o exército, mentres que os xendarmes tiñan que empurralo á loita, situándose eles mesmos nos postos mais perigosos da fronte de combate. Os fortes que caeron non foron conquistados militarmente, senón comprados. A heroicidade dos federais da Comuna convenceu a Thiers de que, para vencer a resistencia de París, non abondaba co seu xenio estratéxico nin as baionetas de que dispuña.

Mentres, as relacións de Thiers cas provincias de Francia facíanse día a día máis difíciles. Por non chegar, nin chegaban mensaxes de apoio para Thiers e os seus reaccionarios. Pola contra, comezaron a recibir de todas partes delegacións e mensaxes esixindo, nun ton cada vez menos respectuoso, a reconciliación con París a partir do inequívoco recoñecemento da república, a salvagarda das liberdades comunais e a disolución da Asemblea Nacional, cuxo mandato xa expirara había tempo. Estes requirimentos acadaron un número tal que, na súa circular do 23 de abril aos fiscais, Dufaure, ministro de Xustiza de Thiers, ordenou considerar delito «os chamamentos á conciliación». Porén, en vista das malas expectativas que presentaba a súa campaña militar contra a Comuna, Thiers decidiuse a cambiar de táctica,

[20] *Chouans*: campesiños franceses monárquicos e contrarrevolucionarios, capitaneados por Jean Chouan en Bretaña durante a revolución Francesa (N. dos T.)

ordenando que o 30 de abril se celebrasen eleccións municipais en toda Francia, baixo a nova lei de réxime local, ditada por el mesmo e a Asemblea Nacional. Empregando, segundo os casos, quer as intrigas dos seus prefectos departamentais, quer a intimidación policial, Thiers estaba certo de que o resultado das eleccións locais lle permitiría dotar a Asemblea nacional daquela forza moral que nunca tivera. E, ao cabo, obter das provincias o apoio material que precisaba de xeito perentorio para a conquista de París.

Velaí as razóns de que Thiers se preocupara de combinar, desde o comezo, a súa guerra sucia contra París —gabada nos seus propios boletíns— e as tentativas dos seus ministros para impoñeren un reino de terror en toda Francia, cunha pequena comedia de conciliación, que lle serviría, despois, para máis dun fin. Trataba deste xeito de enganar as provincias, de congraciarse coa clase media de París e, sobre todo, de ofrecerlles aos pretendidos republicanos da Asemblea Nacional a oportunidade de ocultaren a súa traizón a París, agachada detrás da súa fe no goberno de Thiers. O día 21 de marzo, cando aínda non dispoñía dun exército poderoso, Thiers declaraba ante a Asemblea nacional: «Aconteza o que aconteza, xamais enviarei tropas contra París». O 27 de marzo interveu de novo para dicir desta volta: «Atopeime coa república coma un feito consumado e polo que a min respecta estou firmemente decidido a mantela». En realidade, en Lyon e en Marsella esmagou a revolución en nome da república, mentres en Versalles os ouveos dos seus partidarios afogaban a mera mención do seu nome. Despois desta fazaña, rebaixou o concepto de «feito consumado» á categoría de «feito hipotético». Aos príncipes de Orleáns, que Thiers mantiña lonxe de Burdeos por precaución, permitíaselles agora intrigaren en Dreux, o cal constituía unha violación flagrante da lei. As concesións prometidas por Thiers, nas súas múltiples entrevistas con delegados de Parías e provincias, por máis que mudaran constantemente de ton e cor segundo o tempo e as

circunstancias, concretábanse sempre no fondo na promesa de que a súa vinganza se reduciría a un pequeno «fato de criminais implicados nos asasinatos de Lecompte e Clément Thomas». Ben entendido que sempre baixo a condición innegociable de que París e Francia enteira aceptasen sen chistar o goberno de Thiers como a mellor das repúblicas posibles, como el mesmo fixera en 1830 con Luís Filipe. Pero estas supostas concesións, non soamente poñíaas en solfa mediante os comentarios oficiais que facía a través dos seus ministros na Asemblea Nacional, senón que, por riba, dispoñía de Dufaure para as menoscabar de vez. En efecto, este vello avogado orleanista, foi o poder xudicial supremo de todos os estados de sitio decretados nos últimos anos: en 1839 baixo Luís Filipe; en 1849 baixo a presidencia de Luís Bonaparte; e, finalmente, en 1871 baixo Thiers. Durante a súa cesantía como ministro tiña reunido unha auténtica fortuna defendendo os preitos dos capitalistas de París e acumulara, ademais, un apreciable capital político preiteando contra as leis aprobadas por el mesmo. Agora conseguiu que a Asemblea Nacional votase ás presas un amplo abano de leis de represión que, despois da caída de París, servirían para extirpar os últimos vestixios das liberdades republicanas en Francia. Non contento con isto, planeou de antemán a sorte que había de correr París despois da derrota da Comuna, abreviando os trámites dos consellos de guerra da xurisdición militar, por xulgalos demasiado lentos, e presentou unha nova e draconiana lei de deportación. A revolución de 1848, cando aboliu a pena de morte para os delitos políticos, substituíuna pola de deportación. Luís Bonaparte, non se atreveu, polo menos en teoría, a restablecer o réxime da guillotina. E a Asemblea Nacional bonapartista, que aínda non se atrevía nin a insinuar sequera que os membros da Comuna non eran rebeldes senón asasinos, non tivo máis remedio que limitarse, na vinganza que albiscaba contra París, a nova lei de deportacións de Dufaure. Dadas estas circunstancias, Thiers non podería ter seguido coa súa pantomima de conciliación, se

esta pantomima non tivese provocado, como el mesmo buscaba, alporizamento e berros de carraxe entre os bonapartistas, cuxas testas ruminantes non eran quen de comprender a farsa en xogo, nin todo o que a farsa esixía en termos de hipocrisía, terxiversación e manexo dos tempos.

O día 27 de abril Thiers, ante a proximidade das eleccións municipais do día 30 do mesmo mes, representou unha das súas grandes comedias conciliatorias. Nunha fervenza de retórica sentimental, pronunciou na Asemblea Nacional estas palabras:

«A única conspiración que hai na actualidade contra a república é a de París, que nos obriga a derramar sangue francesa. Non cansarei de repetilo: que aquelas mans depoñan as infames armas que empuñan e o castigo se deterá de contado por un acto de paz do que só ficarán excluídos un fato de criminais!».

E coma quer que os bonapartistas protestaron iradamente ao escoitaren estas palabras, Thiers respondeulles:

«Díganme as súas señorías se estou trabucado. Reprochádesme que eu me atreva a declarar aquí que os criminais na Comuna non constitúen mas que un pequeno fato de delincuentes? Non é mais ben unha sorte para todos nós que, entre tantas desgrazas, os que foron quen de derramar o sangue de Clément Thomas e do xeneral Lecomte non sexan máis que unhas poucas e raras excepcións?».

Porén, ninguén en Francia escoitou aqueles discursos que Thiers consideraba cantos de serea parlamentaria. Así, dos 700.000 concelleiros elixidos nos 35.000 concellos que tiña Francia naquela altura, os lexitimistas, orleanistas e bonapartistas coligados non obtiveron en total nin sequera 8.000. As diversas votacións complementarias amosaron resultados aínda máis adversos. Deste xeito, no canto de obter nas provincias a forza material que tanto precisaba, a Asemblea Nacional perdeu ata o último título que lle quedaba de forza moral: o de ser resultado

do sufraxio universal da nación francesa. Para confirmaren a derrota, os concellos acabados de elixir ameazaron a Asemblea Nacional usurpadora reunida en Versalles con convocar unha contra-asemblea en Burdeos.

A Bismarck chegoulle, por fin, o tan ansiado momento de lanzar a acción decisiva. Ordeou a Thiers que enviara de xeito perentorio a Frankfurt delegados dotados de plenos poderes para pechar definitivamente un acordo de paz. Obedecendo, coitado, a chamada do seu señor, Thiers apresurouse a enviar o seu fiel Jules Favre, acompañado por un tal Pouyer-Quertier. Este «eminente» industrial algodoeiro de Ruán, servil partidario do segundo Imperio, xamais atopara nada que reprocharlle ao bonapartismo, agás o seu tratado comercial con Inglaterra, que non lle fixera ningún ben ao seu negocio. Velaí a razón de que, unha vez instalado en Burdeos como ministro de Facenda de Thiers, denunciara tan «nefasto» tratado, argallando a súa inmedis ata derrogación. Mesto tivo o descaro de intentar, sen éxito —pois non contou coa oposición de Bismarck— o restablecemento dos vellos aranceis proteccionistas contra Alsacia, onde non existía, ao seu ver, ningún tratado internacional previo. Pouyer-Quertie vía na contrarrevolución unha oportunidade para rebaixar os salarios aos seus traballadores de Ruán e, na entrega a Prusia das rexións de Alsacia e Lorena, un medio para subir os prezos das súas mercadorías en Francia. Non era, por ventura, o home predestinado para ser elixido por Thiers, na súa derradeira traizón a Francia, como digno axudante de Jules Favre?

Ao chegaren a Frankfurt estes dous excepcionais plenipotenciarios foron brutalmente recibidos por Bismarck, quen lles espetou este dilema imperativo: «Ou a restauración do Imperio, ou a aceptación das miñas condicións de paz, sen reserva algunha!». Contaban entre estas condicións dúas de especial relevo: acurtar os prazos en que había que abonar a indemnización de guerra e o mantemento da ocupación das fortificacións de París polas tropas prusianas, mentres Bismarck non estivera satisfeito coa marcha

dos acontecementos en Francia. Deste xeito, Prusia convertíase en árbitro supremo da política interior francesa. En troco deste control, Prusia ofrecía liberar os soldados bonapartistas prisioneiros de guerra e prestarlles o apoio directo das tropas do emperador Guillermo para exterminaren a Comuna de París. Como testemuña da súa boa fe, admitía que o pagamento do primeiro prazo da indemnización de guerra se adiara ata a «pacificación» de París. Por suposto, Thiers e os seus delegados picaron axiña tan sabedora carnaza. O tratado de paz, asinado o 10 de maio, foi ratificado pola Asemblea nacional reunida en Versalles o 18 do mesmo mes.

Mentres se ratificaba o tratado de paz e ían chegando os recentemente liberados prisioneiros de guerra bonapartistas, Thiers proseguiu a súa farsa de reconciliación, moi agradecida polos republicanos, os seus instrumentos políticos, que estaban urxidos de pretextos que xustificasen a súa política de ollos pechos ante os preparativos para a carnizaría que se aveciñaba en París. Así, o 8 de maio Thiers dirixíase deste xeito a unha comisión de conciliadores pequenoburgueses: «Tan axiña coma os insurrectos da Comuna capitulen, as portas de París abriranse de par en par durante unha semana para todos os que queiran saír dela, coa soa excepción dos asasinos dos xenerais Clément Thomas e Lecomte».

Poucos días despois, increpado polos bonapartistas sobre estas promesas, negouse a proporcionar ningún tipo de explicacións. Pero, así e todo, fixo esta alusión en extremo significativa: «Seica hai entre vós xente impaciente, xente que ten demasiada présa. Que agarden outros oito días, despois o perigo terá pasado e a tarefa estará á altura da súa valentía e capacidade». En canto o xeneral Mac-Mahon estivo en condicións de garantir que podía iniciar a ofensiva contra París, Thiers declarou na Asemblea Nacional que «entraría en París coa lei na man, esixindo cumprida expiación aos pelagatos que tiñan sacrificado vidas de soldados e destruído monumentos públicos». Ao

achegarse o intre decisivo, dixo á Asemblea Nacional que sería «implacable»; a París, que non habería salvación; e aos bandidos bonapartistas, que tiñan carta branca para vingarse da Comuna á súa enteira discreción. Finalmente, cando o día 21 de maio a traizón abriu as portas da cidade ao xeneral Douay, Thiers revelou aos bonapartistas o verdadeiro «obxectivo» da súa comedia de conciliación: «Dixen hai poucos días que nos estabamos achegando ao noso obxectivo; hoxe veño dicirvos que o obxectivo está logrado. O triunfo da orde, da xustiza e da civilización está por fin acadado!».

E así foi. A civilización e xustiza da orde burguesa agroman con resplandor sinistro alí onde os escravos e os parias desta orde intentan rebelarse contra os seus amos. En tales momentos, esa civilización e esa xustiza amosan a súa verdadeira faciana: desaforado salvaxismo e vinganza sen lei. Cada nova crise que se produce na loita de clases entre os produtores e os expropiadores fai resaltar esta realidade con maior claridade. Mesmo as atrocidades cometidas pola burguesía en xuño de 1848 palidecen ante a infamia inenarrable de 1871. O abnegado heroísmo co que a poboación de París —homes, mulleres e nenos— loitou durante oito días tras a entrada das tropas de Versalles na cidade, amosa a grandeza da súa causa. Pola súa parte, as fazañas infernais da soldadesca reflicten o espírito innato desa «civilización» da que constitúe o brazo vingador e mercenario. Gloriosa civilización esta, cuxo maior problema consiste en como desfacerse dos cadáveres dos fusilados despois de rematada a batalla!

Para atoparmos un paralelo coa conduta de Thiers e dos seus cans de presa contra a Comuna, é preciso remontármonos aos tempos de Sila e dos triunviratos de Roma. A mesmas matanzas en masa, co maior sangue frío; o mesmo desprezo para a idade ou o sexo nos asasinatos; o mesmo procedemento de tortura para os prisioneiros, as mesmas proscricións pero agora de toda natureza; a mesma batida salvaxe contra os xefes fuxidos, para que non

escape ningún deles; as mesmas delacións de inimigos políticos e persoais; a mesma indiferenza, en fin, ante o asasinato de persoas completamente alleas á contenda. Non hai máis que unha diferenza: os romanos non dispoñían de metralladoras para liquidar os proscritos en masa; e non actuaban coa pretensión de facelo «coa lei nas mans», nin co berro de «civilización» nos seus beizos.

Tras todos estes horrores, atendamos outro aspecto aínda máis repugnante se cabe da civilización burguesa, tal e como o describen os seus propios xornais:

«Mentres ao lonxe se escoitan aínda disparos illados, escribe o correspondente en París dun xornal conservador de Londres, entre as tumbas do cemiterio do Père Lachaise agonizan centos de feridos abandonados á súa sorte. Mentres 6.000 insurxentes foxen aterrados presas da desesperación polo labirinto das catacumbas, e polas rúas deteñen en masa infelices que son levados pola forza para seren segados polas metralladoras, resulta indignante ollar os cafés ateigados de clientes tomando copas e inzados de xogadores de billar e de dominó. Mesmo podemos ver como as prostitutas deambulan polos bulevares e escoitar o balbordo das orxías nos reservados dos restaurantes de luxo turbando o silencio da noite».

M. Edourd Hervé escrebe no *Journal de Paris*, xornal de Versalles suprimido pola Comuna:

> O xeito de amosar a súa satisfacción por parte da poboación de París vén sendo máis que frívolo, e moito tememos que isto se agrave co paso do tempo. París presenta agora un aire de festa infelizmente pouco apropiado. Se non desexamos que nos alcumen como «parisinos da decadencia», deberiamos poñer fin a este estado de cousas.

E de seguido cita a pasaxe de Tácito:

> Así e todo, á maña seguinte daquela terrible batalla e mesmo antes de que tivera rematado, Roma, degradada e corrompida, comezou a rebolar de novo na lama

da voluptuosidade que destruía o seu corpo e degradaba á súa alma «alibi proleia et vulnera, alibi balnea popinaeque»[21].

O señor Hervé só esquece precisar na súa crónica que «a poboación de París» da que fala é, exclusivamente, a poboación de París debedora política do señor Thiers: os *franc-fileurs* que regresaban en masa de Versalles, de Saint Denis, de Rueil e de Saint Germain, isto é, o París «da decadencia».

En cada un dos seus sanguentos triunfos sobre os abnegados voceiros dunha sociedade nova e mellor, esta infame civilización, baseada na escravización do traballo, afoga os xemidos das súas vítimas nun clamor salvaxe de calumnias, que atopan eco en toda Europa. Os cans de presa da Orde transforman falazmente o sereno París da Comuna nunha sorte de inferno dantesco. Que é o que revelou aquel gran cambio ás mentes burguesas de toda Europa? Que a Comuna se amotinou contra a civilización occidental. O pobo de París, cheo de entusiasmo, morre pola causa da Comuna en número inigualado por ningunha batalla na historia. Que demostra isto? Pois que a Comuna, polo visto, non era o Goberno propio do pobo, senón a usurpación ilexítima do poder por parte dunha gavela de criminais. As mulleres de París dan con entusiasmo as súas vidas nas barricadas e diante dos pelotóns de fusilamento. Que demostra isto? Amosa que o demo da Comuna as ten convertido en Mexeras e Hécates[22]. A moderación da Comuna durante os dous meses do seu goberno indiscutido só resulta igualada polo heroísmo da súa defensa. Que demostra isto? Demostra, en fin, que durante varios meses a Comuna raposeira agachou baixo unha mascara de moderación e de humanidade a insaciable sede de sangue dos seus atávicos instintos, para os ceibar na cruenta hora da súa agonía.

---

[21] «Eiquí combates e feridas, alí baños e festíns» (N. dos T.)

[22] Mexera e Hécate: deusas gregas das tebras e do mal (N. dos T.).

No intre do seu heroico holocausto, o París obreiro prendeu lume a edificios e monumentos. Cando os opresores do proletariado desmembran o seu corpo vivo, non deben seguir acubillando esperanza algunha de retornaren triunfais aos muros intactos das súas mansións. O goberno de Versalles berra: «Incendiarios!»[23]. E propala este bulo a todos os seus axentes para estes acosaren os seus inimigos por todas partes como incendiarios profesionais. A burguesía do mundo enteiro, que asiste arroubada á matanza en masa, e cómpre insistirmos nisto, unha vez rematada a batalla, estremécese abraiada de espanto ante a profanación do ladrillo e a argamasa.

Cando os gobernos dan ás súas frotas de guerra «carta branca» para «matar, queimar e destruír», non dan vía libre aos incendiarios? Cando as tropas británicas prenden lume ao Capitolio de Washington ou ao palacio de verán do emperador de China, acaso non son incendiarias? Cando os prusianos, por espírito de vinganza, que non por razóns militares, queiman con axuda do petróleo poboacións enteiras como Châteaudun e aldeas sen conta, non veñen sendo uns verdadeiros incendiarios? Cando Thiers bombardeou París durante seis semanas, baixo o pretexto de que só quería queimar as casas nas que se refuxiaba a xente, non foi un incendiario? Na guerra, o lume é unha arma tan lexítima como calquera outra. Os edificios ocupados polo inimigo bombardéanse con artillaría para lles prender lume. E se os seus defensores se ven obrigados a evacualos, eles mesmos lles prenden lume, para evitar seren empregados polas forzas atacantes. Seren pasto das lapas foi sempre o destino ineludible dos edificios situados na fronte de combate de todos os exércitos regulares do mundo. Pero agora resulta que na guerra dos explo-

[23] A queima dalguns edificios públicos (Hôtel de Ville, palacio de Xustiza, palacio das Tullerías)) polos comuneros durante os combates e a retirada daría lugar ao mito das *pétroleuses*, propalado pola prensa de Versalles: mulleres obreiras que recorrían París prendéndolle lume con petróleo ás casas dos barrios ricos. Cfr. Gay Gullickson, *Unruly Women of Paris*, Cornell University Press, 1996 (N. dos T.).

tados contra os explotadores —a única guerra xustificada da historia— este argumento deixa de ser válido! A Comuna serviuse do lume exclusivamente como medio de defensa. Empregouno para impedir o avance das tropas de Versalles por aquelas longas e rectas avenidas que Haussman deseñara no segundo Imperio para o ataque da artillaría. A Comuna tamén empregou o lume para cubrir a súa retirada, do mesmo xeito que o exército de Versalles destruíu coa súa artillaría tantos edificios ou máis que o lume dos comuneiros. Ninguén sabe con certeza que edificios foron queimados polos defensores e cales polos atacantes. Por certo, os comuneiros non recorreron ao lume ata que as tropas de Versalles comezaron a matanza en masa dos prisioneiros.

A Comuna anunciara publicamente, desde había xa moito tempo, que, en caso de asedio se soterraría baixo as ruínas de París e faría desa capital un segundo Moscú. Cousa que o goberno de Thiers tiña tamén prometido no seu día ante a invasión prusiana, só que a xeito de espantallo para ocultar a súa traizón a Francia. Mesmo Trochu tiña preparado o petróleo preciso para unha tal eventualidade. A Comuna ben sabía que aos seus inimigos pouco lles importaban as vidas do pobo de París, pero que en cambio lles importaban, e moito, as mansións da súa propiedade. Polo demais, Thiers xa dixera que sería implacable na súa vinganza. En canto viu dunha banda o seu exército en orde de batalla e doutra os prusianos pechando a saída, exclamou: «Serei inexorable! O castigo vai ser total e a xustiza severa!». Se os actos dos obreiros de París foron vandálicos, foi o seu un vandalismo de defensa desesperada; non de triunfo, como aquel dos cristiáns cando destruíron tesouros artísticos, realmente irrecuperables, da antigüidade pagá. Pero mesmo ese vandalismo ten sido xustificado polos historiadores contemporáneos como un accidente inevitable e relativamente insignificante, en comparación con aquela loita titánica entre unha sociedade nova que se albiscaba e outra vella que se derrubaba. Menos aínda se semellaba ao vandalismo dun Haussmann que arrasou co París histórico para facer sitio ao París dos petimetres.

Pero, que dicir da execución por parte da Comuna de sesenta e catro reféns, co arcebispo de París á cabeza? A burguesía e o seu exército restableceron en xuño de 1848 un vello costume que tiña desaparecido había moito tempo das prácticas militares: fusilar os prisioneiros indefensos. Desde entón este brutal costume ten encontrado os seus máis conspicuos valedores en todos os represores das mobilizacións populares en Europa e en India, demostrando o que constitúe un verdadeiro «progreso da civilización occidental». Por outra parte, os prusianos restableceron en Francia a práctica de tomar reféns, isto é, persoas inocentes a quen se facía responder cas súas vidas das accións doutros. Cando Thiers, como xa temos visto, puxo en práctica, desde o comezo, o tan humano costume de fusilar os federais prisioneiros, a Comuna, para protexer as súas vidas, viuse obrigada, en tales circunstancias, a adoptar a práctica prusiana de tomar reféns. A estes reféns xa os tiñan feito reos de morte, de xeito reiterado, os incesantes fusilamentos de prisioneiros por parte das tropas de Versalles, pero non foron fusilados. Agora ben, quen podía seguir gardando as súas vidas despois da carnizaría con que os soldados de MacMahon celebraron a súa entrada en París? Habería de converterse tamén nunha burla a derradeira medida —a toma de reféns— coa que a Comuna aspiraba a deter o salvaxismo desenfreado do goberno burgués? O verdadeiro asasino do arcebispo Darboy foi Thiers. A Comuna propuxo repetidas veces o intercambio de prisioneiros —o arcebispo e unha chea de cregos— por un so home, Blanqui, que Thiers tiña por entón nas súas poutas. Pero Thiers negouse teimudamente. Sabía dabondo que con Blanqui daba á Comuna unha cabeza pensante, mentres o arcebispo serviría mellor aos seus fins no cadaleito. Acaso, en xuño de 1848, o xeneral Cavaignac e o seu Partido da Orde non berraran horrorizados, acusando os insurrectos de asasinos do arcebispo Affre? Ben sabían eles que o arcebispo fora fusilado polas tropas do Partido da Orde. Jacquemet, vicario xeral do arcebispo, que asistira á execución, dera testemuña despois de que aquela execución tivera lugar.

Todo este coro de calumnias que o Partido da Orde, nas súas orxías de sangue, non deixa nunca de lanzar contra as súas vítimas, só demostra que a burguesía da actualidade se considera herdeira lexítima do antigo señor feudal, para quen todas as armas estaban permitidas contra os plebeos, mentres que nas mans destes, a posesión de calquera arma deviña por si mesma un crime.

A conspiración da clase dominante para esmagar a revolución por medio dunha guerra civil, argallada baixo o padroado do invasor estranxeiro, que vimos seguindo nestas páxinas de principio a fin, rematou na carnizaría de París. Bismarck deléitase ollando París en ruínas, nas que albiscou quizais o primeiro paso daquela destrución das grandes cidades de Europa, que fora o seu soño dourado desde non era máis que un simple representante dos *junkers* na *Chambre introuvable* de Prusia en 1849. Deléitase tamén ante os cadáveres do proletariado de París. Para el, isto non significa soamente o final da revolución, senón o aniquilamento de toda Francia que agora fica en verdade decapitada, e por obra do propio goberno francés. Coa superficialidade que caracteriza a todos os homes de Estado afortunados, non acada a comprender máis que os aspectos externos deste acontecemento histórico fundamental. En efecto: cando contemplara a historia o espectáculo dun vencedor que coroaba a súa vitoria converténdose non xa no xendarme, senón no sicario do goberno vencido? Entre Prusia e a Comuna de París non houbo guerra. Pola contra, a Comuna tiña aceptado no seu día as propostas de paz, e Prusia se declarara neutral. Prusia non foi, xa que logo, belixerante. Desempeñou o papel de matón covarde que non arriscaba perigo algún. Un matón con soldo, porque se estipulara nas conversas de paz, que o pagamento dos 500 millóns tinxidos co sangue non se faría efectivo ata despois da caída de París. Deste xeito, revelouse, de contado, o verdadeiro carácter da guerra, daquela guerra ordenada pola Providencia divina como castigo á impía e corrupta Francia por medio da moi moral e piadosa Alemaña. E esta insólita violación do dereito internacional, mesmo na interpretación dos xuristas do vello mundo, non é quen de sublevar os

gobernos «civilizados» de Europa, declarando fóra da lei internacional o traidor goberno de Prusia, mero instrumento do goberno de San Petersburgo. De feito, levounos soamente a preguntarse se os fuxidos que lograban escapar ao dobre cerco de París, non deberan ser tamén entregados ó verdugo de Versalles!

O feito sen precedentes de que, na guerra máis brutal dos tempos modernos, o exército vencedor e o vencido confraternicen na matanza común do proletariado non representa, como Bismarck cre, o definitivo esmagamento da nova sociedade que avanza cara ao futuro, senón o esfarelamento completo da sociedade burguesa. A tarefa máis heroica que aínda pode levar a cabo a vella sociedade é a guerra nacional. E agora vén descubrirse que esta non é máis que unha farsa dos gobernos, que ten como obxectivo principal adiar a loita de clases, e da que se prescinde axiña en canto a loita de clases estoura en forma de guerra civil. A dominación de clase xa no se pode agachar baixo o uniforme nacional. Todos os gobernos nacionais son en realidade *un so* goberno mundial contra o proletariado.

Despois do domingo de Pentecoste de 1871, xa non pode haber paz nin tregua algunha entre os obreiros de Francia e os expropiadores do produto do seu traballo. O puño de ferro da soldadesca mercenaria poderá ter suxeitas, algún tempo, a ambas as dúas clases, mais a loita volverá estourar unha vez tras outra, e con meirandes proporcións. Non pode dubidarse de quen será finalmente a vencedora: se os poucos que viven do traballo alleo, ou a inmensa maioría que traballa. E a clase obreira francesa non é máis que a vangarda do proletariado moderno.

Os gobernos de Europa, evidenciando en París a natureza internacional da súa dominación de clase, berran contra a *Asociación Internacional dos Traballadores* —a organización internacional do traballo antagónica á conspiración cosmopolita do capital— como a causante principal de todos estes desastres. Thiers, na súa condición de déspota do traballo que pretende aparecer como o seu liberador, tena denunciado unha e outra vez. Picard ordenou cortaren todos os contactos entre os inter-

nacionais franceses e os do estranxeiro. O conde de Jaubert, unha sorte de momia que xa fora cómplice de Thiers en 1835, declara que a aniquilación da *Internacional* é o grande obxectivo de todos os gobernos civilizados. Os bonapartistas berran sen acougo contra ela e os xornais europeos apúntanse con unanimidade como solícitos corifeos. Un escritor francés honesto, absolutamente alleo á nosa asociación, exprésase nos seguintes termos:

«Os membros do Comité Central da Garda Nacional, así como a maior parte dos membros da Comuna, son as cabezas máis activas, intelixentes e enérxicas da *Asociación Internacional dos Traballadores*. Homes absolutamente honrados, sinceros, intelixentes, abnegados, puros e fanáticos no mellor sentido da palabra».

Naturalmente, os cerebros burgueses, coa súa innata natureza policial, consideran a *Asociación Internacional dos Traballadores* como unha sorte de conspiración secreta cun comité central que ordena, da cando en vez, revolucións en países diferentes. En realidade, a nosa asociación non constitúe máis que o vencello internacional que reúne os obreiros máis avanzados dos distintos países do mundo civilizado. Aló onde a loita de clases acade certo relevo, sexan cales fosen a forma e condicións nas que se produza, é lóxico que os membros da nosa Asociación constitúan a súa vangarda. O chan do que agroma a nosa Asociación é a propia sociedade moderna. Non é posible exterminala, por máis grande que sexa a carnizaría. Para facéreno, os gobernos terían que exterminar a dominación do capital sobre o traballo, base da súa propia existencia parasita.

O París dos obreiros, ca súa Comuna, será eternamente louvado como pregoeiro glorioso dunha nova sociedade. Os seus mártires teñen o seu santuario no corazón da clase obreira. E aos seus exterminadores a historia xa os ten postos na picota eterna, da que non conseguirán redimilos todas as oracións da súa clericalla.

Londres, 30 de maio de 1871

A marca tipográfica desta colección procede da viñeta utilizada por Gonzalo Rodríguez de la Pasera no deseño do *Missale Auriense*, un dos primeiros libros impresos en Galicia, realizado en Monterrei en 1493.

UNIVERSIDADE DE
SANTIAGO DE COMPOSTELA

Fundación BBVA